Pola primeira vez, este estudo descubría o número de títulos emitidos (82.330) e de persoas tituladas (71.487) ao longo dos primeiros 25 anos da Universidade de Vigo. Igualmente, incluía unha análise das titulacións e de persoas tituladas tanto en nivel global como por ámbitos académicos, tipoloxía de estudos, titulación ou mesmo, máis especificamente, por xéneros. No caso da análise das persoas tituladas o estudo mostraba que a inmensa maioría (95,7%) procedía de Galicia, 2,7% doutras Comunidades Autónomas e o 0,6% restante do resto do mundo.

Relativamente á evolución da oferta académica, constatouse que esta pasou das iniciais 9 titulacións de ciclos curtos e longo no curso 1989-90 a 112 en 2014-15. Esta transformación foi debida ás diferentes e continuadas mudanzas dos planos de estudo, á desaparición ou mudanzas no nomenclátor orixinario dalgunhas titulacións e á aparición doutras con novos ou reformulados contidos. Todo isto explica que ao longo destes 25 anos a Universidade de Vigo teña impartido un total de 253 títulos e que, no curso 2016-17 a oferta de estudos oficiais fose de 52 titulacións de grao, 54 mestrados e 38 titulacións de primeiro e segundos ciclos que se encontran en fase de extinción.

Neste período de tempo tivo especial relevo o proceso de implantación dos mestrados universitarios, algúns deles moito instábeis e ás veces de curta duración que, logo do curso 2005-06 coa primeira promoción, alcanzaron un máximo de 75 títulos no curso 2011-12.

Toda esta evolución, debida en grande parte á adaptación das titulacións existentes ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), contribuíu para a mudanza radical no perfil da tipoloxía dos títulos emitidos pola UVIGO. Así sendo, pasouse entre os cursos 1989-90 e 2014-15 dunha oferta constituída integramente por titulacións de ciclo longo (Licenciaturas e Enxeñarías Supe-

riores) e curto (Diplomaturas e Enxeñarías Técnicas) a unha outra na que predominan os Graos (53,0%), Mestrados (29,5%), ciclos longos (8,8%), ciclos curtos (6,8%) e Títulos Propios (1,9%).

Por todo iso, ese primeiro volume sobre a evolución da oferta académica entre 1990 e 2015 contribuíu a desvendar esa *universidade descoñecida*, achegando feitos e datos ao alcance, até entón, de poucos docentes e discentes.

Estrutura do Estudo

En primeiro lugar, tanto a Introducción como a Xustificación deste traballo expoñen os motivos e antecedentes sobre a necesidade da súa realización. A primeira parte sobre os Obxectivos do estudo sinala o obxectivo principal e os específicos que o completan.

A seguir, na segunda parte é descrita a Metodoloxía utilizada que contén todas as informacións sobre a operativa implementada neste traballo. En primeiro lugar, inclúe os procedementos seguidos na elaboración do cuestionario, a definición da poboación, o procesamento inicial de datos, a loxística de distribución dos cuestionarios e a recolla e procesamento dos datos obtidos. En segundo lugar, é definida a estrutura do cuestionario aplicado, diferenciando os principais bloques temáticos que o integran. Posteriormente, inclúese unha descrición da poboación e a elaboración da mostra. Finalmente, nun último apartado, a ficha técnica mostra as características técnicas do estudo.

A terceira parte inclúe a Análise dos resultados da enquisa expresados a partir de cadros, gráficas e comentarios nos que se realiza unha avaliación detallada das respostas en función de variábeis como xénero, ámbito académico, tipoloxía de estudos, evolución temporal e, se proceder, por campus.

A presentación dos resultados estrutúrase en cinco categorías. Na primeira e segunda realízase unha caracterización da mostra obtida a partir da elaboración dun perfil das persoas tituladas en función dos datos de tipo persoal e académico captados. Logo a seguir é avaliada detalladamente a situación socio-laboral actual de todas as persoas que responderon a enquisa. Unha cuarta parte describe o emprego actual das persoas que traballan en función de variábeis como o lugar de traballo, antigüidade no posto de traballo, modalidade de contratación e tipo de contrato, rama de actividade, sector económico, área funcional, categoría profesional ou o tamaño da empresa. Igualmente, recóllese a valoración do emprego actual realizada polas persoas inquiridas en función dos estudos o do nivel académico adquirido na UVIGO.

Finalmente, na cuarta parte do estudo son analizadas, de forma xeral e específica, as respostas á pregunta aberta en que as persoas inquiridas puideron expresar os seus comentarios sobre aspectos ligados á enquisa.

A última parte deste volume recolle, a modo de resumo executivo, as principais conclusións que se poden tirar deste estudo.

PARTE



Obxectivos

1. Obxectivo principal

Con estas aclaracións previas, o obxectivo principal deste estudo consiste na obtención de informacións sobre a especialización profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo entre os anos 1990 e 2015, a súa formación universitaria e as características da súa situación profesional actual (tempo de procura de emprego, situación socio-profesional actual, lugar de traballo, antigüidade no posto de traballo, modalidade de contratación e tipo de contrato, rama de actividade, sector económico, área funcional, categoría profesional e tamaño da empresa).

Para a análise dos datos diferenciouse en función de variábeis como a evolución quinquenal, evolución anual, xénero, ámbito académico, tipoloxía de estudos e, nalgúns casos, por campus.

2. Obxectivos específicos

- Establecer unha comunicación bidireccional co antigo alumnado da Universidade de Vigo. Por un lado, identificar as procuras concretas de formación que cubran as necesidades de especialización profesional das persoas tituladas. Por outro lado, coñecer o grao de dispoñibilidade do colectivo de titulados para colaborar coa antedita institución para informar e transmitir a súa experiencia profesional en actividades académicas e/ou sociais.
- Determinar a relación existente entre o traballo actual cos estudos realizados e co nivel académico adquirido na Universidade de Vigo a partir da análise da situación profesional actual.
- Proporcionar informacións relevantes á Universidade de Vigo para que se dote dunha Base de Datos de persoas tituladas o suficientemente ampla e actualizada.
- Analizar a relación existente entre as exixencias do mercado de traballo e a formación recibida, fornecendo informacións relevantes sobre a empregabilidade dos universitarios/as e as súas necesidades.

PARTE



Metodoloxía

1. Procedemento

Neste apartado son detallados os pasos dados para o desenvolvemento deste estudo, incluíndo a elaboración do cuestionario, a selección da poboación, a distribución do cuestionario e a recolla e análise dos datos.

1.1 Elaboración do cuestionario

Como referido nos obxectivos, para este estudo foi deseñado un cuestionario a fin de determinar a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo (ver Anexo 1). Este cuestionario inspirouse en experiencias doutras universidades relativas a directorios de actualización permanente de bases de datos e de seguimento periódico do antigo alumnado. O cuestionario empregado neste estudo, aínda que non é exactamente o mesmo que o utilizado no estudo de inserción profesional no período 2005-10, mantén moitas das preguntas, o que permite a integración e comparativa de resultados analizando os ítems comúns.

O cuestionario autoaplicado, deseñado a partir da tecnoloxía de Google Form, foi inserido como páxina nun blogue² creado “ad hoc” como plataforma do Observatorio de Egresados da Universidade de Vigo para dar continuidade á realización de estudos sobre a experiencia académica e profesional das persoas tituladas.

1.2 Definición da poboación

A poboación obxecto de estudo está constituída polas persoas tituladas da Universidade de Vigo entre os cursos académicos de 1989-90 e 2014-15, polo que abranxe as persoas tituladas que completaron a súa titulación nos primeiros 25 anos desta institución.

Foron contempladas todas as titulacións oficiais da Universidade de Vigo con titulados/as no mercado de traballo, incluíndo aqueles que realizaron ciclos longos (Licenciaturas e Enxeñarías Superiores), ciclos curtos (Diplomaturas e Enxeñarías Técnicas), Graos, Mestrados e Títulos Propios (Graduados Superiores, Graduados Universitarios e Titulados Superiores).

2) <http://egresadosuvigo.blogspot.com.es/>

A lista de persoas tituladas foi elaborada a partir dos datos cedidos en 2011³ e 2016⁴ polo órgano de goberno autorizado. Os contactos foron organizados nunha base de datos dixitalizada e depurada.

1.3 Procesamento inicial das listas de titulados/as

Recebidos os listados de persoas tituladas, procedeu-se ao seu procesamento inicial, consistente na súa necesaria revisión e depuración de cara á elaboración das etiquetas que permitisen realizar os envíos das enquisas por correo postal, ben como operar as modificacións pertinentes no formato dos datos para implementar un Sistema de Xestión de Base de Datos (SXBD).

1.4 Envío do cuestionario

Inicialmente a ligazón de acceso ao cuestionario foi enviada de dúas formas distintas:

- Por correo electrónico a todos os contactos que dispuñan deste medio de comunicación.
- Por correo postal ordinario a todos os contactos que carecían inicialmente de correo electrónico e naqueles casos de envíos por correo electrónico devoltos.

En ambos os casos, a enquisa foi remetida xunto con diferentes textos de presentación (ver Anexo 2) asinados polo director do proxecto, nos que se expuñan os obxectivos deste estudo e se encoraxaba a participar nesta iniciativa do Observatorio de Egresados.

Para contactar coas persoas tituladas entre 1990-2015⁵ houbo que enviar un total de 26.709 correos electrónicos e 40.797 cartas postais, polo que para realizar o envío do cuestionario aos destinatarios os contactos existentes foron agrupados por quinquenios.

1.4.1 Por correo electrónico

O corpo da mensaxe do correo electrónico en que se presentaba a enquisa e se solicitaba a colaboración incluía unha ligazón co cuestionario aloxado no blogue referido. De acceso simple e directo, unha vez preenchido, a información recibida era transferida instantaneamente para unha folia de cálculo de acceso restrinxido ao equipo promotor desta investigación.

O envío dos correos electrónicos do primeiro quinquenio levouse a cabo en sete días do mes de maio de 2016 (entre os días 3 e 31), os envíos do segundo quinquenio realizáronse durante 9 días do mes de xuño (entre os días 6 e 22), os do terceiro quinquenio tiveron lugar en 26 días (entre o 27 de xuño e 21 de xullo) e os dous envíos do quinto quinquenio efectuáronse ao longo de trinta días (entre 1 de setembro e 19 de outubro de 2016).

3) Listado de persoas tituladas entre 2005 e 2010, através da Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade.

4) Listado de persoas tituladas entre os cursos académicos 1989-90 e 2004-05, ben como entre os cursos 2009-10 e 2014-15, através da Vicerreitoría de Estudantes.

5) O 4º quinquenio, abarcando as persoas tituladas entre os anos 2005 e 2010, estaba integrado por 23.325 contactos (17.321 con e-mail e 6.004 por correo postal), foi analizado no estudo publicado no ano 2015.

Dos correos electrónicos enviados, producíronse un total de 2.388 devolucíons debido ao feito de estes e-mails estaren incorrectos ou desactualizados.

Para que a taxa de resposta fose o máis alta posíbel, foron enviadas periodicamente mensaxes por correo electrónico a fin de lembrar ás persoas entrevistadas a importancia da súa participación no estudo. Deste modo, para alén do envío inicial, a cada enderezo de correo electrónico dispoñíbel foille reiterada esta mensaxe en dúas ocasións.

O envío dos correos electrónicos viuse dificultado pola limitación a 200 mensaxes/envío dos e-mails adscritos ao dominio uvigo.es, podéndose, portanto, facer apenas dous envíos a cada 12 horas. Deste modo, a capacidade de envío de cada conta de correo electrónico estaba limitada a 800 mensaxes/día. Se ben esta circunstancia foi suportada nos tres primeiros quinquenios, para abordar o envío dos 21.357 correos electrónicos correspondentes ao 5º quinquenio foi preciso habilitar novas contas de usuario ás dispoñíbeis polo equipo promotor deste proxecto até alcanzar unha capacidade máxima de 2.400 mensaxes/día.

1.4.2 Por correo postal

As expedicións do primeiro quinquenio realizáronse durante o mes de maio de 2016, as do segundo durante xuño, as do terceiro durante os meses de xullo e setembro e, finalmente, as do quinto foron realizadas durante o mes de outubro. Todas as cartas postais foron enviadas nunha sóa ocasión, sen reiteracións⁶.

Neste caso, das cartas remetidas rexistráronse un total de 3.651 devolucíons⁷, motivadas por correo postal con destinatario descoñecido, ausencia/troca de enderezo, enderezo incorrecto, enderezo insuficiente, recusa do destinatario, non retirado ou falecemento.

1.5 Recolla e procesamento de datos

As respostas recollidas instantaneamente foron revisadas e codificadas para traducilas en indicacións cifradas que facilitasen as clasificacións e posterior tratamento informático.

Posteriormente, a análise estatística dos datos foi realizada coa versión 24 do programa IBM SPSS Statistics, o que permitiu a análise de frecuencias e de tabelas cruzadas (proba chi-cuadrado) para determinar a existencia de relacións de significancia ou dependencia estatística. Esta proba compara a distribución observada dos datos coa esperada dos mesmos, o que permite determinar se unha variábel está asociada a outra ou se o valor observado dunha variábel depende doutra.

6) A expedición desta cantidade de cartas non tería sido posíbel sen o apoio que prestaron da Xerencia da Universidade de Vigo ao Observatorio de Egresados e o Persoal de Administración e Servizos adscrito á Conserxería do Edificio de Fundación e do Edificio Administrativo Central.

7) Dos titulados/as no quinquenio 2005-10 produciuse un total de 185 devolucíons.

En xeral, de todas estas fases foron eximidos os datos de contacto das persoas tituladas entre 2005-10, xa que as promocións comprendidas nese período foran avaliadas no “Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Promocións de 2005-2010” editado en 2015.

2. Estrutura do cuestionario

O cuestionario autoaplicado empregado neste estudo estaba estruturado en tres grandes bloques: información introdutoria, información sobre a situación profesional actual e colaboración hipotética coa Universidade de Vigo.

2.1 Información introdutoria

Este bloque tenta obter unha serie de datos persoais e académicos da persoa titulada inquirida relativos a nome e apelidos, ano de finalización dos estudos universitarios (referidos aos últimos estudos na Universidade de Vigo, incluíndo tanto titulacións, mestrados e/ou cursos de posgrao), titulación universitaria principal obtida (aquela que ten máis relación co seu perfil profesional) e o campus universitario, ben como outra titulación universitaria adicional, formación complementar de posgrao e estudos de doutoramento. Deste modo, estas informacións contribuirían para completar as facilitadas pola propia Universidade.

Coa finalidade de que a Universidade de Vigo puidese contar cun directorio actualizado sobre a especialización profesional das persoas tituladas, na parte final do cuestionario solicitouse que as persoas inquiridas facilitasen os seus datos actuais de contacto (endereço completo, código postal, localidade, número de telefone e endereço de correo electrónico).

2.2 Informacións sobre a situación profesional

Este bloque recompila todas as informacións sobre a situación profesional que axude a perfilar a especialización profesional das persoas inquiridas. De maneira sintética, recóllense as informacións máis relevantes sobre as circunstancias que concorren na súa situación de emprego actual, isto é, a modalidade e tipoloxía de contrato en función de se traballa por conta allea, na empresa privada ou para a administración pública. No caso do autoemprego inquiriuse polo tipo de traballo realizado.

Para aquelas persoas que traballan no momento actual inquiriuse polo nome da empresa/institución/organización en que traballa, o lugar onde esta se acha ou diversos aspectos como a rama de actividade, sector económico ao que pertence, área funcional/departamento empresarial en que traballa, categoría profesional do actual posto de traballo e tamaño da organización, elementos que contribúen para coñecer o perfil profesional.

Para valorar o posto de traballo actual incluíronse dous ítems que contemplan a relación deste cos estudos realizados e co nivel académico adquirido na UVIGO.

2.3 Necesidades formativas de especialización profesional

Este bloque, conformado a partir dunha pregunta formulada en modo aberto, ten por fin coñecer as necesidades formativas das persoas tituladas. Para isto, solicitouse que indicasen as materias/temáticas nas que se debería ofertar unha mellor ou máis ampla formación para satisfacer as súas necesidades de especialización profesional.

2.4 Colaboración coa Universidade de Vigo

Este apartado tentaba comprobar a predisposición do antigo alumnado a manter un contacto futuro coa Universidade de Vigo e solicitábase, nos casos de resposta positiva, que se indicase, por orde de importancia, as materias nas que podería ser útil a transmisión da experiencia profesional das persoas tituladas.

Con estas respostas, ben como coas recollidas na pregunta sobre as necesidades formativas de especialización profesional da epígrafe anterior, a Universidade de Vigo podería coñecer a especialización profesional das persoas tituladas que participaron neste estudo. Aínda que os resultados destas preguntas non foron incorporados na redacción final deste estudo, engrosan a base de datos de antigo alumnado do Observatorio de Egresados, o que permitirá o establecemento desas vías de colaboración através da súa colaboración na participación en cursos, conferencias e/ou seminarios.

2.5 Pregunta aberta

Finalmente, deuse a posibilidade de que as persoas inquiridas puidesen expresar de maneira libre os seus comentarios sobre os aspectos relacionados coa enquisa.

2.6 Esquema do cuestionario

O cadro nº1 mostra, de forma esquemática, a estrutura do formulario autoaplicado.

Cadro nº1: Estrutura do cuestionario autoaplicado

Bloques temáticos	Variábeis
Datos persoais e académicos	Nome e apelidos. Ano de finalización dos estudos universitarios. Titulación/s universitarias que posúe. Formación complementar de posgrao. Título de doutoramento.

Bloques temáticos	Variábeis
Información profesional actual	Situación socio-laboral actual. Modalidade de contratación. Tipo de contrato. Tempo na situación actual. Empresa/organización en que traballa. Localidade de traballo. Rama de actividade. Sector económico da empresa/institución/organización. Área funcional/departamento. Categoría profesional. Tamaño da organización.
Valoración do traballo actual	Relación do traballo actual cos estudos realizados. Relación do traballo actual co nivel académico adquirido na UVIGO.
Colaboración coa UVIGO	Predisposición a manter contacto coa UVIGO: si/non.
Pregunta aberta para deixar comentarios	
Datos persoais de contacto	Enderezo completo. Localidade. Tlfno. e e-mail de contacto.

3. Poboación e mostra

Os seguintes cadros mostran diferentes datos sobre a configuración da poboación obxecto deste estudo e a mostra finalmente recollida.

3.1 Número total

A partir dunha poboación total de 71.487 individuos, recolléronse un total de 10.748 respostas correspondentes a persoas tituladas da Universidade de Vigo no período 1990-2015.

3.2 Xénero

A mostra obtida de persoas inquiridas está composta por un 58,0% de mulleres e un 42,0% de homes. Comparado coa proporción existente entre homes e mulleres no total da poboación, compróbase que a distribución por xéneros da mostra axústase á distribución real da poboación.

Cadro nº2: Distribución porcentual da poboación e mostra por xéneros

	Poboación	Mostra
Homes	38,3	42,0
Mulleres	61,7	58,0

3.3 Evolución quinquenal

Analizadas por períodos de cinco anos, desde o primeiro quinquenio (1990-95) até o quinto e último deste estudo (2011-15), o número de respostas seguiu unha tendencia crecente, pasando de 673 no primeiro período (6,3% das respostas) a 3.802 no último (35,4%).

A distribución quinquenal do número de persoas tituladas que responderon á enquisa formulada é proporcional á poboación total de estudantes da Universidade de Vigo nos quinquenios terceiro e cuarto. Un 35,4% da mostra está formada por persoas tituladas do quinto quinquenio, proporción superior ao seu peso relativo na poboación (24,5%), o que, en sentido inverso, se pode comprobar tamén nos dous primeiros quinquenios en que a poboación é proporcionalmente maior aos inquiridos, tanto no primeiro período (10,6% contra 6,3%) como no segundo (19,0% contra 13,9%).

O cadro nº3 recolle o tamaño da poboación (número de persoas tituladas⁸) e a mostra empregada para a realización do estudo desagregada por quinquenios.

Cadro nº3: Tamaño da poboación e mostra obtida das persoas tituladas da UVIGO durante o período 1990-2015 (datos por quinquenios)

Quinquenio	Poboación	Mostra
1990-1995	7568	673
1996-2000	13576	1490
2001-2005	17000	2491
2006-2010	15820	2291
2011-2015	17523	3802
Total	71487	10748

3.4 Evolución anual

Por anos, a mostra presenta unha liña de tendencia global crecente, alcanzando os máximos nos anos 2015 (9,5% de respostas), 2005 (7,3%), 2011 (7,2%) e 2010 (7,1%), contra os iniciais, con proporcións máis baixas: 1990 (0,5%), 1991 (0,6%), 1992 (1,0%), 1993 e 1994 (1,1% ambos).

O Anexo 3 mostra o cadro de datos da evolución quinquenal e anual das respostas obtidas, incluíndo tanto as porcentaxes como as taxas de evolución.

3.5 Ámbitos académicos

Ao igual que nos traballos publicados con anterioridade, seguindo os criterios do Ministerio de Educación e Cultura (MEC), consideráronse os seguintes ámbitos académicos: Arte e Humanidades.

8) Tal como aparece recollido no estudo "71.487 persoas tituladas da Universidade de Vigo (1990-2015) Evolución da oferta académica", a efectos de análise, é preciso diferenciar entre o número de títulos emitidos no período avaliado (82.330) e o de persoas tituladas (71.487). O facto de o número de títulos emitidos superar ao de persoas tituladas é debido a que 9.770 persoas completaron máis dunha titulación durante a súa pasaxe pola UVIGO.

dades, Ciencias da Saúde, Científico, Multidisciplinar, Tecnolóxico e Xurídico-Social. As titulacións correspondentes a cada un dos ámbitos neste estudo pódense consultar no Anexo 4.

O cadro nº4 detalla a poboación e a mostra obtida de persoas tituladas da Universidade de Vigo durante o período 1990-2015 para cada ámbito académico.

Cadro nº4: Tamaño da poboación e mostra obtida das persoas tituladas da UVIGO durante o período 1990-2015 segundo ámbitos académicos

Ámbito académico	Poboación	Mostra
Arte e Humanidades	5749	1138
Ciencias da Saúde	5554	532
Científico	4529	994
Multidisciplinar	2136	128
Tecnolóxico	15718	3127
Xurídico-Social	37793	4826
Total	71487	10748

O cadro nº5 mostra a distribución porcentual da poboación e mostra por ámbitos académicos.

Cadro nº5: Distribución porcentual da poboación e mostra por ámbitos académicos

	Poboación ⁹⁾	Mostra
Arte e Humanidades	8,2	10,6
Ciencias da Saúde	7,2	4,9
Científico	6,4	9,2
Multidisciplinar	2,8	1,2
Tecnolóxico	22,8	29,1
Xurídico-Social	52,6	44,9

Os estudos con máis representación na mostra son as titulacións do ámbito Xurídico-Social, co 44,9% das respostas. En segundo lugar, cunha porcentaxe inferior, mais tamén importante, están as respostas dos titulados/as do ámbito Tecnolóxico (29,1%) seguidos polas titulacións do ámbito de Arte e Humanidades (10,6%) e Científico (9,2%). Finalmente, cunhas porcentaxes reducidas, áchanse os estudos dos ámbitos das Ciencias da Saúde (4,9%) e Multidisciplinar (1,2%).

A menor proporción que na mostra representan as titulacións dos ámbitos Xurídico-Social, Ciencias da Saúde e Multidisciplinar están "compensadas" pola maior porcentaxe das titulacións dos ámbitos Tecnolóxico, Científico e de Arte e Humanidades.

9) Porcentaxes determinadas con base no número de títulos emitidos no período 1990-2015.

3.6 Tipoloxía de estudos

O cadro nº6 mostra a distribución das persoas tituladas en función da tipoloxía de estudos obtidos na Universidade de Vigo durante o período avaliado. As categorías son: Diplomaturas, Enxeñaría Técnica, Enxeñaría Superior, Graos, Licenciaturas, Títulos Propios (Graduado Superior e Graduado Universitario) e Mestrados Universitarios.

Cadro nº6: Distribución porcentual da poboación e mostra segundo a tipoloxía de estudos

	Poboación ¹⁰	Mostra
Diplomatura	35,4	23,2
Enxeñaría Superior	9,0	14,6
Enxeñaría Técnica	9,8	11,2
Grao	7,1	11,3
Graduado Superior	0,2	0,1
Graduado Universitario	1,2	0,5
Licenciatura	26,9	33,0
Mestrado Universitario	10,4	6,2

Como se pode comprobar no cadro nº6, as proporcións de persoas tituladas en Diplomaturas, Títulos Propios e Mestrados representadas na mostra son inferiores ao seu peso relativo dentro da poboación. Polo contrario, a mostra manifesta porcentaxes superiores no caso das Enxeñaría Superior, Enxeñaría Técnica e Licenciaturas.

3.7 Titulación obtida

Neste apartado é comparada a proporción de titulacións (agrupadas segundo a súa tipoloxía¹¹) existente na poboación e na mostra obtida.

3.7.1 Diplomaturas

Titulación	Poboación	Mostra
Ciencias Empresariais	8,38	5,43
Educación Social	1,11	1,01
Enfermaría	5,29	3,26
Fisioterapia	0,66	0,46
Graduado Social	1,33	0,71
Mestre/a ¹²	13,79	8,10
Relacións Laborais	3,04	2,35
Traballo Social	1,07	1,06
Turismo	0,29	0,46
Xestión e Administración Pública	0,40	0,36

10) Porcentaxes determinadas con base no número de títulos emitidos no período 1990-2015.

11) Ciclo curto (Diplomaturas e Enxeñaría Técnica), ciclo longo (Licenciaturas en Enxeñaría Superior), Graos, Mestrados Universitarios e Títulos Propios (Graduado Superior, Graduado Universitario e Titulado Superior).

12) Suma dos títulos emitidos de Diplomados/as en Formación do Profesorado de EXB e de Mestre/a (especialidades Educación Especial, Educación Física, Educación Infantil, Educación Musical, Educación Primaria e Linguas Estranxeiras).

3.7.2 Enxeñarías Superiores

Titulación	Poboación	Mostra
Enxeñaría de Minas	0,82	1,59
Enxeñaría de Telecomunicación	3,39	5,27
Enxeñaría en Informática	0,55	1,28
Enxeñaría Industrial	4,25	6,45

3.7.3 Enxeñarías Técnicas

Titulación	Poboación	Mostra
Enxeñaría Técnica Agrícola	1,07	1,00
Enxeñaría Técnica de Telecomunicación ¹³	0,39	0,65
Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión	1,69	1,28
Enxeñaría Técnica Forestal	0,94	1,14
Enxeñaría Técnica Industrial ¹⁴	5,75	7,13

3.7.4 Graos

Titulación	Poboación	Mostra
Administración e Dirección de Empresas ¹⁵	0,71	1,22
Belas Artes	0,65	1,19
Bioloxía	0,16	0,41
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0,02	0,04
Ciencias Ambientais	0,05	0,17
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	0,23	0,26
Ciencias do Mar	0,06	0,20
Comercio	0,08	0,11
Comunicación Audiovisual	0,10	0,20
Consultoría e Xestión da Información	0,01	0,05
Dereito	0,24	0,33
Dirección e Xestión Pública ¹⁶	0,21	0,29
Economía	0,11	0,23
Educación Infantil ¹⁷	0,57	0,67
Educación Primaria ¹⁸	0,57	0,69
Educación Social ¹⁹	0,17	0,23
Enfermería ²⁰	0,71	0,65
Enxeñaría Agraria	0,02	0,05
Enxeñaría da Enerxía	0,07	0,17
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación ²¹	0,11	0,21
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	0,02	0,08
Enxeñaría Eléctrica ²²	0,03	0,07
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática ²³	0,06	0,08
Enxeñaría en Organización Industrial	0,04	0,07
Enxeñaría en Química Industrial ²⁴	0,05	0,12

13) Suma de Enxeñaría Técnica de Telecomunicación, especialidades de Son e Imaxe e Sistemas de Comunicación.

14) Suma de titulados de Enxeñaría Técnica Industrial e de Enxeñaría Técnica Industrial (especialidades de Electricidade, Electrónica Industrial, Mecánica e Química Industrial)

Titulación	Poboación	Mostra
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	0,06	0,10
Enxeñaría Forestal ²⁵	0,12	0,18
Enxeñaría Informática ²⁶	0,11	0,17
Enxeñaría Mecánica ²⁷	0,20	0,30
Estudos de Galego e Español	0,05	0,12
Fisioterapia ²⁸	0,32	0,51
Linguas Estranxeiras	0,08	0,20
Publicidade e Relacións Públicas	0,26	0,44
Química	0,06	0,18
Relacións Laborais e Recursos Humanos ²⁹	0,15	0,20
Traballo Social ³⁰	0,18	0,23
Tradución e Interpretación ³¹	0,27	0,65
Turismo ³²	0,10	0,17
Xeografía e Historia	0,04	0,12

3.7.5 Licenciaturas

Titulación	Poboación	Mostra
Administración e Dirección de Empresas	3,19	4,52
Belas Artes	1,62	1,60
Bioloxía	1,85	2,48
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0,44	0,50
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	0,92	1,12
Ciencias do Mar	1,39	2,49
Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Económicas)	1,46	1,13
Ciencias Económicas e Empresariais (Sección Empresariais)	1,59	1,39
Comunicación Audiovisual	0,30	0,50
Dereito ³³	2,39	2,11
Dereito (Rama Económico-Empresarial)	1,40	1,67
Economía	1,43	1,64

15) Suma de grao en Administración e Dirección de Empresas e Curso Ponte de grao en Administración e Dirección de Empresas.

16) Suma de grao en Dirección e Xestión Pública e Curso Ponte.

17) Suma de grao en Educación Infantil e Curso Ponte desde Diplomado Mestre/a en Educación Especial, Educación Física, Educación Infantil, Educación Musical, Educación Primaria e Lingua Estranxeira.

18) Suma de grao en Educación Primaria e Curso Ponte desde Diplomado Mestre/a en Educación Especial, Educación Física, Educación Infantil, Educación Musical, Educación Primaria e Lingua Estranxeira.

19) Suma de grao en Educación Social e Curso Ponte.

20) Suma de grao en Enfermería e Curso Ponte.

21) Suma de grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Comunicación e Curso Ponte de Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (especialidades de Sistemas de Telecomunicación, Sistemas Electrónicos e Son e Imaxe).

22) Suma de grao en Enxeñaría Eléctrica e Curso Ponte.

23) Suma de grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática e Curso Ponte.

24) Suma de grao en Enxeñaría Química Industrial e Curso Ponte.

25) Suma de grao en Enxeñaría Forestal e Curso Ponte desde as especialidades de Explotacións Forestais, Industria da Madeira e Xestión Ambiental.

26) Suma de grao en Enxeñaría Informática e Curso Ponte.

27) Suma de grao en Enxeñaría Mecánica e Curso Ponte.

28) Suma do grao en Fisioterapia e Curso Ponte.

29) Suma de grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e Curso Ponte.

30) Suma de grao en Traballo Social e Curso Ponte.

31) Suma das especialidades de Español-Francés, Español-Ingles, Galego-Ingles e Galego-Francés.

32) Suma de grao en Turismo e Curso Ponte, itinerario Dirección e Planificación e Xestión de Recursos de Aproveitamento Turístico.

Titulación	Poboación	Mostra
Filoloxía Galega	0,18	0,22
Filoloxía Hispánica	0,86	0,89
Filoloxía Inglesa	0,86	1,44
Filoloxía Xermánica	0,29	0,08
Física	0,28	0,39
Historia	0,57	0,52
Psicopedagogía ³⁴	1,37	1,52
Publicidade e Relacións Públicas	1,60	2,30
Química	1,17	1,68
Tradución e Interpretación ³⁵	1,71	2,83

3.7.6 Mestrados Universitarios

Título	Poboación	Mostra
Acuicultura ³⁶	0,07	0,06
Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa	0,03	0,03
Administración Integrada de Empresas: Responsabilidade Social Corporativa, Calidade e Ambiente	0,02	0,01
Avogacía ³⁷	0,11	0,06
Aplicacións de Procesado do Sinal en Comunicacións	0,05	0,02
Arte Contemporáneo. Creación e Investigación	0,12	0,07
Artes Escénicas ³⁸	0,09	0,01
Biodiversidade e Ecosistemas	0,04	0,09
Bioloxía Mariña	0,02	0,02
Biotecnoloxía Avanzada	0,05	0,05
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar ³⁹	0,20	0,14
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar e Ambiental	0,02	0,03
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfases	0,02	0,04
Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca	0,05	0,05
Ciencia e Tecnoloxía en Termalismo e Balneoterapia	0,02	-
Ciencias do Clima: Meteoroloxía, Oceanografía Física e Cambio Climático	0,05	0,05
Comercio Internacional	0,28	0,15
Consultoría de Software Libre	0,07	0,01
Contaminación Industrial: Avaliación, Prevención e Control	0,16	0,11
Creación, Desenvolvemento e Comercialización de Contidos Audiovisuais	0,04	0,07
Creación, Dirección e Innovación na Empresa	0,09	0,04
Dereito de Empresa	0,05	-
Dereito Urbanístico e do Ambiente	0,19	0,19
Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	0,12	0,07
Dirección de Arte en Publicidade	0,19	0,06
Dirección de PEMES	0,09	0,03
Dirección e Administración de Empresas (MBA)	0,25	0,13
Dirección e Planeamento do Turismo	0,12	0,04
Dirección e Planeamento do Turismo Interior e de Saúde	0,06	0,07
Dirección e Xestión da Loxística e a Cadea de Subministración	0,24	0,06
Dirección Integrada de Proxectos ⁴⁰	0,08	0,05

33) Suma de Licenciatura en Dereito e Licenciatura en Dereito (Rama Xeral).

34) Incluídas as persoas que completaron os primeiros ciclos de Pedagogía e Psicoloxía.

35) Suma de Licenciatura en Tradución e Interpretación e Licenciatura de Tradución e Interpretación (especialidades Español-Ingles, Galego-Ingles, Español-Francés e Galego-Francés).

Título	Poboación	Mostra
Dirección Pública e Lideranza Institucional	0,04	0,07
Economía	0,02	0,02
Economía, Avaliación e Xestión do Medio Mariño e os Recursos Pesqueiros ⁴¹	0,01	0,01
Economía, Mercados Financeiros e Empresa	0,02	-
Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentábel e Implicacións Ambientais	0,06	0,05
Edición	0,02	0,02
Energía e Sustentabilidade	0,39	0,15
Enxeñaría da Automoción ⁴²	0,07	0,02
Enxeñaría da Construción ⁴³	0,05	0,07
Enxeñaría da Edificación e Construcións Industriais ⁴⁴	0,22	0,14
Enxeñaría de Soldadura	0,12	0,10
Enxeñaría Informática	0,02	-
Enxeñaría Matemática	0,06	0,06
Enxeñaría Química	0,03	-
Enxeñaría Telemática	0,08	0,07
Enxeñaría Térmica	0,05	0,01
Estudos de Xénero ⁴⁵	0,05	0,05
Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	0,01	0,01
Estudos Ingleses Avanzados, Interpretación Textual e Cultural das Sociedades Anglófonas Contemporáneas	0,07	0,07
Finanzas	0,18	-
Física Aplicada	0,14	0,04
Fotónica e Tecnoloxías do Láser	0,10	0,07
Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais	0,07	0,04
Información Técnica do Medicamento	0,09	0,06
Innovación Industrial e Optimización de Procesos	0,19	0,08
Integración Económica Rexional e Políticas Comunitarias	0,01	-
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	0,22	0,07
Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	0,13	0,12
Investigación en Comunicación	0,08	0,09
Investigación en Contabilidade e Finanzas	0,03	0,01
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	0,06	0,01
Investigación Psicosocioeducativa con Adolescentes en Contextos Escolares	0,11	0,05
Investigación Química e Química Industrial	0,01	0,01
Libro Ilustrado e Animación Audiovisual	0,09	0,07
Lingua e Comunicación nos Negocios	0,08	0,06
Lingüística Aplicada	0,01	0,02
Lingüística e as súas Aplicacións	0,04	0,01
Lingüística Galega	0,00	-
Matemática Industrial	0,00	-
Mecatrónica	0,07	0,01
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	0,13	0,14
Metodoloxía e Aplicacións en Bioloxía Molecular	0,02	0,04
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	0,04	-
Necesidades Específicas de Apoio Educativo	0,18	0,07
Neurociencia ⁴⁶	0,03	0,02
Nutrición	0,16	0,07
Oceanografía	0,07	0,06
Ordenamento Xurídico do Mercado	0,05	0,03
Política Lingüística e Planeamento da Lingua Galega	0,01	-
Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial	0,11	0,15
Prevenção de Riscos Laborais	0,39	0,24

Título	Poboación	Mostra
Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica	0,06	0,12
Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas ⁴⁷	1,55	0,74
Química Avanzada ⁴⁸	0,06	0,02
Química Teórica e Modelización Computacional ⁴⁹	0,01	-
Radiocomunicación e Enxeñaría Electromagnética	0,04	-
Sistemas Software Intelixentes e Adaptábeis	0,04	0,01
Teatro e Artes Escénicas	0,02	0,17
Técnicas Estatísticas	0,03	0,04
Tecnoloxía Ambiental	0,09	0,07
Tecnoloxías Avanzadas de Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica	0,12	0,08
Tecnoloxías e Procesos na Industria do Automóbil ⁵⁰	0,33	0,08
Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóbel	0,10	0,26
Teoría da Sinal e Comunicacions	0,04	-
Tradución e Paratradución	0,06	0,07
Tradución Multimedia	0,13	0,07
Tradución para a Comunicación Internacional	0,04	0,01
Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	0,00	0,02
Xestión do Desenvolvemento Sustentábel	0,17	0,08
Xestión e Dirección Laboral	0,09	0,01
Xestión Empresarial do Deporte	0,10	0,05

3.7.7 Títulos propios

Título	Poboación	Mostra
Graduado Superior en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental	0,04	0,01
Graduado Superior en Información Técnica do Medicamento	0,02	0,01
Graduado Superior Sénior	0,18	0,04
Graduado Universitario en Ciencias Policiais	0,17	0,10
Graduado Universitario en Deseño Téxtil e Moda	0,14	0,08
Graduado Universitario en Detective Privado	0,10	0,04
Graduado Universitario en Información Técnica do Medicamento	0,02	0,02
Graduado Universitario Sénior	0,74	0,26
Titulado Superior en Deseño Téxtil e Moda	0,01	-

36) Suma dos itinerarios Profesional e Doutoramento.

37) Suma dos titulados do Mestrado de Ourense, Pontevedra e Vigo.

38) Suma da Orientación A (Estudios Literarios e Teatrais) e B (Educación e Animación Teatral).

39) Inclúe o mestrado homónimo segundo o RD 56/2005.

40) Suma das especialidades Lecer e Deporte e Sistemas de Información.

41) Suma dos itinerarios Avaliación Pesqueira e Economía e Política do Medio e dos Recursos Mariños.

42) Suma das especialidades Procesos e Tecnoloxías.

43) Suma das especialidades de Estruturas e Instalacións.

44) Suma das especialidades de Estruturas e Instalacións.

45) Inclúe o mestrado homónimo segundo o RD 1393/2007.

46) Suma dos itinerarios Profesional e Doutoramento.

47) Suma das especialidades Arte e Debuxo, Ciencias Experimentais (Bioloxía, Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas e Tecnoloxía e en Educación Física), Ciencias Sociais (Humanidades e en Xeografía e Historia), Formación Profesional (Formación e Orientación Laboral, Sector Primario e Secundario e en Sector Servizos) e Linguas e Literaturas (Linguas Estranxeiras e en Linguas e Literaturas Oficiais Castelán e Galego).

48) Inclúe o mestrado homónimo segundo o RD 56/2005 e RD 1393/2007.

49) Inclúe o mestrado homónimo segundo o RD 56/2005 e RD 1393/2007.

50) Suma das especialidades Procesos e Tecnoloxía.

3.8 Lugar de residencia durante os estudos

Por continentes, a distribución da mostra por lugar de residencia durante os estudos axústase bastante á distribución existente na poboación no caso do Estado español, África e Asia. Porén, a mostra manifesta unha proporción de residentes tanto na América como na Europa que supera á existente na poboación.

Cadro nº7: Distribución porcentual da poboación e mostra por continentes.

	Poboación	Mostra
Estado español	99,40	98,97
Europa	0,301	0,455
América	0,276	0,549
África	0,017	0,018
Asia	0,006	0,009

O Anexo 5 mostra a distribución porcentual do lugar de residencia durante os estudos tanto dos diferentes países (agrupados en continentes) como das Comunidades Autónomas e provincias do Estado español.

4. Ficha Técnica

Ámbito do estudo: Universidade de Vigo. A poboación de interese non se pode encadrar nun ámbito xeográfica concreto, dado que as persoas tituladas desta institución académica entre 1990-2015 non son necesariamente residentes nunha zona específica.

Unidade de mostraxe/unidade informante: A unidade de mostraxe e a unidade informante concordan e corresponde a cada unha das persoas tituladas no período avaliado. Accedeuse a elas a partir de listas proporcionadas pola vicerreitoría depositaria das mesmas. Unha vez obtidas as anteditas listas, procedeuse á depuración dos datos e á configuración da base destes datos para a realización do traballo de campo.

Poboación: persoas tituladas que finalizaron os seus estudos universitarios na Universidade de Vigo e obtiveron o título entre os anos 1990 e 2015.

Mostra recollida: 10.748 cuestionarios.

Estratificación: na hora de realizar a análise leváronse en conta as seguintes variábeis de segmentación: xénero, campus (se proceder), quinquenio, ano, ámbitos académicos e tipoloxía de estudos e titulación obtida.

Procedemento de recolla da información: as enquisas foron remetidas por correo electrónico e postal, captándose os datos nun formulario aloxado nun sitio web.

Erro: para un nivel de confianza de 95, e $p=q$, o error real é de $\pm 0,867\%$ para o conxunto da mostra e supondo mostraxe aleatoria simple.

Datas de realización: de 3 de maio de 2016 a 1 de febreiro de 2017.

PARTE




Análise dos resultados da enquisa

1. DATOS PERSOAIS

1.1 Xénero

Por xéneros, e en concordancia coas estatísticas propias da Universidade de Vigo, a porcentaxe de mulleres durante o período 1990-2015 é superior á dos homes, un 58,0% contra 42,0%, como mostra a gráfica n°1.

Gráfica n°1: Resultados para o total da mostra por xéneros



1.1.1 Evolución quinquenal


Unha análise da existencia de relacións de dependencia estatística⁵¹ permite concluír que as diferentes distribucións de xénero por quinquenios é estatisticamente significativa ($p\text{-valor} \leq 0,05$).

Tal como mostra a gráfica n°2, a partir dun 57,1% de presenza feminina no primeiro quinquenio avaliado (1990-95), prodúcese unha leve queda até 55,8% no segundo. A porcentaxe increméntase até o 58,2% no quinquenio 2001-05, alcanza un máximo do 60,9% entre 2005-10 e retorna ás proporcións do período inicial no quinquenio 2011-15 (57,2%).

Así sendo, a porcentaxe mais alta de presenza feminina prodúcese no quinquenio 2006-10, co 60,9% e o menor ten lugar no segundo período avaliado, 1996-2000, co 55,8%.

51) Probas chi-cuadrado.

Gráfica nº2: Evolución quinquenal da distribución por xéneros (%)



1.1.2 Evolución anual

O Anexo 6 mostra o cadro de datos da evolución anual da mostra obtida por xéneros.

1.2 Lugar de residencia

1.2.1 Residencia durante os estudos

O cadro nº8 mostra os resultados relativos ao lugar de residencia das persoas tituladas durante os seus estudos. Como se pode observar, destaca Galicia (95,8%) sobre outras Comunidades Autónomas (3,2%) e resto do mundo (1,0%).

Cadro nº8: Lugar de residencia durante os estudos.

	%
Galicia	95,8
Outras Comunidades Autónomas	3,2
Resto do mundo	1,0

1.2.1.1 Comunidades Autónomas

O cadro nº9 presenta a Comunidade Autónoma na que se encontraba o lugar de residencia dos inquiridos/as no momento en que estaban a cursar os seus estudos na Universidade de Vigo.

Cadro nº9: Lugar de residencia durante os estudos por Comunidades Autónomas

Comunidade Autónoma	%
Andalucía	0,12
Aragón	0,05
Asturias	0,56
Cantabria	0,08
Castela e León	0,83
Castela-A Mancha	0,13
Cataluña	0,13
Comunidade de Madrid	0,51
Estremadura	0,07
Galicia	96,75
Illas Baleares	0,06
Illas Canarias	0,13
A Ríoxa	0,07
Navarra	0,04
País Basco	0,26
País Valenciano	0,17
Rexión de Murcia	0,04

Como se pode comprobar, a inmensa maioría (96,8%) do antigo alumnado que participou en este estudo tiña o seu lugar de residencia en Galicia durante os seus estudos, seguida polas Comunidades Autónomas de Castela e León (0,8%) e Asturias (0,6%), ambas lindadeiras coa Galicia, ben como pola Comunidade de Madrid (0,5%).

1.2.1.2 Provincias

O cadro nº10 presenta a provincia na que se encontraba o lugar de residencia oficial das persoas no momento en que estaban a cursar os seus estudos na Universidade de Vigo.

Cadro nº10: Lugar de residencia durante os estudos por provincias

Provincia	%
A Coruña	11,42
A Ríoxa	0,07
Alaba	0,04
Alacante	0,03
Albacete	0,04
Almería	0,03
As Palmas	0,08
Asturias	0,56
Avila	0,01
Badaxoz	0,06
Barcelona	0,13
Biscaia	0,11
Burgos	0,16

Provincia	%
Cáceres	0,01
Cádiz	0,01
Cantabria	0,08
Castellón	0,05
Cidade Real	0,03
Córdoba	0,01
Cuenca	0,02
Granada	0,02
Guadalaxara	0,02
Guipúscoa	0,11
Huesca	0,01
Illas Baleares	0,06
León	0,43
Lugo	4,55
Madrid	0,51
Málaga	0,02
Murcia	0,04
Navarra	0,04
Ourense	20,10
Palencia	0,07
Pontevedra	60,69
Salamanca	0,01
Santa Cruz de Tenerife	0,06
Segovia	0,01
Sevilla	0,02
Teruel	0,01
Toledo	0,03
Valencia	0,10
Valladolid	0,08
Xaén	0,02
Zamora	0,07
Zaragoza	0,03

En Galicia destacan as provincias de Pontevedra (60,7%), Ourense (20,1%), A Coruña (11,4%) e Lugo (4,6%). Constátase claramente que a maioría de persoas tituladas (80,8%) son orixinarias das provincias nas que se encontran radicadas as sedes dos tres campus da Universidade de Vigo.

Entre as provincias non galegas áchanse, cun número notábel de persoas, as de Asturias (0,6%), Madrid (0,5%) e León (0,4%).

1.2.1.3 Resto do mundo

O cadro nº11 presenta os países estranxeiros nos que se encontraba o lugar de residencia dos inquiridos no momento en que estaban a cursar os seus estudos na Universidade de Vigo.

Cadro nº11: Lugar de residencia durante os estudos por países estranxeiros

País	%
EUROPA	44,03
Alemaña	5,50
Francia	3,67
Grecia	0,92
Italia	1,83
Luxemburgo	0,92
Portugal	28,44
Reino Unido	2,75
AMÉRICA	53,21
Arxentina	1,83
Bolivia	0,92
Brasil	11,93
Chile	2,75
Colombia	10,09
Cuba	2,75
Ecuador	3,67
Estados Unidos da América	2,75
México	4,59
Nicaragua	0,92
Paraguai	1,83
Perú	8,26
Venezuela	0,92
ÁFRICA	1,84
Marrocos	0,92
Tunisia	0,92
ASIA	0,92
Casaquistán	0,92

No tocante ao resto do mundo, por continentes, a proporción do antigo alumnado procedente da América (53,2%) é superior á da Europa (44,0%), seguido por África (1,8%) e Asia (0,9%).

Por países, ocupan os primeiros lugares os de lingua e cultura portuguesa (28,4% Portugal e 11,9% Brasil), seguidos por Colombia (10,1%), Perú (8,3%) e Alemaña (5,5%).

1.2.2 Residencia no momento actual

Este apartado recompila os resultados obtidos en relación ao lugar de residencia actual das persoas tituladas que participaron no estudo independentemente da súa situación socio-laboral.

Como se pode observar no cadro nº12, a maioría das persoas tituladas (82,2%) mora en Galicia, por riba doutras Comunidades Autónomas (10,6%) e do resto do mundo (7,2%).

Cadro nº12: Lugar de residencia no momento actual

Lugar de residencia no momento actual	%
Galicia	82,2
Outras Comunidades Autónomas	10,6
Resto do mundo	7,2

1.2.2.1 Comunidades Autónomas

O cadro nº13 presenta a Comunidade Autónoma na que se acha o lugar de residencia das persoas inquiridas no momento actual.

Cadro nº13: Lugar de residencia no momento actual por Comunidades Autónomas

Comunidade Autónoma	%
A Ríoxa	0,08
Andalucía	0,40
Aragón	0,12
Asturias	0,50
Cantabria	0,17
Castela e León	0,86
Castela-A Mancha	0,25
Cataluña	2,11
Ceuta	0,01
Comunidade de Madrid	4,82
Estremadura	0,06
Galicia	88,66
Illas Baleares	0,31
Illas Canarias	0,45
Navarra	0,20
País Basco	0,46
País Valenciano	0,41
Rexión de Murcia	0,14

Como se pode observar, a inmensa maioría (88,7%) do antigo alumnado que participou neste estudo ten o seu lugar de residencia en Galicia, seguida polas Comunidades Autónomas de Madrid (4,8%), Cataluña (2,1%), Castela e León (0,9%), Asturias e País Basco (0,5% ambas).

Neste caso xa non é a proximidade da Galicia o criterio que condiciona a morada, mais a atracción económica exercida por cada Comunidade Autónoma. Así sendo, dentro do Estado español a emigración das persoas tituladas da Universidade de Vigo durante o período analizado encamiñouse principalmente cara a Comunidade de Madrid (42,5%) e Cataluña (18,6%), seguido, a máis distancia, por Castela e León (7,6%), Asturias (4,4%), País Basco (4,0%), Illas Canarias (3,9%) e País Valenciano (3,6%).

1.2.2.2 Provincias

O cadro nº14 presenta a provincia na que se acha o lugar de residencia actual das persoas inquiridas no momento de realizar este estudo.

Cadro nº14: Lugar de residencia no momento actual por provincias

Provincia	%
A Coruña	11,77
A Ríoxa	0,08
Alaba	0,07
Alacante	0,15
Albacete	0,04
Almería	0,02
As Palmas	0,25
Asturias	0,50
Badaxoz	0,04
Barcelona	1,93
Biscaia	0,18
Burgos	0,14
Cáceres	0,02
Cádiz	0,09
Cantabria	0,17
Castellón	0,06
Ceuta	0,01
Cidade Real	0,01
Córdoba	0,01
Cuenca	0,03
Granada	0,05
Guadalaxara	0,06
Guipúscoa	0,20
Huelva	0,01
Illas Baleares	0,31
León	0,25
Lugo	3,17
Madrid	4,82
Málaga	0,06
Murcia	0,14
Navarra	0,20
Ourense	16,42
Palencia	0,03
Pontevedra	57,32
Salamanca	0,07
Santa Cruz de Tenerife	0,20
Segovia	0,02
Sevilla	0,14
Soria	0,03
Tarragona	0,15

Provincia	%
Toledo	0,10
Valencia	0,20
Valladolid	0,25
Xaén	0,01
Xirona	0,04
Zamora	0,06
Zaragoza	0,13

En relación á situación no ámbito estatal, por provincias obsérvase a existencia de máis dispersión⁵² á existente no caso do lugar de residencia durante os estudos. De todas as formas, as provincias que acollen as sedes dos campus da Universidade de Vigo (Pontevedra e Ourense) son o lugar de residencia actual do 73,7% do colectivo de persoas tituladas.

Entre as provincias non galegas destacan Madrid (4,8%), Barcelona (1,9%), Asturias (0,5%), Illas Baleares (0,3%), León, As Palmas e Valladolid (0,3% cada unha), non xa somente polo seu carácter lindeiro coa Galicia, mais por seren destinos de atracción económica.

1.2.2.3 Resto do mundo

O cadro nº15 presenta os países nos que se encontra o lugar de residencia actual das persoas tituladas que participan neste estudo.

Cadro nº15: Lugar de residencia no momento actual por países estranxeiros

País	%
ÁFRICA	0,80
África do Sul	0,13
Gana	0,13
Guiné Bissau	0,13
Namibia	0,13
Tunisia	0,27
EUROPA	76,43
Alemaña	16,38
Andorra	0,27
Austria	0,93
Bélxica	2,93
Bulgaria	0,13
Dinamarca	1,33
Eslovaquia	0,27
Estonia	0,13
Finlandia	0,27
Francia	7,32
Grecia	0,40
Irlanda	3,33

52) 47 provincias conta as 45 do lugar de residencia durante os estudos.

País	%
Islandia	0,13
Italia	1,20
Lituania	0,13
Luxemburgo	0,27
Malta	0,13
Noruega	1,20
Países Baixos	3,06
Polonia	1,46
Portugal	8,12
Reino Unido	21,44
República Checa	0,67
Romanía	0,13
Rusia	0,13
Suecia	0,40
Suíza	4,26
AMÉRICA	19,97
Arxentina	2,00
Barbados	0,13
Bolivia	0,40
Brasil	2,66
Canadá	1,07
Chile	1,73
Colombia	1,86
Cuba	0,13
Ecuador	0,93
En primeiro lugar, a rama Xurídico-Social experimenta unha tendencia decrecente en todo o período avaliado. A partir dun máximo de 59,7% no quinquenio 1990-95, ese decrecemento é continuado até alcanzar un mínimo de 39,5% no período 2011-15. Polo contrario, partindo dunha posición inicial de 20,8%, a rama Tecnolóxica experimenta un crecemento progresivo ao longo do período analizado até alcanzar un máximo de 31,6% no último quinquenio.


A evolución da rama de Arte e Humanidades atravesa tres fases diferenciadas: unha inicial de crecemento desde un mínimo de 6,5% no primeiro quinquenio até alcanzar 10,0% no segundo, estabilización por volta de 10% entre 1996-2010 e leve crecemento até o 12,6% no último período 2011-15.

Pola súa parte, o ámbito Científico, que parte igualmente dun mínimo de 3,9% no primeiro quinquenio, alcanza 10,1% no segundo, estagnase por volta do 10% entre 1996-2010, para caír ao 8,9% no quinquenio 2011-15.

A rama das Ciencias da Saúde, que parte dun máximo de 8,8% no primeiro quinquenio, experimenta un descenso até alcanzar o 4,3% no período 2001-05 e sitúase por volta do 5% entre 2006-15.

Desde a súa emerxencia no quinquenio 2006-10, a rama Multidisciplinar mostra un crecemento continuado, pasando de 1,1% a 2,6% no período 2011-15.

Gráfica nº9: Evolución quinquenal da distribución da mostra por ámbitos de coñecemento (%)




2.1.4.3 Evolución anual

O Anexo 13 contén o cadro de datos da evolución anual da mostra por ámbitos académicos.

2.1.4.4 Análise por xénero

A distribución por xénero (ver gráfica nº10) mostra a existencia de diferenzas estatisticamente significativas ($p\text{-valor}\leq 0,05$) e nela podemos observar unha hexemonía feminina nos ámbitos das Ciencias da Saúde (81,0%), Arte e Humanidades (78,2%), Xurídico-Social (68,8%) e Científico (66,9%), todos eles con porcentaxes que superan os dous terzos. Polo contrario, os homes predominan no ámbito Tecnolóxico (72,8%).

Gráfica nº10: Distribución por xénero dos ámbitos académicos



2.1.5 Tipoloxía de estudos

2.1.5.1 Global

A Licenciatura é a tipoloxía que representa a maior proporción de títulos obtidos na mostra avaliada (33,0%), seguida pola Diplomatura (23,2%). A máis distancia áchanse as Enxeñarías Superiores (14,6%), Graos (11,3%), Enxeñarías Técnicas (11,2%) e Mestrados Universitarios (6,2%). A porcentaxe de Títulos Propios (graduado universitario e graduado superior) representa o 0,5% e o 0,1%, respectivamente.

En total, a proporción de persoas tituladas que completaron titulacións de ciclo longo (Licenciaturas e Enxeñarías Superiores) superan (47,6%) ás tituladas en ciclos curtos (Diplomaturas e Enxeñarías Técnicas) que alcanzan o 34,4%.

Cadro nº30: Distribución porcentual da mostra por tipoloxía de estudos

Tipoloxía	Ciclo	%
Licenciatura	Longo	33,0
Enxeñaría Superior		14,6
Diplomatura	Curto	23,2
Enxeñaría Técnica		11,2
Grao	Grao	11,3
Graduado Superior	Títulos propios	0,1
Graduado Universitario		0,5
Mestrado Universitario		6,2

A evolución temporal desta variábel está ligada ao período de vixencia de cada tipoloxía de estudos na Universidade de Vigo. Así sendo, nos dous primeiros quinquenios avaliados (1990-2000) as tipoloxías existentes eran 4 (Licenciatura, Enxeñaría Superior, Diplomatura e Enxeñaría Técnica). Os Títulos Propios incorpóranse no terceiro (2001-05) e os Graos e Mestrados Universitarios a partir do cuarto (2006-10).

2.1.5.2 Evolución quinquenal

As Licenciaturas experimentan unha tendencia crecente até o terceiro quinquenio en que alcanzan un máximo de 43,9% e diminúen posteriormente até o 20,9% no quinquenio 2011-15.

As Diplomaturas, polo contrario, presentan unha tendencia descendente en todo o período avaliado desde case a metade da mostra no primeiro quinquenio (49,6%) até o mínimo do 10,0% no último.


As Enxeñarías Superiores mostran unha tendencia crecente até o cuarto quinquenio (18,9%) e descen no último período (13,2%) en consecuencia da emerxencia dos Graos.

As Enxeñarías Técnicas, o mesmo que as Licenciaturas, experimentan unha liña de tendencia crecente até o terceiro quinquenio (máximo de 14,0%) e descen até 9,9% no período 2011-15.

Os Graos universitarios aumentan notabelmente a súa porcentaxe desde a súa implantación inicial no período 2006-10 (2,0%) até o 30,7% no último quinquenio e tórnanse, na práctica, na tipoloxía de estudos con máis número de persoas tituladas.

As porcentaxes dos Mestrados entre o cuarto e quinto quinquenio pasan de 4,6% a 14,5%, período no que tanto os Títulos Propios de Graduado Universitario como Graduado Superior se manteñen constantes (0,80-0,9% e 0,1%, respectivamente).

Gráfica nº11: Evolución quinquenal da distribución da mostra por tipoloxía de estudos




2.1.5.3 Evolución anual

O Anexo 14 mostra o cadro anual de datos sobre a evolución da distribución porcentual da mostra por tipoloxía de estudos.

2.1.5.4 Análise por xénero

A análise por xéneros pon en destaque a existencia de diferenzas estatisticamente significativas. Así sendo, a presenza feminina supera á masculina en Diplomaturas (76,1%), Licenciaturas (67,5%) e Graos (67,2%), mentres que a masculina é superior nas Enxeñarías Superiores (73,9%), Enxeñarías Técnicas (73,1%) e Graduado Superior (66,7%). Polo contrario, existe tendencia á paridade nos Mestrados (55,1% de mulleres e 44,9% de homes) e Graduado Universitario (51,9% de mulleres e 48,1% de homes).

Gráfica nº12: Distribución da tipoloxía de estudos por xénero



2.1.6 Campus universitario


2.1.6.1 Global

A mostra distribúese, por campus, de acordo á seguinte secuencia: Vigo (61,9%), Ourense (22,0%) e Pontevedra (11,1%).

2.1.6.2 Evolución quinquenal

Tal como se pode comprobar na gráfica nº13, o Campus de Vigo parte dunha posición preponderante no primeiro quinquenio (70,3%) que vai perdendo progresivamente até 2006-10 en favor dos Campus de Ourense (que pasa dunha posición inicial de 19,2% a un máximo de 25,1% entre 2001-05) e Pontevedra (dun mínimo inicial de 10,5% a un máximo de 18,7% entre 2011-15). A mostra manifesta tamén unha tendencia crecente nos Campus de Vigo e Pontevedra (estabilizado desde 2006-10 por volta do 18%) que contrasta coa decrecente do de Ourense.

Gráfica nº13: Evolución quinquenal da distribución da mostra por campus (%)




2.1.6.3 Evolución anual

O Anexo 15 mostra o cadro de datos sobre a evolución anual da distribución porcentual da mostra por campus.

2.1.6.4 Análise por xénero

Por xéneros, tal como mostra a gráfica nº14, existen relacións de dependencia estatística en relación ao campus. Así sendo, mentres que no Campus de Vigo se encurta a diferenza entre homes (48,0%) e mulleres (52,0%), a presenza feminina é moito maioritaria nos de Pontevedra (68,4%) e Ourense (67,3%), duplicando en ambos os casos á masculina.


Gráfica nº14: Distribución do campus universitario por xénero



2.1.6.5 Análise por ámbitos académicos

En relación aos ámbitos académicos, existen diferenzas estatisticamente significativas por campus. Así sendo, o Campus de Vigo destaca nos ámbitos Tecnolóxico e Científico, co 39% e 13%, respectivamente. Nos de Ourense e Pontevedra predomina o Xurídico-Social co 67,1% e 60,9% da mostra, respectivamente, contra o 32,9% que alcanza no de Vigo.

Gráfica nº15: Distribución do campus universitario por ámbitos académicos



2.1.6.6 Análise por titulacións

O Anexo 16 presenta a distribución xeral da mostra avaliada neste estudo por titulacións e campus. No entanto, neste apartado é analizada a distribución por campus daquelas titulacións impartidas en máis dunha sede universitaria.

Ciclos e Graos:

Diplomatura en Ciencias Empresariais

A proporción das persoas tituladas no Campus de Vigo (63,0%) supera á de Ourense (37,0%).

Diplomatura/Grao en Enfermaría

Metade das persoas diplomadas (50,6%) completaron os seus estudos no Campus de Vigo seguido polo de Ourense (27,4%) e Pontevedra (22,0%). No caso do grao homónimo, o peso das

persoas tituladas no Campus de Vigo increméntase considerabelmente (70,0%) contra o de Pontevedra (18,6%) e Ourense (11,4%).

Diplomatura de Mestre/a e Grao en Educación Infantil e Primaria

A proporción de persoas tituladas na diplomatura nos campus de Ourense e Pontevedra presentan valores similares (41,8% e 40,7%, respectivamente) contra o 17,5% de Vigo.

O grao en Educación Infantil alcanza máis número de persoas tituladas no Campus de Pontevedra (44,4%) e Ourense (38,9%) que no de Vigo (16,7%). No caso do Grao en Educación Primaria, o Campus de Pontevedra acapara case metade (48,6%) da mostra avaliada, seguido polo de Ourense (31,1%) e Vigo (20,3%).

Licenciatura/Grao en Administración e Dirección de Empresas

No caso da licenciatura, a mostra indica máis persoas tituladas no Campus de Vigo (78,1%) que no de Ourense (21,9%). En relación ao Grao homónimo, a diferenza non é tan acusada aínda que o número de persoas tituladas que completaron os seus estudos no Campus de Vigo (59,5%) é claramente superior ao de Ourense (40,5%).

Grao en Dereito

A proporción de persoas tituladas no Campus de Vigo (51,4%) supera levemente ao de Ourense (48,6%).

Mestrados Universitarios:

Mestrado en Avogacía

A mostra divídese a partes iguais entre os Campus de Vigo e Pontevedra.

Mestrado en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas

A maioría de persoas tituladas completaron os seus estudos no Campus de Vigo (57,0%), seguido polo de Ourense (24,1%) e Pontevedra (19,0%).

2.2 Titulación universitaria adicional completada


2.2.1 Global

O 21,9% das persoas tituladas que fan parte da mostra completaron outra titulación universitaria. Por xéneros, non existen diferenzas estatisticamente significativas, pois a proporción de mulleres (22,0%) que completaron outra titulación é similar á de homes (21,7%).

2.2.2 Evolución quinquenal

Como se pode observar na gráfica nº16, a realización dunha titulación universitaria adicional experimenta unha tendencia crecente no período 1990-2015.

Gráfica nº16: Evolución quinquenal da proporción de persoas tituladas con titulación universitaria adicional (%)



2.2.3 Evolución anual


O Anexo 17 mostra o cadro de datos da evolución anual e distribución porcentual da titulación adicional completada.

2.2.4 Análise por ámbitos académicos

Como mostra a gráfica nº17, as persoas tituladas pertencentes ás ramas Xurídico-Social (24,7%) e Tecnolóxica (20,7%) presentan unha proporción superior ao resto de ámbitos académicos. Pola peculiaridade¹²⁰ do ámbito Multidisciplinar, a proporción de persoas tituladas que completaron unha titulación adicional elévase ao 70,3%.

¹²⁰ As titulacións que conforman esta rama académica está integrada por Mestrados Universitarios e Títulos Propios.

Gráfica nº17: Titulación universitaria adicional por ámbitos académicos (%)



2.2.5 Análise por tipoloxía de estudos

A Diplomatura é a tipoloxía de estudos que presenta a máis alta proporción de persoas tituladas que completaron unha titulación adicional (22,2%). No caso de titulacións de ciclo longo, non existen diferenzas significativas entre a proporción de titulados/as nunha Licenciatura (17,4%) ou nunha Enxeñaría Superior (17,3%) que completaron unha titulación adicional. As Enxeñarías Técnicas alcanzan unha proporción de 14,6%. O facto de o valor inferior (11,4%) producirse nas persoas tituladas en Grao pode estar motivado pola recente implantación desta tipoloxía de estudos.

Un 33,3% das persoas que realizaron un Título Propio (Graduado Superior e Graduado Universitario) manifestaron ter completado unha titulación adicional, alcanzando o 86,6% entre as que realizaron un mestrado universitario.

2.2.6 Análise por titulación

Os valores máximos de realización dunha titulación universitaria adicional áchanse na Licenciatura en Psicopedagogía (94,5%), Enxeñaría en Informática (78,3%), Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (72,2%), Grao en Enxeñaría Forestal (68,4%) e, a máis distancia, Enxeñaría Técnica Forestal (35,8%), Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (34,2%), Grao en Dirección e Xestión Pública (32,3%) e Diplomatura en Mestre/a (31,3%).

Non completaron nengunha titulación adicional as persoas tituladas nos graos en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Ciencias do Mar, Economía, Enxeñaría Agraria, Enxeñaría da Enerxía, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais e en Química, ben como os licenciados/as en Física.

As licenciaturas que presentan valores inferiores son Dereito (3,1%), Publicidade e Relacións Públicas (4,3%), Ciencias do Mar (5,6%), Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas (5,8%), Química (6,6%), Dereito Económico-Empresarial (6,7%), Bioloxía (7,9%) e Historia (9,1%). As

diplomaturas con valores mínimos son Enfermería (15,7%), Ciencias Empresariais (18,7%) e Educación Social (24,1%).

No caso das enxeñaría superior, Enxeñaría de Minas (5,3%) e de Telecomunicación (9,0%), presentan os valores inferiores. Entre as enxeñaría técnica, manifestan valores mínimos a Agrícola (15,9%), Telecomunicación (12,9%) e en Informática de Xestión (13,1%).

O Anexo 18 mostra, para cada titulación, a porcentaxe de persoas tituladas que completaron unha titulación universitaria adicional.

2.2.7 Tipoloxía de titulación universitaria adicional completada

Entre as persoas tituladas que completaron outra titulación universitaria, o 37,0% obtivo unha licenciatura, 28,1% unha diplomatura e 16,0% unha enxeñaría técnica. O cadro nº31 mostra a distribución dunha forma detallada.

Cadro nº31: Distribución porcentual da titulación adicional segundo tipoloxía de estudos

Tipo de titulación	%
Diplomatura	28,1
Enxeñaría Superior/Arquitectura	6,8
Enxeñaría Técnica/Arquitectura Técnica	16,0
Grao	12,1
Licenciatura	37,0

O cadro nº32 mostra, en termos xerais e en porcentaxes, a tipoloxía da titulación adicional completada en función do tipo de titulación inicialmente obtida.

Cadro nº32: Tipoloxía de estudos adicional completada segundo o tipo de titulación inicialmente obtida

Titulación \ Titulación adicional	Diplomatura	Enxeñaría Superior	Enxeñaría Técnica	Grao	Licenciatura
Diplomatura	26,8	0,2	0,4	17,1	55,5
Enxeñaría Superior	1,9	2,7	88,9	3,1	3,4
Enxeñaría Técnica	1,9	37,1	1,3	45,3	14,5
Grao	53,9	1,6	22,7	7,8	14,1
Licenciatura	63,4	0,3	5,3	5,3	25,7

Como se pode comprobar, a licenciatura é a tipoloxía maioritaria das persoas tituladas que realizaron unha diplomatura (55,5%) e a enxeñaría técnica das que realizaron unha enxeñaría superior (88,9%). Pola súa parte, entre os que realizaron unha enxeñaría técnica, o 45,3% completou adicionalmente un grao (45,3%) e o 37,1% unha enxeñaría superior (37,1%).

O Anexo 19 mostra máis detalladamente, para cada titulación, a distribución do tipo de titulación adicional completada.


2.2.8 Universidade na que se completou a titulación adicional

Entre as persoas tituladas que completaron unha titulación adicional o 40,3% fíxoos na Universidade de Vigo, 28,4% noutra universidade galega, 23,1% nunha universidade española, 7,4% nunha universidade estranxeira e o 0,8% noutras institucións.

2.2.8.1 Evolución quinquenal

Tal como figura na gráfica nº18, a realización de titulacións adicionais en universidades estranxeiras experimenta unha tendencia crecente en todo o período analizado, pasando de 3,9% no primeiro quinquenio a 13,6% no último. Porén, a proporción de persoas que o fixeron na Universidade de Vigo, despois dun período crecente, desce nos tres últimos quinquenios e pasou de 56,1% no terceiro quinquenio a 32,4% no quinto.

Gráfica nº18: Evolución quinquenal da universidade en que se completou a titulación adicional (%)




2.2.8.2 Evolución anual

O Anexo 20 contén o cadro de datos da distribución porcentual da evolución anual da universidade en que se completou a titulación adicional.

2.2.8.3 Análise por xénero

Por xéneros, tal como mostra a gráfica nº 19, é destacábel a maior propensión dos homes a completar a súa titulación adicional nunha universidade española (26,4% contra o 20,7% de mulleres), ben como a maior proporción de mulleres a completala na Universidade de Vigo o noutra universidade galega.

Gráfica nº19: Distribución porcentual da universidade en que se completou a titulación adicional por xéneros



2.2.8.4 Análise por ámbitos académicos


A Universidade de Vigo é a opción preferente para completar unha titulación adicional entre as persoas tituladas pertencentes ao ámbito Xurídico-Social (45,7%), Tecnolóxico (44,5%) e das Ciencias da Saúde (35,3%). Polo contrario, constitúe unha opción secundaria entre os titulados/as da rama de Arte e Humanidades (20,1%) ou Científica (30,3%).

O resto de universidades galegas ocupa un lugar preferente entre as persoas tituladas do ámbito Multidisciplinar (55,7%) e Científico (31,0%) e, co 32,9%, é a segunda opción das persoas tituladas da rama das Ciencias da Saúde.

As persoas tituladas do ámbito Científico (30,3%), de Arte e Humanidades (28,0%) e Multidisciplinar (26,0%) son as que en máis proporción recorren a unha universidade española para completar a súa titulación adicional.

As ramas académicas de Arte e Humanidades e Multidisciplinar, co 17,1% e 15,9% respectivamente, presentan valores superiores no recurso a universidades estranxeiras.

Gráfica nº20: Distribución porcentual da universidade en que se completou a titulación adicional por ámbitos académicos



2.2.8.5 Análise por titulacións

2.2.8.5.1 Universidade na que se completou a titulación adicional

Proporción de persoas tituladas que escolleron a Universidade de Vigo:

No total, o 40,3% das persoas tituladas da mostra realizaron unha titulación adicional na Universidade de Vigo. Nos apartados seguintes preséntanse as titulacións cos valores superiores e inferiores:

A Universidade de Vigo foi a opción escollida para completar unha titulación adicional pola totalidade das persoas tituladas nos graos de Administración e Dirección de Empresas, Ciencias Ambientais, Comercio, Consultoría e Xestión da Información, Educación Social, Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática, Enxeñaría en Organización Industrial, Enxeñaría Forestal, Enxeñaría Informática, Enxeñaría Mecánica, Estudos de Galego e Español e en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Tamén, nunha proporción superior a 80%, polos titulados/as en Enxeñaría en Informática, Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección de Empresariais, Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas, Licenciatura en Psicopedagogía, Enxeñaría Industrial, Licenciatura en Economía e en Filoloxía Galega.

Polo contrario, as persoas tituladas que non recorreron á Universidade de Vigo para completar a súa titulación adicional foron os graduados/as en Xeografía e Historia, Tradución e Interpretación, Linguas Estranxeiras e en Comunicación Audiovisual.

Optaron pola Universidade de Vigo entre un 10-25% dos titulados/as na Diplomatura de Xestión e Administración Pública, Licenciatura en Belas Artes, Diplomatura en Traballo Social, Enxeñaría Técnica Industrial, Enxeñaría Técnica Agrícola, licenciaturas en Química e en Ciencias do Mar, Grao en Belas Artes, licenciaturas en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas e en Tradución e Interpretación, Diplomatura en Ciencias Empresariais, Licenciatura en Dereito, Diplomatura en Graduado Social, Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión e Enxeñaría de Minas.

Proporción de persoas tituladas que escolleron outra universidade galega:

Un 28,4% das persoas tituladas realizaron unha titulación adicional noutra universidade galega. Seguidamente preséntanse as titulacións cos valores superiores:

A totalidade dos graduados/as en Comunicación Audiovisual, ben como 90,9% dos diplomados/as en Xestión e Administración Pública, 71,4% dos graduados/as en Belas Artes, 68,8% dos enxeñeiros/as técnicos/as en Informática de Xestión, 66,7% dos diplomados/as en Turismo, 60,0% dos licenciados/as en Dereito, 57,1% dos licenciados/as en Química e 50% dos graduados/as en Fisioterapia, graduados/as en Enxeñaría en Química Industrial, dos licenciados/as en Historia e Filoloxía Xermánica e dos enxeñeiros/as técnicos/as Forestais e Agrícolas.

Proporción de persoas tituladas que escolleron unha universidade española:

Até un 23,1% das persoas tituladas da mostra realizaron unha titulación adicional nunha universidade española. A seguir preséntanse as titulacións cos valores superiores:

A totalidade dos graduados/as en Linguas Estranxeiras, 73,7% dos enxeñeiros/as técnicos/as industriais, 70% dos diplomados/as en Graduado Social, 66,7% dos licenciados/as en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas, 62,5% dos enxeñeiros/as de Minas, 58,6% dos diplomados/as en Relacións Laborais e metade dos licenciados/as en Ciencias do Mar, Filoloxía Xermánica e graduados/as en Turismo.

Proporción de persoas tituladas que escolleron unha universidade estranxeira:

O 7,4% das persoas tituladas da mostra realizaron unha titulación adicional nunha universidade estranxeira. As titulacións que presentan os valores superiores foron as seguintes:

A totalidade dos graduados/as en Tradución e Interpretación, 30% dos graduados/as en Dirección e Xestión Pública, 16,7% dos licenciados/as en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas, 14,3% dos graduados/as en Belas Artes, 14,3% dos licenciados/as en Tradución e Interpretación e 13,2% dos diplomados/as en Enfermaría.

Con máis detalle o Anexo 21 mostra, por titulacións, a distribución porcentual da universidade en que se completou a titulación adicional.

2.2.8.5.2 Titulación adicional realizada en función da titulación e da universidade

Nos seguintes apartados danse a coñecer as titulacións adicionais realizadas por aquelas persoas tituladas da Universidade de Vigo que fan parte da mostra. Para unha mellor comprensión desta análise, en cada titulación da Universidade de Vigo sinálanse as titulacións adicionais que realizaron as persoas inquiridas ben como a universidade en que completaron eses estudos posteriores (diferenciando entre Universidade de Vigo, universidade galega, outra universidade española e universidade estranxeira).

Diplomaturas:

- Ciencias Empresariais: 36,9% Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas (universidade galega), 20,4% Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais (universidade galega) e 11,7% Grao en Administración e Dirección de Empresas (universidade española).
- Educación Social: 43,5% Licenciatura en Psicopedagogía (Universidade de Vigo) e 21,7% Licenciatura en Pedagogía (universidade galega).
- Enfermaría: 34,0% Grao en Enfermaría (Universidade de Vigo) e 9,4% Licenciatura en Antropoloxía Social e Cultural (universidade española).
- Fisioterapia: 53,8% Grao en Fisioterapia (Universidade de Vigo).
- Graduado Social: 30% Licenciatura en Dereito (universidade española)
- Mestre/a: 37,3% Outra especialidade da Diplomatura en Mestre/a (Universidade de Vigo) e 18,6% Licenciatura en Psicopedagogía (universidade galega).
- Relacións Laborais: 44,8% Licenciatura en Ciencias do Traballo (universidade española) e 31% Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Universidade de Vigo).
- Traballo Social: 40% Licenciatura en Socioloxía (universidade galega) e 15% Grao en Traballo Social (universidade española).
- Xestión e Administración Pública: 81,8% Licenciatura en Ciencias Políticas e da Administración (universidade galega).

Enxeñarías Superiores:

- Minas: 50% Enxeñaría Técnica de Minas (universidade española).
- Telecomunicación: 48,9% Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (Universidade de Vigo) e 20,0% Enxeñaría Técnica Industrial (Universidade de Vigo).
- Informática: 98,1% Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (Universidade de Vigo).
- Industrial: 79,8% Enxeñaría Técnica Industrial (universidade de Vigo).

Enxeñarías Técnicas:

- Agrícola: 46,7% Enxeñaría Agrónoma (universidade galega) e 13,3% Licenciatura en Enoloxía (universidade española).
- Telecomunicación: 28,6% Enxeñaría de Telecomunicación (universidade española).
- Forestal: 46,5% Enxeñaría de Montes (universidade galega) e 34,9% Grao en Enxeñaría Forestal (Universidade de Vigo).

- Industrial: 22,4% Grao en Enxeñaría Mecánica (universidade española), 15,8% Enxeñaría Industrial (universidade española); 13,2% Grao en Enxeñaría Eléctrica (universidade española) e 13,2% Grao en Enxeñaría Industrial (universidade española).
- Informática de Xestión: 43,8% Enxeñaría Informática (universidade galega) e 25% Grao en Enxeñaría Informática (Universidade de Vigo).

Graos:

- Administración e Dirección de Empresas: 92,3% Diplomatura en Ciencias Empresariais (Universidade de Vigo).
- Belas Artes: 25% Diplomatura en Mestre/a (Universidade de Vigo e universidade galega) e 25% Licenciatura en Historia da Arte (universidade galega).
- Dirección e Xestión Pública: 40% Diplomatura en Xestión e Administración Pública (Universidade de Vigo).
- Educación Infantil: 54,5% Diplomatura en Mestre/a (Universidade de Vigo).
- Educación Primaria: 33,3% Diplomatura en Mestre/a (Universidade de Vigo e universidade galega).
- Educación Social: 60,0% Diplomatura en Educación Social (Universidade de Vigo).
- Enfermaría: 71,4% Diplomatura en Enfermaría (Universidade de Vigo e universidade galega).
- Fisioterapia: 75% Diplomatura en Fisioterapia (universidade galega).
- Traballo Social: 50% Diplomatura en Traballo Social (Universidade de Vigo).

Licenciaturas:

- Administración e Dirección de Empresas: 85,9% Diplomatura en Ciencias Empresariais (Universidade de Vigo).
- Belas Artes: 25% Diplomatura en Mestre/a (universidade española) e 20% Licenciatura en Historia da Arte (universidade galega).
- Bioloxía: 10,5% Licenciatura en Bioquímica (universidade española), 10,5% Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (Universidade de Vigo) e 10,5% Licenciatura en Ciencias Biolóxicas (universidade española e galega).
- Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos: 71,4% Enxeñaría Técnica Agrícola (Universidade de Vigo).
- Ciencias da Actividade Física e do Deporte: 80,5% Diplomatura en Mestre/a (Universidade de Vigo).
- Ciencias do Mar: 28,6% Licenciatura en Bioloxía (universidade galega) e 14,3% Licenciatura en Ciencias Ambientais (universidade española).
- Ciencias Económicas e Empresariais/Sección Empresariais: 89,3% Diplomatura en Ciencias Empresariais (Universidade de Vigo).
- Comunicación Audiovisual: 41,7% Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas (Universidade de Vigo) e 16,7% Licenciatura en Xornalismo (universidade española e galega).
- Dereito Económico-Empresarial: 16,7% Diplomatura en Relacións Laborais (Universidade de Vigo) e 16,7% Licenciatura en Economía (Universidade de Vigo).

- Economía: 60% Diplomatura en Ciencias Empresariais (Universidade de Vigo).
- Filoloxía Inglesa: 52,4% Diplomatura en Mestre/a (Universidade de Vigo) e 23,8% Licenciatura en Filoloxía Hispánica (Universidade de Vigo).
- Publicidade e Relacións Públicas: 28,6% Licenciatura en Comunicación Audiovisual (Universidade de Vigo).
- Psicopedagogía: 78,1% Diplomatura en Mestre/a (Universidade de Vigo).
- Química: 28,6% Enxeñaría Química (universidade galega).
- Tradución e Interpretación: 21,4% Licenciatura en Filoloxía Inglesa (universidade galega) e 10,7% Licenciatura en Filoloxía Hispánica (universidade española, galega e Universidade de Vigo).

A partir destes datos pódese concluír que as principais titulacións adicionais levadas a cabo por aqueles titulados/as que xa obtiveran unha primeira diferéncianse en función da tipoloxía de estudos.

Así sendo, nas diplomaturas predominan, nunha proporción de 2 a 1, as titulacións adicionais realizadas nas outras universidades galegas fronte a de Vigo e ás outras universidades españolas.

No caso das enxeñarías superiores, salvo na de Minas, a titulación adicional é completada fundamentalmente na Universidade de Vigo. Polo contrario, nas enxeñarías técnicas destacan as completadas en universidades españolas.

A Universidade de Vigo destaca como a institución académica provedora de titulación adicional no caso das persoas tituladas que realizaron licenciaturas e graos, duplicando en ambos os casos as proporcións alcanzadas por outras universidades galegas e universidades españolas.

O Anexo 22 recolle máis detalladamente, para cada titulación da Universidade de Vigo, a titulación adicional completada, con indicación tanto da frecuencia asociada a esa titulación como a universidade en que se obtivo ese título (española, estranxeira, galega ou Universidade de Vigo).

2.3 Formación complementar de posgrao


2.3.1 Global

Das persoas tituladas que responderon á enquisa, 45% posúe un mestrado e/ou curso de posgrao, superando os homes levemente (46,2%) a proporción de mulleres (44,8%).

2.3.2 Evolución quinquenal

Como se pode observar na gráfica nº21, a realización de formación complementar, na modalidade de mestrado universitario e/ou curso de posgrao, experimenta unha tendencia crecente no período avaliado, pasando de 34,8% no primeiro quinquenio a case a metade (49,1%) no último.

Gráfica nº21: Evolución quinquenal da formación complementar de posgrao (%)




2.3.3 Evolución anual

O Anexo 23 recolle o cadro de datos da evolución anual da formación de posgrao.

2.3.4 Análise por ámbitos académicos

Por ámbitos académicos, sobresaee o Científico (66,7%), seguido de Arte e Humanidades (58,7%), con máis de metade das persoas tituladas que realizaron este tipo de formación. A máis distancia sitúase o Tecnolóxico (43,6%), Xurídico-Social (40,2%), Ciencias da Saúde (38,0%) e Multidisciplinar (34,4%).

Gráfica nº22: Formación complementar de posgrao por ámbitos académicos (%)



2.3.5 Análise por tipoloxía de estudos

Por tipoloxía de estudos, a realización de formación complementar é maioritaria entre as persoas tituladas que completaron Graos (57,8%) e Licenciaturas (55,2%). Logo a seguir sitúanse as Enxeñaría onde a proporción das de ciclo longo (43,9%) é superior ás de ciclo curto (42,2%). Nunha porcentaxe similar áchanse as Diplomaturas (31,8%), Mestrados Universitarios (32,2%) e Graduados Superiores (33,3%). As persoas Graduadas Universitarias presentan o nivel inferior (24,1%).

2.3.6 Análise por titulación

Realizaron formación de posgrao a totalidade das persoas tituladas da mostra que completaron os graos en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Enxeñaría Agraria e en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais.

Con máis de 70%, completaron formación de posgrao as persoas tituladas nos graos de Enxeñaría en Química Industrial (92,3%), Estudos de Galego e Español (84,6%), Ciencias Ambientais (83,3%), Bioloxía (81,8%), Ciencias do Mar (81,8%), Dereito (80,0%), Química (78,9%), Enxeñaría en Enerxía (77,8%), Relacións Laborais e Recursos Humanos (76,2%) ben como os licenciados/as en Ciencias do Mar (70,5%) e Tradución e Interpretación (70,0%).

Os valores inferiores sitúanse entre as persoas tituladas que realizaron Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (16,8%), Diplomatura de Mestre/a (19,7%), Grao en Consultoría e Xestión da Información (20,0%), Licenciatura en Filoloxía Xermánica (22,2%), Diplomatura en Xestión e Administración Pública (28,2%), graos en Educación Infantil (29,2%) e en Enfermaría (30,0%).

Máis detalladamente o Anexo 24 mostra, para cada titulación, a porcentaxe de persoas tituladas que complementaron a súa formación con estudos de posgrao.

2.3.7 Universidade en que se completou a formación de posgrao


Case metade dos titulados/as da mostra (48,4%) complementou a súa formación con estudos de posgrao na Universidade de Vigo, seguida pola oferta dunha universidade española (20,2%), outra entidade (17,5%) e outra universidade galega (10,1%). En último lugar áchanse as universidades estranxeiras (3,9%) como centros escollidos para este tipo de formación.

2.3.7.1 Evolución quinquenal

Tal como mostra a gráfica nº23, constátase unha tendencia de crecemento continuado na porcentaxe de persoas tituladas que completaron a súa formación de posgrao na Universidade de Vigo desde o primeiro quinquenio (23,4%) até o último (58,5%). Este incremento mantense grazas á diminución progresiva da proporción de persoas tituladas que completaron a súa formación de posgrao tanto noutra entidade (que pasa de 36,5% entre 1990-95 a 8,9% entre 2011-15) ou nou-

tra universidade galega (de 14,0% a 8,7% no mesmo período). Polo contrario, mantense constante a porcentaxe de posgraos realizados en universidades estranxeiras ($4\pm 1\%$) e españolas ($20\pm 1\%$).

Gráfica nº23: Evolución quinquenal da universidade en que se completou a formación de posgraos (%)




2.3.7.2 Evolución anual

O Anexo 25 contén o cadro de datos da distribución porcentual da evolución anual da universidade en que se completou a formación de posgraos.

2.3.7.3 Análise por xénero

Por xéneros, sen diferenzas estatisticamente significativas, é maior a proporción de mulleres que recorreron a outra universidade galega para completar este tipo de formación (11,8% contra 7,7% de homes), en detrimento de "outra entidade" que escolleu o 16,3% de mulleres contra o 19,1% de homes.

Gráfica nº24: Distribución porcentual da universidade en que se completou a formación de posgrao por xéneros



2.3.7.4 Análise por ámbitos académicos


Por ámbitos académicos, a Universidade de Vigo é a opción maioritaria para completar os estudos de posgrao das persoas tituladas nos ámbitos Científico (55,1%), Arte e Humanidades (54,1%) e Tecnolóxico (52,8%). A realización da formación complementar nunha universidade española ocupa unha posición notábel entre os titulados/as da rama de Ciencias da Saúde (27,2%) e Multidisciplinar (25,6%).

A proporción de persoas tituladas que complementaron a súa formación universitaria noutra entidade presenta valores máximos no ámbito Xurídico-Social (22,6%) e Tecnolóxico (18,7%) contra o de Arte e Humanidades (7,2%).

Outra universidade galega ocupa unha posición notábel entre os titulados/as da rama Multidisciplinar (27,9%) e das Ciencias da Saúde (25,6%), moito por en cima dos ámbitos Tecnolóxico (5,1%) e Científico (6,6%).

Finalmente, as universidades estranxeiras só alcanzan porcentaxes significativas na rama Multidisciplinar (16,3%), Arte e Humanidades (6,6%) e Científica (6,2%) moi superiores ás ramas Xurídico-Social e Ciencias da Saúde (2,1% ambas).

Gráfica nº25: Distribución porcentual da universidade en que se completou a formación de posgrao por ámbitos académicos



2.3.7.5 Análise por titulación

2.3.7.5.1 Universidade en que se completaron os estudos de posgrao

A Universidade de Vigo constituíu a única opción de completar os estudos de posgrao para a totalidade das persoas tituladas nos graos de Consultoría e Xestión da Información e en Estudos de Galego e Español, 86,7% dos graduados/as en Química, 83,3% dos graduados/as en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática, 82,1% dos graduados/as en Dereito, 81,8% de licenciados/as en Historia, 81,3% de graduados/as en Relacións Laborais e Recursos Humanos e 80,0% de graduados/as en Turismo. Polo contrario, os valores inferiores danse entre os graduados/as en Comunicación Audiovisual (9,1%), Enxeñaría da Enerxía (14,3%), Fisioterapia (16,7%) e Traballo Social (22,2%).

Unha universidade española ocupa un lugar preferente entre os graduados/as en Enxeñaría da Enerxía (64,3%), Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (53,3%), Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (50,0%), Traballo Social (44,4%) e Fisioterapia (41,7%). Polo contrario, ningún dos graduados/as en Enxeñaría en Organización Industrial, Enxeñaría Forestal, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Turismo, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Consultoría e Xestión da Información, Estudos de Galego e Español e licenciados/as en Filoloxía Xermánica escolleu esta opción.

A realización de formación complementaria noutras entidades educativas presenta unha proporción notábel entre os graduados/as en Enxeñaría en Organización Industrial (66,7%), licenciados/as en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais (50,8%), diplomados/as en Graduado Social (50,0%) e en Relacións Laborais (40,2%), licenciados/as en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas (37,7%) e en Dereito Económico-Empresarial (36,3%), enxeñeiros/as téc-

nicos/as Forestais (32,8%), licenciados/as en Economía (29,8%) e en Administración e Dirección de Empresas (28,0%). Polo contrario, nengunha persoa titulada da mostra recorreu a estas entidades no caso dos graduados/as en Turismo, Consultoría e Xestión da Información, Estudos de Galego e Español, Enxeñaría en Química Industrial, Educación Infantil, Química, Dirección e Xestión Pública, Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática, Dereito, Enxeñaría Mecánica, Enxeñaría Informática, Xeografía e Historia, Ciencias Ambientais, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, Educación Social, Bioloxía, Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría Agraria e Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos ben como entre os diplomados/as en Turismo e licenciados/as en Física e Filoloxía Galega.

Outra universidade galega ocupa un lugar preponderante entre os diplomados/as en Traballo Social (48,0%), graduados/as en Educación Infantil (38,1%) e Comunicación Audiovisual (36,4%), diplomados/as en Fisioterapia (32,3%), Xestión e Administración Pública (30,0%) e en Turismo (28,6%), contra os graduados/as en Química, Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática, Dereito, Enxeñaría Informática, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría Agraria, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, Enxeñaría da Enerxía, Comercio, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos e Enxeñaría en Organización Industrial, enxeñeiros/as técnicos/as de Telecomunicación e diplomados/as en Graduado Social.

Finalmente, as universidades estranxeiras só presentan porcentaxes notábeis entre os licenciados/as en Filoloxía Xermánica (50,0%), graduados/as en Ciencias do Mar (27,8%), Enxeñaría da Enerxía (14,3%) e en Enxeñaría Mecánica (13,6%), licenciados/as en Ciencias do Mar (11,2%) e en Tradución e Interpretación (10,2%).

O Anexo 26 mostra, para cada titulación, a distribución porcentual da universidade en que se completou a formación de posgrao.

2.3.7.5.2 Mestrados da Universidade de Vigo completados por persoas previamente tituladas por esta universidade

Nunha análise máis detallada, a seguir móstrase, para cada titulación da Universidade de Vigo (diferenciándoas entre diplomaturas, licenciaturas, graos, enxeñarías superiores e enxeñarías técnicas), os Mestrados Universitarios da UVIGO completados por unha proporción significativa de persoas tituladas da mostra obtida.

Diplomaturas:

- Ciencias Empresariais: Comercio Internacional (19,3%), Dirección de Pemes (17,0%) e Finanzas (10,2%).
- Educación Social: Intervención Multidisciplinar na Diversidade de Contextos Educativos (26,1%), Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social (17,4%) e Intervención Multidisciplinar na Diversidade de Contextos Educativos (13%).
- Enfermaría: CAP (27,6%), Nutrición (20,7%), Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (17,2%) e Enfermaría de Empresa (13,8%).

- Fisioterapia: Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde (33,3%), Osteopatía (13,3%), Fisioterapia do Deporte (21,0%) e Fisioterapia Manipulativa e Articular (13,3%).
- Graduado Social: Prevención de Riscos Laborais (57,1%).
- Mestre/a: Intervención Multidisciplinar na Diversidade de Contextos Educativos (23,2%), Necesidades Específicas de Apoio Educativo (19,5%) e Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos (15,9%).
- Relacións Laborais: Axentes de Emprego (6,1%) e Prevención de Riscos Laborais (30,3%).
- Traballo Social: CAP (13,3%), Intervención Multidisciplinar na Diversidade de Contextos Educativos (33,3%), Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social (20,0%) e Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (13,3%).
- Turismo: Dirección e Planeamento do Turismo (55,0%) e en Dirección e Planeamento do Turismo Interior e da Saúde (25,0%).
- Xestión e Administración Pública: Comercio Internacional (40,0%).

Enxeñaría Superiores:

- Industrial: Dirección e Xestión da Loxística e a Cadea de Subministración (16,3%), Curso Superior de Loxística (12,0%) e Enerxía e Sustentabilidade (10,1%).
- Informática: Consultoría de Software Libre (23,3%), CAP (13,3%), Enxeñaría Informática e Sistemas de Software Intelixentes e Adaptábeis (13,3% ambos).
- Minas: Prevención de Riscos Laborais (27,9%), Tecnoloxía Ambiental (14,8%) e Enerxía e Sustentabilidade (8,2%).
- Telecomunicación: Enxeñaría Telemática (18,8%), DEA (18,8%), Radiocomunicación e Enxeñaría Electromagnética (12,5%) e Teoría do Sinal e das Comunicacións (12,5%).

Enxeñaría Técnicas:

- Agrícola: Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar (40,9%) e Prevención de Riscos Laborais (11,4%).
- Forestal: Tecnoloxía Ambiental (25,0%), Prevención de Riscos Laborais (25,0%) e Innovación Industrial e Optimización de Procesos (10,7%).
- Informática de Xestión: CAP (10,0%) e Consultoría de Software Libre (40,0%).
- Industrial: Enerxía e Sustentabilidade (16,6%), Enxeñaría da Automoción (12,7%), Tecnoloxías e Procesos na Industria do Automóbil (12,7%), Enxeñaría de Edificación e Construcións Industriais (11,0%) e Prevención de Riscos Laborais (10,5%).
- Telecomunicación: Aplicación do Proceso do Sinal nas Comunicacións (38,5%).

Licenciaturas

- Administración e Dirección de Empresas: Finanzas (12,8%) e en Contabilidade e Auditoría de Contas (11,7%).
- Belas Artes: CAP (23,8%), Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (19,0%), DEA e Arte Contemporánea, Creación e Investigación (11,9% ambos).
- Bioloxía: DEA (20,5%) e en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida (14,3%).

- Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos: DEA (18,2%).
- Ciencias da Actividade Física e do Deporte: Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (35,4%), Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde (25,0%) e en Dirección Integrada de Proxectos (12,5%).
- Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas: Dirección de Pemes (25,0%), CAP (16,7%) e en Creación, Dirección e Innovación na Empresa (16,7%),
- Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais: Auditoría de Contas (26,7%), Comercio Internacional e DEA (13,3% ambos).
- Dereito: Dereito Urbanístico e do Ambiente (30,2%) e Práctica Xurídica/Avogacía (14,0%).
- Dereito Económico-Empresarial: Dereito da Empresa (17,6%).
- Economía: CAP, Xestión do Desenvolvemento Sustentábel (17,6% ambos) e en Comercio Internacional (11,8%).
- Filoloxía Galega: Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (27,3%), DEA e en Lingüística galega (18,2% ambos).
- Filoloxía Hispánica: CAP (18,2%), Cursos de Doutoramento e DEA (12,1% ambos).
- Filoloxía Inglesa: Estudos Ingleses Avanzados (29,2%), Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (20,0%) e CAP (13,8%).
- Física: Fotónica e Tecnoloxías do Láser (29,2%) e en Ciencias do Clima: Cambio Climático, Oceanografía Física e Meteoroloxía (16,7%).
- Historia: Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais (33,3%), Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (20,0%) e DEA (13,3%).
- Psicopedagogía: DEA (20,0%), Intervención Multidisciplinar na Diversidade de Contextos Educativos (20,0%) e en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (13,3%).
- Publicidade e Relacións Públicas: Investigación en Comunicación (24,3%), Dirección de Arte en Publicidade (13,5%), CAP e DEA (10,8% ambos).
- Química: Química Avanzada (13,4%) e DEA (10,4%).
- Tradución e Interpretación: Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (26,2%), Tradución Multimedia (15,5%), Tradución e Paratradución (13,1%) e CAP (10,7%).

Graos:

- Administración e Dirección de Empresas: Creación, Dirección e Innovación na Empresa (20,0%), Finanzas (20,0%), Comercio Internacional (13,3%) e Dirección de Pemes (13,3%).
- Belas Artes: Dirección de Arte en Publicidade (26,7%), Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (25,0%), Arte Contemporánea, Creación e Investigación (23,3%) e en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual (16,7%).
- Bioloxía: Biotecnoloxía Avanzada (52,4%), Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (14,3%) e en Acuicultura (14,3%).
- Ciencias Ambientais: Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar e Ambiental (33,3%).

- Ciencias da Actividade Física e do Deporte: Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde (55,6%) e en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (33,3%).
- Ciencias do Mar: Oceanografía (42,9%) e en Xestión do Desenvolvemento Sustentábel (28,6%).
- Dereito: Avogacía (91,3%).
- Dirección e Xestión Pública: Dirección Pública e Lideranza Institucional (55,6%).
- Economía: Finanzas (42,9%).
- Educación Infantil: Necesidades Específicas de Apoio Educativo (63,6%).
- Educación Primaria: Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos (33,3%) e Necesidades Específicas de Apoio Educativo (27,8%).
- Educación Social: Intervención Multidisciplinar na Diversidade de Contextos Educativos (37,5%).
- Enfermería: Nutrición (57,1%).
- Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación: Enxeñaría de Telecomunicación (60%).
- Enxeñaría Electrónica e Automática Industrial: Mecatrónica (60%).
- Enxeñaría en Química Industrial: Enxeñaría Industrial (85,7%).
- Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais: Enxeñaría Industrial (87,5%).
- Enxeñaría Informática: Enxeñaría Informática (85,7%).
- Enxeñaría Mecánica: Enxeñaría Industrial (92,3%).
- Estudos de Galego e Español: Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (90,9%).
- Linguas Estranxeiras: Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (57,1%).
- Publicidade e Relacións Públicas: Lingua e Comunicación nos Negocios (42,9%) e Dirección de Arte en Publicidade (28,6%).
- Química: Investigación en Química e Química Industrial (46,2%) e en Biotecnoloxía Avanzada (23,1%).
- Relacións Laborais e Recursos Humanos: Dirección e Xestión Laboral (42,9%) e en Prevención de Riscos Laborais (21,4%).
- Tradución e Interpretación: Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (34,6%) e en Tradución Multimedia (30,8%).
- Turismo: Dirección e Planeamento do Turismo Interior e da Saúde (75,0%)
- Xeografía e Historia: Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (80,0%).

Obsérvase que, en función da titulación obtida previamente, os Mestrados Universitarios realizados alcanzan diferentes frecuencias, pomenorizándose os máis significativos.

Así sendo, dentro das diplomaturas, destaca a preeminencia que algúns Mestrados alcanzan en Graduado Social, Xestión e Administración Pública e en Turismo. No entanto, obsérvase unha grande dispersión porcentual no resto de diplomaturas avaliadas.

Esta dispersión tamén se constata nas enxeñarías superiores, en cuxas titulacións nengún mestrado universitario alcanza unha frecuencia maioritaria. No caso das enxeñarías técnicas destaca, cunha frecuencia de seguimento superior a 40%, algún mestrado universitario en Informática de Xestión e Agrícola.

No caso das licenciaturas, obsérvase unha grande dispersión no grao de seguimento da oferta de Mestrados da Universidade de Vigo onde nengún deles chega a alcanzar unha frecuencia representativa de 40%.

A diferenza das titulacións de ciclo curto e longo, no caso dos graos constátase o seguimento maioritario (superior a 50%) experimentado por algún mestrado universitario en Bioloxía, Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Ciencias do Mar, Dereito, Dirección e Xestión Pública, Economía, Educación Infantil, Enfermaría, Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, Enxeñaría Electrónica e Automática Industrial, Enxeñaría en Química Industrial, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, Enxeñaría Informática, Enxeñaría Mecánica, Estudos de Galego e Español, Linguas Estranxeiras, Turismo e Xeografía e Historia.

En suma, pódese concluír non só que a grande maioría das persoas tituladas en graos completaron un mestrado universitario da Universidade de Vigo, mais que o seguimento de determinados mestrados está ligado directamente á realización dun grao.

No Anexo 27, pormenorízanse a formación complementar de posgrao da Universidade de Vigo e a súa relación coas titulacións levadas a cabo polos titulados/as.

2.4 Doutoramento


2.4.1 Global

O 5,1% das persoas tituladas da mostra completou un doutoramento, cunha porcentaxe de homes (5,5%) levemente superior á de mulleres (4,8%).

2.4.2 Evolución quinquenal

Como se pode constatar na gráfica nº26 a proporción de persoas tituladas que completaron un programa de doutoramento segue unha tendencia decrecente no período avaliado, cun máximo de 8,6% no quinquenio 1996-00 e un mínimo de 2,7% entre 2011-15.

Gráfica nº26: Evolución quinquenal das persoas tituladas que completaron un doutoramento (%)




2.4.3 Evolución anual

O Anexo 28 mostra a evolución anual da proporción de persoas tituladas que completaron un doutoramento.

2.4.4 Análise por ámbitos académicos

O traballo por conta allea rexistra os valores máis altos en Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (94,9%), Enxeñaría en Informática (92,8%), Enxeñaría de Telecomunicación (90,6%), graos en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (88,9%) e en Enxeñaría en Organización Industrial (87,5%), Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (86,8%), Licenciatura en Psicopedagogía (86,5%), Diplomatura en Enfermaría (86,3%), Enxeñaría Industrial (85,3%), Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas (84,3%), graos en Enfermaría (84,1%), Turismo e Enxeñaría Informática (83,3% ambos), Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais (82,6%), Diplomatura en Traballo Social (81,6%), Licenciatura en Economía (81,3%), Enxeñaría Técnica Industrial (80,5%) e Grao en Consultoría e Xestión da Información (80,0%).

Os valores máis baixos de traballo por conta allea teñen lugar nos graos en Xeografía e Historia (15,4%), Dereito (22,9%), Estudos de Galego e Español (23,1%), Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (33,3%), Bioloxía (34,1%), Belas Artes (35,9%) e en Enxeñaría Agraria (40,0%).

3.1.7.2.1 Emprego nunha empresa ou organización privada

A proporción máis alta de persoas tituladas que traballan por conta allea nunha empresa/organización privada prodúcese entre os titulados/as nos graos en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (88,9%) e en Enxeñaría en Organización Industrial (87,5%), Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (80,9%), Grao en Consultoría e Xestión da Información (80,0%), Enxeñaría Industrial (75,2%), Enxeñaría de Telecomunicación (73,6%), Enxeñaría Técnica Industrial (73,3%) e Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (72,8%).

Polo contrario, a menor proporción de persoas empregadas nunha empresa/organización privada ten lugar nos graos en Xeografía e Historia (7,7%) e en Química (10,5%), Licenciatura en Filoloxía Xermánica (11,1%), graos en Dereito (11,4%), Estudos de Galego e Español (15,4%), Bioloxía (18,2%) e en Dirección e Xestión Pública (19,4%), Licenciatura en Dereito (19,9%), Grao en Enxeñaría Forestal (21,1%), Diplomatura en Enfermaría (22,0%), licenciaturas en Física (28,6%), Historia (29,1%), Filoloxía Galega (29,2%) e na Licenciatura e Grao en Belas Artes (29,7% ambas).

3.1.7.2.2 Traballo para a administración pública

O traballo como funcionario/a para a administración pública é maioritario entre as persoas tituladas na Diplomatura de Enfermaría (64,3%), licenciaturas en Filoloxía Xermánica (55,6%), Psico-

pedagogía (55,2%) e en Física (47,6%), Grao en Química (47,4%), Diplomatura en Mestre/a (46,9%), Grao en Enfermaría (44,9%) e Licenciatura en Ciencias do Mar (39,9%).

Presentan os valores máis baixos nesta categoría as persoas tituladas nos graos en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (3,6%), Trballo Social (4,0%), Publicidade e Relacións Públicas (4,3%), Tradución e Interpretación (4,3%), Fisioterapia (5,5%) e Enxeñaría da Enerxía (5,6%), Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (5,9%), graos en Belas Artes e Enxeñaría Mecánica (6,3% ambos), Enxeñaría Técnica Industrial (7,2%), graos en Xeografía e Historia e en Estudos de Galego e Español (7,7% ambos) e en Educación Primaria (8,1%), Diplomatura en Turismo (8,2%), graos en Administración e Dirección de Empresas (8,4%) e en Comunicación Audiovisual (9,5%), Enxeñaría Industrial (10,1%), Grao en Ciencias Ambientais (11,1%), Enxeñaría de Minas (11,7%) e Grao en Educación Social (12,0%).

Non traballan para a administración pública nengunha persoa da mostra obtida titulada nos graos de Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática, Enxeñaría en Organización Industrial, Consultoría e Xestión da Información, Economía, Comercio, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, Enxeñaría Agraria, ben como en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

3.1.7.3 Desempregado/a procurando emprego

A proporción máis alta de persoas tituladas en situación de desemprego e que procuraban traballo no momento de responder a enquisa prodúcese nos graos en Enxeñaría Agraria (40,0%), Belas Artes (34,4%), Educación Primaria (32,4%), Trballo Social (32,0%) e en Educación Infantil (29,2%), Grao en Enxeñaría Eléctrica e Diplomatura en Turismo (28,6% ambas), graos en Dirección e Xestión Pública (25,8%), Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (25,0%) e en Relacións Laborais e Recursos Humanos (23,8%), Licenciatura en Historia (23,6%), graos en Xeografía e Historia (23,1%), Tradución e Interpretación (22,9%) e en Bioloxía (22,7%), Licenciatura en Filoloxía Xermánica (22,2%), graos en Química e en Enxeñaría Forestal (21,1% ambos) e en Educación Social (20,0%).

Polo contrario, os rexistros máis baixos de desemprego teñen lugar en Enxeñaría Informática e en Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (2,2% ambas), Enxeñaría de Telecomunicación (3,0%), Grao e Diplomatura en Fisioterapia (3,6% e 4,1%, respectivamente), Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais (4,7%), graos en Enxeñaría Informática e Turismo (5,6% ambos), Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas (5,8%), Enxeñaría Técnica de Telecomunicación e Enxeñaría Industrial (5,9% ambas).

Finalmente, non se detectaron persoas en situación de desemprego entre os titulados/as que responderon á enquisa e que completaran os graos en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, Enxeñaría en Química Industrial, Consultoría e Xestión da Información e Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

3.1.7.4 Estudante

A proporción máis alta de persoas tituladas que seguían a estudar na altura de realizar a enquisa prodúcese entre os graduados/as en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (66,7%), Xeografía e Historia (61,5%), Estudos de Galego e Español (53,8%), Bioloxía (40,9%), Enxeñaría da Enerxía (38,9%), Dereito (37,1%), Enxeñaría das Tecnoloxías de Telecomunicación (30,4%), Linguas Estranxeiras (28,6%), Ciencias Ambientais (27,8%), Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (27,3%), Tradución e Interpretación (25,7%), Enxeñaría en Química Industrial (23,1%), Enxeñaría Mecánica (21,9%), Ciencias da Actividade Física e do Deporte (21,4%) e Enxeñaría Agraria (20,0%). En relación ás titulacións en extinción, presentan os valores máis altos desta categoría os titulados/as na Licenciatura en Filoloxía Galega (8,3%), Diplomatura en Turismo (8,2%), licenciaturas en Historia (5,5%) e en Química (5,0%).

Finalmente, non se acha nesta situación nengunha persoa titulada nos graos en Enxeñaría Eléctrica, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Licenciatura en Filoloxía Xermánica, Grao en Enxeñaría Forestal, Diplomatura en Relacións Laborais, Grao en Enxeñaría en Organización Industrial, Diplomatura en Graduado Social, Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática, Enxeñaría Técnica de Telecomunicación, Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas e Sección Empresariais, Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión e Grao en Consultoría e Xestión da Información.

3.1.7.5 Xubilado/pensionista

Achábanse nesta situación a totalidade das persoas tituladas no Graduado Superior Sénior ben como o 75% dos titulados no Graduado Universitario Sénior, títulos propios da Universidade de Vigo concebidos para este perfil de persoas.

A máis distancia, existe unha notábel proporción de persoas que reciben algún tipo de pensión entre os graduados/as en Enxeñaría Forestal (5,3%), Diplomatura en Graduado Social (3,9%), graos en Dirección e Xestión Pública (3,2%) e en Bioloxía (2,3%) e na Licenciatura en Psicopedagogía e Grao en Fisioterapia (1,8% ambas).

A maioría de titulacións incluídas na mostra obtida carece de persoas nesta situación.

O Anexo 38 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual da actividade actual por titulacións, incluíndo os resultados tanto dos títulos propios como dos mestrados universitarios.

3.1.8 Análise por lugar de residencia

3.1.8.1 Global

Para analizar a actividade actual das persoas tituladas por lugar de residencia establecéronse tres categorías: Galicia, outras Comunidades Autónomas e resto do mundo. Así sendo, a gráfica

nº58 reflicte a distribución porcentual da actividade no momento actual en función destes tres lugares de residencia.

Como se pode comprobar, existen relacións de dependencia estatística ($p\text{-valor}\leq 0,05$) entre a actividade e o lugar de residencia. Así sendo, é significativa a maior proporción de persoas que traballan como empregadas por conta allea nunha empresa/organización privada noutras Comunidades Autónomas (63,8%) e no resto do mundo (62,4%) contra Galicia, onde mal alcanza metade da mostra (50,2%).


No tocante ao traballo na función pública é levemente superior a porcentaxe rexistrada entre as persoas tituladas residentes no resto do mundo (26,2%) contra outras Comunidades Autónomas (21,9%) e Galicia (24,2%).

Relativamente ao traballo por conta propia é significativa a maior proporción de persoas tituladas residentes en Galicia que exercen a súa profesión no rexime especial de traballo autónomo (7,4%) contra outras Comunidades Autónomas e resto do mundo (4,7% ambos). Entre os residentes en Galicia tamén é superior a porcentaxe de empresarios ou titulares dunha empresa (2,4%) contra outras Comunidades Autónomas (1,8%) e resto do mundo (1,6%).

A taxa de desemprego das persoas tituladas residentes en Galicia (11,6%) duplica á existente entre os residentes no resto do mundo (2,7%) e noutras Comunidades Autónomas (5,8%).

Finalmente, tamén son superiores as porcentaxes rexistradas en Galicia con respecto á proporción de estudantes (2,4%), persoas xubiladas ou beneficiarias dunha pensión (0,5%) ou que se achaban noutra situación (0,6%).

Gráfica nº58: Distribución porcentual da actividade segundo lugar de residencia



3.1.8.2 Evolución quinquenal

3.1.8.2.1 Residentes en Galicia


O traballo por conta allea nunha empresa/organización privada experimenta un crecemento desde o primeiro quinquenio (39,0%) até alcanzar un valor máximo no cuarto (54,2%), aínda que baixa levemente no último período (51,3%). Polo contrario, o traballo na función pública experimenta unha tendencia decrecente, pasando do 41,7% das persoas tituladas que completaron os seus estudos entre 1990-95 a 16,1% das que o fixeron entre 2011-15.

A proporción de persoas que traballan como autónomas mantense estábel entre o 7,3% dos dous primeiros quinquenios (1990-00), 7,8% do terceiro (2001-05), un máximo do 8,8% no cuarto (2006-10) e un mínimo do 6,2% no último. A porcentaxe de empresarios é decrecente ao longo do período avaliado, de modo que é máis alta entre as persoas que completaron os seus estudos entre 1990-95 (4,7%) que nas que o fixeron entre 2011-15 (1,5%).

A taxa de desemprego manifesta unha tendencia crecente, pasando do 6,1% de desempregados/as entre as persoas que completaron os seus estudos entre 1990-95 a 16,8% entre os que o fixeron entre 2011-15.

O valor máximo das persoas que estudaban no momento de responder a enquisa ten lugar entre as persoas tituladas no último quinquenio (6,2%) seguido polas que o fixeron entre 2006-10 (2,0%).

Gráfica nº59: Evolución quinquenal da actividade das persoas tituladas residentes en Galicia



3.1.8.2.2 Residentes noutras Comunidades Autónomas

A proporción de persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas que traballan como empregadas nunha empresa/organización privada é maioritaria en todos os períodos avaliados, pasando dun mínimo de 50,8% dos titulados/as no período 1990-95 aos valores máximos de 70,5% dos que o fixeron no quinquenio 2006-10 e do 68,5% no último. O traballo para a administración pública segue unha tendencia decrecente, pasando de 42,4% dos titulados/as entre 1990-95 a 11,9% entre 2011-15.


Con respecto ao traballo como autónomo, este oscila entre un mínimo de 3,4% no primeiro quinquenio a un máximo de 5,5% no segundo. Entre as persoas tituladas na última década esta ca-

tegoría profesional está estabilizada por volta do 5,0%. A porcentaxe de persoas titulares dunha empresa é máxima no período 1996-00 (4,8%), con valores inferiores entre 2006-10 (0,0%) e entre 2011-15 (1,4%).

A taxa de desemprego crece en toda a secuencia histórica avaliada, de maneira que é mínima (1,4%) entre os titulados/as no período 1996-00 e alcanza un máximo de 8,6% no último quinquenio.

A proporción de estudantes (4,7%) é máxima no último período avaliado.

Gráfica nº60: Evolución quinquenal da actividade das persoas tituladas residentes noutras Comunidades Autónomas



3.1.8.2.3 Residentes no resto do mundo


A porcentaxe de titulados/as que traballan por conta allea nunha empresa/organización privada, cunha tendencia crecente, é maioritaria en todos os períodos analizados, pasando de 55,6% entre os titulados/as no período 1990-95 a un máximo de 64,6% entre 2011-15. Polo contrario, o traballo para a administración pública segue unha tendencia decrecente, pasando do 33,3% entre os que completaron os seus estudos na primeira década ao 24% nos últimos dez anos.

O traballo por conta propia como autónomo oscila entre un máximo de 5,1% entre 2011-15 e 1996-00 e un mínimo de 3,8% entre os titulados/as no período 2006-10. A titularidade dunha empresa segue unha tendencia irregular, cun máximo de 5,6% entre os titulados/as no primeiro quinquenio e un 1,3% entre os que completaron os seus estudos no último.

A taxa de desemprego é nula entre as persoas tituladas no período 1990-95 e afecta a 1,9% dos que o fixeron entre 2011-15. O valor máximo (4,3%) ten lugar entre os titulados/as no período 2006-10.

A porcentaxe de estudantes residentes no estranxeiro toma un valor notábel entre os titulados/as no período 2006-10 (3,8%) e 2011-15 (2,4%).

Gráfica nº61: Evolución quinquenal da actividade das persoas tituladas residentes no resto do mundo



3.1.8.3 Evolución anual

O Anexo 39 mostra os cadros de datos da evolución anual da actividade no momento actual da mostra obtida segundo lugar de residencia.

3.1.8.4 Persoas tituladas residentes en Galicia

Nos apartados seguintes é analizada a actividade no momento actual das persoas tituladas da Universidade de Vigo con residencia establecida en Galicia. Para desenvolver este apartado abordarase separadamente a situación actual das persoas tituladas residentes por provincias e cidades galegas.

3.1.8.4.1 Provincias

Tal como mostra a gráfica nº62, o traballo por conta allea é máis frecuente entre as persoas residentes na provincia da Coruña (77,5%) que en Lugo (65,5%), Pontevedra e Ourense (74,4% e 74,3%, respectivamente).

O traballo por conta allea nunha empresa/organización privada só é maioritario entre as persoas residentes nas provincias da Coruña (57,9%) e Pontevedra (51,9%) contra Ourense (40,0%) e Lugo (46,4%).


É significativa a porcentaxe de persoas que traballan para a administración pública na provincia de Ourense (34,4%) contra os rexistros de Lugo (19,1%) e A Coruña (19,6%).

A proporción máis alta de persoas que traballan por conta propia ten lugar entre os residentes en Lugo (17,4%) e A Coruña (11,2%) contra Ourense (10,9%) e Pontevedra (9,7%). A provincia de Lugo presenta as porcentaxes máis elevadas de traballo como autoemprego e como empresario titular dunha empresa contra a de Pontevedra, que presenta os valores mínimos nas dúas categorías.

As taxas máis elevadas de desemprego prodúcense entre os titulados/as residentes nas provincias de Lugo (13,8%) e Pontevedra (12,3%) contra A Coruña (8,6%) e Ourense (11,2%).

A proporción máis elevada de persoas tituladas que proseguían os seus estudos rexístranse en Lugo (3,3%), Ourense (2,7%) contra Pontevedra (2,5%) e A Coruña (2,2%).

Gráfica nº62: Distribución porcentual da actividade nas provincias galegas



3.1.8.4.2 Cidades

A cidade da Coruña destaca pola elevada proporción de persoas que traballan por conta allea (81,4%), seguida por Ourense (77,1%) e Vigo (76,5%). A proporción máis baixa de persoas que traballan nesta categoría ten lugar en Ferrol (66,6%).

O traballo nunha empresa/organización privada é maioritario na Coruña (65,8%), Vigo (56,1%) e Santiago de Compostela (54,2%), contra os valores inferiores de Ferrol (37,0%), Pontevedra (40,4%) e Ourense (40,8%).

A proporción de persoas que traballan na función pública en Ourense (36,3%), Pontevedra (32,3%) e Ferrol (29,6%) supera á media galega. A Coruña e Vigo presentan os rexistros máis baixos desta categoría profesional.

A cidades con máis proporción de persoas que traballan por conta propia son Lugo (19,6%), que duplica a media galega, seguida a certa distancia polos titulados/as que residen en Santiago de Compostela (13,8%). Abaixo da media galega áchanse A Coruña (8,3%) e Vigo (9,4%).

A proporción de titulados/as que desenvolven a súa profesión no rexime de traballadores autónomos é notábel en Lugo (15,5%) e Santiago de Compostela (10,7%), contra a existente na Coruña (6,5%) e Vigo (6,6%), con porcentaxes inferiores á media galega.

Superan a media galega de empresarios titulares dunha empresa as persoas tituladas residentes en Lugo (4,1%), Ferrol (3,7%) e Pontevedra (3,1%) contra o mínimo rexistrado en Vigo (2,8%).

A taxa de desemprego rexistra os valores máis elevados en Ferrol (14,8%), Pontevedra (12,4%) e Vigo (11,0%) contra os mínimos de Lugo (3,1%), A Coruña e Santiago de Compostela (8,0% ambas).

A proporción de persoas que continuaban os seus estudos no momento de responder a enquisa é notábel entre os titulados/as residentes en Lugo (6,2%), Ferrol (5,6%) e Pontevedra (3,1%) contra os mínimos de Santiago de Compostela (1,3%) e A Coruña (1,6%).

O Anexo 40 mostra a actividade nos municipios galegos.

3.1.8.5 Persoas tituladas residentes no resto de España

Este apartado analiza separadamente a actividade das persoas tituladas residentes no resto de España por Comunidades Autónomas, provincias e cidades representativas¹²².

3.1.8.5.1 Comunidades Autónomas

Tal como mostra o Anexo 41, as porcentaxes máis altas de traballo por conta allea de residentes en España prodúcense nas comunidades de Cantabria, Ceuta e Extremadura (100,0% cada unha), seguidas por Navarra (94,8%), Comunidade de Madrid (94,1%) e Cataluña (89,7%), con mínimos na Rioxa (62,5%), Asturias (73,0%) e Aragón (75,0%).

¹²²) Mostra conformada por máis de 10 persoas tituladas.

O traballo nunha empresa/organización privada é máis alto entre os titulados/as residentes en Cataluña (76,4%), Cantabria (78,0%) e Comunidade de Madrid (71,3%), con valores inferiores en Ceuta (0,0%), Illas Canarias (34,9%) e Andalucía (36,8%).

Dentro da función pública destacan as porcentaxes de Ceuta (100,0%), Illas Canarias (44,2%), Rexión de Murcia (38,5%), Castela-A Mancha, Extremadura, Illas Baleares e País Valenciano (33,3% cada unha) contra os mínimos de A Rioxa (0,0%), Cataluña (12,3%), Aragón (16,7%) e Comunidade de Madrid (19,4%).

Polo contrario, o traballo por conta propia presenta máximos en Andalucía (18,4%), Illas Canarias (12,5%) e País Basco (11,3%) contra os mínimos de Cantabria, Castela-A Mancha, Ceuta, Extremadura e Rexión de Murcia, todas elas co 0,0%.

É significativa a proporción de traballadores autónomos residentes na Rioxa (12,5%), Andalucía (10,5%), Illas Canarias (9,3%) e Asturias (8,3%) contra os valores inferiores de Aragón, Cantabria, Castela-A Mancha, Ceuta, Extremadura, Illas Baleares, Navarra e Rexión de Murcia (0,0% cada unha) ou Castela e León (3,6%).

A porcentaxe de empresarios é notábel entre os residentes en Aragón (8,3%), Andalucía (7,9%) e Navarra (5,3%).

As maiores taxas de desemprego rexístranse en Aragón e A Rioxa (25,0% ambas), Asturias (16,7%) e Castela e León (14,5%) contra os mínimos de Cantabria, Ceuta, Extremadura e Navarra (0,0% cada unha), Comunidade de Madrid (1,7%), País Basco (4,5%) e Cataluña (4,9%).

Finalmente, é destacábel a proporción de estudantes entre os titulados/as residentes na Rexión de Murcia (7,7%), País Valenciano (5,1%) e Illas Canarias (4,7%).

3.1.8.5.2 Provincias

A totalidade das persoas tituladas que residen nas provincias de Badaxoz, Cáceres, Cantabria, Ceuta, Cidade Real, Córdoba, Xirona, Huelva, Málaga e Toledo traballan por conta allea, seguida por Navarra (94,8%), Madrid (94,1%), Alacante (92,9%) e Valladolid (91,6%). Os rexistros mínimos prodúcense en Xaén (0,0%), Cuenca (33,3%) e Cádiz (44,4%).

O traballo nunha empresa/organización privada abarca á totalidade das persoas tituladas residentes nas provincias de Badaxoz, Cidade Real, Córdoba e Huelva, ben como o 78,0% dos residentes en Cantabria, o 76,8% en Barcelona e 75,0% de Xirona. Traballan para a administración pública a totalidade de residentes nas provincias de Cáceres e Ceuta, ben como o 66,7% dos que o fan en Zamora, 63,2% de Santa Cruz de Tenerife e metade de Toledo, Alacante, Castellón, Albacete, Almería e Segovia.

A totalidade das persoas que residen na provincia de Xaén traballan por conta propia, sendo significativa a porcentaxe dos que o fan nas de Cádiz (33,3%) e Granada (20,0%).

A proporción de titulados que desenvolven a súa profesión como traballadores autónomos é total entre os residentes na provincia de Xaén e significativa en Granada (20,0%), Zamora e Castellón (16,7% ambas). A porcentaxe de empresariado titular dunha empresa é notábel entre as persoas tituladas residentes nas provincias de Cádiz (22,2%), Alaba (14,3%) e Zaragoza (8,3%).

O desemprego afecta á metade das persoas que residen nas provincias de Almería e Segovia, ben como a un terzo dos que o fan en Soria, Palencia e Cuenca, unha cuarta parte en Zaragoza, León e A Rioxa, seguidos por Cádiz (22,2%) e Granada (20,0%). O desemprego é inexistente entre as persoas residentes nas provincias de Biscaia, Navarra, Valladolid, Xaén, Zamora, Castellón, Cáceres, Ceuta, Toledo, Málaga, Cantabria, Xirona, Badaxoz, Cidade Real, Córdoba e Huelva, afectando ao 1,7% e 4,3% dos que o fan en Madrid e Barcelona, respectivamente.

A presenza de persoas tituladas que aínda estudaban é significativa entre os residentes nas provincias de Cuenca (33,3%), Valencia (10,5%), As Palmas (8,3%), Murcia e Burgos (7,7% ambas).

Dunha forma máis detallada, o Anexo 42 mostra a distribución porcentual de respostas das persoas tituladas que residen nas provincias españolas.

3.1.8.5.3 Cidades representativas

As cidades que presentan os valores superiores de traballo por conta allea son Donostia-San Sebastián (100,0%), Madrid (91,0%), Barcelona (89,6%), Valladolid (87,5%) e Palma de Maiorca (86,3%) contra os mínimos rexistrados en Xixón (64,2%), Oviedo (66,7%), Ponferrada (69,2%), As Palmas de Gran Canaria e Sevilla (72,8% ambas).

O traballo nunha empresa/organización privada, con valores máximos de 78,5% en Barcelona e 72,3% en Madrid, é maioritario en todas elas, salvo nas Palmas de Gran Canaria (45,5%), Oviedo (41,7%) e Sevilla (27,3%). As persoas residentes en Sevilla, Donostia-San Sebastián, Palma de Maiorca e As Palmas de Gran Canaria, con porcentaxes de 45,5%, 33,3%, 31,8% e 27,3%, respectivamente, presentan porcentaxes de traballo na función pública superiores á media.

O traballo por conta propia presenta porcentaxes significativas en Xixón (21,4%), Bilbao e Sevilla (18,2% ambas) e Ponferrada (15,4%) contra os mínimos detectados en Palma de Maiorca e Donostia-San Sebastián (0,0% ambas), Madrid (5,4%), Barcelona e Valladolid (6,3% ambas).

O exercicio da profesión como traballador autónomo manifesta valores significativos entre os residentes en Xixón (14,3%), Bilbao, As Palmas de Gran Canaria e Sevilla (9,1% cada unha) contra os mínimos de 0,0% de Palma de Maiorca, Valladolid e Donostia-San Sebastián, seguido polo 3,8% de Madrid.

É significativa a taxa de desemprego existente entre as persoas tituladas da Universidade de Vigo residentes nas Palmas de Gran Canaria (18,2%), Oviedo (16,7%), Ponferrada (15,4%), Xixón (14,3%) e Palma de Maiorca (13,6%) contra o mínimo de 0,0% de Valladolid, Donostia-San Sebastián e Palma de Maiorca, seguido polo 1,1% de Madrid e 4,2% de Barcelona.

Finalmente, a proporción de titulados/as que aínda estudaban é notábel entre os residentes en Oviedo (8,3%), Valencia (7,7%) e Valladolid (6,3%).

O Anexo 43 mostra a distribución porcentual que describe a actividade no momento actual dos titulados/as da Universidade de Vigo residentes en cidades representativas de España.

3.1.8.6 Persoas tituladas residentes no resto do mundo

Este apartado analiza separadamente a actividade no momento actual das persoas tituladas residentes no resto do mundo tanto nos países estranxeiros¹²³ como nas cidades¹²⁴ representativas.

3.1.8.6.1 Países estranxeiros

O traballo por conta allea abranxe a totalidade das persoas tituladas residentes nos Estados Unidos da América, Países Baixos, Chile e Dinamarca, ben como 93,2% dos residentes no Reino Unido, 92,9% en Colombia, 91,7% en Perú e 90,9% na Francia contra os mínimos rexistrados no Brasil (55,0%) e Arxentina (60,0%).

O traballo por conta allea nunha empresa/organización privada é máximo en Chile (84,6%), Irlanda (76,0%), Estados Unidos da América (75,9%), Reino Unido e Países Baixos (73,9% ambos) contra os mínimos de 26,7% da Arxentina, 30,0% do Brasil, 36,4% da Bélxica, 38,9% de México e 39,3% de Portugal. Polo contrario, o traballo para a administración pública é maioritario entre os residentes na Bélxica (54,5%) e presenta valores considerábeis en Portugal (47,5%), Colombia (35,7%), Suíza (34,4%) e Perú (33,3%).

O traballo por conta propia presenta porcentaxes significativas na Arxentina (26,7%), Brasil (20,0%), Polonia (18,2%) e México (11,1%) contra o 0,0% rexistrado na Dinamarca, Chile, Países Baixos e Estados Unidos da América ou o 3,3% da Alemaña e 3,6% da Francia.

O desenvolvemento da profesión como traballador autónomo rexistra valores notábeis no Brasil (20,0%), Arxentina (13,3%) e Polonia (9,1%) contra o 0,0% da Irlanda, Chile, Estados Unidos da América e Dinamarca, ou o 3,1% alcanzado por esta categoría profesional no Reino Unido, o 3,3% da Alemaña e o 3,6% da Francia. A presenza de empresarios titulares de empresas entre o antigo alumnado da Universidade de Vigo é considerábel na Arxentina (13,3%), Polonia (9,1%), Irlanda (8,0%), México (5,6%), Portugal (4,9%) e Reino Unido (1,2%).

123) Países cunha mostra superior a 10 persoas tituladas da UVIGO.

124) Cidades cunha mostra mínima de 10 persoas tituladas da UVIGO.

O desemprego só afecta ás persoas tituladas residentes na Arxentina (13,3%), Brasil (10,0%), Alemaña (6,5%), Bélxica (4,5%), Francia (1,8%), Portugal (1,6%) e Reino Unido (1,2%).

Finalmente, existen porcentaxes considerábeis de estudantes entre os titulados/as residentes en México (16,7%), Brasil (15,0%), Polonia (9,1%) e Irlanda (8,0%).

O Anexo 44 mostra a distribución de respostas en todos os países estranxeiros con presenza de antigo alumnado da Universidade de Vigo da mostra obtida.

3.1.8.6.2 Cidades representativas

O traballo por conta allea abarca a todas as persoas residentes en Munique, ben como o 94,3% dos que emigraron a Londres, o 88,2% en París e o 86,7% ao Porto contra os mínimos de 70% en Buenos Aires e 77,8% de Berlín.

O traballo por conta allea nunha empresa/organización privada é maioritario en todas as cidades avaliadas, salvo en Bruxelas (28,6%), Buenos Aires (30,0%) e Porto (40,0%). Os máximos prodúcense en Dublín (84,6%), Londres (83,0%) e Munique (81,8%). A maioría de residentes en Bruxelas (57,1%), capital político-administrativa da UE, desenvolve a súa actividade na función pública, tomando esta categoría proporcións notábeis entre os residentes no Porto (46,7%) e Buenos Aires (40,0%). Os valores mínimos danse en Dublín (0,0%), Londres (11,3%) e París (11,8%).

O traballo por conta propia presenta valores considerábeis en Buenos Aires (20,0%), Porto (13,3%), Dublín (7,7%) e Bruxelas (7,1%) contra o 0,0% de Munique, 3,8% de Londres, 5,6% de Berlín e 5,9% de París.

O traballo autónomo presenta valores notábeis entre os residentes en Bruxelas (7,1%), Porto (6,7%) e París (5,9%) contra o 0,0% de Dublín, Munique e Buenos Aires ou o 1,9% de Londres. As cidades con máis presenza de empresarios titulados pola Universidade de Vigo son Buenos Aires (20,0%), Dublín (7,7%), Porto (6,7%) e Londres (1,9%).

As cidades con maior taxa de desemprego son Berlín (16,7%) e Buenos Aires (10,0%) contra o nulo desemprego existente entre os residentes en Munique, París, Porto e Dublín.

As cidades destino de estudantes son Dublín (7,7%) e París (5,9%).

O Anexo 45 mostra a distribución porcentual de respostas en cada unha das cidades analizadas nesta epígrafe.


3.2 Taxa de ocupación

Este apartado analiza pormenorizadamente as respostas á pregunta directa formulada no cuestionario sobre se traballaban ou non no momento actual.

3.2.1 Global

A porcentaxe de persoas tituladas inquiridas que se encontra traballando no momento actual é do 83,5%.

Gráfica nº63: Traballa (%)



Dentro do grupo de persoas que traballan, en función da modalidade de contratación, predominan as que o fan por conta allea (88,7%), moito por en cima dos que traballan por conta propia (11,3%). O cadro nº35 mostra as distintas situacións profesionais das persoas tituladas que traballan no momento actual.

Cadro nº35: Situación profesional por modalidade de contratación

Situación profesional	Modalidade	%
Empregado por conta allea nunha empresa/organización privada	Allea	60,8
Traballo para a administración pública		27,9
Autoemprego/traballador autónomo	Propia	8,1
Empresario/a titular dunha empresa		3,2

Polo contrario, dentro do colectivo de persoas tituladas que non traballan predominan os desempregados/as que están procurando emprego (73,7%), seguidos polos que continúan os seus estudos (20,2%). O cadro nº36 mostra as distintas situacións das persoas tituladas que non traballaban no momento de responder a enquisa.

Cadro nº36: Situación das persoas que non traballan


Situación	%
Baixa laboral	0,2
Bolsa ¹²⁵	0,5
Coidado doméstico	0,6
Desempregado/a buscando emprego	73,7
En prácticas ¹²⁶	0,1
Estudante ¹²⁷	19,3
Estudante de doutoramento ¹²⁸	1,0
Excedencia temporal	0,3
Prepara oposicións	1,4

Situación	%
Xubilado/pensionista ¹²⁹	2,8
Outra	0,3

3.2.2 Evolución quinquenal

Tal como mostra a gráfica nº64 a proporción de persoas que traballan é decrecente co tempo, de maneira que é máis alta (por volta do 93%) entre as persoas que completaron o seus estudos nos dous primeiros quinquenios contra o 73,2% que o fixeron entre 2011-15.

Gráfica nº64: Evolución quinquenal da taxa de ocupación



3.2.3 Evolución anual

O Anexo 46 mostra o cadro de datos sobre a evolución anual da taxa de ocupación (%).

3.2.4 Análise por xéneros

3.2.4.1 Global

Por xéneros, existen diferenzas significativas (p -valor $\leq 0,05$) entre homes (88,1%) e mulleres (80,2%) nas porcentaxes de persoas tituladas que traballan.

125) Persoa beneficiaria dunha bolsa sen vinculación contractual.


126) Persoa titulada que realiza prácticas sen vinculación contractual.

127) Persoa titulada que continúa a súa formación universitaria coa realización de estudos de mestrado, de grao ou de estudos en extinción (diplomatura, licenciatura, enxeñaría técnica ou enxeñaría superior).

128) Titulados/as que cursan estudos de doutoramento sen vinculación contractual coa entidade en que o realizan.

129) Persoa titulada que completou a súa vida profesional ou que recibe algún tipo de pensión (deficiencia, etc.).


Gráfica nº65: Traballa segundo o xénero (%)



3.2.4.2 Evolución quinquenal

Como se pode observar na gráfica nº66, a proporción de titulados/as de ambos os xéneros que traballa diminúe de forma continuada e paralela ao longo de todo o período avaliado, sendo en todos os quinquenios a ocupación masculina superior á feminina. No último quinquenio rexístrase a maior diferenza entre a ocupación masculina e feminina (11,1 puntos), diferenza que duplica á producida entre os que completaron os seus estudos entre 1996-00 (4,7), período que marcou a mínima diferenza.

Gráfica nº66: Evolución quinquenal da taxa de ocupación por xéneros (%)



3.2.4.3 Evolución anual


O Anexo 47 mostra o cadro de datos da evolución anual da taxa de ocupación por xéneros.

3.2.5 Análise por ámbitos académicos

3.2.5.1 Global

Por ámbitos académicos existen diferenzas estatisticamente significativas no nivel de ocupación. A ocupación máis elevada ten lugar entre os titulados/as do Tecnolóxico (89,8%) e das Ciencias da Saúde (89,1%), que superan a media global de ocupación (83,6%). Nun segundo grupo áchanse a rama Xurídico-Social (82,8%), Científica (76,2%) e de Arte e Humanidades (75,5%). A taxa de ocupación máis baixa prodúcese entre as persoas tituladas do ámbito Multidisciplinar (64,1%).

Gráfica nº67: Taxa de ocupación por ámbitos académicos




3.2.5.2 Evolución quinquenal

Por quinquenios, tal como mostra a gráfica nº68, todos os ámbitos académicos experimentan unha tendencia decrecente na taxa de ocupación. No entanto, cada ámbito presenta unha evolución distinta ao longo do período analizado.

A taxa de ocupación no ámbito das Ciencias da Saúde, cunha ocupación media de 98% entre 1990 e 2005, tomba até 78,9% entre 2006-10 e remonta a 84,1% no último quinquenio. A queda do ámbito Tecnolóxico é menos acusada, manténdose nunha ocupación media de 95,2% entre 1990-2010, con leve descenso ao 83,2% entre 2011-15. O ámbito Xurídico-Social mantense cunha ocupación media do 91,1% entre 1990-2005, iniciando a partir de entón unha queda que

sitúa a súa ocupación no 81,8% entre 2006-10 e do 70,3% entre 2011-15. A queda de ocupación do Científico é continuada durante os 25 anos, pasando de 96,2% entre os titulados/as no quinquenio 1990-95 até o 62,9% no último. O ámbito de Arte e Humanidades experimenta unha tendencia crecente do nivel de ocupación entre 1990-2005, pasando do 84,1% inicial ao 87,3%, altura en que descende até se situar no 62,1% no último quinquenio. Finalmente, o ámbito Multidisciplinar, con presenza só a partir do cuarto quinquenio, pasa do 69,2% até o 61,6% do último.

Gráfica nº68: Evolución quinquenal da ocupación por ámbitos académicos (%)



3.2.5.3 Evolución anual

O Anexo 48 mostra o cadro de datos da evolución anual da taxa de ocupación por ámbitos académicos.

3.2.6 Análise por tipoloxía de estudos

3.2.6.1 Global

Por tipoloxía de estudos, a máxima ocupación prodúcese nas Enxeñaría Superiores (93,2%) e Enxeñaría Técnica (89,4%), estudos pertencentes ao ámbito Tecnolóxico. Logo a seguir sitúanse as Licenciaturas e Diplomaturas, cunhas taxas de ocupación de 85,1% e 84,3%, respectivamente. No caso dos Graos, tipoloxía de estudos de recente implantación, a ocupación é do 63,7%.

Como mostra o cadro nº37, os Mestrados Universitarios presentan unha taxa de ocupación (79,0%) superior á dos Títulos Propios.

Cadro nº37: Taxa de ocupación por tipoloxía de estudos

Ciclo de estudos	%
Diplomatura	84,3
Enxeñaría Superior	93,2
Enxeñaría Técnica	89,4
Graduado Superior	16,7
Graduado Universitario	42,6
Grao	63,7
Licenciatura	85,1
Mestrado Universitario	79,0

3.2.6.2 Evolución quinquenal

En xeral, tal como mostra a gráfica nº69, nas diferentes tipoloxías de titulación a taxa de ocupación é decrecente co tempo; isto é, as persoas tituladas nos quinquenios máis antigos presentan unha ocupación superior ás que o fixeron nos máis recentes.

En todos os casos avaliados os mínimos de ocupación prodúcense entre as persoas tituladas no último quinquenio, sendo a ocupación máis baixa a das Diplomaturas (68,0%). Da mesma maneira, a máxima ocupación das Diplomaturas ten lugar no quinquenio 1996-00 (92,0%).


A evolución da ocupación nas Licenciaturas é decrecente, pasando dun máximo de 93,8% entre 1990-95 a 74,2% entre 2011-15. Salvo no período 1996-00, a taxa de ocupación das Licenciaturas é superior á das Diplomaturas.

Polo contrario, as Enxeñaría Superiores presentan unha taxa de ocupación superior á das Enxeñaría Técnica, pasando dun máximo de 98,7% entre 1990-96 a un mínimo de 89,0% entre 2011-15. No caso das Enxeñaría Técnica, oscilan entre unha ocupación máxima de 98,4% entre 1990-96 a un mínimo de 82,8% entre 2011-15.

Os Graos, tipoloxía de estudos implantada durante o último quinquenio, presentan unha taxa de ocupación nese período do 63,0%.

No caso dos Mestrados (de 80,4% a 78,7%) e Títulos Propios (de 60,9% a 23,5%) a evolución tamén é decrecente ao longo do seu período de vixencia (quinquenios 2006-10 e 2011-15).

Gráfica n°69: Evolución quinquenal da taxa de ocupación por tipoloxía de estudos (%)



3.2.6.3 Evolución anual

O Anexo 49 mostra o cadro de datos da evolución anual da taxa de ocupación por tipoloxía de estudos.

3.2.7 Análise por titulacións

Por titulacións presentan unha taxa de ocupación superior ao 90% as persoas tituladas no Grao de Consultoría e Xestión da Información (100,0%), Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (97,1%), Enxeñaría de Telecomunicación (96,6%), Enxeñaría en Informática (96,4%), Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais (95,3%), Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas (94,2%), Diplomatura de Fisioterapia (93,9%), Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (92,9%), Enxeñaría Industrial (92,8%), Grao en Fisioterapia (90,9%) e Enxeñaría Técnica Industrial (90,3%).

Entre o 80-90% de ocupación diferenciaranse, a efectos de análise deste estudo, dous grupos de titulacións. Por un lado, aquelas situadas acima da media total (83,6%) e, por outro, aquelas que non a alcanzan. Así sendo, no primeiro grupo áchanse as persoas tituladas na Licenciatura de Psicopedagogía (89,6%), graos en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática e en Turismo (88,9% ambos), Diplomatura en Enfermaría (88,6%), licenciaturas en Física (88,1%), Tradución e Interpretación (87,8%) e en Dereito Económico-Empresarial (87,7%), Grao en Enxeñaría en Organización Industrial (87,5%), licenciaturas en Administración e Dirección de Empresas (87,0%), Economía (86,9%), Publicidade e Relacións Públicas (86,6%) e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (85,8%), Diplomatura en Ciencias Empresariais (85,8%), Grao en Enfermaría (85,7%), licenciaturas en Dereito (85,5%) e en Comunicación Audiovisual (85,2%) e Diplomatura de Mestre/a (83,7%).

Non alcanzan a media global de ocupación as persoas tituladas no Grao en Enxeñaría Informática (83,3%), Licenciatura en Filoloxía Inglesa (83,2%), diplomaturas en Graduado Social (82,9%), Relacións Laborais (82,6%), Traballo Social (82,5%) e en Educación Social (82,4%), Licenciatura en Química (82,3%), Enxeñaría Técnica Forestal (82,1%), licenciaturas en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (81,5%) e en Filoloxía Hispánica (81,3%), Grao en Comunicación Audiovisual (81,0%), Enxeñaría de Minas (80,7%) e Licenciatura en Belas Artes (80,2%).

As taxas máis altas de desocupación prodúcense principalmente entre as persoas tituladas en graos, tipoloxía de estudos de recente implantación. A desocupación dos graduados/as alcanza valores que duplican a media total (33%) en Xeografía e Historia (84,6%), Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (66,7%), Bioloxía (65,9%), Dereito (62,9%), Estudos de Galego e Español (61,5%), Enxeñaría Agraria (60,0%), Ciencias Ambientais e Enxeñaría da Enerxía (50,0% ambas), Tradución e Interpretación (48,6%), Belas Artes (48,4%), Educación Infantil (47,2%), Educación Primaria (45,9%), Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (45,5%), Traballo Social (44,0%), Química (42,1%) e Linguas Estranxeiras (38,1%).

As titulacións que actualmente se achan en vías de extinción cunha taxa de desocupación superior ao 20% son as licenciaturas en Filoloxía Galega (29,2%), Historia (29,1%), Bioloxía (22,6%), Filoloxía Xermánica (22,2%) e Ciencias do Mar (20,1%).


O Anexo 50 mostra as taxas de ocupación de todas as titulacións. O Anexo 51 mostra a evolución quinquenal da taxa de ocupación por titulacións.

3.2.8 Análise por lugar de residencia

3.2.8.1 Global

Por lugar de residencia no momento de responder a enquisa, a taxa de ocupación alcanza un máximo de 94,8% entre as persoas tituladas que residen no resto do mundo, seguida polo 92,2% entre os que moran noutras Comunidades Autónomas, manténdose no 84,9% entre os residentes en Galicia.

Gráfica nº70: Taxa de ocupación por lugar de residencia



3.2.8.2 Evolución quinquenal


A taxa de ocupación dos titulados/as residentes en Galicia evolúe entorno a unha media de 92,4% nos primeiros quince anos do período avaliado, descende no período 2006-11 ao 83,8% e alcanza un mínimo de 75,2% no período 2011-15.

No caso dos titulados/as residentes noutras Comunidades Autónomas, o nivel de ocupación presenta unha tendencia decrecente menos acusada que en Galicia, pasando dunha media do 98,5% entre 1990-2000 ao 96,2% no quinquenio 2001-05 e o 90,9% entre 2006-10 até alcanzar un mínimo do 86,7% no período 2011-15.

Salvo nos períodos 1996-00 e 2001-05, a taxa de ocupación entre os residentes no resto do mundo é superior á doutras Comunidades Autónomas e Galicia e alcanza unha ocupación plena

no primeiro quinquenio e do 95,7% entre 2011-15. De feito, este último algarismo supera os valores de toda a secuencia de Galicia e á existente no período 2006-15 doutras Comunidades Autónomas.

Gráfica nº71: Evolución quinquenal da taxa de ocupación por lugar de residencia no momento actual (%)



3.2.8.3 Evolución anual

O Anexo 52 mostra o cadro de datos da evolución anual da taxa de ocupación por lugar de residencia.


3.2.8.4 Persoas tituladas residentes en Galicia

Nos seguintes apartados é analizada separadamente a taxa de ocupación no momento actual das persoas tituladas da Universidade de Vigo con residencia en Galicia tanto por provincias como nas cidades.

3.2.8.4.1 Provincias

Tal como mostra a gráfica nº72, a media galega de ocupación (84,9%) é superada polas persoas tituladas residentes nas provincias da Coruña (88,5%) e Ourense (85,3%) contra as de Pontevedra (84,1%) e Lugo (82,9%).

Gráfica nº72: Taxa de ocupación dos residentes en Galicia por provincias




3.2.8.4.2 Cidades

O nivel de ocupación das persoas tituladas da Universidade de Vigo residentes nas principais cidades galegas (86,3%) é superior á media galega e presenta valores inferiores á doutras Comunidades Autónomas (92,1%) e á do resto do mundo (94,8%).

Tal como mostra a gráfica nº73, as cidades de Lugo (90,7%), A Coruña (89,7%) e Santiago de Compostela (89,8%) presentan os niveis máis altos de ocupación e Ferrol (79,6%), o máis baixo.

En relación ás cidades que concentran máis persoas tituladas, a taxa de ocupación de Ourense (87,5%) é superior á de Vigo (85,9%) e Pontevedra (83,0%), sendo esta última inferior á media galega.

Gráfica nº73: Taxa de ocupación nas cidades galegas (%)



Máis detalladamente o Anexo 53 mostra a taxa de ocupación dos municipios galegos segundo o lugar de residencia actual das persoas tituladas da Universidade de Vigo.


3.2.8.5 Persoas tituladas residentes no resto de España

3.2.8.5.1 Comunidades Autónomas

Por Comunidades Autónomas, a taxa de ocupación das persoas tituladas da Universidade de Vigo é plena entre as persoas residentes en Cantabria, Ceuta e Estremadura. Superan a media española de ocupación (92,1%) as persoas tituladas que residen na Comunidade de Madrid (96,3%), Cataluña (94,6%) País Basco (95,5%) e Navarra (94,4%).

Acima da media galega de ocupación (84,9%) áchanse as Comunidades de Andalucía (86,8%), País Valenciano (87,2%), Illas Baleares (90,0%) e Illas Canarias (88,4%). Finalmente, presentan unha taxa de ocupación inferior á galega as persoas residentes na Rexión de Murcia (84,6%), Castela-A Mancha (83,3%), Castela e León (83,1%), Asturias (77,1%), Aragón e A Ríoxa (75,0% ambas).

Gráfica nº74: Taxa de ocupación por Comunidades Autónomas (%)



3.2.8.5.2 Provincias

Presentan unha taxa de ocupación plena as persoas tituladas da Universidade de Vigo residentes nas provincias de Badaxoz, Biscaia, Cáceres, Cantabria, Castellón, Ceuta, Cidade Real, Córdoba, Xirona, Huelva, Xaén, Málaga, Toledo e Zamora.

Superan a taxa media española (92,1%) as persoas residentes en Madrid (96,3%), Valladolid (95,8%), Barcelona (95,1%), Guipúscoa (94,4%), Santa Cruz de Tenerife (94,7%), Navarra (94,4%), Alacante (92,9%) e Sevilla (92,3%).

Igualmente, a media galega de ocupación é superada polas persoas tituladas residentes nas Illas Baleares (90,0%), Alaba e Salamanca (85,7% ambas).

As menores taxas de ocupación entre os titulados/as inquiridos prodúcense nas provincias de Cuenca (33,3%), Segovia e Almería (50,0% ambas), e Soria e Palencia (66,7% ambas).


O Anexo 54 mostra a taxa de ocupación nas provincias españolas con presenza de persoas tituladas da Universidade de Vigo.

3.2.8.5.3 Cidades representativas

A gráfica nº75 mostra a distribución porcentual da taxa de ocupación no momento actual dos titulados/as da Universidade de Vigo residentes en cidades representativas¹³⁰.

Os residentes en Donostia-San Sebastián e Bilbao presentan unha situación de ocupación plena. A seguir áchanse os residentes en Madrid (96,4%), Barcelona (95,8%) e Valladolid (93,8%), cunha actividade superior aos residentes noutras Comunidades Autónomas. A ocupación do resto de cidades oscila entre o 90,9% dos residentes en Sevilla e o 75,0% de Oviedo.

Gráfica nº75: Taxa de ocupación nas cidades representativas españolas (%)



¹³⁰) Mostra conformada por máis de 10 persoas tituladas.

3.2.8.6 Persoas tituladas residentes no resto do mundo

3.2.8.6.1 Países estranxeiros

Presentan unha taxa de ocupación plena as persoas tituladas residentes en África do Sul, Andorra, Austria, Bangladesh, Barbados, Bolivia, Bulgaria, Canadá, Catar, Casaquistán, Chile, China, Colombia, Cuba, Dinamarca, Emirados Árabes Unidos, Eslovaquia, Estonia, Estados Unidos da América, Finlandia, Gana, Grecia, Guiné Bissau, India, Indonesia, Islandia, Italia, Lituania, Luxemburgo, Malta, Namibia, Nicaragua, O Salvador, Países Baixos, Panamá, Paraguai, Perú, Romanía, Rusia, Singapur, Suecia, Tailandia, Tunisia, Uruguai, Venezuela e Xapón.

Superan a taxa de ocupación media dos residentes no estranxeiro (94,8%) as persoas residentes no Reino Unido (97,5%), Suíza (96,9%), Portugal (96,7%) e Bélxica (95,5%). Cunha ocupación superior a 90% áchase os residentes na Francia (94,5%), Irlanda (92,0%), Alemaña (91,9%) e Polonia (90,9%).

Os valores inferiores de ocupación prodúcense en Brasil (75,0%), Noruega (77,8%), República Checa (80,0%) e México (83,3%).

O Anexo 55 mostra a distribución de respostas en todos os países estranxeiros con presenza de antigo alumnado da Universidade de Vigo que participan na mostra obtida.


3.2.8.6.2 Cidades representativas

Esta epígrafe, tal como mostra a gráfica nº76, analiza a taxa de ocupación dos residentes nas cidades que albergan un número representativo¹³¹ de persoas tituladas da Universidade de Vigo.

O emprego é total entre os residentes nas cidades do Porto e Munique. A seguir áchase Londres cun nivel de actividade (98,1%) superior á media existente nos países estranxeiros. O resto de cidades oscila entre o 94,1% de París e o 83,3% de Berlín. Nunha situación intermedia están Bruxelas (92,9%), Dublín (92,3%) e Buenos Aires (90,0%).

131) Cidades cunha mostra mínima de 10 persoas tituladas da Universidade de Vigo.

Gráfica nº76: Taxa de ocupación nas cidades representativas estranxeiras (%)



3.3 Tempo de procura de emprego

3.3.1 Global

Como indicado no apartado anterior, o 73,7% das persoas que non traballaban na altura de responder a enquisa formulada son desempregados/as que estaban a procurar emprego, o que representa o 12,1% da mostra.

A análise do tempo de procura de emprego desenvolverase neste apartado a partir do tempo medio (expresado en meses) e por intervalos de tempo (expresado segundo unha distribución porcentual en períodos comprendidos entre 1 e 3 meses, entre 3 e 6 meses, entre 6 meses e 1 ano, entre 1 e 2 anos e máis de 2 anos). Neste sentido, as estatísticas de empregabilidade diferencian o desemprego de longa duración do de moi longa duración en función do tempo de procura de emprego, polo que o primeiro concepto corresponde a un intervalo de procura de, polo menos, doce meses e o segundo a un intervalo de, polo menos, 24 meses.


Tempo medio de procura de emprego (en meses):

Así sendo, e segundo a mostra obtida, o tempo medio de procura de emprego das persoas tituladas ascende a 15,043 meses (1,25 anos).

Tempo de procura de emprego por intervalos (%):

Como se pode comprobar na gráfica nº77 de intervalos de tempo de procura de emprego, o 14,9% das persoas desempregadas inquiridas áchase en situación de desemprego de longa duración. A proporción de desempregados/as de moi longa duración é do 18,9%. Estes dous grupos representan un terzo (33,8%) das persoas entrevistadas en situación de desemprego. Outro terzo (32,4%) está formado por aqueles que procuran emprego nos últimos tres meses.

Gráfica nº77: Tempo de procura de emprego por intervalos (%)




Dado que o alcance do período de tempo avaliado ascende a vinte e cinco anos, a efectos da análise considerouse acaído segmentar o colectivo de persoas que procuran emprego desde hai máis de dos anos entre os que levan entre 2 e 5 anos (16,5%), entre 5 e 10 (2,2%) e entre 10 e 20 anos (0,2%).

3.3.2 Evolución quinquenal

Tempo medio de procura (en meses):

O tempo medio de procura de emprego diminúe de forma continuada en función do tempo decorrido desde a obtención da titulación universitaria. Portanto, o tempo de procura de emprego é directamente proporcional ao tempo transcorrido desde a finalización dos estudos universitarios, de modo que o tempo de procura entre os que acabaron os seus estudos universitarios no período 1990-95 (32,707 meses) triplica ao do último quinquenio (10,983 meses). Esta circunstancia denota a maior dificultade en arranxar emprego que padecen as persoas con máis idade.


Gráfica nº78: Evolución quinquenal do tempo medio de procura de emprego



Tempo de procura por intervalos:

Tal como mostra a gráfica nº79, a partir dunha análise dos intervalos de tempo de procura de emprego pódese constatar que a máis tempo transcorrido desde a finalización dos estudos diminúe o intervalo comprendido entre 0 e 3 meses (que pasa de 38,9% entre 2011-15 a 6,1% entre 1990-95) e aumentan as persoas desempregadas de moi longa duración¹³², porcentaxe que pasa de 11,1% entre 2011-15 a 18,9% entre 2006-10, 34,4% entre 2001-05, 29,3% entre 1996-00 e 42,4% entre 1990-95.

Gráfica nº79: Evolución quinquenal do tempo de procura de emprego por intervalos



3.3.3 Evolución anual

Tempo medio de procura (en meses):

O Anexo 56 mostra o cadro de datos da evolución anual do tempo medio de procura de emprego.

Tempo de procura por intervalos:

Máis detalladamente, o Anexo 57 mostra a distribución anual, por intervalos mensais, do tempo de procura de emprego.

¹³² Aquelas que levan polo menos dous anos en situación de desemprego.

3.3.4 Análise por xénero

3.3.4.1 Global


Tempo medio de procura (en meses):

O tempo medio de procura de emprego das mulleres (15,736 meses) é superior ao dos homes (13,427 meses).

Tempo de procura por intervalos:

A gráfica nº80 do tempo de procura de emprego por intervalos demostra que o menor tempo medio de procura de emprego dos homes é debido á maior proporción que estes presentan nos menores intervalos temporais de procura de emprego. Así sendo, procuraron emprego entre 0 e 3 meses un 40,1% de homes contra o 32,3% de mulleres. Por outro lado, a proporción de mulleres en situación de desemprego tanto de longa como de moi longa duración é superior á masculina (15,1% contra 13,5% e 20,0% contra o 11,9%, respectivamente).

Gráfica nº80: Tempo de procura de emprego por intervalos segundo o xénero (%)



3.3.4.2 Evolución anual

Tempo medio de procura (en meses):

O Anexo 58 mostra o cadro de datos da evolución anual do tempo medio (en meses) de procura de emprego de homes e mulleres.

Tempo de procura por intervalos:

O Anexo 59 mostra o cadro de datos da evolución anual do tempo de procura por intervalos de homes e mulleres.


3.3.5 Análise por ámbitos académicos

3.3.5.1 Global

Tempo medio de procura (en meses);

Tal como mostra a gráfica nº81, as persoas tituladas do ámbito Xurídico-Social, Científico e de Arte e Humanidades, cunhas medias de 16,357, 15,241 e 14,146 meses de procura de emprego respectivamente, son as que levan máis tempo na procura de emprego. Nunha posición intermedia áchanse a rama Tecnolóxica (13,935 meses) e Multidisciplinar (11,133 meses). As persoas tituladas que completaron titulacións do ámbito das Ciencias da Saúde son as que menos tempo dedican á procura de emprego (7,744 meses).

Gráfica nº81: Tempo medio (en meses) de procura de emprego por ámbitos académicos



Tempo de procura por intervalos:


Ao analizar o tempo de procura de emprego por intervalos temporais constátase, tal como figura na gráfica nº82, que as persoas que realizaron unha titulación do ámbito das Ciencias da Saúde presentan a máis alta proporción de tempo de procura de emprego na faixa de 0 a 3 meses (62,2%), seguidos, a máis distancia, polas do Tecnolóxico (37,2%) e Arte e Humanidades (33,5%). Os valores máis baixos prodúcense entre os titulados/as do ámbito Multidisciplinar (20,0%), Xurídico-Social (28,7%) e Científico (30,3%).

O desemprego de moi longa duración presenta proporcións notábeis entre as persoas tituladas do ámbito Científico (21,9%), Xurídico-Social (20,3%) contra o Multidisciplinar (6,7%) e das Ciencias da Saúde (11,1%). Nunha posición intermedia áchanse os de Arte e Humanidades (15,9%) e Tecnolóxico (17,8%).

No tocante ao desemprego de longa duración é significativa a porcentaxe dos ámbitos Multi-disciplinar (20,0%) e Arte e Humanidades (17,6%) contra o mínimo das Ciencias da Saúde (4,4%). Nunha posición intermedia áchase o ámbito Tecnolóxico (13,6%), Xurídico-Social (15,2%) e Científico (15,5%).

A presenza de persoas en situación de desemprego entre 10 e 20 anos só se produce, cunha porcentaxe de 0,3%, no ámbito Xurídico-Social. Este ámbito é o que presenta máis porcentaxe de persoas desempregadas entre 5 e 10 anos (2,8%), seguidos polo 2,5% do Tecnolóxico, 1,3% do Científico e 1,1% de Arte e Humanidades.

Gráfica nº82: Tempo de procura de emprego por intervalos segundo ámbitos académicos



3.3.5.2 Evolución anual

Tempo medio de procura (en meses):

O Anexo 60 mostra o cadro de datos da evolución anual do tempo medio de procura de emprego (en meses) por ámbitos académicos.

Tempo de procura por intervalos:

O Anexo 61 mostra, por ámbitos académicos, o cadro de datos da evolución anual do tempo de procura por intervalos.

3.3.6 Análise por tipoloxía de estudos

3.3.6.1 Global


Tempo medio de procura (en meses):

No caso das titulacións en proceso de extinción, os tempos máis elevados de procura de emprego prodúcense entre as persoas tituladas en Diplomaturas (19,989 meses), seguido polas Licenciaturas (15,389), Enxeñarías Técnicas (15,375) e Enxeñarías Superiores (14,009 meses).

As persoas tituladas en Graos presentan o tempo medio máis baixo de procura (8,780 meses). No caso dos Mestrados Universitarios o tempo medio de procura de emprego é de 12,194 meses.

Os tempos medios correspondentes aos Títulos Propios presentan grandes diferenzas entre si (60,000 meses no caso de Graduado Superior e 18,167 o de Graduado Universitario).

Gráfica nº83: Tempo medio (en meses) de procura de emprego por tipoloxía de estudos




Tempo de procura por intervalos:

As Diplomaturas presentan a máis alta proporción de persoas desempregadas de moi longa duración (27,7%), seguido polas Licenciaturas e Enxeñarías Técnicas (20,0% ambas) e Enxeñarías Superiores (17,4%). Debido á súa recente implantación, os Graos presentan a porcentaxe máis baixa (5,9%).

No caso do desemprego de longa duración, as Enxeñarías Superiores presentan a porcentaxe máis alta (16,3%), seguido polas Licenciaturas (15,4%), Graos (14,9%), Diplomaturas (14,3%) e Enxeñarías Técnicas (13,6%).

Relativamente á procura de emprego nun intervalo inferior a tres meses, as persoas tituladas en Graos (45,7%) presentan a proporción máis alta, seguidos polas Enxeñarías Técnicas (35,5%), Enxeñarías Superiores (32,6%), Licenciaturas (30,1%) e Diplomaturas (26,1%).

Gráfica nº84: Tempo de procura de emprego por intervalos segundo a tipoloxía de estudos



3.3.6.2 Evolución anual

O Anexo 62 mostra o cadro de datos da evolución anual do tempo medio de procura de emprego (en meses) por tipoloxía de estudos.

3.3.7 Análise por titulacións

3.3.7.1 Tempo medio de procura (en meses)

Os valores superiores de tempo medio de procura de emprego danse entre os titulados/as da Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais - Sección Empresariais (58,288 meses), Diplomatura en Graduado Social (55,400) e Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (51,000).

A máis distancia, con tempos comprendidos entre 24 e 15 meses (tempo medio global), está a Diplomatura en Mestre/a (24,034 meses), licenciaturas en Filoloxía Galega (23,750), Belas Artes (23,336) e Historia (23,292), diplomaturas en Ciencias Empresariais (22,012) e Relacións Laborais (22,000), Licenciatura en Dereito (21,320), Diplomatura en Xestión e Administración Pública e Enxeñaría Técnica Forestal (20,000 ambos), licenciaturas en Ciencias do Mar (17,764), Filoloxía Xermánica (17,000), Bioloxía (16,946), e en Química (16,848), Enxeñaría Técnica Agrícola (16,800)

e Licenciatura en Filoloxía Hispánica (16,467), Enxeñaría de Telecomunicación (15,875), Diplomatura en Educación Social (15,828), Licenciatura en Filoloxía Inglesa (15,596) e Enxeñaría de Minas (15,333).

Entre os graos, tipoloxía de estudos de recente implantación, destacan os tempos medios de Dirección e Xestión Pública (15,000 meses), Educación Primaria (14,095), Enxeñaría en Organización Industrial (13,000), Educación Infantil (12,421), Traballo Social (12,250), Bioloxía (10,556), Comercio (10,500) e Belas Artes (10,177).

Presentan un tempo de procura de emprego inferior aos 3 meses as persoas tituladas nos graos en Enxeñaría da Enerxía e en Enxeñaría Mecánica (1,000 meses ambos), Diplomatura en Fisioterapia (1,250), Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (1,500), graos en Enxeñaría Eléctrica (1,665), Comunicación Audiovisual, Enxeñaría Agraria, Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (2,000 cada un), graos en Fisioterapia (2,500), Enfermaría (2,900), Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Ciencias da Actividade Física e do Deporte e en Estudos de Galego e Español (3,000 cada un).

Entre 3 e 6 meses de tempo de procura de emprego áchanse as persoas graduadas en Linguas Estranxeiras (4,000 meses), Relacións Laborais e Recursos Humanos (4,200), Publicidade e Relacións Públicas (4,900), Ciencias Ambientais (5,000) e en Xeografía e Historia (5,083), Licenciatura en Comunicación Audiovisual (5,286), e os graos en Química (5,375), Enxeñaría Forestal (5,667) e en Ciencias do Mar (5,750).

O Anexo 63 mostra o cadro de datos dos tempos medios de procura de emprego (en meses) por titulacións.

3.3.7.2 Tempo de procura por intervalos

O Anexo 64 mostra, para cada titulación, o cadro de datos dos tempos de procura por intervalos.


3.3.8 Análise por lugar de residencia

3.3.8.1 Global

Tempo medio de procura (en meses):

Tal como mostra a gráfica nº85, o tempo medio de procura de emprego en Galicia (15,783 meses) é superior ao dos residentes no resto do mundo (13,105) e noutras Comunidades Autónomas (11,135).

Gráfica nº85: Tempo medio (en meses) de procura de emprego segundo o lugar de residencia




Tempo de procura por intervalos:

A taxa de desemprego de moi longa duración existente entre as persoas residentes en Galicia é igual á existente no resto do mundo (35,7%) e inferior á existente entre as persoas tituladas que viven noutras Comunidades Autónomas (40,0%).

O desemprego de longa duración entre as persoas tituladas residentes en Galicia (36,9%) é superior ao existente noutras Comunidades Autónomas (36,4%) e no resto do mundo (35,7%).

A porcentaxe de persoas que procuran emprego no intervalo máis recente (de 0 a 3 meses) por parte dos residentes noutras Comunidades Autónomas (9,1%) supera á dos residentes no resto do mundo (7,1%) e en Galicia (4,4%).

Gráfica nº86: Tempo de procura por intervalos segundo o lugar de residencia



3.3.8.2 Evolución anual

Tempo medio de procura (en meses):

O Anexo 65 mostra o cadro de datos da evolución anual do tempo medio de procura de emprego por lugar de residencia.

Tempo de procura por intervalos:

O Anexo 66 mostra, por lugar de residencia, o cadro de datos da evolución anual do tempo de procura por intervalos.

3.3.8.3 Persoas tituladas residentes en Galicia


Neste apartado é analizado o tempo de procura de emprego do antigo alumnado desempleado residente en Galicia. Como en apartados anteriores, para desenvolver a análise abordarase separadamente a situación actual das persoas tituladas desempregadas residentes por provincias e nas cidades galegas.

3.3.8.3.1 Provincias

Tempos medios de procura de emprego:

Tal como mostra a gráfica nº87, o tempo medio de procura de emprego entre os residentes nas provincias da Coruña e Ourense é superior ao existente en Lugo e Pontevedra ben como á media galega (15,783).

Gráfica nº87. Tempo medio (en meses) de procura de emprego en Galicia por provincias




3.3.8.3.2 Cidades

Tempos medios de procura de emprego:

A cidade galega con máis tempo medio de procura de emprego é Ferrol (33,286 meses), seguida, a considerábel distancia, pola Coruña (21,370), Pontevedra (18,057), Ourense (15,833), todas elas cun tempo medio superior á media galega (15,783), española (11,135) e estranxeira (13,105).

Os tempos medios de procura de emprego rexistrados en Vigo (13,115) e Santiago de Compostela (12,118) son inferiores á media galega e estranxeira mais superiores á española. Somente Lugo, cun tempo medio de 9,000 meses, presenta un tempo de procura de emprego inferior á media española.

Gráfica nº88: Tempo medio (en meses) de procura de emprego nas cidades galegas



Tempo de procura de emprego por intervalos:

O Anexo 67 mostra o cadro de datos do tempo de procura de emprego por intervalos nas provincias e cidades galegas.

3.3.8.4 Persoas tituladas residentes no resto de España


3.3.8.4.1 Comunidades Autónomas

Tempo medio de procura de emprego (en meses):

O antigo alumnado desempleado residente nas comunidades de Illas Canarias, Rexión de Murcia, País Basco, Illas Baleares, Comunidade de Madrid e Castela-A Mancha rexistran un tempo medio de procura de emprego (en meses) superior ao tempo medio de España (11,135).

Os tempos medios mais baixos de procura de emprego teñen lugar no País Valencián, A Rioxa, Aragón, Andalucía, Cataluña, Castela e León e Asturias.

Gráfica nº89: Tempo medio (en meses) de procura de emprego nas Comunidades Autónomas



Tempo de procura de emprego por intervalos:

O Anexo 68 mostra o cadro de datos do tempo de procura de emprego por intervalos nas Comunidades Autónomas.

3.3.8.4.2 Provincias

Tempo medio de procura de emprego (en meses):

Os titulados/as da Universidade de Vigo que procuran emprego e residen nas provincias das Palmas, Guipúscoa, Santa Cruz de Tenerife, Murcia, Soria, Illas Baleares, Albacete, Almería, Madrid, Cuenca e Guadalaxara presentan uns tempos medios de procura de emprego superiores á media española (11,135).


Tempo de procura de emprego por intervalos:

O Anexo 68 mostra os tempos de procura de emprego das provincias españolas.

3.3.3.8.4.3 Cidades representativas

Tempo medio de procura de emprego (en meses):

Gráfica nº90: Tempo medio (en meses) de procura de emprego nas cidades representativas españolas



Tempo de procura de emprego por intervalos:

O Anexo 68 mostra o tempo de procura de emprego por intervalos das cidades representativas españolas.


3.3.8.5 Persoas tituladas residentes no resto do mundo

3.3.8.5.1 Países estranxeiros

Tempo medio de procura de emprego (en meses):

Tal como mostra a gráfica nº91, presentan tempos medios de procura de emprego superiores á media estranxeira (13,105) as persoas tituladas desempregadas que residen na República Checa, Reino Unido e Arxentina.

Gráfica nº91: Tempo medio (en meses) de procura de emprego nos países estranxeiros




Tempo de procura de emprego por intervalos:

O Anexo 69 mostra o cadro de datos dos tempos de procura de emprego por intervalos nos países estranxeiros.

3.3.8.5.2 Cidades representativas

Tempo medio de procura de emprego (en meses):

Gráfica nº92: Tempo medio (en meses) de procura de emprego nas cidades representativas estranxeiras



Tempo de procura de emprego por intervalos:

O Anexo 69 mostra o cadro de datos dos tempos de procura de emprego por intervalos nas cidades estranxeiras.

4. EMPREGO ACTUAL


4.1 Lugar de traballo

Este apartado recolle os resultados relativos ao lugar de traballo das persoas tituladas da Universidade de Vigo entre 1990-2015 que traballan na actualidade.

4.1.1 Global

Como se pode comprobar na gráfica nº93, a porcentaxe de persoas que na actualidade traballan fóra de Galicia supón o 23,4% da mostra obtida. Neste colectivo existen dous grupos diferenciados: aqueles que traballan noutras Comunidades Autónomas (13,3%) e os que o fan no resto do mundo (10,1%).

Gráfica nº93: Lugar de traballo (%)



4.1.1.1 Persoas que traballan en Galicia

4.1.1.1.1 Provincias

Como se pode observar no cadro nº38, entre as provincias galegas nas que traballan as persoas tituladas destaca a de Pontevedra (63,17%) moi por en cima do resto de provincias. Ourense é o lugar de traballo do 17,26%, A Coruña do 16,45% e Lugo do 3,12% dos titulados/as da Universidade de Vigo que participaron na enquisa.

Cadro nº38: Traballan en Galicia por provincias

Lugar de traballo/Galicia	%
A Coruña	16,45
Lugo	3,12
Ourense	17,26
Pontevedra	63,17

4.1.1.1.2 Municipios

Os municipios das tres sedes que integran a Universidade de Vigo constitúen o lugar de traballo do 55,0% das persoas que traballan en Galicia (35,6% Vigo, 12,0% Ourense e 7,5% Pontevedra). A máis distancia áchanse A Coruña (5,7%), Santiago de Compostela (5,3%), O Porriño (4,5%), Lugo (1,4%), Mos (1,2%), Vilagarcía de Arousa (1,1%) e Pontearreas (0,95). No total, estes dez municipios representan o lugar de traballo do 75,1% das persoas tituladas que moran en Galicia.

Máis concretamente, o Anexo 70 mostra a distribución porcentual do lugar de traballo dos municipios galegos.

4.1.1.2 Persoas que traballan no resto de España

4.1.1.2.1 Comunidades Autónomas

O cadro nº39 presenta a Comunidade Autónoma na que se acha o lugar de traballo da mostra obtida no momento actual.

Cadro nº39: Traballan noutras Comunidades Autónomas

Comunidade Autónoma	%
A Rioxa	0,34
Andalucía	3,40
Aragón	0,85
Asturias	3,32
Cantabria	1,28
Castela e León	6,80
Castela-A Mancha	1,96
Cataluña	18,79
Ceuta	0,09
Comunidade de Madrid	46,43
Estremadura	0,68
Illas Baleares	2,30
Illas Canarias	3,23
Navarra	1,96
País Basco	4,34
País Valenciano	3,23
Rexión de Murcia	1,02

Catro Comunidades Autónomas constitúen o lugar de traballo do 76,4% do antigo alumando da Universidade de Vigo que responderon a enquisa: Comunidade de Madrid (46,4%), Cataluña (18,8%), Castela e León (6,8%) e País Basco (4,3%). Salvo o caso de Castela e León, trátase das rexións máis industrializadas e onde se concentran os principais polos de actividade económica do Estado español.

4.1.1.2.2 Provincias

O cadro nº40 presenta a provincia na que se encontra o lugar de traballo dos titulados no momento de realizar enquisa.

Cadro nº40: Traballan nas provincias españolas

Provincia	%
A Ríoxa	0,34
Alaba	0,85
Alacante	1,36
Albacete	0,17
Almería	0,09
As Palmas	1,62
Asturias	3,32
Avila	0,60
Badaxoz	0,43
Barcelona	17,18
Biscaia	1,87
Burgos	0,85
Cáceres	0,26
Cádiz	0,51
Cantabria	1,28
Castellón	0,51
Ceuta	0,09
Cidade Real	0,17
Córdoba	0,17
Cuenca	0,09
Granada	0,60
Guadalaxara	0,43
Guipúscoa	1,62
Huelva	0,17
Huesca	0,09
Illas Baleares	2,30
León	1,96
Lleida	0,09
Madrid	46,43
Málaga	0,51
Murcia	1,02
Navarra	1,96
Palencia	0,17

Provincia	%
Salamanca	0,51
Santa Cruz de Tenerife	1,62
Segovia	0,09
Sevilla	1,28
Soria	0,17
Tarragona	0,94
Teruel	0,09
Toledo	1,11
Valencia	1,36
Valladolid	1,96
Xaén	0,09
Xirona	0,60
Zamora	0,51
Zaragoza	0,68

Como se pode observar, as provincias de Madrid (46,4%) e Barcelona (17,2%) constitúen o lugar de traballo do 63,6% das persoas tituladas da Universidade de Vigo que traballan no resto de España. A máis distancia áchanse Asturias (3,3%), Illas Baleares (2,3%), León, Navarra e Valladolid (2,0% cada unha). No total, estas sete provincias españolas agrupan o 75,2% das persoas tituladas que traballan noutros territorios do Estado español.

4.1.1.3 Persoas que traballan no resto do mundo

O cadro nº41 presenta os países en que se acha o lugar de traballo das persoas tituladas no momento actual.

Cadro nº41: Traballan nos países estranxeiros

ÁFRICA	1,33
África do Sul	0,34
Arxelia	0,22
Gana	0,11
Guiné Bissau	0,11
Illa da Reunión (Francia)	0,11
Marrocos	0,11
Namibia	0,11
Tunisia	0,22
AMÉRICA	19,23
Arxentina	1,68
Barbados	0,11
Bolivia	0,34
Brasil	1,79
Canadá	1,01
Chile	2,01
Colombia	1,79

Cuba	0,11
Ecuador	0,56
EUA	5,03
México	2,01
Nicaragua	0,11
O Salvador	0,11
Panamá	0,22
Paraguai	0,22
Perú	1,57
República Dominicana	0,11
Uruguai	0,11
Venezuela	0,34
ASIA	3,46
Bangladesh	0,11
Catar	0,22
Casaquistán	0,11
China	1,34
Emirados Árabes Unidos	0,45
India	0,22
Indonesia	0,22
Singapur	0,34
Tailandia	0,11
Xapón	0,34
EUROPA	74,91
Alemaña	14,09
Andorra	0,22
Austria	1,12
Bélxica	3,02
Bulgaria	0,11
Croacia	0,11
Dinamarca	1,34
Eslovaquia	0,22
Estonia	0,11
Finlandia	0,22
Francia	6,60
Grecia	0,45
Hungría	0,22
Irlanda	2,91
Islandia	0,11
Italia	1,23
Lituania	0,11
Luxemburgo	0,34
Malta	0,11
Noruega	1,01
Países Baixos	3,24
Polonia	1,34
Portugal	9,17
Reino Unido	21,59
República Checa	0,67

Romanía	0,11
Rusia	0,11
Suecia	0,56
Suíza	4,36
Xeorxia	0,11
OCEANIA	1,00
Australia	0,78
Papúa Nova Guiné	0,11
Territorio das Illas Wallis e Futuna (Francia)	0,11

Por continentes, na Europa áchase o lugar de traballo do 74,9% do antigo alumnado espallado polo resto do mundo, seguida pola América (19,2%) e, a máis distancia, Asia (3,5%), África (1,3%) e Oceanía (1,0%).

Un total de 12 países constitúen o lugar de traballo do 75,8% do antigo alumnado da Universidade de Vigo que participou neste estudo.

Entre os países europeos destacan o Reino Unido (21,6%), Alemaña (14,1%), Portugal (9,2%), Francia (6,6%), Suíza (4,4%), Países Baixos (3,2%), Bélxica (3,0%), Irlanda (2,9%), Dinamarca e Polonia (1,3% ambos) e Italia (1,2%).

Na América destacan os Estados Unidos (5,0%), Chile e México (2,0% ambos), Brasil e Colombia (1,8% ambos), Arxentina (1,7%), Perú (1,6%) e Canadá (1,0%); na Asia, Emirados Árabes Unidos (0,5%), Singapur e Xapón (0,3% ambos); na África, África do Sul (0,3%) e Arxelia (0,2%) e, finalmente, en Oceanía, Australia (0,7%).


4.1.2 Evolución quinquenal

Tal como se constata na gráfica nº94, ao longo do período avaliado prodúcese un descenso constante da proporción de persoas tituladas da Universidade de Vigo que traballan en Galicia, pasando dun valor máximo entre os que completaron os seus estudos no quinquenio 1990-95 (86,5%) a un mínimo de 70,5% entre os titulados entre 2011-15.

Este descenso na porcentaxe das persoas tituladas da Universidade de Vigo que traballan en Galicia contraponse ao incremento dos que o fan noutras Comunidades Autónomas e no resto do mundo.

A proporción de titulados/as que traballan noutras Comunidades Autónomas pasa dun mínimo de 9,8% entre 1990-95 a un máximo de 15,5% entre 2006-10, descendo a 13,5% no último quinquenio, período en que pola primeira vez a porcentaxe de traballadores no resto do mundo (16,0%) supera á que o fai noutras Comunidades Autónomas. A proporción de persoas tituladas que traballan no resto do mundo presenta unha tendencia crecente en todo o período avaliado, pasando de 3,7% entre 1990-95 a 16,0% entre 2011-15.

Gráfica nº94: Evolución quinquenal do lugar de traballo (%)



4.1.3 Evolución anual


O Anexo 71 mostra o cadro de datos da evolución anual do lugar de traballo das persoas tituladas (%).

4.1.4 Análise por xénero

4.1.4.1 Global

A gráfica nº95 mostra a distribución dos resultados do lugar de traballo segundo o xénero. Os resultados máis destacábeis deste cruzamento de variábeis son a maior presenza masculina de traballadores emigrados tanto noutras Comunidades Autónomas (14,7% contra 12,4% de mulleres) como no resto do mundo (12,0% contra 8,5%).

Gráfica nº95: Lugar de traballo por xéneros (%)




4.1.4.2 Evolución quinquenal


A evolución da proporción de homes e mulleres que traballan en Galicia, tal como mostran as gráficas nº96 e 97, presenta unha tendencia decrecente en todo o período analizado, pasando de 87,1% entre 1990-95 a 73,6% entre 2011-15 no caso das mulleres e de 85,7% a 67,1% no dos homes. En todos os quinquenios avaliados a proporción de mulleres que permanecen traballando en Galicia supera á dos homes.

A proporción de homes e mulleres que traballan no resto do mundo é crecente en todo o período histórico, pasando, no caso das mulleres, dun mínimo de 2,6% entre 1990-95 a un máximo de 13,9% entre 2011-15. No caso dos homes a evolución nese período prodúcese entre un mínimo de 5,0% e máximo de 18,4%. A proporción de homes emigrados ao estranxeiro duplícase nos quinquenios 2001-05 e 2006-10, pasando de 7,7% a 15,0% e de 5,9% a 8,5% entre as mulleres.

Gráfica nº96: Evolución quinquenal do lugar de traballo dos homes



Gráfica nº97: Evolución quinquenal do lugar de traballo das mulleres



4.1.4.3 Evolución anual

O Anexo 72 mostra a evolución anual do lugar de traballo para homes e mulleres.


4.1.5 Análise por ámbitos académicos

4.1.5.1 Global

A taxa máis baixa de emigración ten lugar entre as persoas tituladas no ámbito Xurídico-Social (84,0% traballa en Galicia) e Ciencias da Saúde (83,9%). Polo contrario, a máis alta porcentaxe de persoas tituladas emigradas prodúcese no ámbito Científico (36,9%) e de Arte e Humanidades (33,0%). Nunha situación intermedia áchanse as persoas tituladas correspondentes ao ámbito Tecnolóxico (28,7% traballan fóra de Galicia) e Multidisciplinar (31,7%).

A proporción de traballadores/as no estranxeiro supera á doutras Comunidades Autónomas entre as persoas tituladas do ámbito de Arte e Humanidades (18,0% contra 15,0%) e Multidisciplinar (24,1% contra 7,6%). Polo contrario, nos ámbitos Xurídico-Social e Tecnolóxico a proporción de emigrantes noutras Comunidades Autónomas supera á de emigrantes no resto do mundo (11,0% contra 5,0% e 16,0% contra 12,7%, respectivamente). Finalmente, no Científico e Ciencias da Saúde a proporción de traballadores noutras Comunidades Autónomas é equiparábel ao resto do mundo.

Gráfica nº98: Lugar de traballo segundo ámbitos académicos



4.1.5.2 Evolución quinquenal

Neste apartado é analizada, para cada ámbito académico, a evolución quinquenal do lugar de traballo durante o período de estudo.


Arte e Humanidades

O lugar de traballo en Galicia diminúe constantemente ao longo do período avaliado, pasando do 83,8% entre os titulados/as en 1990-95 a un mínimo de 60,6% no último quinquenio, que presenta un nivel de emigración máximo de 39,4%.

Esta diminución prodúcese en consecuencia do incremento da proporción de persoas que traballan no resto do mundo (que pasa dun mínimo de 7,7% entre 1996-00 a un máximo de 24,0% entre 2011-15) e noutras Comunidades Autónomas (que oscila entre un mínimo de 2,7% entre 1990-95 e un máximo de 20,1% entre 2006-10).

En xeral, salvo nos quinquenios 1996-00 e 2006-10, a proporción de traballadores/as no resto do mundo supera aos que o fan noutras Comunidades Autónomas. A maior diferenza entre ambas situacións prodúcese no primeiro quinquenio (10,8 puntos) e no último (8,7 puntos).

Gráfica nº99: Evolución quinquenal do lugar de traballo no ámbito de Arte e Humanidades




Ciencias da Saúde

A proporción de persoas deste colectivo que traballan en Galicia presenta unha tendencia decrecente, pasando dun máximo do 93,1% entre 1990-95 a un mínimo de 76,5% entre 2011-15.

A presenza de traballadores/as no resto do mundo é mínima entre 2001-05 (1,0%) e 1990-95 (1,7%), chegando ao 15,4% entre 2011-15 e 10,1% entre 2006-10, altura en que os emigrantes no resto do mundo superan aos doutras Comunidades Autónomas. As persoas que traballan noutras Comunidades Autónomas duplícanse entre 1990-95 e 2001-05, pasando de 5,2% a 10,7% até se estabilizar por volta do 8,0% entre 2006-15.

A taxa de emigración global evolúe desde un mínimo de 6,9% entre os titulados en 1990-95 a un máximo de 23,5% no último quinquenio avaliado.

Gráfica nº100: Evolución quinquenal do lugar de traballo no ámbito das Ciencias da Saúde



Científico


A proporción de traballadores/as deste grupo en Galicia presenta unha tendencia decrecente entre 1990-95 (84,0%) e 2006-10 (52,9%), altura en que desce a emigración até se recuperar a porcentaxe de residentes en Galicia en 59,2% entre 2011-15.

De forma paralela, a porcentaxe de emigrantes no resto do mundo evolúe desde un mínimo de 8,0% entre 1990-95 até un máximo de 25,5% entre 2006-10. No último quinquenio prodúcese unha descida até situarse en 23,2%.

A proporción de persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas oscila entre un mínimo de 8,0% entre 1990-95 e un máximo de 21,7-21,6% entre 2001-10. A taxa actual de persoas tituladas con lugar de traballo noutras Comunidades Autónomas é de 17,5%.

A taxa total de emigración evolúe desde o 16,0% das persoas tituladas entre 1990-95 até un máximo de 47,1% entre 2006-10. No último quinquenio descendeu até o 40,8%.


Gráfica nº101: Evolución quinquenal do lugar de traballo no ámbito Científico



Multidisciplinar

A proporción de persoas que traballan en Galicia presenta unha tendencia crecente, pasando de 55,6% entre 2006-10 a 70,7% entre 2011-15. Nos dous únicos quinquenios avaliábeis con presenza de titulados neste ámbito, a proporción de persoas emigradas no resto do mundo supera ás doutras Comunidades Autónomas.

Gráfica nº102: Evolución quinquenal do lugar de traballo no ámbito Multidisciplinar




Tecnolóxico

A proporción de persoas que traballan en Galicia presenta unha tendencia global decrecente, pasando de 79,7% entre 1990-95 a 67,8% entre 2011-15. Porén, cabe destacar que esta evolución é irregular, pois presenta períodos de crecemento (entre o segundo e terceiro quinquenio e entre o cuarto e quinto) intercalados con outros de decrecemento (entre o primeiro e segundo quinquenio e entre o terceiro e cuarto).

Salvo no último quinquenio avaliado en que a emigración para o resto do mundo (18,2%) supera á existente a outras Comunidades Autónomas (14,0%), a emigración dentro do Estado español é superior á realizada a un país estranxeiro. O valor máximo de emigración a outras Comunidades Autónomas prodúcese entre 1996-00 (21,2%).

Gráfica nº103: Evolución quinquenal do lugar de traballo no ámbito Tecnolóxico




Xurídico-Social

A proporción de persoas deste ámbito que traballan en Galicia é baixa no último quinquenio avaliado (77,1%) con respecto aos máximos do segundo (91,3%) e primeiro (88,4%) quinquenio.

A emigración para un país estranxeiro nunca supera á realizada dentro do Estado español e experimenta unha tendencia crecente en todo o período, pasando de 1,9% entre 1990-95 a 10,2% entre 2011-15. Polo contrario, a emigración a outras Comunidades Autónomas está estagnada no 12,7% desde o período 2006-10.

Gráfica nº104: Evolución quinquenal do lugar de traballo no ámbito Xurídico-Social



4.1.5.3 Evolución anual

O Anexo 73 mostra os cadros de datos da evolución anual do lugar de traballo por ámbitos académicos.

4.1.5.4 Lugar de traballo segundo ámbitos académicos


Como mostra a gráfica nº105 existen diferenzas significativas entre a distribución por ámbitos académicos e o lugar de traballo. Así sendo, mentres que en Galicia o ámbito Xurídico-Social absorbe case metade das persoas ocupadas (48,9%), noutras Comunidades Autónomas alcanza o 36,6% e 21,9% no estranxeiro. Por outro lado, o ámbito Tecnolóxico é o que ocupa máis persoas tanto entre os que traballan no resto do mundo (39,5%) como noutras Comunidades Autónomas (37,5%) contra o 29,3% de persoas do mesmo grupo que traballan en Galicia.

As persoas tituladas que traballan no resto do mundo presentan unha proporción de empregados do ámbito de Arte e Humanidades (16,8%) que duplica á existente en Galicia (8,2%) e é superior á doutras Comunidades Autónomas (10,5%). Igualmente, a porcentaxe de persoas do ámbito Científico que traballan no resto do mundo (15,4%) tamén duplica á existente en Galicia (7,0%) e é superior á doutras Comunidades Autónomas (11,7%).

A proporción de persoas empregadas pertencentes á rama das Ciencias da Saúde presenta en Galicia un valor (5,8%) superior á do resto do mundo (4,3%) e doutras Comunidades Autónomas (3,1%).

Finalmente, o ámbito Multidisciplinar presenta entre os traballadores no estranxeiro unha proporción (2,1%) superior á existente en Galicia (0,8%) e noutras Comunidades Autónomas (0,5%).

Gráfica nº105: Distribución dos ámbitos académicos por lugar de traballo



4.1.5.4.1 Persoas que traballan en Galicia

4.1.5.4.1.1 Provincias

Tal como mostra a gráfica nº106 a estrutura produtiva das provincias galegas presenta diferenzas significativas, pois ocupan en moi diferentes proporcións ás persoas tituladas da Universidade de Vigo. Se ben as persoas ocupadas pertencentes ao ámbito Xurídico-Social son maioritarias nas provincias de Ourense (63,3%) e Lugo (51,9%) e case metade de Pontevedra (49,5%), mal representan o 31,2% das que traballan na Coruña. Máis desproporción, mais invertendo a orde, presenta mesmo o ámbito Tecnolóxico entre os que traballan na Coruña (47,4%), Lugo (30,0%), Pontevedra (27,6%) e Ourense (18,0%).


Os traballos ligados ao ámbito académico de Arte e Humanidades presentan na provincia da Coruña unha proporción (11,6%) que duplica á de Ourense (5,0%) e é superior á de Pontevedra (8,2%) e Lugo (7,6%).

O ámbito Científico presenta entre as persoas que traballan na provincia de Pontevedra (7,9%) unha proporción levemente superior á uniformidade de Ourense (5,8%), Lugo (5,7%) e A Coruña (5,2%).

As persoas tituladas que realizan traballos ligados á rama das Ciencias da Saúde na provincia de Ourense (7,0%) supera á da Coruña (3,9%), Lugo (4,8%) e Pontevedra (6,0%).

Finalmente, o ámbito Multidisciplinar ten unha presenza que oscila entre o valor superior de 1,0% en Ourense e 0,0% de Lugo.


Gráfica nº106: Distribución dos ámbitos académicos nas provincias galegas



4.1.5.4.1.2 Cidades

Tal como mostra a gráfica nº107, non existen diferenzas significativas (p -valor $>0,05$) na distribución por ámbitos académicos existente entre Galicia e as principais cidades galegas.


Gráfica nº107: Comparativa entre a distribución dos ámbitos académicos en Galicia e nas cidades galegas



Unha análise da distribución por ámbitos académicos existente nas principais cidades galegas permite tirar as seguintes conclusións:

- O ámbito Xurídico-Social é maioritario entre os que traballan en Ourense (60,4%), Pontevedra (56,5%) e Lugo (51,0%) contra os valores inferiores da Coruña (26,8%) e Ferrol (29,1%).
- O emprego de persoas con profesións ligadas ao ámbito Tecnolóxico apenas é maioritario entre os que traballan na Coruña (52,9%), seguido por Santiago de Compostela (47,2%), Ferrol (43,6%) e Lugo (33,3%). A proporción de persoas empregadas nesta rama en Vigo (29,7%) é practicamente igual á media galega (29,3%).
- Os titulados/as que traballan no ámbito das Artes e Humanidades oscilan entre un mínimo de 5,4% en Ourense e un máximo de 12,6% na Coruña.
- A proporción de persoas que traballan en profesións ligadas á rama Científica presenta en Vigo (9,2%) unha proporción que duplica á Coruña (4,5%) e superior a Ourense (6,4%), Lugo e Santiago de Compostela (6,3% ambas).
- O ámbito das Ciencias da Saúde presenta en Pontevedra unha proporción (10,1%) que triplica á da Coruña (2,9%) e superior á de Lugo (1,0%), Santiago de Compostela (4,3%) e Vigo (6,4%).

Gráfica nº108: Distribución de ámbitos académicos nas cidades galegas



4.1.5.4.2 Persoas que traballan no resto de España

4.1.5.4.2.1 Comunidades Autónomas

Unha Análise dos datos do Anexo 74 sobre a distribución por ámbitos académicos do lugar de traballo nas Comunidades Autónomas ofrece estas conclusións:

- O ámbito Xurídico-Social presenta valores superiores entre as persoas tituladas que traballan en Ceuta (100,0%), Aragón (50,0%), Illas Baleares (44,4%), Cantabria (40,0%) e Illas Canarias (39,5%) contra os mínimos de País Basco (23,5%), A Rioxa e Estremadura (25,0% ambas).
- A rama Tecnolóxica emprega á maioría dos titulados/as que traballan en Estremadura (50,0%), seguido pola Comunidade de Madrid (44,3%) e Castela-A Mancha (43,5%) contra os valores inferiores da Rexión de Murcia (8,3%), Aragón (20,0%) e Illas Baleares (22,2%).
- O ámbito Científico presenta porcentaxes notábeis entre os que traballan en Cantabria (26,7%), País Basco (25,5%), Rexión de Murcia e A Rioxa (25,0% ambas) contra Aragón (0,0%), Comunidade de Madrid (8,2%) e Castela e León (10,0%).
- A rama de Arte e Humanidades oscila entre os máximos de 25,6% da Andalucía e 25,0% da Rexión de Murcia e A Rioxa e os mínimos de 0,0% de Castela-A Mancha e Estremadura, 8,2% da Comunidade de Madrid e 9,8% do País Basco.
- As Ciencias da Saúde ocupan ao 12,5% das persoas que traballan en Estremadura, 10,0% en Aragón e 10,5% nas Illas Canarias contra os valores inferiores de Cantabria, Castela-A Mancha, A Rioxa e País Valenciano (0,0% cada unha), Comunidade de Madrid (2,2%), Asturias e Andalucía (2,6% ambas).
- As persoas que traballan en profesións ligadas ao ámbito Multidisciplinar atinxen valores significativos na Rioxa (25,0%) e Asturias (2,6%).

4.1.5.4.2.2 Provincias

Unha análise por provincias e ámbitos académicos das persoas que traballan no resto de España permite concluír que (Anexo 75):

- O ámbito Xurídico-Social é maioritario nas provincias de Ceuta e Segovia (100,0% ambas), Castellón (66,7%), Zaragoza (62,5%), Granada e Málaga (57,1%), Albacete, Cidade Real, Palencia, Salamanca, Soria e Zamora (50,0% en cada unha). Aliás, presentan unha media superior á española nesta rama as provincias das Palmas (47,4%), Illas Baleares (44,4%), Badaxoz, Cantabria e Guadalaxara (40,0% cada unha), Barcelona (39,1%), Toledo (38,5%) e Madrid (36,8%).
- O ámbito Tecnolóxico é maioritario entre os que traballan nas provincias de Cuenca e Lleida (100,0% ambas), Avila (71,4%), Cáceres (66,7%), Xirona (57,1%), Albacete, Cidade Real, Palencia, Burgos e Huelva (50,0% cada unha). Igualmente, rexistran unha media superior á española nesta rama as persoas que traballan en Tarragona (45,5%), Madrid (44,3%), Valencia (43,8%), León (40,9%), Badaxoz, Guadalaxara e Sevilla (40,0% cada unha), Valladolid (39,1%), Toledo (38,5%) e Biscaia (38,1%).

- O ámbito Científico é superior á media española en Salamanca (50,0%), Biscaia e Cádiz (33,3% ambas), Granada (28,6%), Cantabria (26,7%), Guipúscoa (26,3%), Murcia e A Rioxa (25,0% ambas), Toledo (23,1%), Badaxoz e Guadalaxara (20,0% ambas), Valencia e Alacante (18,8% ambas), Tarragona (18,2%), Asturias (17,9%), Navarra (17,4%), Santa Cruz de Tenerife (15,8%), Illas Baleares (14,8%), Avila e Xirona (14,3% ambas) e Barcelona (12,9%).
- A rama de Arte e Humanidades é considerábel entre as persoas que traballan en Xaén e Teruel (100,0% ambas), Huelva e Soria (50,0% ambas), Sevilla (33,3%), Alaba (30,0%), Málaga (28,6%), Murcia e A Rioxa (25,0% ambas), León (18,2%), Castellón e Zamora (16,7% ambas), Asturias (15,4%), Granada (14,3%), Valladolid (13,0%), Alacante e Zaragoza (12,5% ambas), Illas Baleares (11,1%), Santa Cruz de Tenerife e As Palmas (10,5% ambas).
- O ámbito das Ciencias da Saúde atinxe porcentaxes superiores á media estatal en Huesca (100,0%), Zamora e Cáceres (33,3 ambas), As Palmas (10,5%), Xirona (14,3%), Valladolid (13,0%), Guipúscoa (10,5%), Murcia (8,3%), Illas Baleares (7,4%), Santa Cruz de Tenerife (5,3%), León (4,5%), Navarra (4,3%) e Asturias (2,6%).
- Finalmente, o ámbito Multidisciplinar só alcanza valores notábeis entre os que traballan na Rioxa (25,0%), Guipúscoa e Santa Cruz de Tenerife (5,3% ambas) e en Asturias (2,6%).

4.1.5.4.2.3 Cidades representativas

A partir dunha análise da distribución por ámbitos académicos das persoas que traballan nas cidades españolas representativas pódese concluír que (cf. Anexo 76):

- O ámbito Xurídico-Social é maioritario entre as persoas tituladas que traballan en Xixón (50,0%) e alcanza valores considerábeis entre as empregadas en Barcelona (38,8%), Madrid e Ponferrada (38,5% ambas) e Palma de Maiorca (37,5%) contra os mínimos de Bilbao (16,7%) e Sevilla (21,4%).
- A rama Tecnolóxica é maioritaria entre os que traballan en Bilbao (50,0%) e rexistra valores considerábeis entre os que o fan en Ponferrada (46,2%), Oviedo (45,5%), Madrid (43,6%), Valencia (42,9%) e Valladolid (40,0%) contra Xixón (0,0%) ou As Palmas de Gran Canaria (16,7%).
- O ámbito Científico manifesta valores notábeis entre os titulados/as que traballan en Xixón (40,0%), Bilbao e Donostia-San Sebastián (25,0% ambas), Palma de Maiorca (18,8%), As Palmas de Gran Canaria (16,7%), Valencia (14,2%) e Barcelona (14,1%).
- A rama de Arte e Humanidades emprega de forma notábel ás persoas que traballan en Sevilla (35,7%), Palma de Maiorca (18,8%), As Palmas de Gran Canaria (16,7%) e Barcelona (12,9%).
- As Ciencias da Saúde presentan valores superiores en As Palmas de Gran Canaria e Donostia-San Sebastián (16,7% ambas), Valladolid (15,0%), Oviedo (9,1%) e Palma de Maiorca (6,3%).
- Finalmente, o ámbito Multidisciplinar só ten presenza entre as persoas que traballan en Barcelona (0,6%).

4.1.5.4.3 Persoas que traballan no resto do mundo

4.1.5.4.3.1 Países estranxeiros

Unha análise do Anexo 77 relativo á distribución por ámbitos académicos das persoas que traballan en países estranxeiros permite estas conclusións:

- Presentan un perfil Tecnolóxico a totalidade das persoas que traballan en Bulgaria, Catar, O Salvador, Gana, Namibia e Nicaragua ben como 66,7% das que o fan en Bolivia, Noruega, República Checa e Venezuela, seguido polos que o fan nos Países Baixos (65,5%), Suíza (64,1%), Suecia (60,0%), Alemaña (57,9%), Colombia (56,3%), e metade das que traballan en Emirados Árabes Unidos, Hungría, Indonesia, Panamá, Paraguai e Perú. O perfil de países como a Francia (42,4%) ou Dinamarca (41,7%) superan a media estranxeira de persoas empregadas nesta rama.
- O ámbito Xurídico-Social comprende a totalidade das persoas que traballan en países como Andorra, Bangladesh, Barbados, Casaquistán, Guiné Bissau, India, Lituania, Marrocos, República Dominicana, Rusia, Uruguai e Xeorxia, ben como a maioría dos empregados en Luxemburgo (66,7%), Brasil (56,3%), México (55,6%), Arxentina (53,3%) e metade na Arxelia, Hungría, Paraguai, Grecia, Polonia, Eslovaquia e Finlandia. Países como o Reino Unido (23,3%), Irlanda (23,1%) ou Portugal (22,0%) apenas presentan valores levemente superiores á media de traballadores estranxeiros nesta rama académica.
- O ámbito de Arte e Humanidades é maioritario entre as persoas que traballan no Xapón (66,7%), Eslovaquia e Finlandia (50,0% ambas) e alcanza valores notábeis entre os empregados no Ecuador e Austria (40,0% ambos), China, Bélxica, Singapur e África do Sul (33,3% cada un), ben como na Grecia, Polonia e Emirados Árabes Unidos (25,0% cada un).
- A rama Científica supón a totalidade das persoas que traballan en Cuba, Islandia, Papúa Nova Guiné e Territorio das Illas Wallis e Futuna (dependente da Francia), ben como a maioría dos empregados na Australia (71,4%), Indonesia e Panamá (50,0% ambos).
- Os titulados/as pertencentes ao ámbito das Ciencias da Saúde representan a totalidade das persoas empregadas en Malta ben como 13,6% na Francia, 9,8% no Reino Unido, 6,7% na Arxentina e 4,4% nos Estados Unidos.
- A presenza do perfil Multidisciplinar está ligada a países como Tailandia (100,0%), Perú (14,3%) e Portugal (11,0%)

4.1.5.4.3.2 Cidades representativas

O Anexo 78 mostra o cadro de datos da distribución por ámbitos académicos das persoas que traballan en cidades representativas¹³³ estranxeiras.

- Presentan un perfil maioritariamente Tecnolóxico as cidades de Munique e Xenebra (84,6% ambas), seguidas por Berlín (38,5%) e, a máis distancia, Lisboa (10,0%) ou Bruxelas (15,8%).
- A rama Xurídico-Social é maioritaria entre os que traballan en Buenos Aires (50,0%) e alcanza valores considerábeis en Lisboa (30,0%), Londres (29,0%) e Bruxelas (26,3%) contra cidades como Berlín ou Xenebra (0,0% ambas) ou Munique (7,7%).

¹³³) Cidades que presentan unha mostra igual ou superior a 10 suxeitos.

- O ámbito de Arte e Humanidades é maioritario entre os que traballan en Berlín (53,8%) e alcanza valores notábeis en Lisboa (40,0%), Bruxelas (36,8%), Porto (28,0%), Londres (27,5%), París (22,7%) e Dublín (21,4%) contra a nula presenza en Munique ou Cambridge.
- O perfil científico rexistra valores notábeis entre os que traballan en Cambridge (27,3%), Bruxelas (21,1%), Lisboa (20,0%) e París (18,2%) contra a nula presenza en Xenebra ou o 2,9% dos que traballan en Londres.
- A rama das Ciencias da Saúde destaca entre os que traballan en Cambridge (27,3%), París (9,1%), Londres (7,2%) e Porto (4,0%).
- Finalmente, o ámbito Multidisciplinar só está presente entre os que traballan en Dublín (14,3%) e Porto (8,0%).


4.1.6 Análise por tipoloxía de estudos

4.1.6.1 Global

Tal como mostra a gráfica nº109, existen diferenzas estatisticamente significativas entre a taxa de emigración e a tipoloxía dos estudos. Así sendo, presentan máis frecuencia de persoas que traballan fóra de Galicia os titulados/as en Mestrados (37,9%) e Enxeñarías Superiores (35,1%). Logo a seguir áchanse os que completaron Graos (25,7%) ou Licenciaturas (25,5%), todos eles con porcentaxes superiores á media global dos que traballan fóra de Galicia (23,4%). As titulacións de ciclo curto son as que rexistran menos proporción de persoas que traballan fóra de Galicia: Enxeñarías Técnicas (18,5%) e Diplomaturas (10,8%).

Salvo no caso das persoas que completaron Mestrados, predomina a emigración a outras Comunidades Autónomas contra o resto do mundo.

Gráfica nº109: Lugar de traballo por tipoloxía de estudos




4.1.6.2 Evolución quinquenal

Diplomaturas

Ao longo do período avaliado, tal como mostra a gráfica nº110, prodúcese un descenso continuo de persoas que traballan en Galicia, pasando dun máximo de 91,1% entre as persoas tituladas en 1996-00 a un mínimo de 84,9% en 2011-15.

O quinquenio máis recente rexistra a porcentaxe máis alta de persoas que traballan fóra de Galicia, sendo a primeira ocasión da secuencia histórica en que os que o fan no resto do mundo (8,8%) superan aos que o fan noutras Comunidades Autónomas (6,4%). De resto, a emigración a outras Comunidades Autónomas oscila entre un mínimo de 6,4% entre 2011-15 e un máximo de 8,1% entre 1990-95.


Gráfica nº110: Evolución quinquenal do lugar de traballo nas Diplomaturas



Enxeñaría Técnica

A proporción de persoas que traballan fóra de Galicia, tal como mostra a gráfica nº111, oscila entre un máximo de 23,8% no quinquenio 2006-10 e un valor mínimo de 8,6% entre 1996-00. Salvo no quinquenio 2011-15 en que a emigración ao resto do mundo (15,2%) duplica á encamiñada a outras Comunidades Autónomas (7,7%), a emigración dentro do Estado español predomina sobre a realizada a un país estranxeiro entre 1990-2010.

Gráfica nº111: Evolución quinquenal do lugar de traballo nas Enxeñarías Técnicas




Enxeñarías Superiores

A taxa de persoas que traballan fóra de Galicia oscila entre un mínimo de 26,3% entre 1990-95 e un máximo de 42,5% entre 1996-00. A emigración ao resto do mundo presenta unha tendencia crecente en todo o período avaliado, pasando dun mínimo de 7,9% entre 1990-95 a un máximo de 19,0% entre 2011-15, período en que supera pola primeira vez á emigración a outras Comunidades Autónomas.

A emigración interior cara outras Comunidades Autónomas presenta un valor superior no quinquenio 1996-00 (33,0%) ben como unha evolución decrecente nos quinquenios 2006-10 (20,0%) e 2011-15 (17,5%).


Gráfica nº112: Evolución quinquenal do lugar de traballo nas Enxeñarías Superiores



Licenciaturas

Os rexistros máximos de persoas tituladas que traballan fóra de Galicia teñen lugar nos quinquenios 2006-10 (31,2%) e 2011-15 (30,6%) contra o mínimo de 14,8% entre 1996-00. A emigración a outras Comunidades Autónomas presenta unha tendencia crecente entre 1990-95 (9,3%) e 2006-10 (18,1%). No quinquenio 2011-15 a emigración a un país estranxeiro (16,3%) supera pola primeira vez á realizada no interior do Estado español (14,4%).


Gráfica nº113: Evolución quinquenal do lugar de traballo nas Licenciaturas



Graos

A proporción de persoas deste grupo que traballa fóra de Galicia presenta unha tendencia decrecente, pasando dun 28,6% entre 2006-10 a 25,5% entre 2011-15. Neste último período a emigración cara o resto do mundo supera á existente noutras Comunidades Autónomas.


Gráfica nº114: Evolución quinquenal do lugar de traballo nos Graos



Mestrados Universitarios

O lugar de traballo fóra de Galicia evolúe desde o 22,0% entre 2006-10 a 41,3% entre 2011-15. Nos quinquenios avaliados a emigración cara un país estranxeiro duplícase (pasa de 13,2% a 26,6%), superando en ambos períodos á realizada dentro das fronteiras do Estado español.

Gráfica nº115: Evolución quinquenal do lugar de traballo nos Mestrados Universitarios



4.1.6.3 Evolución anual

O Anexo 79 mostra os cadros de datos da evolución anual do lugar de traballo por tipoloxía de estudos.

4.1.7 Análise por titulacións

4.1.7.1 Traballan fóra de Galicia

Por titulacións, traballan fóra de Galicia a maioría das persoas inquiridas e tituladas nos graos de Enxeñaría da Enerxía (77,8%) e de Ciencias do Mar (57,1%), Licenciatura de Ciencias do Mar (52,4%) e grao de Comercio (50,0%).

A seguir, nun nivel superior ao 40%, áchanse as persoas tituladas en Enxeñaría de Minas (48,2%), Licenciatura de Física (45,9%), graos en Tradución e Interpretación (44,4%) e en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (43,8%), Licenciatura en Tradución e Interpretación (43,1%), Grao en Publicidade e Relacións Públicas (41,7%), Enxeñaría de Telecomunicación (41,4%) e Grao en Bioloxía (40,0%).

Superan a media global de lugar de traballo fóra de Galicia (23,4%) as persoas tituladas nos graos de Dereito (38,5%), Belas Artes (37,1%), Comunicación Audiovisual (35,3%) e en Ciencia Tecnoloxía dos Alimentos (33,3%), Enxeñaría Técnica de Telecomunicación e Grao en Turismo (31,3% ambos), Licenciatura en Química (31,1%), licenciaturas en Comunicación Audiovisual e en Publicidade e Relacións Públicas (30,4% ambas), Grao en Química e Enxeñaría Industrial (30,0% ambos), graos en Economía (29,4%) e Traballo Social (28,6%), licenciaturas en Filoloxía Xermánica (28,6%) e en Belas Artes (27,5%), Grao en Enxeñaría Mecánica (27,3%), licenciaturas en Bioloxía (27,2%), Filoloxía Inglesa (26,8%) e en Dereito Económico-Empresarial (26,0%), Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (25,0%), Licenciatura en Economía (23,8%), Grao en Administración e Dirección de Empresas (23,7%) e Licenciatura en Filoloxía Galega (23,5%).

Cunha taxa de emigración inferior ao 10% áchanse persoas tituladas na Licenciatura de Historia (2,6%), Grao en Educación Primaria (5,1%), Licenciatura en Psicopedagogía (6,3%), diplomaturas en Graduado Social (6,6%), Traballo Social (7,7%) e de Mestre/a (7,9%), Grao en Educación Infantil (8,3%), Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais (8,5%), diplomaturas en Educación Social (9,4%), Relacións Laborais e en Xestión e Administración Pública (9,7% ambas).

Finalmente, traballan en Galicia a totalidade dos graduados/as inquiridos que completaron os estudos de Enxeñaría Agraria, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría Forestal, Estudos de Galego e Español, Relacións Laborais e Recursos Humanos e en Xeografía e Historia.

4.1.7.2 Traballan noutras Comunidades Autónomas

Presentan as taxas máis altas de lugar de traballo noutras Comunidades Autónomas as persoas tituladas nos graos de Enxeñaría da Enerxía (66,7%), Publicidade e Relacións Públicas (41,7%), Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (37,5%), Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos e Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (33,3%) e en Dereito (30,8%).

Superan a media global de traballo noutras Comunidades Autónomas (13,3%) as persoas tituladas no Grao e Licenciatura de Ciencias do Mar (28,6% e 27,4%, respectivamente), Licenciatura en Física (27,0%), Enxeñaría de Telecomunicación (26,8%), Grao en Bioloxía (26,7%), Licenciatura en Comunicación Audiovisual (23,9%), Grao en Economía (23,5%), Enxeñaría de Minas (22,6%), Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (21,9%), Grao en Belas Artes (21,0%), graos en Consultoría e Xestión da Información e en Enxeñaría Eléctrica (20,0% ambos), Grao e Licenciatura en Tradución e Interpretación (18,4% e 19,1%, respectivamente), Licenciatura en Dereito Económico-Empresarial (18,8%), graos en Enxeñaría Mecánica (18,2%), Comunicación Audiovisual (17,6%) e Administración e Dirección de Empresas (17,5%), Licenciatura en Economía (17,2%), Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (16,7%), Enxeñaría Industrial (16,4%), Licenciatura en Química (15,5%), Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (15,3%), Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Traballo Social (14,3% ambas), ben como o Grao en Enxeñaría en Organización Industrial (14,3%).

Presentan unha emigración íntegra dentro do territorio estatal as persoas graduadas en Publicidade e Relacións Públicas, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, Consultoría e Xestión da Información, Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría en Organización Industrial, diplomadas en Xestión e Administración Pública (9,7%) e en Graduado Social (6,6%) e licenciadas en Historia (2,6%).

4.1.7.3 Traballan no resto do mundo

As máis altas proporcións de lugar de traballo nun país estranxeiro teñen lugar entre as persoas graduadas en Comercio (37,5%), Ciencias do Mar (28,6%), Licenciatura en Filoloxía Xermánica (28,6%), Enxeñaría de Minas (25,5%), Licenciatura en Ciencias do Mar e Grao en Tradución e Interpretación (25,0% ambas).

Superan a media global de lugar de traballo no resto do mundo (10,1%) as persoas tituladas na Licenciatura de Tradución e Interpretación (24,0%), graos en Enfermaría (20,3%) e en Química (20,0%), Licenciatura en Física (18,9%), Grao en Turismo (18,8%), Licenciatura en Filoloxía Inglesa (17,9%), graos en Comunicación Audiovisual (17,6%), Ciencias da Actividade Física e do Deporte (16,7%) e en Belas Artes (16,1%), licenciaturas en Filoloxía Hispánica (16,0%) e en Química (15,5%), graos en Linguas Estranxeiras (15,4%) e en Dirección e Xestión Pública (14,6%), Enxeñaría de Telecomunicación (14,5%), Grao en Traballo Social (14,3%), Enxeñaría Industrial (13,6%), Grao en Bioloxía e Diplomatura en Turismo (13,3% ambas), Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (12,5%), Licenciatura en Filoloxía Galega (11,8%), Enxeñaría en Informática (11,5%), Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (11,4%) e graos en Enxeñaría da Enerxía e en Ciencias Ambientais (11,1% ambos).

Finalmente, manifestan unha emigración exclusiva a países estranxeiros as persoas tituladas que completaron a Licenciatura en Filoloxía Xermánica, graos en Enxeñaría en Química Industrial, Dirección e Xestión Pública, Ciencias Ambientais e en Educación Primaria (5,1%).

O Anexo 80 mostra o lugar de traballo segundo titulacións.

4.1.7.4 Principais destinos de emigración

O cadro nº42 resume, por Comunidades Autónomas e en función das titulacións obtidas, os principais lugares en que traballan as persoas tituladas na Universidade de Vigo.

Cadro nº42: Principais Comunidades Autónomas en que traballan as persoas tituladas segundo as titulacións completadas na UVIGO

Destino	Titulación	%
Comunidade de Madrid	Grao en Consultoría e Xestión da Información	100,0
	Grao en Enxeñaría en Organización Industrial	
	Grao en Enxeñaría Mecánica	
	Grao en Traballo Social	
	Diplomatura en Xestión e Administración Pública	
	Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas	76,9
	Enxeñaría de Telecomunicación	74,1
	Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais	71,4
	Enxeñaría Técnica Agrícola	70,0
	Enxeñaría en Informática	66,7
	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	
	Licenciatura en Economía	64,2
	Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	62,7
	Enxeñaría Técnica de Telecomunicación	57,1
	Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas	56,5
	Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión	55,0
	Grao en Publicidade e Relacións Públicas	53,3
	Licenciatura en Bioloxía	51,9
	Grao en Economía	50,0
	Grao en Educación Infantil	
Grao en Turismo		
Licenciatura en Comunicación Audiovisual		
Licenciatura en Filoloxía Galega		
Licenciatura en Filoloxía Hispánica		
Diplomatura en Graduado Social		

Destino	Titulación	%
Cataluña	Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	100,0
	Grao en Tradución e Interpretación	57,1
	Grao en Enxeñaría da Enerxía	50,0
	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	
	Grao en Turismo	
	Grao en Bioloxía	
	Licenciatura en Comunicación Audiovisual	
	Grao en Belas Artes	38,5
	Enxeñaría Técnica de Telecomunicación	35,7
	Diplomatura en Turismo	33,3
	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	
	Grao en Comunicación Audiovisual	
	Grao en Fisioterapia	
	Grao en Publicidade e Relacións Públicas	
Licenciatura en Economía	30,8	
Diplomatura en Relacións Laborais		
Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais- Sección Empresariais	28,6	
Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas	28,3	
Cataluña	Licenciatura en Dereito Económico-Empresarial	27,6
	Licenciatura en Filoloxía Inglesa	27,3
	Licenciatura en Ciencias e Tecnoloxías da Alimentación	25,0
	Grao en Enxeñaría Mecánica	
	Grao en Dereito	
	Grao en Economía	
Diplomatura en Graduado Social		
Castela e León	Grao en Enfermería	100,0
	Licenciatura en Historia	60,0
	Enxeñaría Técnica Forestal	
	Grao en Dereito	33,3
	Diplomatura en Turismo	
	Grao en Fisioterapia	
	Diplomatura en Fisioterapia	25,0
	Grao en Bioloxía	
	Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	
	Licenciatura en Belas Artes	21,7
Licenciatura en Psicopedagogía	20,0	
Diplomatura en Educación Social		
Diplomatura en Relacións Laborais	15,4	
Licenciatura en Dereito	15,0	
Asturias	Diplomatura en Turismo	33,3
	Grao en Enxeñaría da Enerxía	
	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	
	Diplomatura en Fisioterapia	25,0
	Grao en Enxeñaría Mecánica	
Grao en Administración e Dirección de Empresas	17,6	
Licenciatura en Belas Artes	13,0	

Destino	Titulación	%
País Basco	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	50,0
	Grao en Ciencias do Mar	40,0
	Licenciatura en Física	30,0
	Enxeñaría Técnica Forestal	20,0
	Grao en Administración e Dirección de Empresas	17,6
	Enxeñaría de Minas	9,7
	Licenciatura en Química	8,7
Illas Canarias	Licenciatura en Ciencias do Mar	8,3
	Grao en Educación Infantil	50,0
	Diplomatura en Graduado Social	25,0
	Licenciatura en Filoloxía Inglesa	9,1
	Diplomatura en Ciencias Empresariais	8,7
	Diplomatura en Mestre/a	7,9
	Licenciatura en Ciencias do Mar	6,7
País Valenciano	Enxeñaría Técnica Industrial	6,6
	Grao en Comercio	100,0
	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	33,3
	Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	25,0
	Grao en Enxeñaría Mecánica	
	Licenciatura en Psicopedagogía	20,0
	Diplomatura en Traballo Social	
	Enxeñaría en Informática	16,7
Diplomatura en Ciencias Empresariais	8,7	
Enxeñaría Industrial	7,6	
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	6,8	

Os Anexos 81 e 82 reflicten, respectivamente e con máis detalle, as Comunidades Autónomas e os países estranxeiros destinos da emigración segundo as titulacións completadas na Universidade de Vigo.

Adicionalmente, o Anexo 83 mostra, para os principais lugares de traballo das persoas tituladas que responderon a enquisa, a distribución porcentual de titulacións.


4.2 Antigüidade no posto de traballo

4.2.1 Global

En relación co tempo de permanencia no posto de traballo, o tempo medio é de 77,457 meses (6,455 anos).

Por intervalos de tempo, co 20,3% e 20,2% respectivamente, son máis frecuentes as permanencias dos titulados que traballan comprendidas entre 2 e 5 anos e entre 5 e 10 anos, ben como o de menor antigüidade (menor que 6 meses) e entre 10 e 15 anos, ambos co 13,1% das persoas tituladas da mostra obtida.

Gráfica nº116: Tempo de permanencia por intervalos de antigüidade




4.2.2 Evolución quinquenal

4.2.2.1 Tempo medio de antigüidade (en meses)

Por quinquenios, o tempo de permanencia no posto de traballo segue unha tendencia decrecente desde o primeiro quinquenio (178,9 meses/14,9 anos) até o quinquenio máis recente (31,1 meses/2,6 anos).

Gráfica nº117: Evolución quinquenal do tempo medio de antigüidade (en meses)



4.2.2.2 Tempo de antigüidade por intervalos

Tal como mostra a gráfica nº118, a máis tempo decorrido desde a finalización dos estudos, son máis frecuentes os intervalos de máis antigüidade profesional.

Así sendo, entre as persoas tituladas que completaron os seus estudos no primeiro quinquenio avaliado (1990-95), isto é, que se incorporaron hai 20 ou 25 anos ao mercado de traballo, predomina

minan os intervalos de máis antigüidade. A maioría (55,6%) cunha antigüidade superior a 15 anos (26,7% superior a 20). Un 5,2% dos titulados/as neste quinquenio manifesta unha permanencia inferior a un ano no seu posto de traballo e un 4,4% entre 1 e 2 anos.


No tocante ao período 1996-00, isto é, aqueles que finalizaron o seus estudos hai 15-20 anos, a maioría (55,3%) presenta unha antigüidade no seu posto de traballo entre 10 e 20 anos. A porcentaxe cunha permanencia inferior a un ano supón o 6,2% e un 5,9% entre 1 e 2 anos.

O intervalo predominante entre os que completaron os seus estudos no quinquenio 2001-05, quer dicir, entre 10-15 anos atrás, é o correspondente a unha antigüidade entre 5-10 anos (35,6%), seguido polo de 10-15 (27,0%). Entre este colectivo, a proporción de persoas cun tempo de permanencia inferior a un ano ascende a 9,9% e a 6,4% entre 1 e 2 anos.

Entre as persoas que completaron os seus estudos no quinquenio 2006-10, ou sexa, entre 5-10 anos atrás, son máis frecuentes os intervalos de menor antigüidade. Así sendo, o 31,2% cunha antigüidade de entre 2 e 5 anos no seu traballo actual, seguidos polos que levan traballando entre 5 e 10 anos (24,4%). Portanto, unha maioría de 55,6% ten un tempo de permanencia no seu traballo actual comprendido entre 2 e 10 anos, un 25,5% inferior a un ano e un 14,3% entre 1 e 2 anos.

Finalmente, as persoas tituladas no quinquenio máis recente (2011-15), isto é, nos últimos cinco anos, o intervalo máis frecuente de antigüidade no traballo é o inferior a medio ano (25,7%), seguido polo intervalo de 2 a 5 anos (24,0%) e polo de 1 a 2 anos (22,5%). No total, o 42,8% ten un tempo de permanencia no seu traballo inferior a un ano.

Gráfica nº118: Evolución quinquenal do tempo de antigüidade por intervalos (%)



4.2.3 Evolución anual

O Anexo 84 mostra a evolución anual do tempo de antigüidade tanto en meses como por intervalos.

4.2.4 Análise por xénero

4.2.4.1 Tempo medio de antigüidade (en meses)

Por xéneros, a antigüidade no traballo é máis alta no caso dos homes (84,203 meses/7,017 anos) contra os 72,038 meses/6,003 anos das mulleres, o que confirma a tardanza destas últimas en se incorporar ao mercado de traballo.


Gráfica nº119: Tempo medio de antigüidade (en meses) segundo o xénero



4.2.4.2 Tempo de antigüidade por intervalos

A maior antigüidade masculina é debida, por un lado, á maior porcentaxe que estes presentan nos intervalos de máis permanencia (3,9% con antigüidade de máis de 20 anos contra o 2,4% de mulleres, 9,5% con antigüidade de 15-20 anos contra 6,4% de mulleres e 14,6% entre 10-15 anos contra 12,0% de mulleres). Por outro lado, conta tamén a maior proporción de mulleres incorporadas a mercado de traballo nos intervalos de menos antigüidade (14,5% con antigüidade inferior a medio ano contra o 11,3% de homes o 10,3% con antigüidade de 6-12 meses contra 8,6% de homes). No entanto, tal como mostra a gráfica nº120, é igual a proporción de xéneros nos intervalos de antigüidade comprendidos entre 2 e 5 anos (20,2% en ambos casos) ben como entre 1 e 2 anos (13,0% de homes e 12,8% de mulleres).

Gráfica nº120: Tempo de antigüidade por intervalos segundo o xénero (%)




4.2.5 Análise por ámbitos académicos

4.2.5.1 Tempo medio de antigüidade (en meses)

Por ámbitos de coñecemento, a antigüidade no traballo entre as persoas tituladas nos ámbitos das Ciencias da Saúde (83,522 meses/6,960 anos), Xurídico-Social (83,007 meses/6,917 anos) e Tecnolóxico (78,893 meses/6,574 anos) é superior ao de Arte e Humanidades (61,294 meses/5,108 anos) e Científico (60,560 meses/5,047 anos). Os titulados/as do ámbito Multidisciplinar, de máis recente implantación, presentan a permanencia máis baixa (53,134 meses/4,432 anos).

Gráfica nº121: Tempo medio de antigüidade (en meses) por ámbitos académicos



4.2.5.2 Tempo de antigüidade por intervalos


O intervalo de antigüidade comprendido entre 2 e 5 anos é o preponderante entre as persoas tituladas nos ámbitos Científico (23,2%), Tecnolóxico (22,5%), Ciencias da Saúde (21,7%) e de Arte e Humanidades (19,3%). Polo contrario, no ámbito Xurídico-Social, co 22,3%, o intervalo maioritario é o comprendido entre 5 e 10 anos. No caso do Multidisciplinar, de máis recente implantación, a antigüidade inferior a medio ano presenta maior proporción (31,6%).

Salvo no ámbito de Arte e Humanidades, cunha porcentaxe de 18,6%, o intervalo de antigüidade inferior a seis meses oscila entre o 11,0% das Ciencias da Saúde e o 12,9% do Xurídico-Social. Polo contrario, as titulacións da rama das Ciencias da Saúde (5,5%) e Multidisciplinar (5,1%) teñen as maiores porcentaxes de tempo de permanencia superior a 20 anos.

Apesar de teren uns tempos medios de antigüidade semellantes, as persoas tituladas pertencentes aos ámbitos Científico e de Arte e Humanidades presentan un perfil diferenciado no tempo de permanencia. Así sendo, mentres que as titulacións do ámbito de Arte e Humanidades presentan frecuencias máis altas nos intervalos de menos antigüidade (30,5% con menos dun ano contra o

23,7% do Científico), o intervalo comprendido entre 1 e 2 anos de permanencia no traballo ten no Científico máis proporción (16,9%) que no de Arte e Humanidades (15,1%), o mesmo que o comprendido entre 2 e 5 anos (23,2% contra 19,3%) e entre 5 e 10 anos (22,5% contra 16,8%).

Gráfica nº122: Tempo de antigüidade por intervalos segundo ámbitos académicos (%)



4.2.6 Análise por tipoloxía de estudos


4.2.6.1 Tempo medio de antigüidade (en meses)

O tempo medio de antigüidade no posto de traballo está ligado á duración dos estudos. Así sendo, as titulacións de ciclo curto (Diplomaturas e Enxeñarías Técnicas) presentan unha permanencia no traballo superior ás de ciclo longo (95,162 meses/7,930 anos e 84,577 meses/7,048 anos, respectivamente). No caso das titulacións de ciclo longo, o tempo medio de antigüidade das Enxeñarías Superiores (81,093 meses/6,758 anos) é levemente superior ao das Licenciaturas (77,989 meses/6,499 anos).

Os Graos, de recente incorporación á oferta académica da Universidade de Vigo, presentan un tempo medio de permanencia no traballo de 24,541 meses/2,128 anos. Igualmente, os Mestrados Universitarios, por motivos similares, presentan un tempo medio de 53,848 meses/4,487 anos.

No caso dos Títulos Propios existen grandes diferenzas entre os Graduados Superiores (6,000 meses/0,500 anos) e Graduados Universitarios (132,895 meses/11,075 anos) debido fundamentalmente á elevada proporción de graduados/as sênior nesta última categoría de titulación.

Gráfica nº123: Tempo medio de antigüidade (en meses) por tipoloxía de estudos



4.2.6.2 Tempo de antigüidade por intervalos


Tal como se pode observar na gráfica nº124, o intervalo máis frecuente en Mestrados (25,2%), Enxeñarías Superiores (23,6%), Enxeñarías Técnicas (22,7%) e Graduados Universitarios (21,1%) é o comprendido entre 2 e 5 anos. No caso das Diplomaturas e Licenciaturas, co 26,0% e 23,2%, respectivamente, o comprendido entre 6 e 10 anos, mentres que o intervalo de menos antigüidade (inferior a 6 meses), cun 35,6%, é o preponderante entre as persoas que completaron un Grao. Este intervalo alcanza á totalidade das persoas tituladas nun Graduado Superior.

O intervalo de máis antigüidade (máis de 20 anos de permanencia no posto de traballo) presenta porcentaxes máis altas entre as persoas tituladas en Graduados Universitarios (15,8%), Diplomaturas (4,2%) e Enxeñarías Técnicas (3,9%) contra os titulados/as en Graos¹³⁴ (1,5%) e Licenciaturas (2,5%).

Presentan porcentaxes máis altas no intervalo de menor antigüidade (inferior a seis meses) a totalidade das persoas que completaron un Graduado Superior, ben como as que realizaron un Grao (35,6%), Mestrado Universitario (19,6%), Graduado Universitario (15,8%), Diplomatura (10,8%), Enxeñaría Técnica (10,4%), Licenciatura (10,3%) e Enxeñaría Superior (9,9%).

¹³⁴ Persoas con máis dunha titulación que completaron un grao ou curso de adaptación a grao (curso ponte) no último quinquenio.

Gráfica nº124: Tempo de antigüidade por intervalos segundo a tipoloxía de estudos



4.2.7 Análise por titulacións

4.2.7.1 Tempo medio de antigüidade (en meses)

Presentan unha antigüidade no traballo superior á media global da mostra (77,457 meses) as persoas tituladas nas licenciaturas de Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais (169,971 meses/14,164 anos), Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas (158,594 meses/13,216 anos), Diplomatura de Graduado Social (137,176 meses/11,431 anos), Licenciatura en Dereito (109,757 meses/9,146 anos), Diplomatura en Ciencias Empresariais (107,294 meses/8,941 anos), Diplomatura en Relacións Laborais (106,978 meses/8,915 anos), Grao en Dirección e Xestión Pública¹³⁵ (106,556 meses/8,880 anos), Licenciatura en Psicopedagogía (100,763 meses/8,397 anos), Licenciatura en Filoloxía Xermánica (100,667 meses/8,398 anos), Enxeñaría de Telecomunicación (100,398 meses/8,366 anos), Diplomatura en Xestión e Administración Pública (97,854 meses/8,154 anos), Licenciatura en Historia (96,974 meses/8,081 anos), Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (94,349 meses/7,862 anos),

¹³⁵ Persoas tituladas con máis dunha titulación que completaron o grao (ou o curso ponte de adaptación) en Dirección e Xestión Pública no último quinquenio.

Enxeñaría Técnica Industrial (93,383 meses/7,782 anos), Diplomatura en Mestre/a (89,237 meses/7,436 anos), Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (86,586 meses/7,215 anos), Licenciatura en Economía (83,510 meses/6,959 anos), Licenciatura en Filoloxía Inglesa (82,528 meses/6,877 anos) e Licenciatura en Belas Artes (79,102 meses/6,592 anos).

As titulacións con menos dun ano de permanencia no seu posto de traballo son os graduados en Tradución e Interpretación, Enxeñaría en Organización Industrial, Consultoría e Xestión da Información, Educación Infantil, Linguas Estranxeiras, Estudos de Galego e Español, Enxeñaría da Enerxía, Ciencias Ambientais, e, con menos de medio ano, os graduados/as en Comunicación Audiovisual, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, Enxeñaría Agraria e Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

O Anexo 85 contén o cadro de datos dos tempos medios de antigüidade (en meses e anos) no posto actual de traballo ben como a desviación típica para cada titulación.

4.2.7.2 Tempo de antigüidade por intervalos

4.2.7.2.1 Titulacións con máis antigüidade

Titulacións cuxos titulados/as presentan porcentaxes máis altas nos intervalos de máis antigüidade (superior a 20 anos): Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais - Sección Empresariais e Grao en Dirección e Xestión Pública (16,7% ambos), Diplomatura en Graduado Social (13,7%), Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais - Sección Económicas (12,9%) e Diplomatura en Xestión e Administración Pública (10,0%).

Titulacións cuxos titulados/as presentan porcentaxes máis altas nos intervalos de máis antigüidade (superior a 10 anos): licenciaturas en Ciencias Económicas e Empresariais - Sección Empresariais (73,2%) e en Ciencias Económicas e Empresariais - Sección Económicas (70,3%), Diplomatura en Graduado Social (52,9%), Licenciatura en Filoloxía Xermánica (50,0%), Diplomatura en Relacións Laborais (41,7%), Licenciatura en Dereito (40,1%), Diplomatura en Ciencias Empresariais (39,6%), Enxeñaría de Telecomunicación (36,2%), Licenciatura en Historia e Grao en Dirección e Xestión Pública (33,3% ambas), Enxeñaría Técnica Industrial (32,7%), Licenciatura en Psicopedagogía (30,9%) e Diplomatura en Enfermaría (30,3%).

4.2.7.2.2 Titulacións con menos antigüidade

Titulacións cuxos titulados/as presentan porcentaxes máis altas nos intervalos de menos antigüidade (igual ou menor que 6 meses): A totalidade dos graduados/as en Enxeñaría Agraria e Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, ben como as persoas tituladas nos graos en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (83,3%), Comunicación Audiovisual (64,7%), Educación Infantil (51,4%), Consultoría e Xestión da Información e Xeografía e Historia (50,0% ambos), Bioloxía (46,7%), Traballo Social (46,2%), Dereito e Química (45,5% ambos), Enxeñaría en Química Indus-

trial e Ciencias Ambientais (44,4% ambos), Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (43,8%), Enxeñaría Mecánica (43,5%), Linguas Estranxeiras (41,7%), Belas Artes (41,0%) ben como Enxeñaría Eléctrica e Estudos de Galego e Español (40,0 ambos).

Entre as titulacións en proceso de extinción destacan as notábeis porcentaxes das persoas tituladas na Licenciatura de Filoloxía Galega (28,6%), Diplomatura en Turismo (25,8%), licenciaturas en Comunicación Audiovisual (22,7%), Tradución e Interpretación (18,7%) e Filoloxía Hispánica (17,6%), Diplomatura en Educación Social (16,3%) e Enxeñaría Técnica Forestal (14,9%).

Titulacións cuxos titulados/as presentan porcentaxes máis altas nos intervalos de menos antigüidade (igual o menor que 2 anos): A totalidade das persoas tituladas nos graos de Enxeñaría Agraria, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, Comunicación Audiovisual, Consultoría e Xestión da Información, Ciencias Ambientais, Linguas Estranxeiras, Estudos de Galego e Español, Enxeñaría en Organización Industrial, Enxeñaría da Enerxía, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos ben como en Turismo (96,8%), Bioloxía (93,3%), Ciencias do Mar (92,3%), Enxeñaría Mecánica (91,3%), Dereito e Química (90,9% ambas), Educación Infantil (88,6%), Educación Primaria (87,9%), Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación e Comercio (87,5% ambos), Tradución e Interpretación (85,3%), Traballo Social (84,6%), Economía (82,4%), Administración e Dirección de Empresas (80,9%) e Enxeñaría Eléctrica (80,0%).

Entre as titulacións en proceso de extinción destacan as elevadas porcentaxes entre os titulados/as nas licenciaturas en Filoloxía Galega (71,4%) e en Comunicación Audiovisual (70,5%), Diplomatura en Turismo (64,5%), Enxeñaría Técnica Forestal (45,7%), Enxeñaría de Minas (44,7%), licenciaturas en Publicidade e Relacións Públicas (44,3%), Tradución e Interpretación (43,2%), Ciencias da Actividade Física e do Deporte (42,6%), Filoloxía Hispánica (39,2%), Historia (38,5%) e en Bioloxía (37,0%), Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (36,9%), Licenciatura en Ciencias do Mar (35,8%), Enxeñaría en Informática (35,1%), Licenciatura en Química (33,8%), Enxeñaría Industrial (33,0%), licenciaturas en Física (32,4%), Dereito Económico-Empresarial (32,0%), Belas Artes (31,1%) e en Filoloxía Inglesa (30,9%) e Enxeñaría Técnica Industrial (30,7%).


O Anexo 86 contén o cadro de datos coa distribución porcentual dos tempos de antigüidade por intervalos para cada titulación da mostra.

4.2.8 Análise por lugar de traballo

4.2.8.1 Tempo medio de antigüidade (en meses)

As persoas tituladas que traballan en Galicia presentan un tempo medio de antigüidade (83,269 meses/6,939 anos) superior ao tempo medio noutras Comunidades Autónomas (72,509 meses/6,042 anos) e no resto do mundo (45,501 meses/3,792 anos).

Gráfica nº125: Tempo medio de antigüidade (en meses) segundo o lugar de traballo




4.2.8.2 Tempo de antigüidade por intervalos

O maior tempo medio de antigüidade no posto de traballo actual das persoas que traballan en Galicia é debido, por un lado, a que o intervalo con máis frecuencia é o comprendido entre 5 e 10 anos (21,2%), contra o intervalo de 2 a 5 anos preponderante entre as persoas que traballan noutras Comunidades Autónomas (22,3%) e no resto do mundo (29,9%). Por outra parte, as persoas tituladas que traballan en Galicia presentan a porcentaxe máis alta de intervalos con máis antigüidade (12,5% cunha permanencia superior a 15 anos) contra o 8,4% entre os que traballan noutras Comunidades Autónomas e 3,3% no resto do mundo.

O intervalo de antigüidade inferior a un ano presenta valores semellantes en Galicia (21,2%) e noutras Comunidades Autónomas (21,9%) contra o 31,0% das persoas que traballan no resto do mundo. Se alargarmos até unha antigüidade inferior a 2 anos, esta situación afecta a case metade das persoas que traballan no resto do mundo (49,3%) contra o 33,4% dos que traballan en Galicia e 34,8% dos que fan noutras Comunidades Autónomas.

Gráfica nº126: Tempo de antigüidade por intervalos segundo o lugar de traballo




4.2.8.3 Persoas que traballan en Galicia

O Anexo 87 mostra o tempo de antigüidade no posto de traballo das persoas que traballan en Galicia tanto por provincias como nas cidades.

4.2.8.3.1 Provincias

O tempo medio de permanencia no posto de traballo actual máis alto prodúcese entre as persoas tituladas que traballan na provincia de Ourense (88,371 meses), seguida pola de Lugo (86,087) e Pontevedra (83,381), que presenta un tempo de antigüidade levemente superior á media galega (83,269). O tempo medio de antigüidade na Coruña (77,271 meses) é o único inferior á media galega.

Gráfica nº127: Tempo medio de antigüidade (en meses) nas provincias galegas




Por intervalos de tempo, as persoas tituladas que traballan na provincia Ourense, co 14,2%, son as que presentan máis porcentaxe de intervalos de maior antigüidade (superior a 15 anos), seguidas por Pontevedra (12,8%) e Lugo (11,9%) e o mínimo de 9,9% na Coruña.

Relativamente aos intervalos de menos antigüidade no posto de traballo (igual o menos que 1 ano) oscila entre os rexistros máximos da Coruña (22,6%) e Pontevedra (21,4%) e os mínimos de Ourense (19,1%) e Lugo (20,4%).

4.2.8.3.2 Cidades

O tempo medio de antigüidade no posto de traballo nas cidades galegas oscila entre o mínimo das persoas tituladas que traballan na Coruña (76,427 meses) e o máximo de 87,193 meses dos que traballan en Ourense.

Gráfica nº128: Tempo medio de antigüidade (en meses) nas cidades galegas



As persoas que traballan en Ferrol (25,9%) e en Pontevedra (23,1%) presentan as porcentaxes máximas de intervalos de menos antigüidade (igual o menor a 1 ano) contra os menores intervalos de Santiago de Compostela (19,1%) e Ourense (19,6%). No tocante aos intervalos de máis antigüidade (superior a 15 anos), Ourense (14,4%), Vigo e Ferrol (13,0% ambas) rexistran os valores máximos contra os mínimos da Coruña (8,8%), Santiago de Compostela (10,4%) e Lugo (10,5%).


4.2.8.4 Persoas que traballan no resto de España

4.2.8.4.1 Comunidades Autónomas

O Anexo 88 mostra o tempo de antigüidade das persoas tituladas da Universidade de Vigo que traballan noutras Comunidades Autónomas españolas.

Os tempos medios de antigüidade no posto de traballo actual máis altos teñen lugar entre as persoas tituladas que traballan en Extremadura (144,875 meses/12,073 anos) e Ceuta (127,000 meses/10,583 anos). A máis distancia áchanse as Illas Canarias (91,297 meses/7,608 anos). Os tempos máis baixos de permanencia prodúcense entre os que traballan en Aragón (43,889 meses/3,657 anos), Illas Baleares (44,480 meses/3,707 anos) e Cataluña (51,731 meses/4,311 anos).

Gráfica nº129: Tempo medio de antigüidade (en meses) nas Comunidades Autónomas



Por intervalos, as Comunidades Autónomas en que unha porcentaxe máis alta de persoas presentan unha antigüidade inferior a medio ano son Castela-A Mancha (27,3%), Aragón (22,2%) e Andalucía (21,6%). Polo contrario, entre as persoas que traballan en Extremadura (12,5%), Andalucía (8,1%) e Illas Canarias (5,7%) son máis frecuentes os intervalos de antigüidade superior a 20 anos.

As Comunidades Autónomas con máis porcentaxes de titulados/as con tempos de permanencia inferiores a un ano son Aragón (33,3%), Illas Baleares (32,0%), Castela-A Mancha (31,8%) e Castela e León (31,6%); entre 1 e 2 anos de antigüidade destacan A Ríoxa (25,0%), Cantabria (21,4%), Cataluña (16,0%) e Navarra (13,6%) e entre 2 e 5 anos a Rexión de Murcia (40,0%), País Valenciano (37,1%), Aragón (33,3%), Illas Baleares (28,0%) e Andalucía (27,0%).


4.2.8.4.2 Provincias

O Anexo 89 mostra o tempo de antigüidade no posto de traballo das persoas que traballan nas provincias españolas, quer por tempos medios (meses), quer por intervalos.

4.2.8.4.3 Cidades representativas

Tal como mostra a gráfica nº130, os titulados que traballan en Bilbao, Sevilla, Ponferrada, Madrid, Valladolid e Valencia presentan os tempos máis altos de permanencia no seu posto de traballo contra os mínimos de Palma de Maiorca, Xetafe, Barcelona, Xixón e Pamplona.

Gráfica nº130: Tempo medio de antigüidade (en meses) nas cidades representativas españolas



O Anexo 90 mostra o tempo de antigüidade no posto de traballo das persoas que traballan nas cidades representativas españolas, quer por tempos medios (meses), quer por intervalos.

4.2.8.5 Persoas que traballan no resto do mundo

4.2.8.5.1 Países estranxeiros

Os tempos máis altos de permanencia no posto de traballo actual prodúcense entre as persoas tituladas que traballan en Luxemburgo (127,667 meses/10,639 anos), Finlandia (111,000 meses/9,250 anos), Singapur (110,000 meses/9,167 meses) e Indonesia (105,000 meses/8,750 anos) contra os mínimos de Hungría (4,000 meses), Bolivia (8,333 meses), India (11,000 meses), Grecia (14,000 meses) e Perú (16,250 meses).

O Anexo 91 mostra o tempo de antigüidade no posto de traballo das persoas que traballan nos países estranxeiros, quer por tempos medios (meses), quer por intervalos.

4.2.8.5.2 Cidades representativas

Os tempos máis altos de permanencia prodúcense entre as persoas que traballan en Bruxelas, París e Berlín contra os mínimos de Buenos Aires, Munique e Dublín.

O Anexo 92 mostra o tempo de antigüidade no posto de traballo das persoas que traballan nas cidades representativas estranxeiras, quer por tempos medios (meses), quer por intervalos (%).

4.3 Modalidade de contratación e tipoloxía de contrato

4.3.1 Global

Como se pode conferir no cadro nº43, a maioría das persoas tituladas (88,2%) que responderon á enquisa traballaba por conta allea contra o 11,8% que o fai por conta propia.

No tocante ao tipo de contrato que presentaban as persoas tituladas inquiridas que traballan por conta allea (quer nunha empresa/organización privada, quer para a administración pública), o 59,7% tiña un contrato indefinido. En segunda posición áchanse as persoas tituladas con contratos eventuais ou temporais (22,4%) e, a máis distancia, os bolseiros/as (3,0%) e as persoas en prácticas (2,6%). Un 0,3% presenta outra modalidade de contrato e un 0,1% manifestou estar a traballar sen contrato.

Cadro nº43: Modalidade de contratación e tipo de contrato por conta allea

Modalidade de contratación	%	Tipo de contrato	%
Conta propia	11,8		
Conta allea	88,2	Indefinido	59,7
		Eventual	22,4
		Bolsa	3,0
		En prácticas	2,6
		Sen contrato	0,1
		Outro	0,3

4.3.1.1 Evolución quinquenal

A porcentaxe de persoas que traballan por conta propia mantense practicamente constante por volta do 12%, con oscilacións entre o 12,1% e 12,9% durante os catro primeiros quinquenios. Porén, no período 2011-15 esta modalidade de contratación tomba até o 10,4%.


A proporción de persoas por conta allea cun contrato de duración indefinida manifesta unha tendencia decrecente en todo o período avaliado, descendo de máis a menos antigüidade. Así sendo, é maioritario nas persoas tituladas entre 1990-2010 (pasando dun máximo de 76,3% no período 1990-05 a 58,0% no quinquenio 2006-10). No entanto, no período 2011-15 este tipo de contrato representa o 41,2% das persoas que traballan.

O contrato eventual, temporal ou de duración definida manifesta unha tendencia crecente en toda a secuencia histórica, alcanzando as porcentaxes máis altas nos períodos máis recentes. Destarte, oscila entre un mínimo de 10,5% entre as persoas que completaron os seus estudos universitarios no período 1990-95 e o 32,0% entre os que acabaron en 2011-15.

O resto de categorías (bolsas e contrato en prácticas) só afectan ás persoas tituladas que completaron os seus estudos na última década do período avaliado, alcanzando valores superiores no quinquenio máis recente. Así sendo, a porcentaxe de persoas que traballan como bolseiras pasa de 1,9% entre 2006-10 a 8,2% entre 2011-15 e a modalidade en prácticas de 1,3% a 7,8% nos mesmos períodos.

A ausencia de contrato apenas está presente entre os titulados de 1990-95 e 2011-15 (0,2% en ambos casos).

Gráfica nº131: Evolución quinquenal da modalidade de contratación e tipo de contrato por conta allea (%)




4.3.1.2 Evolución anual

O Anexo 93 mostra o cadro de datos da evolución anual da modalidade de contratación e tipo de contrato por conta allea.

4.3.1.3 Análise por xénero

A modalidade de contratación e o tipo de contrato mostra relacións de dependencia estatística ($p\text{-valor} \leq 0,05$) entre mulleres e homes debido ás diferenzas nas porcentaxes de contrato indefinido (64,6% dos homes e 55,8% de mulleres) que se traducen especialmente en diferenzas nas porcentaxes de contratos eventuais (26,2% de mulleres contra 17,8% de homes). A porcentaxe de homes que traballan por conta propia (12,4%) é levemente superior á de mulleres (11,4%). No resto de categorías as mulleres presentan proporcións levemente máis elevadas en bolsas e en prácticas (3,1% en ambos casos contra o 2,8% e 2,1% de homes, respectivamente). Finalmente, a ausencia de contrato sómente está presente entre os homes (0,1%).

Gráfica nº132: Modalidade de contratación e tipo de contrato por conta allea segundo o xénero



4.3.1.4 Análise por ámbitos académicos

Por ámbitos académicos existen diferenzas estatisticamente significativas ($p\text{-valor} \leq 0,05$) na modalidade de contratación e tipo de contrato por conta allea.

En relación ao traballo por conta propia é significativa a maior porcentaxe existente entre as persoas tituladas dos ámbitos Multidisciplinar (27,3%) e de Arte e Humanidades (23,1%), seguido, a máis distancia, polo Xurídico-Social (12,3%), Tecnolóxico (8,8%), o Científico e as Ciencias da Saúde (8,0% ambos).

A categoría de contrato indefinido é maioritaria entre as persoas tituladas dos ámbitos Tecnolóxico (67,0%), Xurídico-Social (61,2%) e Científico (50,2%), seguidos de perto por Ciencias da Saúde (46,7%), Arte e Humanidades (45,5%) e, a máis distancia, o Multidisciplinar (33,8%).


O contrato eventual afecta en maior proporción ás persoas tituladas da rama das Ciencias da Saúde (40,9%) e Científica (32,3%), seguidos pola Multidisciplinar (27,3%), Arte e Humanidades (24,7%), Xurídico-Social (21,6%) e, cun valor mínimo, pola Tecnolóxica (17,5%).

A modalidade de bolsa afecta notabelmente ás persoas tituladas do ámbito Científico (7,6%) e Multidisciplinar (6,5%) e, en menor medida, ás Ciencias da Saúde (0,5%), Xurídico-Social (1,9%), Tecnolóxico (3,3%) e de Arte e Humanidades (4,3%).

A categoría en prácticas oscila entre os valores máximos do Tecnolóxico (3,2%), Xurídico-Social e Multidisciplinar (2,6% ambos) e os valores máis baixos do Científico (1,4%), Ciencias da Saúde (2,1%) e Arte e Humanidades (2,2%).

A ausencia de contrato, cun 2,6%, apenas está presente entre as persoas tituladas do ámbito Multidisciplinar.

Gráfica nº133: Modalidade de contratación e tipo de contrato por conta allea segundo ámbitos académicos



4.3.1.5 Análise por tipoloxía de estudos

Por tipoloxía de estudos, existen relacións de dependencia estatística ($p\text{-valor}\leq 0,05$) relacionadas co tempo decorrido desde que se completaron os estudos.

Salvo as persoas tituladas en Mestrados Universitarios (45,6%) e Graos (31,8%) que son estudos de implantación máis recente, a categoría contractual maioritaria é a indefinida, oscilando entre un máximo de 72,3% e de 65,9% entre os que completaron Enxeñarías Superiores e Técnicas, respectivamente, seguidos por Diplomaturas (60,8%) e Licenciaturas (59,5%). No caso das persoas que realizaron Títulos Propios ascende a 78,3%.

En consecuencia, as titulacións de implantación máis recente como os Graos (33,0%) e Mestrados (28,2%), presentan as taxas máis elevadas de contrato eventual, seguidas polas Diplomaturas (27,6%), Licenciaturas (20,3%), Enxeñarías Técnicas (18,8%) e Enxeñarías Superiores (15,0%).


A categoría de bolsas só rexistra unha porcentaxe notábel entre os que realizaron Graos (12,2%), contra os valores inferiores presentes en Diplomaturas (0,4%), Enxeñarías Superiores e Técnicas (2,3% ambos), Licenciaturas (2,8%), Títulos Propios (4,3%) e Mestrados (4,4%).

De forma paralela, os contratos en prácticas presentan porcentaxes máis altas entre os titulados/as en Graos (12,2%) que en Diplomaturas (1,2%), Licenciaturas (1,5%), Enxeñarías Técnicas (2,0%), Mestrados (2,5%) e Enxeñarías Superiores (2,8%).

A realización de traballo sen contrato só afecta ás persoas que realizaron Mestrados (0,4%) e Diplomaturas (0,1%).

A proporción de persoas que traballan por conta propia é máis elevada entre os titulados/as que completaron Mestrados (18,7%) e Licenciaturas (15,7%) que entre as que realizaron unha Enxeñaría Técnica (7,4%), Diplomatura (9,1%), Grao (10,6%) e Enxeñaría Superior (7,4%).

Gráfica nº134: Modalidade de contratación e tipo de contrato por conta allea segundo a tipoloxía de estudos



4.3.1.6 Análise por titulación

4.3.1.6.1 Traballo por conta propia

Por titulacións, presentan unha proporción de modalidade de contratación por conta propia que duplica a media global (11,8%) as persoas que completaron os graos en Dereito (41,7%) e en Estudos de Galego e Español (40,0%), Licenciatura en Dereito (39,2%), Grao e Licenciatura en Belas Artes (33,9% e 32,3%, respectivamente), Diplomatura en Fisioterapia (31,8%), Licenciatura en Tradución e Interpretación (29,8%), graos en Fisioterapia (25,5%) e en Comunicación Audiovisual (25,0%) e Licenciatura en Dereito Económico-Empresarial (22,9%).

Non traballan por conta propia a totalidade dos graduados/as en Bioloxía, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Ciencias do Mar, Economía, Enxeñaría Agraria, Enxeñaría da Enerxía, Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática, Enxeñaría en

Organización Industrial, Enxeñaría en Química Industrial, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, Enxeñaría Informática, Enxeñaría Mecánica, Linguas Estranxeiras, Química, Relacións Laborais e Recursos Humanos e en Xeografía e Historia. Con porcentaxes baixas sitúanse a Diplomatura en Traballo Social (1,2%), Grao en Enfermaría (2,1%), Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (2,3%), Licenciatura en Filoloxía Hispánica (2,7%), Diplomatura en Enfermaría (2,8%), Diplomatura en Xestión e Administración Pública (3,2%), Licenciatura en Psicopedagogía (3,5%), Enxeñaría en Informática (3,9%), Grao en Administración e Dirección de Empresas (4,1%) e Licenciatura en Ciencias do Mar (4,3%).

4.3.1.6.2 Contrato Indefinido

O contrato indefinido alcanza valores superiores ao 70% entre as persoas que completaron a Licenciatura de Ciencias Económicas e Empresariais, tanto na Sección de Empresariais (82,1%) como na de Económicas (81,3%), seguido pola Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (80,5%), Enxeñaría de Telecomunicación (79,7%), Diplomatura en Xestión e Administración Pública (77,4%) Grao en Dirección e Xestión Pública (76,5%), Licenciatura en Economía (75,0%), Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (71,4%), Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas (70,5%), Diplomatura en Relacións Laborais (70,1%) e Enxeñaría Industrial (69,5%).

Polo contrario, non obtivo esta categoría contractual nengunha persoa que completou os graos en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Ciencias do Mar, Enxeñaría Agraria, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Química e Estudos de Galego e Español. Entre as titulacións cunha porcentaxe de traballadores/as que desfrutaban de contratos indefinidos inferior ao 30% están os graduados/as en Educación Social (11,1%), Comunicación Audiovisual (12,5%), Enxeñaría da Enerxía, Enxeñaría en Organización Industrial e Traballo Social (14,3% cada unha), Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais e Ciencias Ambientais (16,7% ambas), Consultoría e Xestión da Información (20,0%), Tradución e Interpretación (20,6%), Enxeñaría Mecánica (21,7%), Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (23,1%), Enxeñaría Informática (25,0%), Educación Primaria (25,6%), Educación Infantil (25,8%), Belas Artes (27,1%), Linguas Estranxeiras (27,3%), Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática e en Enxeñaría Forestal (28,6% ambas).

As titulacións en proceso de extinción cunha proporción de traballadores indefinidos inferior ao 50% das persoas inquiridas son as licenciaturas en Comunicación Audiovisual (37,8%) e Tradución e Interpretación (40,7%), Enxeñaría Técnica Forestal (42,7%), Diplomatura en Fisioterapia (45,5%), Diplomatura en Enfermaría e as licenciaturas en Belas Artes e en Bioloxía (46,6% cada unha) e a Licenciatura en Filoloxía Galega (47,1%).

4.3.1.6.3 Contrato Eventual

As titulacións cunha taxa de traballo eventual/temporal que duplica á media global (22,4%), salvo as diplomaturas en Enfermaría (46,2%) e Turismo (45,2%), son os graos en Traballo Social (78,6%), Educación Social (66,7%), Educación Infantil (58,1%), Educación Primaria (53,8%), Enxeñaría Agraria, Enxeñaría Forestal e Enfermaría (50,0% cada unha) e Tradución e Interpretación (47,1%).

Polo contrario, as porcentaxes máis baixas teñen lugar entre as persoas tituladas nos graos en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría Eléctrica e en Xeografía e Historia (0,0% cada unha), seguidos pola Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais - Sección Empresariais (4,3%), graos en Dirección e Xestión Pública (5,9%) e en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (7,7%), Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas (8,0%), Grao e Licenciatura en Dereito (8,3% e 8,6%, respectivamente), graos en Ciencias do Mar e en Enxeñaría en Química Industrial (11,1% ambos).

4.3.1.6.4 Bolsas

Traballan como bolseiras a maioría de persoas graduadas en Química (71,4%), Ciencias do Mar (56,6%), Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais e Enxeñaría Agraria (50,0% cada unha), seguidos polas graduadas en Enxeñaría da Enerxía (42,9%), Enxeñaría Eléctrica e Estudos de Galego e Español (40,0% ambos), Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (38,5%), Enxeñaría Mecánica (34,8%), Enxeñaría en Química Industrial e Ciencias Ambientais (33,3% ambas), Enxeñaría en Organización Industrial e Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (28,6% ambas), Comercio (25,0%) e Consultoría e Xestión da Información (20,0%).

As titulacións en proceso de extinción con máis porcentaxe de persoas que traballan como bolseiras son as licenciaturas en Filoloxía Galega (11,8%), Filoloxía Hispánica (8,1%), Ciencias do Mar (7,5%), Bioloxía (7,3%) e Enxeñaría Técnica Agrícola (5,0%).

4.3.1.6.5 Contrato en prácticas

Como acontece coas bolsas, esta categoría contractual está ligada a unha incorporación recente ao mercado de traballo (Graos). Así sendo, traballan en prácticas a totalidade das persoas graduadas en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos ben como metade das que completaron o Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos. A seguir, áchanse os graduados/as en Enxeñaría en Organización Industrial (42,9%), Economía (35,3%), Enxeñaría Informática (33,3%), Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (30,8%), Enxeñaría da Enerxía (28,6%), Administración e Dirección de Empresas (22,7%), Ciencias do Mar (22,2%), Consultoría e Xestión da Información e en Enxeñaría Eléctrica (20,0% ambos).

Entre as titulacións xa extintas ou en proceso de extinción con presenza de traballadores afectados por esta categoría laboral áchanse as diplomaturas en Turismo (6,5%) e en Traballo Social (5,8%), Enxeñaría de Minas (4,5%), licenciaturas en Comunicación Audiovisual (4,4%) e Física (3,6%), Enxeñaría Industrial (3,2%), Enxeñaría en Informática (3,1%) e Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (3,0%).

4.3.1.6.6 Sen contrato

A ausencia de relación contractual apenas afecta a persoas tituladas na Licenciatura de Ciencias da Actividade Física e do Deporte (1,0%) e na Diplomatura de Mestre/a (0,4%).

O Anexo 94 mostra a distribución porcentual da modalidade de contratación e tipo de contrato por conta allea segundo a titulación.


4.3.1.7 Análise por lugar de traballo

No tocante ao lugar de traballo, os resultados mostrados polas persoas que traballan en Galicia permiten deducir a existencia de diferenzas significativas ($p\text{-valor} \leq 0,05$) en relación á modalidade de contratación e tipoloxía de contrato.

Así sendo, é significativa a menor proporción de persoas con contrato indefinido en Galicia (58,3%) contra o 68,2% noutras Comunidades Autónomas e 64,8% no resto do mundo que se traducen nunha porcentaxe máis alta de persoas con contrato eventual (22,9%) contra o 19,3% doutras Comunidades Autónomas e 19,9% do resto do mundo. Aliás, en Galicia é máis alta a proporción de persoas que traballan por conta propia (12,8%) contra a porcentaxe doutras Comunidades Autónomas (7,1%) e do resto do mundo (7,7%).

No resto de categorías é notábel a proporción máis elevada de persoas que traballan como bolseiras no resto do mundo (4,9%) contra o 2,7% doutras Comunidades Autónomas e 2,8% de Galicia. Polo contrario, a proporción de contratos en prácticas en Galicia (2,8%) e noutras Comunidades Autónomas (2,6%) supera á do resto do mundo (1,7%). A ausencia de relacións contractuais só se detecta entre as persoas que traballan no resto do mundo (0,4%).

Gráfica nº135: Modalidade de contratación e tipo de contrato por conta allea segundo o lugar do traballo



4.3.1.8 Análise por tempo de antigüidade no posto de traballo

4.3.1.8.1 Tempo medio de antigüidade (en meses)

O tempo de permanencia no traballo actual, tal como mostra o cadro nº44, está ligado ao tipo de contrato, de xeito que será maior canto máis estábel for a categoría contractual. Así sendo, o

tempo medio de permanencia dunha persoa que traballa con contrato indefinido é superior ao que o fai por conta propia como tamén o é o desta última a respecto de quen ten un contrato eventual, bolsa o en prácticas.

Cadro nº44: Tempo medio de antigüidade (en meses) no posto de traballo segundo o tipo de contrato

Contrato	tm (meses)	tm (ano)	Desviación típica
Propia	67,297	5,608	68,639
Indefinido	105,522	8,793	79,317
Eventual	32,623	2,719	42,090
Bolsa	12,409	1,034	14,040
En prácticas	10,740	0,895	8,642
Sen contrato	85,000	7,083	46,230
Outro	70,333	5,861	57,173
Total	77,457	6,455	76,216

4.3.1.8.2 Tempo de antigüidade por intervalos

A contratación indefinida é maioritaria a partir dunha antigüidade superior a 2 anos no posto de traballo, seguindo unha tendencia progresivamente crecente desde o 58,0% entre os 2-5 anos até o 91,8% das persoas cunha permanencia no seu traballo superior a 20 anos. Cun 41,5%, é a principal categoría contractual entre as persoas cunha antigüidade comprendida entre 1 e 2 anos. Polo contrario, a súa frecuencia decrece nos intervalos de menos antigüidade até alcanzar o 21,6% dos contratos das persoas con menos de 6 meses de antigüidade.


O contrato eventual é a principal categoría nos intervalos de menos antigüidade, alcanzando valores do 49,4% nas persoas con menos de seis meses e de 41,2% entre 6 e 12 meses. Diminúe progresivamente conforme aumentar o tempo de permanencia, pasando do 31,6% (intervalo entre 1 e 2 anos) até porcentaxes inferiores a 5% a partir dos 10 anos de antigüidade.

As bolsas constitúen unha categoría contractual presente nos tramos de menos antigüidade, alcanzando somente valores notábeis do 10,8% no intervalo inferior a 6 meses e de 8,1% entre os 6 e 12 meses. A partir do primeiro ano decai até a metade (4,1%) e desaparece totalmente a partir dos 10 anos.

De forma similar ás bolsas, o contrato en prácticas é unha categoría que só está presente nos intervalos de menos antigüidade (media de 7,5% con antigüidade inferior a 2 anos), desaparecendo a partir dos 5 anos.

Finalmente, a modalidade de contratación por conta propia non mostra unha grande elasticidade en función do tempo de antigüidade, alcanzando porcentaxes superiores a 10% nos tramos de permanencia inferiores a 5 anos. As máximas porcentaxes prodúcense nos intervalos de 2-5 anos (16,3%) e de 1-2 anos (15,7%) contra o mínimo de 6,7% no intervalo superior a 20 anos no seu posto de traballo.


Gráfica nº136: Modalidade de contratación e tipo de contrato segundo o tempo de antigüidade por intervalos



4.3.1.9 Análise segundo realización de doutoramento

Tal como mostra a gráfica nº137, as persoas tituladas que completaron os estudos de doutoramento presentan máis proporción de contratos de duración definida (31,7% contra 21,9%) e bolsas (3,6% contra 2,9%). Polo contrario, aquelas que carecen deste título académico posúen porcentaxes máis altas de contratos indefinidos (60,0% contra 54,3%), en prácticas (2,8% contra 0,2%) ou traballan por conta propia (12,0% contra 9,6%).

Gráfica nº137: Modalidade de contratación e tipo de contrato segundo a realización de doutoramento



4.3.2 Traballo por conta allea

Para analizar a tipoloxía de contrato das persoas que traballan por conta allea é necesario considerar se o traballo é realizado nunha empresa ou organización privada ou para a administración pública.

Como se pode observar no cadro nº45, a maioría das persoas tituladas traballa por conta allea na empresa privada (70,6%) contra o 29,4% que traballa para a administración pública.

Cadro nº45: Modalidade de contratación por conta allea

Modalidade de contratación	%
Traballo nunha empresa/organización privada	70,6
Traballo para a administración pública	29,4

En cada caso, a efectos de análise, foron consideradas tipoloxías de contratación distintas que poden ser agrupadas globalmente como contrato indefinido e eventual. O cadro nº46 mostra a distribución de categorías e subcategorías de contrato en función de se o traballo por conta allea é realizado nunha empresa privada o na función pública.

Cadro nº46: Categorías de contrato segundo a modalidade de contratación por conta allea

Tipo de contrato	Empresa privada	Administración pública
Indefinido	Indefinido	Funcionariado de carreira Persoal fixo ou indefinido
Eventual	Temporal Por obra/servizo	Funcionariado interino Persoal eventual/temporal Por obra/servizo
En prácticas		
Bolsa		

4.3.2.1 Traballo nunha empresa/organización privada

A maioría de persoas tituladas (71,6%) traballa nunha empresa/organización privada o entidade sen ánimo de lucro cun contrato de duración indefinida. Os titulados/as cun contrato de duración definida (21,9%) divídense case por igual entre temporais (11,7%) e por obra ou servizo (10,2%). No 6,5% restante, a máis distancia, áchanse os titulados/as en prácticas (4,0%), con bolsa (2,2%) e sen contrato (0,1%). Entre as outras categorías de contrato (0,2%) áchanse modalidades contractuais como a de relevo.

Cadro nº47: Tipo de contrato nunha empresa privada

Tipo de contrato	%
Indefinido	71,6
Temporal	11,7
Por obra/servizo	10,2
En prácticas	4,0
Bolsa	2,2
Sen contrato	0,1
Outro	0,2


4.3.2.1.1 Evolución quinquenal

O contrato indefinido presenta un descenso continuado en todo o período avaliado, pasando de 91,6% nas persoas tituladas entre 1990-95 a 49,0% entre 2011-15, evolución que se traduce no incremento das modalidades eventuais que pasan dun mínimo de 8,0% entre 1990-95 a un máximo de 34,4% entre 2011-15.

Dentro das modalidades eventuais, as porcentaxes do contrato por obra ou servizo superan ao temporal entre 1990-2010, período en que este último alcanza 20,7% contra 13,7% do primeiro.

Os contratos en prácticas e bolsas somente alcanzan valores notábeis entre as persoas tituladas entre 2011-15, co 10,3% e 5,8%, respectivamente.

Gráfica nº138: Evolución quinquenal do tipo de contrato por conta allea na empresa privada




4.3.2.1.2 Evolución anual

O Anexo 95 mostra o cadro de datos da evolución anual do tipo de contrato por conta allea na empresa privada.

4.3.2.1.3 Análise por xénero

Por xéneros obsérvase que os homes presentan unha maior proporción de contratos de traballo por tempo indefinido (75,9% contra 67,5% das mulleres). En consecuencia desta diferenza significativa (p -valor \leq 0,05), entre as mulleres existe unha maior proporción de modalidades de contratación eventual (11,0% de contratos por obra/servizo contra 9,3% de homes e 14,3% de contratos temporais contra 9,1%) ou en prácticas (4,9% contra 2,9%). Porén, as bolsas están máis estendidas entre os homes (2,6%) que entre as mulleres (1,9%).

Gráfica nº139: Tipo de contrato por conta allea na empresa privada segundo o xénero



4.3.2.1.4 Análise por ámbitos académicos


Como se pode constatar na gráfica nº140, existen diferenzas estatisticamente significativas entre os ámbitos académicos. Estas diferenzas son debidas fundamentalmente ás desiguais proporcións de incidencia de contratos indefinidos que, aínda sendo a categoría maioritaria en todos os ámbitos, presenta niveis máis altos entre as persoas tituladas na Tecnolóxica (75,7%) e Xurídico-Social (71,0%), que a Multidisciplinar (54,1%), Arte e Humanidades (59,7%), Ciencias da Saúde (66,0%) e Científica (68,2%).

O contrato por obra ou servizo presenta entre as persoas tituladas dos ámbitos Multidisciplinar (18,9%), Arte e Humanidades (16,6%) e Científico (13,3%) porcentaxes superiores á das Ciencias da Saúde (7,8%), Xurídico-Social (8,8%) e Tecnolóxico (9,9%).

A presenza de contratos temporais alcanza valores notábeis entre as persoas tituladas do ámbito das Ciencias da Saúde (20,9%) e Arte e Humanidades (18,8%), seguido polo Multidisciplinar (16,2%), Xurídico-Social (14,0%) e Científico (13,0%). A máis distancia, co 7,1%, áchase o ámbito Tecnolóxico.

O contrato en prácticas oscila entre un máximo de 5,2% nas Ciencias da Saúde e un mínimo de 2,7% no Científico mentres que as bolsas están máis estendidas no Tecnolóxico (3,3%) que nas Ciencias da Saúde (0,0%).

Gráfica nº140: Tipo de contrato por conta allea na empresa privada segundo ámbitos académicos



4.3.2.1.5 Análise por tipoloxía de estudos

O contrato indefinido é maioritario segundo o tipo de titulación, salvo nos Graos (34,7%), de implantación máis recente. Así sendo, nas titulacións de ciclo longo, a porcentaxe de persoas tituladas que traballan como indefinidas das Enxeñarías Superiores (80,8%) supera á das Licenciaturas (75,2%) e, nas de ciclo curto, a das Enxeñarías Técnicas (75,6%) é maior que a das Diplomaturas (73,4%). A proporción de contratos indefinidos entre as persoas tituladas en Mestrados e Títulos Propios é do 60,4% e 83,3%, respectivamente.


En consecuencia, as modalidades definidas de contratación alcanzan os valores máis altos entre as persoas tituladas en Graos (38,3%) e Mestrados (31,0%) seguidos polas Diplomaturas (23,4%), Licenciaturas (21,3%), Enxeñarías Técnicas (19,5%), Enxeñarías Superiores (14,0%) e Títulos Propios (16,7%).

Entre as modalidades eventuais, destaca a porcentaxe de persoas tituladas en Graos con contratos temporais (29,8%) contra Enxeñarías Técnicas (6,3%) e Superiores (6,4%), Licenciaturas (10,5%), Diplomaturas (13,7%), Títulos Propios (16,7%) e Mestrados (17,3%). Relativamente aos contratos por obra ou servizo é notábel a porcentaxe existente entre titulados en Enxeñarías

Técnicas (13,2%), Mestrados (13,7%) e Licenciaturas (10,8%) por en cima de Enxeñaría Superiores (7,6%), Graos (8,5%) e Diplomaturas (9,7%).

Igualmente, debido á súa recente implantación, as persoas tituladas en Graos presentan os valores máximos de contratos en prácticas e bolsas (16,1% e 10,7%, respectivamente).

Gráfica nº141: Tipo de contrato por conta allea na empresa privada segundo a tipoloxía de estudos



4.3.2.1.6 Análise por titulacións

4.3.2.1.6.1 Contrato indefinido

As porcentaxes máis altas de contratos indefinidos na empresa privada prodúcense entre as persoas que completaron o Grao de Dirección e Xestión Pública (100,0%), Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais tanto na Sección de Empresariais (96,6%) como na de Económicas (94,0%), Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión e Enxeñaría de Telecomunicación (86,0% ambas), diplomaturas en Fisioterapia (84,2%) e en Ciencias Empresariais (83,8%), Enxeñaría en Informática (82,6%), licenciaturas en Administración e Dirección de Empresas (82,5%), Dereito

Económico-Empresarial (82,3%), Economía (82,2%) e en Química (81,3%), Diplomatura en Xestión e Administración Pública e Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (80,0% ambas).

4.3.2.1.6.2 Modalidades eventuais

As máis altas porcentaxes de contratos eventuais danse principalmente entre as persoas que completaron graos, cunha incidencia maioritaria entre os graduados/as en Traballo Social (91,7%), Educación Social (84,6%), Educación Infantil (84,2%), Educación Primaria (62,1%), Tradución e Interpretación (59,3%) ben como en Enxeñaría Forestal, Enxeñaría Agraria, Ciencias Ambientais, Estudos de Galego e Español e Química (50,0% cada un).

As titulacións en extinción con proporcións máis elevadas de traballo eventual na empresa privada son a Licenciatura en Psicopedagogía (45,8%), Diplomatura en Turismo (43,5%), licenciaturas en Historia (40,0%) e en Comunicación Audiovisual (37,9%), Enxeñaría Técnica Forestal (37,7%), Licenciatura en Física (36,4%), Diplomatura en Educación Social (36,1%) e Licenciatura en Tradución e Interpretación (36,0%).

Contrato temporal

Os contratos temporais son maioritarios entre as persoas que completaron os graos en Educación Social (76,9%), Educación Infantil (63,2%), Traballo Social (58,3%), Educación Primaria (51,7%), ben como en Ciencias Ambientais, Enxeñaría Agraria, Estudos de Galego e Español e en Química (50,0% cada un).

Duplican a media de contratos temporais na empresa privada (11,7%) as persoas que completaron os graos de Tradución e Interpretación (40,7%), Ciencias da Actividade Física e do Deporte (40,0%), Diplomatura en Turismo (39,1%), ben como os graos en Comunicación Audiovisual (36,4%), Bioloxía (33,3%), Enfermaría (32,0%), Belas Artes (31,3%), Administración e Dirección de Empresas (30,5%), Turismo (30,0%), Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (28,6%), Enxeñaría Forestal, Linguas Estranxeiras, Dereito e Ciencias do Mar (25,0% cada unha).

As titulacións en extinción con porcentaxe máis alta de titulados/as temporais na empresa privada son as licenciaturas en Psicopedagogía (22,9%), Tradución e Interpretación (22,8%) e en Bioloxía (19,8%) e Diplomatura en Enfermaría (19,4%).

Contrato por obra/servizo

O contrato por obra ou servizo presenta porcentaxes notábeis entre os titulados/as na Licenciatura de Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas (36,4%), Enxeñaría de Telecomunicación e Licenciatura en Física (28,6% ambas), Licenciatura en Filoloxía Inglesa (26,7%), Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática e Licenciatura en Filoloxía Galega (25,0% ambas), Grao en Ciencias do Mar (22,9%), Grao en Educación Infantil e Enxeñaría en Informática (21,1% ambos), Licenciatura en Comunicación Audiovisual (20,8%) e Diplomatura en Mestre/a (20,7%).

Contrato en prácticas

As porcentaxes máis elevadas de persoas tituladas en prácticas prodúcense nos graos de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (100,0%), Ciencias do Mar e Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (50,0%), Enxeñaría en Organización Industrial (42,9%), Enxeñaría Informática (40,0%), Economía (35,3%), Enxeñaría das Tecnoloxías de Telecomunicación (33,3%), Enxeñaría da Enerxía (28,6%), Comunicación Audiovisual (27,3%), Administración e Dirección de Empresas (26,8%), Consultoría e Xestión da Información, Linguas Estranxeiras e Enxeñaría Eléctrica (25,0% cada un). Entre as titulacións en extinción destacan as porcentaxes da Licenciatura en Física e Diplomatura en Traballo Social (9,1% ambas), Diplomatura en Turismo (8,7%), Licenciatura en Comunicación Audiovisual (6,9%), Enxeñaría de Minas (5,8%), ben como as licenciaturas en Filoloxía Hispánica (5,3%), Dereito Económico-Empresarial (5,1%) e en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (5,0%).

Bolsas

Traballan como bolseiros/as na empresa privada metade das persoas graduadas en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, Química, Enxeñaría Agraria e Estudos de Galego e Español, ben como en Enxeñaría da Enerxía (42,9%), Enxeñaría Mecánica (38,1%), Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (33,3%), Enxeñaría en Organización Industrial, Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática e en Comercio (28,6% cada unha), Ciencias do Mar e Ciencias Ambientais (25,0% ambas) e Enxeñaría Informática (20,0%). Entre as titulacións en extinción destacan os valores da Licenciatura en Comunicación Audiovisual (3,4%), Enxeñaría Industrial (3,1%), Enxeñaría de Minas e Enxeñaría Técnica Industrial (2,9% ambas).

O Anexo 96 mostra a distribución porcentual do tipo de contrato por conta allea na empresa privada segundo a titulación.


4.3.2.1.7 Análise por lugar de traballo

Por lugar de traballo, as empresas privadas situadas no estranxeiro ofrecen ás persoas tituladas da Universidade de Vigo contratos indefinidos en maior proporción (77,7%) ás ofertadas noutras Comunidades Autónomas (75,7%) e en Galicia (70,1%). Portanto, os titulados/as que traballan en Galicia presentan unha taxa de eventualidade (22,9%) superior á doutras Comunidades Autónomas (18,8%) e á do resto do mundo (17,8%).

Entre as modalidades eventuais destaca a maior proporción de contratos temporais existentes no resto do mundo (13,7%) contra o 11,8% de Galicia e 9,6% doutras Comunidades Autónomas. No entanto, os contratos por obra ou servizo están máis estendidos en Galicia (11,1%) que no resto do mundo (4,1%) e noutras Comunidades Autónomas (9,2%).

As persoas que traballan en Galicia tamén presentan as porcentaxes máis elevadas de contratos en prácticas (4,4% contra o 3,5% doutras Comunidades Autónomas e 2,0% do resto do mundo), ben como de bolsas (2,3% contra 2,0% doutras Comunidades Autónomas e do resto do mundo).

Gráfica nº142: Tipo de contrato por conta allea na empresa privada segundo o lugar de traballo



4.3.2.1.8 Análise por antigüidade no posto de traballo

4.3.2.1.8.1 Tempo medio de antigüidade (en meses)


As persoas tituladas con contrato indefinido presentan un tempo medio de permanencia no seu posto de traballo actual (96,075 meses/8,006 anos) superior ao do resto de categorías. O tempo medio dos contratos por obra ou servizo (26,210 meses) é superior ao de temporais (16,229 meses) e o traballo en prácticas (11,148 meses) superior ao das bolsas (7,258 meses).

Cadro nº48: Tempo medio de antigüidade segundo o tipo de contrato

Tipo de contrato	Tm (meses)	Tm (anos)	Desviación típica
Indefinido	96,075	8,006	76,502
Temporal	16,229	1,352	22,044
Por obra/servizo	26,210	2,184	32,915
Bolseiro/a	7,258	0,605	7,915
En prácticas	11,148	0,929	8,438
Sen contrato	85,000	7,083	46,230

4.3.2.1.8.2 Tempo de antigüidade por intervalos

Gráfica nº143: Tipo de contrato segundo o tempo de antigüidade por intervalos



4.3.2.2 Traballo para a administración pública

Entre as persoas tituladas que traballan para a administración pública predominan (58,7%) as tipoloxías de contrato indefinido (42,3% como funcionariado de carreira e 16,4% como persoal fixo ou indefinido) contra as eventuais (33,9%). A máis distancia, a porcentaxe de bolsas (6,1%) é moito superior ás que realizan prácticas (0,6%). Finalmente, un 0,7% está acollido a outras categorías contractuais (estatutario, funcionariado internacional, etc.).

Cadro nº49: Tipos e categorías de contrato na función pública

Tipo	Categoría	%
Indefinido	Funcionariado de carreira	42,3
	Persoal fixo ou indefinido	16,4
Eventual	Funcionariado interino	16,7
	Persoal eventual/temporal	14,0
	Por obra/servizo	3,2
Bolsa		6,1
En prácticas		0,6
Outro		0,8

4.3.2.2.1 Evolución quinquenal


As categorías de contratos indefinidos presentan unha tendencia decrecente no período avaliado, maioritarias entre 1990-95 (83,0%) e 2001-05 (63,0%) comezan a ser minoritarias a partir do quinquenio 2006-06 (39,7%) até un mínimo do 33,0% no último quinquenio. A proporción de contratos eventuais na función pública, polo contrario, presenta unha tendencia crecente desde 1990-95 (15,9%) até alcanzar un máximo de 52,6% entre 2006-10 para retroceder a 41,3% entre 2011-15.

Entre as modalidades indefinidas de contrato, predomina o funcionariado de carreira (maioritario entre as persoas tituladas nos dez primeiros anos) en todos os quinquenios até alcanzar un mínimo de 23,1% entre os titulados en 2011-15. O persoal fixo ou indefinido presenta unha tendencia decrecente, oscilando entre o máximo de 23,3% no primeiro quinquenio a un mínimo de 9,9% no último 2011-15.

O funcionariado interino presenta unha tendencia crecente que oscila entre un mínimo de 9,6% no primeiro quinquenio e un máximo de 24,2% entre 2006-10, decaíndo ao 20,3% no último quinquenio. O persoal eventual ou temporal manifesta unha tendencia semellante á categoría anterior, un tramo crecente desde un mínimo de 4,4% entre os titulados no primeiro quinquenio até 23,7% entre 2006-10, recuando ao 20,3% no último quinquenio. Os contratos por obra ou servizo na administración pública presentan unha tendencia crecente, pasando dun mínimo de 1,9% entre os titulados en 1990-05 até un máximo de 6,2% entre 2011-15.

A porcentaxe de persoas que traballan como bolseiras e en prácticas para a administración pública segue unha evolución crecente, alcanzando valores máximos (23,1% e 1,8%, respectivamente) entre os titulados/as no último quinquenio.

Gráfica nº144: Evolución quinquenal do tipo de contrato por conta allea na función pública



4.3.2.2.2 Evolución anual

O Anexo 97 mostra o cadro de datos da evolución anual do tipo de contrato por conta allea na función pública (%).

4.3.2.2.3 Análise por xénero


Por xéneros existen diferenzas significativas ($p\text{-valor} \leq 0,05$) na distribución da tipoloxía de contratos na administración pública. Así sendo, os homes desfrutaban en maior medida de contratos indefinidos (66,3%) que as mulleres (54,6%), diferenza que se traslada a unha maior proporción de contratos eventuais entre estas (37,6%) contra o 26,9% de homes.

Tanto na categoría de funcionariado de carreira como de persoal fixo/indefinido os homes rexistran máis porcentaxe que as mulleres (48,3% contra 39,1% no primeiro caso e 18,0% contra 15,6% no segundo). En relación ás categorías eventuais, as mulleres presentan, salvo no contrato por obra ou servizo (3,7% de homes contra 2,9% de mulleres), porcentaxes máis altas. Así, existe un

18,5% de mulleres que traballan como funcionariado interino contra 13,4% de homes ou un 16,2% que o fai como persoal eventual/temporal contra 9,8% de homes.

Nas outras categorías contractuais, se ben existe máis proporción de mulleres que traballan como bolseiras (6,5% contra 5,4%), no contrato en prácticas rexístrase unha maior presenza masculina (0,7% contra 0,6% de mulleres)

Gráfica nº145: Tipo de contrato por conta allea na función pública segundo o xénero



4.3.2.2.4 Análise por ámbitos académicos


Por ámbitos académicos existen diferenzas significativas no perfil contractual das persoas que traballan para a administración. As modalidades indefinidas de contratación son maioritarias nos ámbitos Xurídico-Social (67,4%), Tecnolóxico (60,3%) e Arte e Humanidades (58,5). Polo contrario, son minoritarias no Multidisciplinar (31,6%), Científico (36,3%) e Ciencias da Saúde (41,3%), que presenta a taxa máis alta de eventualidade (54,3%).

Dentro das modalidades indefinidas de contratación, o funcionariado de carreira só é maioritario entre os titulados do ámbito Xurídico-Social (53,4%), seguido por Arte e Humanidades (43,8%) e Tecnolóxico (40,9%), alcanzando 14,6% en Ciencias da Saúde e 22,6% no Científico. No entanto, a maior proporción de persoal fixo ou indefinido dáse en Ciencias da Saúde (26,7%) e o mínimo no Científico (13,7%). No resto de ámbitos oscila entre o 19,4% do Tecnolóxico, 14,7% de Arte e Humanidades e 14,0% do Xurídico-Social.

No que di respecto das modalidades eventuais, os titulados do ámbito de Ciencias da Saúde presentan os máximos de funcionariado interino (21,5%) e de persoal eventual/temporal (31,6%). Os contratos por obra ou servizo do ámbito Científico (10,1%) e Tecnolóxico (6,6%) superan amplamente aos de Arte e Humanidades (0,9%), Ciencias da Saúde (1,2%) e Xurídico-Social (1,5%).

A máxima proporción de bolsas ten lugar nos ámbitos Científico (16,1%) e Arte e Humanidades (14,7%) contra o 0,8% de Ciencias da Saúde. No caso dos contratos en prácticas destaca a porcentaxe do ámbito Multidisciplinar (5,3%) contra o resto, que non atinxen en ningún caso o 1,0%.

Gráfica nº146: Tipo de contrato por conta allea na función pública segundo ámbitos académicos



4.3.2.2.5 Análise por tipoloxía de estudos


Por tipoloxía de estudos, a maioría de persoas tituladas, salvo nos Graos (39,2%) e Mestrados (48,2%), traballan como indefinidas para a administración, sendo superior a proporción entre as Enxeñarías Técnicas (63,3%), Licenciaturas (61,5%), Enxeñarías Superiores (61,1%) e Diplomaturas (59,0%). Entre as persoas que completaron un Título Propio, a proporción de indefinidos é do 80%. A porcentaxe de eventuais oscila entre os máximos dos Mestrados (41,6%) e Diplomaturas (38,6%) e os mínimos de Licenciaturas (29,7%), Enxeñarías Superiores (30,0%), Graos (30,8%) e Enxeñarías Técnicas (31,3%).

A proporción de funcionariado de carreira oscila entre os máximos de Licenciaturas (46,8%), Diplomaturas (42,1%), Enxeñaría Técnica (41,4%) e Enxeñaría Superior (40,0%) e os mínimos en Graos (26,7%) e Mestrados (32,1%). No caso do persoal fixo ou indefinido é significativo a porcentaxe nas Enxeñaría Técnica (21,9%) e Superior (21,1%) contra os Graos (12,5%), Licenciaturas (14,7%), Mestrados (16,1%) e Diplomaturas (16,8%).

Con respecto ás modalidades eventuais de contratación, a proporción de funcionariado interino nas Diplomaturas (23,2%) e Enxeñaría Técnica (18,8%) duplica á das Licenciaturas (11,9%) e Enxeñaría Superior (8,9%). No caso dos Graos, representan o 11,7% das persoas que traballan na función pública e o 19,7% dos Mestrados. O contrato por obra ou servizo presenta valores superiores entre os Títulos Propios (10,0%), Enxeñaría Superior (8,9%) e Mestrados (6,6%) contra o 1,6% de Diplomaturas e 1,7% dos Graos.

As bolsas constitúen porcentaxes significativas entre os titulados/as en Graos (25,8%) e Títulos Propios (10,0%) contra os valores mínimos das Diplomaturas (0,7%) e Enxeñaría Técnica (4,7%). No caso dos contratos en prácticas destaca o 3,3% das persoas que completaron Graos, non alcanzando o 1,0% no resto de titulacións.

Gráfica nº147: Tipo de contrato por conta allea na función pública segundo tipoloxía de estudos



4.3.2.2.6 Análise por titulación

4.3.2.2.6.1 Modalidades de contratos indefinidos

A totalidade de graduados/as en Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría Informática, Fisioterapia, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Traballo Social e en Xeografía e Historia traballan como indefinidos para a administración pública. A seguir sitúanse os licenciados/as en Historia (93,3%), Dereito (91,7%), Ciencias Económicas e Empresariais tanto na Sección de Empresariais (90,6%) como de Económicas (84,8%), Grao en Dirección e Xestión Pública (81,8%), Enxeñaría de Telecomunicación (81,0%), Licenciatura en Psicopedagogía (80,9%), Diplomatura en Dirección e Xestión Pública e Licenciatura en Filoloxía Xermánica (80,0% ambas), Enxeñaría Técnica Industrial (73,1%), Diplomatura en Ciencias Empresariais (71,6%), Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión e Licenciatura en Economía (70,0% ambas).

Nos apartados seguintes son analizados separadamente cada un dos tipos de contrato de duración indefinida existentes na función pública, diferenciando entre o funcionariado de carreira e o persoal fixo/indefinido.

Funcionariado de carreira

Traballan para a administración pública como funcionariado de carreira a totalidade dos graduados/as en Enxeñaría Informática, Fisioterapia, Relacións Laborais e Recursos Humanos e en Xeografía e Historia. Con porcentaxes máis baixas sitúanse os diplomados/as en Xestión e Administración Pública e licenciados/as en Historia (80,0% ambos), licenciaturas en Psicopedagogía (74,2%), Dereito (73,6%) e en Ciencias Económicas e Empresariais - Sección Empresariais (71,9%), Grao en Dereito (66,7%), Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais - Sección Económicas (63,6%), Grao en Dirección e Xestión Pública (63,6%), Diplomatura en Relacións Laborais (60,0%), Licenciatura en Dereito Económico-Empresarial (59,0%), Diplomatura en Mestre/a (55,8%), Enxeñaría de Telecomunicación (55,7%), Licenciatura en Economía (55,0%), Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (53,3%), Enxeñaría Técnica Agrícola (52,9%), licenciaturas en Belas Artes (52,5%) e en Filoloxía Inglesa (51,3%), ben como os graduados/as en Enxeñaría Mecánica e en Publicidade e Relacións Públicas (50,0% ambos).

Persoal fixo/indefinido

As porcentaxes máis altas de titulados/as que traballan para a administración como persoal fixo/indefinido corresponden aos graduados/as en Enxeñaría Eléctrica e Traballo Social (100,0% ambos) e en Educación Social (50,0%), Enxeñaría Técnica Forestal (34,6%), Grao en Enfermaría (33,3%), diplomaturas en Educación Social (31,6%) e en Traballo Social (30,0%).

4.3.2.2.6.2 Modalidades de contratos eventuais

As porcentaxes máis altas de titulados/as cunha modalidade eventual de contratación corresponden á totalidade de diplomados/as en Turismo e aos graduados/as en Bioloxía e Ciencias da Actividade Física e do Deporte. A seguir, en menor proporción, áchanse os graduados/as en Enxeñaría Forestal (71,4%), Enxeñaría Técnica de Telecomunicación e Licenciatura en Física (66,7% ambos), Licenciatura en Comunicación Audiovisual (62,5%), graos en Enfermaría (61,9%) e en Turismo (60,0%), diplomaturas en Fisioterapia (54,5%) e en Enfermaría (53,8%), Enxeñaría de Minas (52,9%) e os graduados/as en Educación Social, Enxeñaría Mecánica e en Enxeñaría Técnica Forestal (50,0% cada un).

Seguidamente son analizados por separado cada un dos tipos de contrato de duración definida existentes na función pública, diferenciando o funcionariado interino do persoal eventual/temporal e o contrato por obra/servizo.

Funcionariado interino

A proporción máis elevada de funcionariado interino prodúcese entre os graduados/as en Enxeñaría Forestal (57,1%), Licenciatura en Comunicación Audiovisual e Grao en Enxeñaría Mecánica

(50,0% ambos), diplomaturas en Graduado Social (29,4%) e de Mestre/a (26,4%), Licenciatura en Física e Enxeñaría en Informática (25,0% ambos).

Persoal eventual/temporal

A taxa máis alta de persoal eventual ou temporal rexístrase na Diplomatura de Turismo e Grao en Bioloxía (100,0% ambos), seguido polos graduados/as en Enfermaría (52,4%), Educación Social (50,0%), Licenciatura en Química (41,9%), Grao en Turismo (40,0%), Diplomatura en Fisioterapia (36,4%), Grao en Educación Primaria, Enxeñaría Técnica de Telecomunicación e Grao en Linguas Estranxeiras (33,3% cada unha).

Contrato por obra/servizo

En relación ao contrato por obra ou servizo para a administración pública destacan as porcentaxes alcanzadas entre os titulados/as no Grao de Ciencias da Actividade e do Deporte (100,0%) e, a unha distancia considerábel os de Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (33,3%), Licenciatura en Física (25,0%), Enxeñaría de Minas (17,6%), Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (15,4%), Grao en Enxeñaría Forestal (14,3%), Enxeñaría Industrial (13,5%) e Licenciatura en Bioloxía (11,7%).

Bolsas

As bolsas afectan á totalidade dos graduados/as en Ciencias Ambientais, Comunicación Audiovisual, Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, Enxeñaría en Química Industrial, Estudos de Galego e Español e aos de Tradución e Interpretación que traballan na función pública. A seguir, cun 80,0%, os graduados/as en Química e Ciencias do Mar, seguidos polos graos en Belas Artes (71,4%), Linguas Estranxeiras (66,7%), Publicidade e Relacións Públicas (50,0%) e en Turismo (40,0%), Licenciatura en Filoloxía Galega (28,6%), graos en Administración e Dirección de Empresas (27,3%) e en Educación Infantil (20,0%), Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas (19,4%), Enxeñaría de Minas e Enxeñaría Técnica Agrícola (17,6% ambas) e Licenciatura en Bioloxía (15,6%).

Contrato en prácticas

As proporcións máis altas de titulados/as que traballan para a administración pública con contratos en prácticas rexístranse entre os graduados/as en Dereito (33,3%), Educación Primaria (16,7%), Educación Infantil (10,0%) e en Dirección e Xestión Pública (9,1%), seguidos, a máis distancia, por licenciados/as en Publicidade e Relacións Públicas (3,2%), Enxeñaría en Informática (3,1%), licenciaturas en Filoloxía Inglesa (2,6%) e en Tradución e Interpretación (2,3%), Diplomatura en Ciencias Empresariais (1,2%), Licenciatura en Psicopedagogía (1,1%), diplomaturas en Enfermaría (0,5%) e de Mestre/a (0,3%).

O Anexo 98 mostra a distribución porcentual do tipo de contrato por conta allea na función pública segundo a titulación completada.

4.3.2.2.7 Análise por lugar de traballo


Por lugar de traballo destaca a proporción máis alta de titulados/as que traballan como indefinidos para a administración pública noutras Comunidades Autónomas (66,4%) e en Galicia (59,9%) contra o 40,6% do resto do mundo. En consecuencia, entre os traballadores no resto do mundo existe unha proporción máis elevada de traballos eventuais (37,0%) que en Galicia (33,7%) ou noutras Comunidades Autónomas (26,9%).

A maioría (53,8%) de titulados/as que traballan noutras Comunidades Autónomas fano como funcionario de carreira, seguido por Galicia (42,9%) e o resto do mundo (21,0%), onde é máis alta a porcentaxe dos que traballan como persoal fixo ou indefinido (19,2%) contra o 17,0% de Galicia e 12,6% doutras Comunidades Autónomas.

A categoría de funcionario interino en Galicia representa o 17,6% contra o 12,6% doutras Comunidades Autónomas e o mínimo de 5,8% no resto do mundo, onde a proporción de persoal eventual ou temporal (29,0%) triplica á existente noutras Comunidades Autónomas (10,7%) e Galicia (12,9%). A proporción de persoas que traballan para a administración cun contrato por obra ou servizo noutras Comunidades Autónomas (3,6%) e Galicia (3,1%) supera á existente no resto do mundo (2,2%).

Finalmente, é estatisticamente significativa a porcentaxe máis elevada de bolsas no resto do mundo (18,8%) contra o 5,1% de Galicia e 5,9% doutras Comunidades Autónomas. Entre os titulados/as que traballan no resto do mundo tamén é levemente superior a existencia de contratos en prácticas (0,7%) contra o 0,6% de Galicia e o 0,4% doutras Comunidades Autónomas.

Gráfica nº148: Tipo de contrato por conta allea na función pública segundo o lugar de traballo



4.3.2.2.8 Análise por antigüidade no posto de traballo

4.3.2.2.8.1 Tempo medio de antigüidade (en meses)

O tempo medio de antigüidade no posto de traballo actual, tal como mostra o cadro nº50, está en función do carácter indefinido do contrato. Respecto á modalidade indefinida de contratación, o funcionariado de carreira presenta un tempo máis alto de permanencia que o persoal fixo ou indefinido. En relación ás variedades de duración definida, o funcionariado interino ten unha antigüidade superior ao persoal eventual/temporal que por obra ou servizo. As bolsas e os contratos en prácticas supoñen tempos de antigüidade moito inferiores.

Cadro nº50: Tempo medio de antigüidade segundo o tipo de contrato na función pública

Tipo de contrato	Tm(meses)	Tm(anos)	Desviación típica
Funcionariado de carreira	134,779	11,232	80,719
Persoal fixo ou indefinido	131,778	10,981	81,327
Funcionariado interino	58,927	4,911	55,364
Persoal eventual/temporal	42,900	3,575	49,263
Por obra/servizo	44,523	3,710	45,340
Bolsa	16,818	1,402	16,466
En prácticas	4,923	0,410	10,054

4.3.2.2.8.2 Tempo de antigüidade por intervalos


Por intervalos de tempo de permanencia no traballo actual, o funcionariado de carreira é a modalidade contractual maioritaria a partir dos cinco anos de antigüidade (69,0% a partir de 20 anos, 66,1% entre 15 e 20 anos, 64,9% entre 10 e 15 anos e 50,4% entre 5 e 10 anos). Os intervalos de permanencia inferiores a 2 anos presentan unha proporción media do 13,0%.

O funcionariado interino é predominante entre os titulados/as cunha antigüidade entre 2 e 5 anos (29,7%), seguido polo funcionariado de carreira (24,3%).

Nos intervalos inferiores a 2 anos de permanencia, o persoal eventual/temporal é a categoría con máis frecuencia (30,9% nos intervalos entre 1 e 2 anos e entre 6 e 12 meses e 28,3% con menos de seis meses).

As bolsas presentan unha porcentaxe considerábel nos intervalos de antigüidade inferiores a 2 anos, oscilando entre un 21,3% entre 0 e 6 meses, 16,9% entre 6 meses e 1 ano e 18,8% entre 1 e 2 anos. O contrato en prácticas na administración pública só é significativo no intervalo de menos antigüidade considerado neste estudo (5,2%).

Gráfica nº149: Tipo de contrato segundo o tempo de antigüidade por intervalos



4.3.3 Traballo por conta propia

Entre as persoas que traballan por conta propia, a modalidade predominante, tal como mostra o cadro nº51, é a de autoemprego/traballador autónomo (71,6%) contra o empresariado titular dunha empresa (28,4%).

Cadro nº51: Modalidade de traballo por conta propia

Modalidade	%
Autoemprego/autónomo	71,6
Empresario (titular dunha empresa)	28,4

Se ben a análise da modalidade de contratación non contempla neste estudo ningunha categoría para as persoas tituladas que traballan como titulares dunha empresa, no caso dos titulados/as que traballan como autónomos ou no autoemprego avalíouse o tipo de traballo realizado

diferenciando se é como autoemprego, traballo para a empresa privada, para a administración pública e/ou para ambas.

Como mostra o cadro nº52, entre as persoas que traballan por conta propia son maioritarias aquelas que o fan prioritariamente como autoempregadas (58,1%), isto é, que emprenderon unha actividade profesional destinada a dar servizos en xeral. En segunda posición áchase a categoría de persoas que traballan como autónomas para a empresa privada (34,2%) e, a máis distancia, aquelas que o fan para a administración pública (3,2%). Un 4,1% das persoas autoempregadas traballan como autónomas tanto para a empresa privada como para a administración pública.

Cadro nº52: Tipoloxía de traballo por conta propia

Tipoloxía de traballo	%
Autoemprego	58,1
Traballo como autónomo para a empresa privada	34,2
Traballo como autónomo para a administración pública	3,2
Traballo como autónomo tanto para a empresa privada como para a administración pública	4,1
Outros	0,3


4.3.3.1 Evolución quinquenal

A modalidade de traballo maioritaria entre as persoas tituladas que traballan por conta propia, tal como mostra a gráfica nº150, é o desenvolvemento dunha actividade profesional no autoemprego, oscilando entre un máximo de 62,6% entre 2001-05 e 53,1% entre 2011-15.

O traballo como autónomo para a empresa privada presenta unha tendencia crecente a partir do terceiro quinquenio (2001-05), pasando de 29,3% a 40,1% entre as persoas tituladas en 2011-15. O traballo como autónomo para a administración pública tamén manifesta unha tendencia crecente en todo o período avaliado, pasando de 0,0% entre 1990-95 a 4,8% entre 2011-15.

Porén, en conxunto, o traballo como autónomo tanto para o sector público como para o privado evolúe de forma decrecente, pasando de 6,8% no primeiro quinquenio a 1,4% no último.

Gráfica nº150: Evolución quinquenal da modalidade de autoemprego




4.3.3.2 Evolución anual

O Anexo 99 mostra o cadro de datos da evolución anual da modalidade de autoemprego.

4.3.3.3 Análise por xénero

Por xéneros non existen diferenzas estatisticamente significativas (p -valor $>0,05$) na modalidade de traballo autónomo realizado por homes e mulleres e ambos presentan similares porcentaxes de autoemprego (58,5% de mulleres contra o 57,8% de homes). A porcentaxe de mulleres autónomas que traballa para a administración (4,0%) supera levemente á dos homes (2,3%).

Gráfica nº151: Modalidade de traballo autónomo por xénero




4.3.3.4 Análise por ámbitos académicos

Salvo no Multidisciplinar (42,1%), a porcentaxe de persoas tituladas que traballan como autoempregados é maioritaria en todos os ámbitos, sendo máis alta entre os titulados/as en Ciencias da Saúde (80,8%) contra o Científico (60,0%), Xurídico-Social (59,8%), Tecnolóxico (55,4%) e Arte e Humanidades (54,9%).

A porcentaxe de traballadores autónomos titulados que traballan para a empresa privada no ámbito Multidisciplinar (42,1%) e Arte e Humanidades (39,0%) supera á das Ciencias da Saúde (19,2%), Científico (22,9%), Xurídico-Social (33,3%) e Tecnolóxico (35,3%). Polo contrario, o traballo autónomo realizado para a administración pública só alcanza proporcións notábeis entre os titulados/as dos ámbitos Científico (5,7%), Multidisciplinar (5,3%) e Xurídico-Social (4,0%). Nengunha persoa titulada da mostra obtida pertencente ao ámbito das Ciencias da Saúde desenvolve a súa profesión como traballador autónomo para a administración pública.

Finalmente, é destacábel a proporción de traballadores autónomos que traballan tanto para a empresa privada como para a administración pública entre os titulados/as pertencentes aos ámbitos Científico (11,4%) e Multidisciplinar (10,5%).

Gráfica nº152: Modalidade de traballo autónomo segundo ámbitos académicos




4.3.3.5 Análise por tipoloxía de estudos

Como mostra a gráfica nº153, existen diferenzas estatisticamente significativas ($p\text{-valor} \leq 0,05$) entre a modalidade de traballo por conta propia e o autoemprego segundo o tipo de titulación. O desenvolvemento dunha actividade profesional como autoemprego é maioritario entre os titulados/as en Diplomaturas (66,7%), Enxeñarías Técnicas (61,8%), Licenciaturas (59,0%) e Mestrados (56,8%) contra as Enxeñarías Superiores (45,3%) e Graos (45,9%), que presentan os valores superiores de traballo como autónomo para a empresa privada (47,2% e 42,6%, respectivamente).

O traballo como autónomo para a administración pública manifesta valores notábeis entre as persoas tituladas en Graos (8,2%) e Mestrados Universitarios (8,1%) contra os mínimos das Enxeñarías Técnicas (0,0%) e Diplomaturas (1,9%).

Finalmente, o traballo indistinto tanto para a empresa privada como para a administración pública presenta porcentaxes notábeis entre os titulados en Enxeñarías Técnicas (7,4%) e Mestrados (6,8%).

Gráfica nº153: Modalidade de traballo autónomo segundo a tipoloxía de estudos



4.3.3.6 Análise por titulación

4.3.3.6.1 Autoemprego

Desenvolven a súa actividade profesional no autoemprego a totalidade das persoas tituladas nas diplomaturas en Turismo e en Xestión e Administración Pública, Enxeñaría Técnica de Telecomunicación, graos en Ciencias Ambientais, Comercio e en Estudos de Galego e Español e nas licenciaturas en Filoloxía Galega e Historia. Logo a seguir sitúanse as persoas tituladas na Diplomatura de Fisioterapia (84,6%), Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais - Sección Empresariais (83,3%), Enxeñaría Técnica Forestal (81,8%), Licenciatura en Dereito (80,3%), graos en Dereito e en Fisioterapia e Licenciatura en Física (80,0% cada un), Diplomatura en Relacións Laborais (77,8%), Licenciatura en Psicopedagogía (75,0%), Diplomatura de Mestre/a (70,4%) e Licenciatura en Belas Artes (70,0%).

4.3.3.6.2 Traballo como autónomo para a empresa privada

Traballan como autónomos para a empresa privada a totalidade das persoas graduadas en Educación Infantil, Traballo Social e en Tradución e Interpretación, licenciaturas en Filoloxía Hispánica e en Filoloxía Xermánica, seguido polos licenciados/as en Ciencias Económicas e Empresariais - Sección Económicas (88,9%), graos en Administración e Dirección de Empresas e en Comunicación Audiovisual (75,0% ambos), Enxeñaría en Informática e Licenciatura en Economía (66,7% ambas) e Enxeñaría de Minas (62,5%).

4.3.3.6.3 Traballo como autónomo para a administración pública

Traballan como autónomos para a administración pública a totalidade dos titulados/as na Diplomatura de Traballo Social e Grao en Turismo, metade dos graduados/as en Dirección e Xestión Pública e en Educación Primaria (33,3%), licenciados/as en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e en Ciencias do Mar (20,0% ambos).

4.3.3.6.4 Traballo como autónomo tanto para a empresa privada como para a administración pública

Nesta categoría destacan as persoas tituladas na Licenciatura de Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (50,0%), Grao en Comunicación Audiovisual (25,0%), Licenciatura en Bioloxía (22,2%), Enxeñaría Técnica Agrícola (18,2%) e Diplomatura en Educación Social (16,7%).


O Anexo 100 mostra a distribución porcentual da modalidade de traballo das persoas que traballan no autoemprego segundo titulacións.

4.3.3.7 Análise por lugar de traballo

Existen diferenzas estatisticamente significativas segundo o lugar de traballo (p -valor \leq 0,05). Entre as persoas tituladas que traballan en Galicia é maioritario o autoemprego (60,4%) contra o 37,9% doutras Comunidades Autónomas e 40,0% do resto do mundo.

O traballo como autónomo para unha empresa privada é maioritario (55,2%) entre os titulados/as que traballan noutras Comunidades Autónomas contra os que o fan en Galicia (31,9%) ou no resto do mundo (48,9%). Entre os que traballan no resto do mundo é significativa a proporción que desenvolve o traballo autónomo para a administración pública (6,7%) contra o 3,3% de Galicia e 1,7% doutras Comunidades Autónomas.

Gráfica nº154: Modalidade de traballo autónomo segundo o lugar de traballo



Finalmente, o desenvolvemento dunha actividade profesional de forma indistinta para a administración pública ou para a empresa privada é levemente superior entre os que traballan noutras Comunidades Autónomas (5,2%) que entre os que o fan en Galicia (4,2%) ou no resto do mundo (4,4%).

4.3.3.8 Análise por antigüidade no posto de traballo


4.3.3.8.1 Tempo medio de antigüidade (en meses)

Cadro nº53: Tempo medio de antigüidade por modalidade de traballo autónomo

Modalidade de traballo	Tm (meses)	Tm (anos)	Desviación típica
Empresario/a (titular dunha empresa)	89,409	7,451	75,145
Autoemprego	62,285	5,190	64,604
Traballo como autónomo para a administración pública	42,111	3,509	47,456
Traballo como autónomo para a empresa privada	47,980	3,998	53,319
Traballo como autónomo tanto para a empresa privada como para a administración pública	101,750	8,479	78,376

4.3.3.8.2 Tempo de antigüidade por intervalos

Gráfica nº155: Tempo de antigüidade por intervalos segundo a modalidade de traballo autónomo




4.4 Rama de actividade

4.4.1 Global

A maioría de persoas entrevistadas (65,5%) traballa en empresas ou organizacións de ámbito privado, 28,8% en entidades ou institucións de ámbito público e o 5,7% en entidades de tipo non lucrativo (fundacións, asociacións, ONGS,...).

Gráfica nº156: Distribución porcentual da rama de actividade




4.4.2 Evolución quinquenal

A porcentaxe de persoas tituladas que traballan nunha empresa/organización privada presenta unha liña de tendencia crecente en todo o período avaliado, pasando dun mínimo de 52,4% entre os titulados/as en 1990-95 a un máximo de 71,0% en 2011-15. Tamén é crecente a evolución experimentada pola proporción de titulados/as que traballan en entidades non lucrativas, oscilando entre un mínimo de 2,9% do período 1990-95 a un máximo de 6,6% entre os titulados/as en 2011-15.

Polo contrario, a porcentaxe de persoas que traballan nunha organización de ámbito público segue unha tendencia decrecente, pasando dun valor superior de 44,6% entre 1990-95 até reducirse á metade nos dez últimos anos (22,7% entre 2006-10 e 22,4% entre 2011-15).

Gráfica nº157: Evolución quinquenal da rama de actividade (%)




4.4.3 Evolución anual

O Anexo 101 mostra, en porcentaxes, o cadro de datos da evolución anual da rama de actividade.

4.4.4 Análise por xénero

Como se pode comprobar na gráfica nº158 de distribución de respostas, existen diferenzas estatisticamente significativas segundo xénero ($p\text{-valor}\leq 0,05$). Así sendo, as mulleres presentan máis presenza nas organizacións de ámbito público (33,2% contra o 23,4% de homes) e menos proporción na empresa privada onde a porcentaxe de homes (71,4%) é superior á de mulleres (60,7%). Con respecto ao traballo en entidades non lucrativas a presenza feminina (6,1%) é levemente superior á masculina (5,2%).

Gráfica nº158: Rama de actividade segundo o xénero




4.4.5 Análise por ámbitos académicos

Por ámbitos académicos son significativas as porcentaxes máis altas de persoas tituladas que traballan en empresas ou organizacións privadas correspondentes aos ámbitos Tecnolóxico (78,2%), Arte e Humanidades (66,1%), Xurídico-Social (63,8%) e Multidisciplinar (61,3%) e menores no das Ciencias da Saúde (36,6%) e Científico (44,7%).

A maioría de persoas tituladas que completaron estudos correspondentes ao ámbito das Ciencias da Saúde (59,1%) traballan en entidades de ámbito público, seguido polo 49,0% do Científico. A menor proporción de traballo no ámbito público ten lugar entre os titulados/as do ámbito Tecnolóxico (16,3%).

Relativamente ao traballo nunha entidade sen ánimo de lucro é significativa a proporción máis alta existente entre os titulados/as da rama Multidisciplinar (10,0%) contra o 3,5% de Arte e Humanidades, 4,3% das Ciencias da Saúde, 5,5% da Tecnolóxica e 6,3% da Científica e Xurídico-Social.

Gráfica nº159: Rama de actividade segundo ámbitos académicos (%)




4.4.6 Análise por tipoloxía de estudos

Por tipoloxía de estudos, o traballo nunha empresa privada é maioritario en todas as categorías analizadas. Así sendo, entre as categorías en proceso de extinción, a porcentaxe entre os titulados/as en Enxeñaría Técnica (81,6%) é superior á das Enxeñaría Superiores (77,7%) mentres que a das Licenciaturas (63,8%) é superior á das Diplomaturas (51,9%). No tocante ás titulacións de recente implantación, o traballo nunha empresa privada é superior entre os que completaron Graos (70,3%) aos que realizaron Mestrados (58,5%).

Polo contrario, o traballo no ámbito público entre os titulados/as que completaron Títulos Propios (45,8%), Diplomaturas (41,2%) e Mestrados (34,9%) é superior ao de Enxeñaría Técnica (14,2%), Enxeñaría Superiores (16,3%), Graos (22,1%) e Licenciaturas (32,1%).

Finalmente, o traballo nunha entidade non lucrativa é superior entre as persoas que completaron Graos (7,6%) ou Diplomaturas (6,9%) aos titulados/as en Enxeñaría Técnica (4,2%) ou Licenciaturas (4,7%).

Gráfica nº160: Rama de actividade segundo a tipoloxía de estudos (%)



4.4.7 Análise por titulación

4.4.7.1 Empresa privada

A totalidade das persoas que completaron os graos en Economía e Enxeñaría en Organización Industrial traballan nunha empresa privada, seguidos polos que completaron os graos en Enxeñaría da Enerxía, Publicidade e Relacións Públicas (88,9% ambos) e en Comercio (87,5%), Enxeñaría Técnica Industrial (86,7%), graos en Enxeñaría Mecánica (86,4%) e en Tradución e Interpretación (86,1%), Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (85,9%), graos en Fisioterapia (85,7%) e en Administración e Dirección de Empresas (85,4%), Diplomatura en Turismo e Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (83,3% ambas), Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas (82,8%), Enxeñaría Industrial (82,3%), Licenciatura en Economía (80,8%), graos en Consultoría e Xestión da Información, Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría en Química Industrial e en Estudos de Galego e Español (80,0% cada un), Enxeñaría de Minas (79,3%), Diplomatura en Ciencias Empresariais (79,1%), graos en Belas Artes (78,7%) e en Relacións Laborais e Recursos Humanos (78,6%), Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas (77,0%), Grao en Comunicación Audiovisual (76,5%), licenciaturas en Tradución e Interpretación (75,9%) e en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais (75,4%).

4.4.7.2 Ámbito público

A porcentaxe máis alta de persoas tituladas que traballan no ámbito público ten lugar no Grao en Química (80,0%), Diplomatura en Enfermaría (73,0%), licenciaturas en Filoloxía Xermánica (71,4%) e en Psicopedagogía (61,5%), graos en Dirección e Xestión Pública (60,0%) e en Enfermaría (55,9%), Licenciatura en Física (55,6%), Diplomatura en Mestre/a (55,0%), licenciaturas en Bioloxía (52,4%) e en Ciencias do Mar (51,7%), Diplomatura en Xestión e Administración Pública (51,6%) e nos graos de Enxeñaría Forestal, Xeografía e Historia e en Ciencias do Mar (50,0%).

4.4.7.3 Entidade non lucrativa

As porcentaxes máis altas de persoas tituladas que traballan en entidades non lucrativas prodúcese entre os titulados/as nos graos en Enxeñaría Agraria e Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (100,0% ambos), Educación Social (55,6%) e en Traballo Social (50,0%), Diplomatura en Educación Social (39,5%), Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (37,5%), Diplomatura en Traballo Social (34,8%) e no Grao de Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (33,3%).


O Anexo 102 mostra o cadro de datos da distribución porcentual da rama de actividade por titulacións.

4.4.8 Análise por lugar de traballo

Por lugar de traballo, é significativa a porcentaxe máis elevada de titulados/as que traballan na empresa privada noutras Comunidades Autónomas (70,8%) contra os que o fan en Galicia (64,7%) e no resto do mundo (64,0%). Polo contrario, a porcentaxe de traballadores no ámbito público é máis alta entre os que o fan no resto do mundo (30,1%) e Galicia (29,1%) que noutras Comunidades Autónomas (26,3%).

Energía e ambiente	Arxelia, Catar e Indonesia (50,0% cada un), Noruega (44,4%), Xapón e África do Sul (33,3% ambos), Chile (22,2%), Dinamarca (16,7%), Irlanda (12,0%), Austria (10,0%), Brasil (6,3%)
Financiero	Bulgaria e Estonia (100,0% ambos), Luxemburgo (66,7%) Andorra (50,0%), Austria (10,0%), Brasil (6,3%)
Madeira	Suecia (20,0%)
Metalúrxico e eléctrico	Catar e Indonesia (50,0% ambos), Emirados Árabes Unidos (25,0%), Polonia (16,7%), Bélxica (7,4%)
Minaría	Perú (21,4%)
Outros servizos sociais	Guiné Bissau (100,0%), India e Panamá (50,0% ambos), Grecia (25,0%), Suecia (20,0%)
Química, plástico, vidro e envases	Singapur (66,7%) e Dinamarca (16,7%)
Sanidade privada	Paraguai (50,0%), Brasil (6,3%)
Sector público	Croacia, Cuba, Uruguai, Wallis e Futuna (Francia), Rusia, Reunión (Francia), Lituania, Malta, Papúa Nova Guiné, Romanía (100,0% cada un), Bélxica (74,2%), Grecia, Hungría, Paraguai e Tunisia (50,0% cada un), Australia (42,0%), Suíza (41,0%), Italia (40,0%), Portugal (40,0%), Brasil (37,5%), Luxemburgo, México, Noruega, Dinamarca, Canadá, Venezuela e Xapón (33,3% cada un), Austria (30,0%), Perú (28,6%), Estados Unidos (26,7%), Francia (25,9%), Colombia (25,0%), Reino Unido (24,2%), Suecia e Ecuador (20,0% ambos), Países Baixos (17,2%), República Checa e Polonia (16,7% ambos), Irlanda (12,0%)
Servizos a empresas	Eslovaquia e Gana (100,0% ambos), Andorra, Hungría, India e Tunisia (50,0% cada un), Bolivia (33,3%), Grecia e China (25,0% ambos), Suecia (20,0%), República Checa (16,7%), Arxentina (13,3%), Francia (10,3%), Austria e Reino Unido (10,0% ambos), Brasil (6,3%)
Servizos informáticos	O Salvador (100,0%), Emirados Árabes Unidos (25,0%), República Checa (16,7%), Irlanda (16,0%), Países Baixos (13,8%), Estados Unidos (13,3%), Reino Unido (10,0%)
Telecomunicacións	República Checa (16,7%), Austria (10,0%)
Téxtil-confección	Ecuador (20,0%)
Transporte e loxística	Finlandia (50,0%), Venezuela (33,3%), Suecia (20,0), Brasil (6,3%)
Turístico	República Dominicana e Tailandia (100,0% ambos), Venezuela (33,3%), México (16,7%), Irlanda (12,0%)

O Anexo 115 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual de sectores económicos por países.

4.5.8.3.2 Cidades representativas

O cadro nº67 mostra, para cada sector económico, a cidade representativa estranxeira con máis porcentaxe de persoas tituladas que traballan nese sector.

Cadro nº67: Sector económico representativo por cidade representativa estranxeira

Sector económico	Cidade
Aeronáutica	Berlín (7,7%)
Alimentación	Berlín (7,7%), París (4,8%)
Automoción	Munique (23,4%), París (9,5%)
Comunicación audiovisual	Berlín (7,7%), Londres (6,0%)
Construción	Porto (8,3%), Xenebra e Munique (7,7% ambas), París (4,8%)
Deporte, lecer e cultura	Dublín (7,1%), Porto (4,2%)
Distribución	Lisboa (11,1%), Porto (4,2%), Berlín (7,7%)
Educación privada	Dublín (14,3%), Porto (12,5%), Londres (9,0%), Berlín e Munique (7,7% ambas)
Enerxía e ambiente	Dublín e París (14,3% ambas), Cambridge (9,1%), Berlín (7,7%), Londres (7,5%)
Financeiro	Londres (7,5%), París (4,8%)
Madeira	Porto (8,3%)
Metalúrxico e eléctrico	Xenebra (15,4%), Berlín e Munique (7,7% ambas), Bruxelas (5,3%), París (4,8%)
Outros servizos sociais	Dublín (14,3%), Lisboa (11,1%)
Papel, gráficas, edición e reprodución	Berlín (7,7%)
Química, plástico, vidro e envases	Cambridge (9,1%), París (4,8%)
Sanidade privada	Lisboa (11,1%), Dublín (7,1%)
Sector público	Bruxelas (84,2%), Xenebra (69,2%), Lisboa (44,4%), Porto (37,5%), Cambridge (36,4%), París (19,0%), Londres (17,9%), Berlín (15,4%)
Servizos a empresas	París (19,0%), Londres (14,9%), Lisboa (11,1%), Cambridge (9,1%)
Servizos informáticos	Dublín (21,4%), Cambridge (18,2%), Berlín e Munique (15,4% ambas), Londres (10,4%)
Telecomunicacións	Cambridge (9,1%), Munique (7,7%)
Téxtil-confección	Lisboa (11,1%), Dublín (7,1%), Porto (4,2%)
Transporte e loxística	Porto (8,3%), Munique (7,7%), Londres (6,0%)
Turístico	Dublín (7,1%), París (4,8%)
Xurídico	Cambridge (9,1%)

O Anexo 116 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual de sectores económicos por cidades representativas estranxeiras.

4.5.9 Análise por tempo de antigüidade no posto de traballo

4.5.9.1 Tempo medio de antigüidade (en meses)

Tal como mostra o cadro nº68, os sectores con máis tempo de permanencia no seu posto de traballo son o financeiro; cerámica; telecomunicacións; sector público; madeira; automoción; construción e sanidade privada. Os sectores turístico; comunicación audiovisual; deporte, lecer e cultura; arte; téxtil-confección e outras actividades sociais, polo contrario, presentan valores mínimos de permanencia.

Cadro nº68: Tempo medio de antigüidade no posto de traballo segundo o sector económico

Sector económico	Tm(meses)	Tm(anos)	Desviación típica
Aeronáutica	71,375	5,948	61,184
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	73,343	6,112	73,588
Alimentación	69,127	5,761	74,659
Arte	47,000	3,917	50,465
Aseguradoras	75,281	6,273	73,450
Automoción	88,072	7,339	83,397
Cerámica	99,000	8,250	82,195
Comunicación audiovisual	39,127	3,261	44,449
Construción	84,637	7,053	85,486
Deporte/lecer/cultura	39,578	3,298	47,887
Distribución	68,817	5,735	70,456
Educación privada	66,580	5,548	70,713
Enerxía/ambiente	78,254	6,521	76,037
Finanzas	111,682	9,307	76,433
Madeira	91,074	7,590	97,804
Metalúrxico e eléctrico	70,135	5,845	66,721
Minaría	81,373	6,781	64,862
Outras actividades sociais	56,616	4,718	56,053
Papel, gráficas, edición, reprodución	66,403	5,534	63,845
Público	91,115	7,593	81,637
Química, plástico, vidro, envases	83,431	6,953	76,025
Sanidade privada	84,589	7,049	95,948
Servizos a empresas	71,201	5,933	73,410
Servizos informáticos	69,929	5,827	65,806
Telecomunicacións	98,535	8,211	80,535
Téxtil, confección	51,572	4,298	61,019
Transporte, loxística	74,450	6,204	71,152
Turístico	36,676	3,056	45,536
Xurídico	82,943	6,912	73,494
Outros	60,556	5,046	47,117

4.5.9.2 Tempo de antigüidade por intervalos

Como mostra o cadro nº69, os sectores económicos nos que as persoas tituladas presentan tempo de permanencia superior a 20 anos no seu posto de traballo son a sanidade privada (7,0%), madeira (6,4%); finanzas (5,2%); sector público (5,1%) e automoción (4,5%). Polo contrario, os sectores con máis proporción de persoas cun tempo de antigüidade inferior a un ano son deporte, lecer e cultura (42,7%); comunicación audiovisual (41,2%); turístico (40,1%); arte (35,2%); téxtil e confección (32,9%); distribución (29,7%); alimentación (28,5%); outras actividades sociais (28,2%); educación privada (26,2%) e agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (25,9%).

Cadro nº69: Tempo de antigüidade por intervalos segundo o sector económico

	0-6 meses	6-12 meses	12-24 meses	24-60 meses	60-120 meses	120-180 meses	180-240 meses	Máis de 240 meses
Aeronáutica	10,0	10,0	10,0	22,5	25,0	17,5	5,0	0,0
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	15,7	10,2	11,4	22,3	16,3	14,5	6,0	3,6
Alimentación	20,2	8,3	14,6	17,8	18,6	9,9	7,5	3,2
Arte	17,6	17,6	11,8	29,4	11,8	11,8	0,0	0,0
Aseguradoras	9,4	6,3	14,1	29,7	17,2	15,6	4,7	3,1
Automoción	13,4	9,6	11,1	18,7	13,8	16,4	12,6	4,5
Cerámica	0,0	0,0	0,0	50,0	25,0	0,0	25,0	0,0
Comunicación audiovisual	22,2	19,0	14,3	22,2	14,3	7,9	0,0	0,0
Construción	8,3	10,0	13,0	23,0	17,8	13,9	12,2	1,7
Deporte/lecer/cultura	24,3	18,4	13,6	24,3	9,7	7,8	1,9	0,0
Distribución	17,6	12,1	12,1	17,6	17,6	16,5	4,4	2,2
Educación privada	14,0	12,2	15,1	24,2	15,1	10,8	5,7	2,9
Enerxía/ambiente	10,5	8,9	13,6	22,9	19,0	14,3	8,5	2,3
Finanzas	7,0	6,6	7,0	9,8	28,7	23,1	12,6	5,2
Madeira	10,6	8,5	21,3	8,5	17,0	19,1	8,5	6,4
Metalúrxico e eléctrico	11,8	9,8	13,3	24,8	20,2	11,2	7,2	1,7
Minaría	0,0	9,8	21,6	17,6	23,5	23,5	3,9	0,0
Outras actividades sociais	17,1	11,1	12,1	25,0	22,5	7,9	3,9	0,4
Papel, gráficas, edición, reprodución	11,9	11,9	14,9	22,4	19,4	14,9	4,5	0,0
Público	11,2	7,2	10,2	16,5	26,5	15,1	8,1	5,1
Química, plástico, vidro, envases	14,6	7,3	14,6	16,5	12,8	22,6	9,8	1,8
Sanidade privada	11,4	10,1	12,7	25,9	17,7	8,9	6,3	7,0
Servizos a empresas	12,8	10,6	14,6	22,2	18,5	12,0	7,1	2,1
Servizos informáticos	12,4	9,2	12,9	25,1	21,6	8,9	9,6	0,4
Telecomunicacións	5,3	4,4	14,9	21,1	18,4	14,0	17,5	4,4
Téxtil, confección	21,7	11,2	19,3	20,5	13,7	6,8	5,6	1,2
Transporte, loxística	9,0	6,3	18,0	26,1	16,2	14,4	8,1	1,8
Turístico	23,9	16,2	21,8	20,4	12,0	3,5	2,1	0,0
Xurídico	9,1	8,0	13,6	25,0	15,9	14,8	12,5	1,1
Outros	11,1	11,1	11,1	22,2	44,4	0,0	0,0	0,0

4.5.10 Análise por modalidade de contratación e tipo de contrato

4.5.10.1 Modalidade de contratación

Presentan porcentaxes significativas de traballo por conta propia as persoas que desenvolven a súa actividade nos seguintes sectores económicos: arte (86,4%); xurídico (72,6%); cerámica (50,0%); papel, gráficas, edición e reprodución (30,6%); aseguradoras (26,1%); comunicación audiovisual (25,0%); deporte, lecer e cultura (24,3%); construción (23,2%); servizos a empresas (22,1%) e sanidade privada (20,3%).

Polo contrario, as proporcións máis altas de traballo por conta allea prodúcense entre as persoas tituladas que desenvolven a súa actividade en sectores como o público (98,6%); telecomunicacións (97,5%); automoción (96,9%); química, plástico, vidro e envases (95,9%); aeronáutica (95,2%); minaría (94,6%); metalúrxico e eléctrico (94,0%); outras actividades sociais (93,0%); distribución (91,6%); finanzas (91,1%); servizos informáticos (90,7%) e alimentación (90,6%).

Cadro nº70: Modalidade de contratación segundo o sector económico

	Conta allea	Conta propia
Aeronáutica	95,2	4,8
Agricultura, gandaría, caza, pesca, silvicultura e forestal	85,5	14,5
Alimentación	90,6	9,4
Arte	13,6	86,4
Aseguradoras	73,9	26,1
Automoción	96,9	3,1
Cerámica	50,0	50,0
Comunicación audiovisual	75,0	25,0
Construción	76,8	23,2
Deporte/lecer/cultura	75,7	24,3
Distribución	91,6	8,4
Educación privada	84,7	15,3
Enerxía/ambiente	89,2	10,8
Finanzas	91,1	8,9
Madeira	89,8	10,2
Metalúrxico e eléctrico	94,0	6,0
Minaría	94,6	5,4
Outras actividades sociais	93,0	7,0
Papel, gráficas, edición, reprodución	69,4	30,6
Público	98,6	1,4
Química, plástico, vidro, envases	95,9	4,1
Sanidade privada	79,7	20,3
Servizos a empresas	77,9	22,1
Servizos informáticos	90,7	9,3
Telecomunicacións	97,5	2,5
Téxtil, confección	88,6	11,4
Transporte, loxística	87,7	12,3
Turístico	85,1	14,9
Xurídico	27,4	72,6
Outros	66,7	33,3

4.5.10.2 Tipo de contrato

A proporción máis elevada de persoas que traballan con contratos indefinidos prodúcese entre as tituladas de aeronáutica (82,1%); telecomunicacións (78,6%); finanzas (78,5%); minaría (76,4%); distribución (74,5%); química, plástico, vidro e envases (74,1%); metalúrxico e eléctrico (73,7%); automoción (72,7%) e transporte e loxística (70,8%). Polo contrario, ofrecen porcentaxes menores as que traballan en arte (4,5%); xurídico (23,7%); comunicación audiovisual (32,8%); deporte, lecer e cultura (45,0%); turístico (45,7%); outras actividades sociais (46,7%) e cerámica (50,0%).

A presenza de contratos eventuais é significativa entre as persoas tituladas que traballan noutras actividades sociais (40,2%); sector público (33,4%); comunicación audiovisual (32,8%); turístico (30,4%); educación privada (29,2%); deporte, lecer e cultura (29,0%) e alimentación (22,4%).

As bolsas son significativas entre as persoas que traballan en automoción (5,8%); sector público (5,3%); madeira (4,2%); agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (3,7%); química, plástico, vidro e envases (3,6%) e telecomunicacións (3,4%). Os contratos en prácticas son significativos entre as persoas que traballan en sectores como a comunicación audiovisual (7,8%); madeira (6,3%); minaría (5,5%); turismo (5,1%); automoción (4,8%); servizos a empresas e alimentación (4,3% ambos); enerxía/ambiente (3,4%); metalúrxico e eléctrico e transporte e loxística (3,3% ambos), ben como servizos informáticos e finanzas (3,0% ambos).

Finalmente, carecen de relación contractual as persoas que traballan noutras actividades sociais (0,7%); sanidade privada (0,6%); construción (0,4%) e educación privada (0,3%).

Cadro nº71: Tipo de contrato segundo o sector económico

	Bolsa	En prácticas	Eventual	Indefinido	Conta Propia	Sen contrato	Outro
Aeronáutica	2,6	2,6	7,7	82,1	5,1	0,0	0,0
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	3,7	1,2	17,8	62,0	15,3	0,0	0,0
Alimentación	0,8	4,3	22,4	62,2	9,8	0,0	0,4
Arte	0,0	0,0	9,1	4,5	86,4	0,0	0,0
Aseguradoras	0,0	0,0	10,3	63,2	26,5	0,0	0,0
Automoción	5,8	4,8	13,7	72,7	3,1	0,0	0,0
Cerámica	0,0	0,0	0,0	50,0	50,0	0,0	0,0
Comunicación audiovisual	1,6	7,8	32,8	32,8	25,0	0,0	0,0
Construción	1,3	2,6	15,0	57,3	23,5	0,4	0,0
Deporte/lecer/cultura	2,0	1,0	29,0	42,0	26,0	0,0	0,0
Distribución	1,1	2,1	12,8	74,5	8,5	0,0	1,1
Educación privada	0,5	1,9	29,2	51,1	16,4	0,3	0,6
Enerxía/ambiente	2,7	3,4	16,5	66,3	11,1	0,0	0,0
Finanzas	0,7	3,0	8,7	78,5	9,1	0,0	0,0
Madeira	4,2	6,3	14,6	64,6	10,4	0,0	0,0
Metalúrxico e eléctrico	2,8	3,3	14,1	73,7	6,1	0,0	0,0
Minaría	0,0	5,5	12,7	76,4	5,5	0,0	0,0
Outras actividades sociais	2,5	1,8	40,2	46,7	7,6	0,7	0,4
Papel, gráficas, edición, reprodución	2,8	1,4	11,1	54,2	30,6	0,0	0,0
Público	5,3	0,8	33,4	58,1	1,6	0,0	0,8
Química, plástico, vidro, envases	3,6	1,8	15,7	74,1	4,2	0,0	0,6
Sanidade privada	0,0	5,4	16,8	56,3	21,0	0,6	0,0
Servizos a empresas	2,6	4,3	15,8	54,9	22,4	0,0	0,0
Servizos informáticos	1,5	3,0	16,6	69,6	9,3	0,0	0,0
Telecomunicacións	3,4	1,7	13,7	78,6	2,6	0,0	0,0
Téxtil, confección	1,8	1,8	17,3	66,7	11,9	0,0	0,6
Transporte, loxística	0,8	3,3	12,5	70,8	12,5	0,0	0,0
Turístico	2,9	5,1	30,4	45,7	15,9	0,0	0,0
Xurídico	0,0	1,1	1,1	23,7	74,2	0,0	0,0
Outros	0,0	0,0	22,2	44,4	33,3	0,0	0,0

4.5.11 Análise por rama de actividade

Pertencen ao ámbito da empresa privada a totalidade das actividades ligadas aos sectores cerámico, distribución e téxtil-confección, ben como máis do 90% de sectores como sanidade privada (98,8%), minaría (98,2%), xurídico (97,9%), química, plástico, vidro e envases (97,6%), construción (97,5%), finanzas (97,4%), papel, gráficas, edición e reprodución (97,2%), servizos informáticos (96,8%), metalúrxico e eléctrico (95,6%), arte (95,0%), alimentación (94,7%), aseguradoras (94,2%), madeira (93,9%), servizos a empresas (92,3%), comunicación audiovisual (92,1%), enerxía e ambiente (91,0%), transporte e loxística (90,9%) e turístico (90,5%).

Para alén das actividades propias (95,7%), o sector público presenta porcentaxes notábeis en actividades ligadas á aeronáutica (19,0%), agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (16,4%) e, a máis distancia, transporte e loxística (8,3%), deporte, lecer e cultura (7,6%), turismo (7,5%), madeira e outras actividades sociais (6,1% ambos), enerxía e ambiente (5,2%) e arte (5,0%).

Ao ámbito das entidades sen ánimo de lucro están adscritas a maioría de outras actividades sociais (60,1%) e, en menor medida, outras actividades sociais (22,2%), deporte, lecer e cultura (16,2%), automoción (12,9%), telecomunicacións (10,2%), agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (9,4%), educación privada (8,2%), aseguradoras (5,8%) e servizos a empresas (5,7%).

O cadro nº72 mostra máis detalladamente a distribución porcentual dos sectores económicos segundo a rama de actividade.

Cadro nº72: Distribución porcentual de sectores económicos segundo a rama de actividade

Sector económico	Ámbito público	Empresa privada	Entidade non lucrativa
Aeronáutica	19,0	76,2	4,8
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	16,4	74,3	9,4
Alimentación	1,1	94,7	4,2
Arte	5,0	95,0	0,0
Aseguradoras	0,0	94,2	5,8
Automoción	0,2	86,9	12,9
Cerámica	0,0	100,0	0,0
Comunicación audiovisual	4,8	92,1	3,2
Construción	1,7	97,5	0,8
Deporte/lecer/cultura	7,6	76,2	16,2
Distribución	0,0	100,0	0,0
Educación privada	3,2	88,5	8,2
Enerxía/ambiente	5,2	91,0	3,7
Finanzas	2,3	97,4	0,3
Madeira	6,1	93,9	0,0
Metalúrxico e eléctrico	1,9	95,6	2,5
Minaría	0,0	98,2	1,8
Outras actividades sociais	6,1	33,8	60,1

Sector económico	Ámbito público	Empresa privada	Entidade non lucrativa
Papel, gráficas, edición, reprodución	1,4	97,2	1,4
Público	95,7	2,8	1,5
Química, plástico, vidro, envases	2,4	97,6	0,0
Sanidade privada	0,0	98,8	1,2
Servizos a empresas	2,1	92,3	5,7
Servizos informáticos	2,1	96,8	1,1
Telecomunicacións	0,8	89,0	10,2
Téxtil, confección	0,0	100,0	0,0
Transporte, loxística	8,3	90,9	0,8
Turístico	7,5	90,5	2,0
Xurídico	0,0	97,9	2,1
Outros	0,0	77,8	22,2

4.5.12 Análise segundo a realización de doutoramento

Como mostra o cadro nº73 e se constatou previamente no apartado Rama de actividade, entre as persoas que realizaron un doutoramento existe máis proporción de empregadas no sector público, seguido por unha leve prevalencia nos sectores de agricultura, gandaría, caza, pesca, silvicultura e forestal; química, plástico, vidro e envases ben como no aeronáutico e similar no caso de minaría e telecomunicacións.

Cadro nº73: Sector económico de traballo segundo a realización de doutoramento

	Sen doutoramento	Con doutoramento
Aeronáutica	0,5	0,6
Agricultura, gandaría, caza, pesca, silvicultura e forestal	1,9	2,3
Alimentación	3,1	1,7
Arte	0,3	0,2
Aseguradoras	0,8	0,0
Automoción	5,8	1,0
Comunicación audiovisual	0,8	0,2
Construción	2,8	0,4
Deporte/lecer/cultura	1,2	0,6
Distribución	1,1	0,2
Educación privada	7,7	5,2
Enerxía/ambiente	3,1	1,9
Finanzas	3,6	0,4
Madeira	0,6	0,2
Metalúrxico e eléctrico	4,3	1,0
Minaría	0,6	0,6
Outras actividades sociais	3,5	1,5
Papel, gráficas, edición, reprodución	0,8	0,4
Público	25,5	70,0
Química, plástico, vidro, envases	1,9	2,1
Sanidade privada	2,0	0,6
Servizos a empresas	14,5	4,0
Servizos informáticos	5,6	1,7
Telecomunicacións	1,3	1,3

	Sen doutoramento	Con doutoramento
Téxtil, confección	2,1	0,4
Transporte, loxística	1,5	0,2
Turístico	1,8	0,4
Xurídico	1,1	0,6
Outros	0,1	0,2

4.6 Área funcional

4.6.1 Global

As principais áreas funcionais ás que están adscritas na súa organización as persoas tituladas que responderon a enquisa son, cun 17,9% o ensino /docencia, produción (17,1%), administración e finanzas (10,6%) e o 10,1% en investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i).

Con porcentaxes máis baixas, seguen a área de vendas e marketing (7,4%), servizos xerais (6,5%), dirección xeral (5,6%), prevención e saúde (5,5%), informática (5,0%), atención ao cliente (4,3%) e recursos humanos (2,0%). No 8,1% dos casos, as empresas carecían de áreas funcionais diferenciadas.

O cadro nº74 mostra, en nivel global, a distribución porcentual da área funcional ou departamento en que traballan as persoas entrevistadas.

Cadro nº74: Distribución porcentual da área funcional do posto de traballo

Departamento	%
Ensino/docencia	17,9
Produción ¹³⁶	17,1
Administración e finanzas ¹³⁷	10,6
Investigación/i+D+i	10,1
Non existen áreas funcionais separadas na empresa	8,1
Vendas e marketing ¹³⁸	7,4
Servizos xerais ¹³⁹	6,5
Dirección xeral	5,6
Prevención e saúde	5,5
Informática	5,0
Atención ao cliente	4,3
Recursos humanos ¹⁴⁰	2,0

136) A efectos de análise, considerouse que fan parte do departamento de produción as persoas que no seo da súa empresa desenvolven actividades ligadas á localización e deseño de planta (layout), compras/suprimentos, enxeñaría de produto/proceso, deseño de produtos e servizos, planeamento da produción, produción de bens e servizos, control de calidade, manutención de maquinaria ou do local de produción e almacenamento/stock do produto terminado.

137) Área funcional que abarca as actividades de estudos e estratexia de planeamento económico, tesouraría, xestión de crédito/empréstitos, fiscalidade, xestión de cobranzas, contabilidade, ben como auditoría e control interno.

138) Área funcional que abranxe a loxística, xestión de puntos de venda, marketing, investigación de mercado, publicidade, relacións públicas, ben como comunicación con cliente.

139) Área funcional ligada á xestión de todos os trámites precisos para levar a cabo as actividades da empresa/organización.


140) Departamento que inclúe todo o ligado á contratación, xestión de nóminas ou formación do persoal.

4.6.2 Evolución quinquenal

Ao longo dos 25 anos avaliados, tal como mostra a gráfica nº171, experimenta unha tendencia crecente a porcentaxe de persoas que traballan nas áreas de atención ao cliente (de 2,8% a 5,4%), investigación/I+D+i (de 4,5% a 14,8%), informática (1,7% a 6,0%), produción (de 12,7% a 18,5%) e vendas e marketing (de 4,5% a 7,9%).


Polo contrario, presentan unha evolución decrecente as áreas de administración e finanzas (de 13,2% a 8,4%), dirección xeral (de 8,9% a 3,7%), ensino/docencia (de 24,7% a 14,2%), prevención e saúde (de 7,1% a 5,5%), recursos humanos (de 4,6% a 1,4%) e servizos xerais (de 10,1% a 5,4%).

Gráfica nº171: Evolución 1990-2015 da distribución por áreas funcionais



Máis pormenorizadamente, a gráfica nº17a reflicte a distribución porcentual da área funcional do posto de traballo para cada un dos quinquenios avaliados.

Gráfica nº172: Evolución quinquenal da área funcional do posto de traballo



4.6.3 Evolución anual

O Anexo 117 mostra o cadro de datos da evolución anual da área funcional de traballo.


4.6.4 Análise por xénero

A gráfica nº173 mostra a existencia de relacións de significancia estatística por xéneros (p -valor $\leq 0,05$). Nestas relacións chama a atención a proporción máis elevada de homes que traballan nas áreas funcionais de produción (23,2% contra 12,1% de mulleres), investigación (12,8% contra

8,0%), informática (7,9% contra 2,6%) e dirección xeral (7,6% contra 4,0%). Polo contrario, a presenza feminina é superior no caso das áreas funcionais de ensino/docencia (22,7% contra 12,0% de homes), administración e finanzas (12,2% contra 8,7%), prevención e saúde (7,6% contra 2,9%), atención ao cliente (5,7% contra 2,6%), recursos humanos (2,6% contra 1,4%) e servizos xerais (7,2% contra 5,7%).

Porén, non existen diferenzas significativas no caso de vendas e marketing (7,8% de homes contra 7,0% de mulleres), ben como a proporción de ambos os xéneros que desenvolven a súa profesión en empresas que, polas súas dimensións, carecen de áreas funcionais diferenciadas (8,5% de mulleres e 7,6% de homes).

Gráfica nº173: Área funcional do posto de traballo segundo o xénero



4.6.5 Análise por ámbitos académicos

Tamén por ámbitos académicos existen relacións de significancia estatística (p -valor \leq 0,05).

A área funcional de ensino/docencia presenta porcentaxes máis elevadas entre as persoas que completaron titulacións da rama Multidisciplinar (40,8%), Arte e Humanidades (36,7%) e Xurídico-Social (24,4%) que na das Ciencias da Saúde (4,4%) ou Tecnolóxica (6,4%).

A porcentaxe de titulados/as do ámbito Tecnolóxico que desenvolve a súa profesión na área funcional de produción (34,5%), duplica ao Científico (17,9%), seguido polo Multidisciplinar (14,5%), Arte e Humanidades (12,5%) e é moi superior ao das Ciencias da Saúde (2,4%) e Xurídico-Social (7,1%).

As funcións de administración e finanzas están estendidas particularmente entre as persoas tituladas da rama Xurídico-Social (21,1%) contra 0,4% das Ciencias da Saúde, 1,8% da Científica o 2,1% da Tecnolóxica.

A área funcional de vendas e marketing presenta proporcións máis altas entre os titulados/as do ámbito Xurídico-Social (9,8%) e Arte e Humanidades (8,8%) que nas Ciencias da Saúde (0,2%), Científico (4,6%) ou Tecnolóxico (5,6%).

Os postos de traballo ligados á área informática están vencellados ao ámbito Tecnolóxico (14,1%) e presentan valores nulos en Ciencias da Saúde ou practicamente nulos no Científico (0,4%) e Xurídico-Social (0,7%).

Os labores de investigación están particularmente estendidos entre os titulados/as dos ámbitos Científico (41,2%) e, a máis distancia, Tecnolóxico (17,4%) contra as porcentaxes mínimas do Xurídico-Social (1,3%), Ciencias da Saúde (1,8%) ou Arte e Humanidades (3,8%).

As funcións de dirección xeral presentan entre os titulados/as dos ámbitos Tecnolóxico (6,4%) e Xurídico-Social (6,2%) porcentaxes que duplican ás Ciencias da Saúde (2,7%) e Multidisciplinar (2,6%), seguidas polo Científico (3,3%) e Arte e Humanidades (3,8%).

Os postos de traballo ligados á atención ao cliente están máis estendidos entre os titulados/as da rama Xurídico-Social (6,6%), Arte e Humanidades e Ciencias da Saúde (5,3% ambos) que nos sectores Tecnolóxico (1,1%) ou Científico (2,3%).


A área de prevención e saúde está particularmente ligada a persoas tituladas no ámbito das Ciencias da Saúde (65,3%) contra o 0,6% de Arte e Humanidades, 1,8% do Tecnolóxico ou 2,3% do Xurídico-Social.

A xestión dos recursos humanos presenta porcentaxes máis altas entre as persoas tituladas do ámbito Xurídico-Social (3,8%) que entre as do Científico (0,3%), Tecnolóxico (0,5%), Ciencias da Saúde (0,7%) ou Arte e Humanidades (1,1%).

A porcentaxe de persoas empregadas en servizos xerais é significativa entre as tituladas en Ciencias da Saúde (10,8%) e Xurídico-Social (8,5%) contra o Tecnolóxico (3,3%), Científico (5,4%) ou Arte e Humanidades (6,8%).

Finalmente, a proporción de persoas que traballan en organizacións ou empresas sen áreas funcionais específicas oscila entre os máximos de 14,9% entre os titulados/as na rama Arte e Humanidades ou o 8,2% da Xurídico-Social e os mínimos de 5,9% da Científica, 6,0% das Ciencias da Saúde e 6,8% da Tecnolóxica.

Gráfica nº174: Área funcional do posto de traballo segundo ámbitos académicos



4.6.6 Análise por tipoloxía de estudos

Entre as persoas que completaron Diplomaturas, as áreas funcionais de traballo máis frecuentes son a de ensino/docencia (29,4%), seguida, a máis distancia, pola da administración e finanzas (14,3%) e prevención e saúde (13,5%). En menor proporción destacan as áreas de servizos xerais (9,2%), atención ao cliente (7,3%), produción (5,3%) e recursos humanos (5,1%).

Polo contrario, entre os titulados/as en Licenciaturas destacan o ensino/docencia (20,2%), administración e finanzas (16,5%), produción (11,2%), investigación (10,4%) e vendas e marketing (9,9%) e, en menor medida, os servizos xerais (7,3%), dirección xeral (6,1%) e atención ao cliente (4,5%).

Entre as persoas tituladas en Enxeñarías Técnicas destacan as áreas funcionais de produción (39,4%) seguida de informática (13,0%) e investigación (11,2%). A máis distancia, o ensino/docencia (6,2%), vendas e marketing (5,4%), dirección xeral (5,3%) e servizos xerais (4,9%).

No caso das Enxeñarías Superiores tamén é significativo o desempeño do posto de traballo en produción (32,2%), seguido pola investigación (21,5%) e informática (15,7%). A máis distancia, áchanse as funcións de dirección xeral (7,4%), vendas e marketing (6,0%) e ensino/docencia (5,8%).


As persoas que completaron Graos presentan un perfil máis heteroxéneo, distribuíndose entre as áreas funcionais de ensino/docencia (13,9%), prevención e saúde (12,1%), produción (12,0%), vendas e marketing (10,6%), administración e finanzas (9,6%) e investigación (9,1%). Con porcentaxes máis baixas áchanse as funcións ligadas á atención ao cliente (7,0%), servizos xerais (6,7%) e, en niveis ínfimos, recursos humanos (2,6%) e dirección xeral (2,1%).

Entre os titulados/as en Mestrados Universitarios destacan os titulados/as que realizan funcións docentes (23,7%), de produción (14,2%) e de investigación (14,0%), moito por enriba de vendas e marketing (8,0%), servizos xerais (7,2%), dirección xeral (6,6%) e prevención e saúde (4,3%).

As funcións predominantes entre as persoas que completaron Títulos Propios da Universidade de Vigo son as ligadas á produción (27,3%) e servizos xerais (18,2%), seguidas, a máis distancia, por atención ao cliente, dirección xeral, prevención e saúde, ben como vendas e marketing (9,1% cada unha).

Finalmente, a proporción de persoas que traballan en empresas sen áreas funcionais diferenciadas é máis elevada entre os titulados/as en Graos (11,7%), Licenciaturas (9,8%), Títulos Propios e Mestrados (9,1% ambos) que nas Enxeñarías Superiores (5,5%), Diplomaturas (6,1%) e Enxeñarías Técnicas (7,7%).

Gráfica nº175: Área funcional do posto de traballo segundo a tipoloxía de estudos



4.6.7 Análise por titulación

A función de ensino e docencia abarca a totalidade de graduados/as en Xeografía e Historia e á maioría de licenciados/as en Psicopedagogía (81,3%), Diplomatura en Mestre/a (74,7%), graduados/as en Educación Primaria (70,3%), Estudos de Galego e Español (60,0%) e en Educación Infantil (58,8%) e licenciados/as nas filoloxías Inglesa (57,5%), Hispánica (54,1%) e Galega (52,9%). Igualmente, presenta porcentaxes significativas entre os licenciados/as en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (45,3%) e en Belas Artes (39,5%), graduados/as en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (38,9%) e en Linguas Estranxeiras (36,4%), Diplomatura en Educación Social

(32,5%), licenciados/as en Historia (31,6%), Filoloxía Xermánica (28,6%) e en Tradución e Interpretación (25,8%), graduados/as en Ciencias Ambientais (22,2%), Enxeñaría Eléctrica (20,0%) e en Belas Artes (19,0%), Licenciatura de Física (18,9%), Grao en Educación Social (18,8%) e Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (18,6%).

As porcentaxes máis altas de persoas que desempeñan funcións ligadas á produción danse na totalidade dos titulados/as no Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e entre a maioría dos que realizaron os graos en Enxeñaría Eléctrica e en Enxeñaría en Química Industrial (60,0% ambos) e en Enxeñaría Mecánica (52,4%), Enxeñaría Técnica Industrial (50,9%) e Grao en Enxeñaría en Organización Industrial (50,0%). A seguir, áchanse os titulados/as en Enxeñaría Industrial (43,7%), Enxeñaría de Minas (42,1%), Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (33,3%), Licenciatura en Comunicación Audiovisual (31,0%), Enxeñaría Técnica Forestal (27,8%), Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (25,6%), Grao en Tecnoloxías de Telecomunicación (25,0%), Enxeñaría de Telecomunicación (23,6%), Grao en Comunicación Audiovisual (23,5%), Licenciatura en Química (23,4%), Enxeñaría Técnica Agrícola (22,6%), Grao en Enxeñaría da Enerxía, Enxeñaría Técnica de Telecomunicación e Grao en Publicidade e Relacións Públicas (22,2% cada un), Licenciatura en Física (21,6%), graos en Belas Artes (20,7%) e en Bioloxía (20,0%), licenciaturas en Publicidade e Relacións Públicas (19,5%) e en Ciencias do Mar (17,7%).

A proporción máis alta de persoas que traballan na área de administración e finanzas prodúcese entre os que completaron o Grao en Economía (64,7%), licenciaturas en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais (45,7%) e en Economía (45,6%), Grao en Comercio (42,9%), Licenciatura e Grao en Administración e Dirección de Empresas (42,3% e 42,1%, respectivamente), Diplomatura en Ciencias Empresariais (41,1%), Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais - Sección Económicas (36,3%), Grao en Dirección e Xestión Pública (31,6%), Diplomatura en Xestión e Administración Pública (29,0%), Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (28,6%), Licenciatura en Dereito Económico-Empresarial (27,3%), Grao en Enxeñaría en Organización Industrial (16,7%), Licenciatura en Dereito (15,8%), diplomaturas en Graduado Social (15,5%) e en Relacións Laborais (15,1%).

A área de investigación é maioritaria entre os graduados/as en Química (88,9%), Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (66,7%), Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática (62,5%), Ciencias do Mar (53,8%), Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais e Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (50,0% ambos). Igualmente, son significativas as porcentaxes entre os graduados/as e licenciados/as en Bioloxía (46,7% e 42,3%, respectivamente), licenciados/as en Física (40,5%), Química (39,7%), Ciencias do Mar (39,4%) e en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (32,6%), Enxeñaría de Telecomunicación (26,3%), Grao en Enxeñaría Mecánica (23,8%), Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (20,6%), Enxeñaría Industrial (19,6%), Enxeñaría en Informática e Grao en Linguas Estranxeiras (18,2% ambos), Enxeñaría Técnica Agrícola (15,5%), graduados/as en Dereito e Enxeñaría Informática (15,4% ambos).

As vendas e o marketing son funcións desenvolvidas principalmente entre as persoas que realizaron os graos en Publicidade e Relacións Públicas (50,0%) e en Comercio (42,9%), Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas (37,5%) e, con porcentaxes algo máis baixas, os graos en Comunicación Audiovisual (29,4%), Turismo (25,0%), Economía (23,5%), Estudos de Galego e Español e en Consultoría e Xestión da Información (20,0% ambos).

Os servizos xerais presentan niveis significativos entre os que completaron Filoloxía Xermánica (42,9%), Diplomatura en Traballo Social (36,3%), Grao en Dirección e Xestión Pública (31,6%), Diplomatura en Xestión e Administración Pública (25,8%), graos en Relacións Laborais e Recursos Humanos (21,4%) e en Enxeñaría Eléctrica (20,0%).

As funcións de dirección xeral son notábeis entre os titulados/as que realizaron o Grao en Consultoría e Xestión da Información (40,0%), licenciaturas en Dereito Económico-Empresarial (12,0%), Dereito (11,9%), Ciencias da Actividade Física e do Deporte (11,6%) e en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais (11,4%), Grao en Dirección e Xestión Pública (10,5%), Enxeñaría Industrial (10,3%), Grao en Enxeñaría en Química Industrial e Diplomatura en Ciencias Empresariais (10,0% ambos).

As titulacións con máis proporción de persoas que traballan na área funcional de prevención e saúde prodúcese entre os que completaron o Grado e Diplomatura en Enfermaría (71,9% e 67,5%, respectivamente), Grado e Diplomatura en Fisioterapia (55,8% e 53,3%, respectivamente), seguidas, a máis distancia, polos graos en Educación Social (25,0%), Ciencias Ambientais (22,2%), Traballo Social (21,4%), Enxeñaría en Química Industrial (20,0%), Ciencias da Actividade Física e do Deporte e en Enxeñaría en Organización Industrial (16,7% ambos).

A informática é a principal área funcional das persoas que realizaron Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (71,8%), Enxeñaría en Informática (64,4%), graos en Enxeñaría Informática (61,5%) e en Consultoría e Xestión da Información (40,0%) e, con porcentaxes moito máis baixas, Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (36,5%), Enxeñaría de Telecomunicación (22,1%), graos en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (18,8%) e en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (12,5%).

A área funcional de atención ao cliente presenta porcentaxes notábeis entre os titulados/as en Grado e Diplomatura en Turismo (43,8% e 34,5%, respectivamente), graos en Educación Infantil (20,6%) e en Educación Social (18,8%), Diplomatura en Xestión e Administración Pública (16,1%) e Grao en Ciencias do Mar (15,4%).

Os recursos humanos é a función principal entre as persoas que completaron a Diplomatura en Graduado Social (29,3%), Grao en Relacións Humanas e Recursos Humanos (28,6%), Diplomatura en Relacións Laborais (25,9%), Licenciatura en Filoloxía Xermánica (14,3%) e Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (12,5%).

Finalmente, as porcentaxes máis altas de persoas tituladas que traballan en organizacións ou empresas que carecen de áreas funcionais diferenciadas teñen lugar entre a totalidade das que realizaron o Grao en Enxeñaría Agraria, ben como os graos en Enxeñaría Forestal (37,5%), Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (33,3%), Grado e Licenciatura en Dereito (28,8% e 25,6%, respectivamente), graos en Fisioterapia (25,6%), Ciencias do Mar (23,1%), Ciencias Ambientais e Enxeñaría da Enerxía (22,2% ambas), licenciaturas en Belas Artes (21,8%) e en Tradución e Interpretación (21,0%), Diplomatura en Turismo (20,7%) e os graos de Bioloxía e en Estudos de Galego e Español (20,0% ambos).

O Anexo 118 mostra o cadro de datos da distribución porcentual da área funcional de traballo segundo a titulación.

4.6.8 Análise por lugar de traballo


Por lugar de traballo existen diferenzas estatisticamente significativas (p -valor \leq 0,05). Como mostra a gráfica nº176, as persoas tituladas que traballan en Galicia presentan máis porcentaxe de ocupación nas áreas funcionais de ensino/docencia (20,0% contra 13,2% dos que traballan no resto do mundo e 9,1% noutras Comunidades Autónomas), de administración e finanzas (11,4% contra 5,3% no resto do mundo e 9,9% noutras Comunidades Autónomas), en servizos xerais (6,8% contra 4,3% no resto do mundo e 6,5% noutras Comunidades Autónomas), en prevención e Saúde (5,8% contra 4,7% no resto do mundo e 4,2% noutras Comunidades Autónomas), ben como en dirección xeral (5,8% contra 4,4% no resto do mundo e 5,0% noutras Comunidades Autónomas). Igualmente, a área de recursos humanos manifesta entre os titulados/as que traballan en Galicia (2,1%) unha porcentaxe levemente superior á existente no resto do mundo (1,7%) e noutras Comunidades Autónomas (1,5%).

Entre as persoas que traballan noutras Comunidades Autónomas existe unha porcentaxe máis elevada que desenvolve a súa profesión nas áreas de produción (22,7% contra 21,8% no resto do mundo e 15,4% de Galicia), vendas e marketing (11,3% contra 6,2% no resto do mundo e 6,8% de Galicia), informática (8,2% contra 5,3% no resto do mundo e 4,4% de Galicia) e en atención ao cliente (5,5% contra 2,7% no resto do mundo e 4,3% de Galicia).

Finalmente, entre as persoas que traballan no resto do mundo existe un predominio dos que desenvolven funcións investigadoras (25,3% contra 10,3% noutras Comunidades Autónomas e 8,1% de Galicia).

A non existencia de áreas funcionais diferenciadas no seo das organizacións ou empresas é maior en Galicia (8,9%) que noutras Comunidades Autónomas (5,8%) e no resto do mundo (5,1%).

Gráfica nº176: Área funcional do posto de traballo segundo o lugar de traballo



4.6.8.1 Persoas que traballan en Galicia

4.6.8.1.1 Provincias

Tal como mostra o cadro nº75, a área de ensino/docencia (media de 20,0% en Galicia), está máis estendida entre as persoas que traballan en Ourense (24,5%), Pontevedra (20,4%) e Lugo (20,2%) que na Coruña (13,5%). Nesta última demarcación, a porcentaxe de persoas que traballan en produción (24,9%) é moi superior á existente en Ourense (8,6%), Lugo (10,3%) ou Pontevedra (15,1%).

As funcións de administración e finanzas oscilan entre os máximos de Ourense (13,0%) e Pontevedra (12,5%) e os mínimos da Coruña (6,3%) e Lugo (10,8%).

A non existencia de áreas funcionais na empresa (media galega de 8,9%) é máis frecuente nas organizacións situadas nas provincias de Lugo (16,3%) e Ourense (11,6%) que na Coruña (8,3%) e Pontevedra (7,9%).

Cadro nº75: Distribución porcentual de áreas funcionais nas provincias galegas

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Administración e finanzas	6,3	10,8	13,0	12,5
Atención ao cliente	2,2	5,9	5,8	4,4
Dirección xeral	6,4	6,4	6,6	5,5
Ensino/Docencia	13,5	20,2	24,5	20,4
I+D+i/Investigación	6,8	3,0	4,9	9,6
Informática	10,1	4,9	4,2	3,0
Non existen áreas funcionais diferenciadas na empresa	8,3	16,3	11,6	7,9
Prevenición e Saúde	4,3	4,9	6,6	6,0
Producción	24,9	10,3	8,6	15,1
Recursos humanos	1,1	0,5	2,4	2,4
Servizos xerais	6,6	9,9	8,7	6,3
Vendas e marketing	9,5	6,9	3,1	7,0

4.6.8.1.2 Cidades

A porcentaxe de persoas que desenvolven funcións de ensino/docencia é máis significativa entre as persoas que traballan nas cidades de Ferrol (31,5%), Pontevedra (25,0%) e Ourense (23,9%) que en Santiago de Compostela (8,1%), A Coruña (9,7%) ou Vigo (15,5%).

As funcións produtivas son máis frecuentes entre as persoas que traballan na Coruña (25,8%), Santiago de Compostela e Ferrol (18,5% ambas) e Vigo (15,6%) que en Ourense (8,2%), Pontevedra (10,2%) ou Lugo (10,6%).

A administración e finanzas é unha área funcional máis estendida entre as persoas tituladas que traballan nas cidades de Ourense (13,9%), Lugo (12,8%), Pontevedra (12,7%) e Vigo (12,4%) que en Ferrol (3,7%), Santiago de Compostela (6,1%) ou A Coruña (6,6%).

A inexistencia de áreas funcionais diferenciadas no seo das organizacións é máis frecuente entre as empresas localizadas en Lugo (17,0%), Ferrol (11,1%) e Ourense (10,9%) que en Vigo (6,9%), A Coruña (8,6%) ou Santiago de Compostela (9,0%).

É significativa a porcentaxe máis alta de persoas que traballan na área de informática nas cidades de Santiago de Compostela (14,2%) e A Coruña (13,0%) contra Pontevedra (1,0%), Ferrol (3,7%) e Vigo (4,3%), ben como as que desenvolven a súa profesión na área de investigación en Santiago de Compostela (12,1%) e Vigo (12,0%) contra os mínimos de Ferrol (1,9%) e Lugo (3,2%).

Cadro nº76: Distribución porcentual de áreas funcionais nas cidades galegas

	Vigo	Ourense	Pontevedra	A Coruña	Santiago de Compostela	Lugo	Ferrol
Administración e finanzas	12,4	13,9	12,7	6,6	6,1	12,8	3,7
Atención ao cliente	5,0	5,7	4,0	2,8	2,3	6,4	1,9
Dirección xeral	5,0	6,3	6,7	5,3	7,5	3,2	1,9
Ensino/Docencia	15,5	23,9	25,0	9,7	8,1	13,8	31,5
I+D+i/Investigación	12,0	5,8	4,0	5,5	12,1	3,2	1,9
Informática	4,3	5,4	1,0	13,0	14,2	9,6	3,7
Non existen áreas funcionais diferenciadas na empresa	6,9	10,9	9,8	8,6	9,0	17,0	11,1
Prevenición e saúde	6,6	7,3	9,0	3,6	3,8	2,1	9,3
Produción	15,6	8,2	10,2	25,8	18,5	10,6	18,5
Recursos humanos	2,4	3,0	2,7	1,1	0,9	0,0	0,0
Servizos xerais	6,0	6,6	9,6	5,3	7,8	11,7	13,0
Vendas e marketing	8,2	3,0	5,4	12,7	9,8	9,6	3,7

4.6.8.2 Persoas que traballan no resto de España

4.6.8.2.1 Comunidades Autónomas

A área de produción (media española de 22,7%) presenta porcentaxes notábeis entre as persoas tituladas que traballan en Estremadura (37,5%), Navarra (34,8%), Comunidade de Madrid (25,3%), Castela e León (24,4%), Cataluña (23,4%) e País Basco (22,9%) contra os mínimos de Ceuta e A Rioxa (0,0% ambas) e Rexión de Murcia (8,3%).

A área de vendas e marketing (media de 11,3%) é máis frecuente entre as persoas que traballan na Comunidade de Madrid (13,7%), Cataluña e Castela-A Mancha (13,6% ambas), Navarra (13,0%), Andalucía (12,8%) e Estremadura (12,5%) mentres que é nula en Cantabria, Illas Canarias, Rexión de Murcia, Ceuta e A Rioxa.

O desenvolvemento de funcións investigadoras e o ámbito do I+D+i (media de 10,3%) está máis estendido entre as persoas que traballan en Cantabria (33,3%), País Basco (20,8%), Rexión de Murcia (16,7%), Andalucía (12,8%), Illas Baleares (12,5%), Cataluña (11,7%), País Valenciano (11,4%) e Asturias (10,5%) e é nulo en Estremadura, Ceuta e A Rioxa.

A administración e finanzas (media de 9,9%) é máis frecuente entre as persoas que traballan en Ceuta (100,0%), Aragón (20,0%), Illas Canarias (13,9%), Castela-A Mancha (13,6%), Cantabria (13,3%), Illas Baleares e Estremadura (12,5% ambas), Asturias e Comunidade de Madrid (10,5% ambas) e Cataluña (10,3%) e inexistente na Rioxa e Rexión de Murcia.

É significativa a proporción de persoas que traballan no ámbito do ensino/docencia (media de 9,1%) na Rioxa (50,0%), Rexión de Murcia (41,7%), Navarra (26,1%), Extremadura (25,0%), Castela-A Mancha (22,7%), Aragón (20,0%), Castela e León (17,9%) e Andalucía (15,4%) contra as que o fan en Ceuta (0,0%), Cataluña (4,2%) ou Illas Baleares (5,6%).

Finalmente, a inexistencia de áreas funcionais no seo das organizacións é máis frecuente na Rioxa (25,0%), Cantabria (13,3%), Asturias (13,2%), Illas Canarias (11,1%) e País Basco (10,4%).

O Anexo 119 mostra máis detalladamente o cadro de datos coa distribución porcentual da área funcional de traballo nas Comunidades Autónomas.

4.6.8.2.2 Provincias

O cadro nº77 mostra as áreas funcionais predominantes nas que traballan as persoas tituladas da UVIGO emigradas a outras provincias do Estado español.

Cadro nº77: Áreas funcionais predominantes nas provincias españolas

Área funcional	Provincia
Producción	Xaén (100,0%), Xirona, Huelva e Palencia (50,0% cada unha), Badaxoz e Guadalaxara (40,0% ambas), Navarra (34,8%), Cáceres (33,3%), Valladolid (30,4%), Burgos e Tarragona (30,0% ambas), Avila e Valencia (28,6% ambas), Sevilla (26,7%), Madrid (25,3%), Biscaia e León (25,0% ambas), Barcelona (22,3%) e Alaba (22,2%).
Vendas e marketing	Lleida (100,0%), Huelva e Albacete (50,0% ambas), Granada (28,6%), Badaxoz e Biscaia (20,0% ambas), Toledo (16,7%), Málaga (14,3%), Madrid (13,7%), Barcelona (13,7%), Alacante (13,3%) Navarra (13,0%) e Zaragoza (12,5%).
Investigación	Salamanca (50,0%), Guipúscoa (33,3%), Avila (28,6%), Cantabria (33,3%), Biscaia e Alacante (20,0% ambas), Santa Cruz de Tenerife (17,6%), Murcia e Cádiz (16,7% ambas), Granada e Málaga (14,3% ambas), Sevilla (13,3%), Barcelona (12,7%), Illas Baleares e Zaragoza (12,5% ambas) e Asturias (10,5%),
Enseño/docencia	Teruel (100,0%), Albacete, Palencia e A Rioxa (50,0% cada unha), Murcia (41,7%), Toledo, Cáceres e Zamora (33,3% cada unha), Avila e Málaga (28,6% ambas), Navarra (26,1%), Badaxoz (20,0%), Salamanca e Cádiz (16,7% ambas), León (15,0%), Granada e Valencia (14,3% ambas), Sevilla (13,3%), Valladolid (13,0%), Zaragoza (12,5%), Guipúscoa e Alaba (11,1% ambas), As Palmas (10,5%), Burgos e Tarragona (10,0% ambas).
Administración e finanzas	Ceuta e Cidade Real (100,0% ambas), Zaragoza (25,0%), Alaba (22,2%), As Palmas (21,1%), Badaxoz, Burgos e Tarragona (20,0% cada unha), Xirona (16,7%), Málaga e Granada (14,3% ambas), Illas Baleares (12,5%), Asturias e Madrid (10,5% ambas) e Biscaia (10,0%).
Sen áreas funcionais diferenciadas	Cuenca (100,0%), A Rioxa (25,0%), Guadalaxara (20,0%), Biscaia (15,0%), Granada (14,3%), Cantabria e Alacante (13,3% ambas), Asturias (13,2%), Santa Cruz de Tenerife (11,8%), Guipúscoa (11,1%), As Palmas (10,5%) e León (10,0%).

O Anexo 120 mostra máis detalladamente o cadro de datos coa distribución porcentual da área funcional de traballo nas provincias españolas.

4.6.8.2.3 Cidades representativas

O cadro nº78 mostra as áreas funcionais predominantes nas que traballan as persoas tituladas da UVIGO emigradas a cidades representativas españolas.

Cadro nº78: Áreas funcionais predominantes nas cidades representativas españolas

Área funcional	Cidade
Producción	Xetafe (58,3%), Valencia (33,3%), Ponferrada (30,8%), Valladolid (30,0%), Sevilla (28,6%), Madrid (23,8%), Santa Cruz de Tenerife (22,2%), Barcelona (21,2%) e Alacante (20,0%), Pamplona e Bilbao (18,2% ambas).
Vendas e marketing	Alacante (20,0%), Bilbao e Pamplona (18,2%), Madrid (15,0%), Barcelona (13,3%), Zaragoza (12,5%) e Oviedo (11,1%).
Investigación	Donostia-San Sebastián (36,4%), Palma de Maiorca (23,1%), Xixón (22,2%), Pamplona (18,2%), Xetafe (16,7%), Sevilla (14,3%), Barcelona (12,7%), Santa Cruz de Tenerife (11,1%), Alacante (10,0%).
Ensino/docencia	Pamplona (27,3%), Palma de Maiorca e Ponferrada (15,4% ambas), Sevilla (14,3%), Xixón (11,1%), Alacante e Valladolid (10,0% ambas).
Administración e finanzas	Bilbao (18,2%), As Palmas de Gran Canaria (16,7%), Madrid (11,2%), Xixón e Santa Cruz de Tenerife (11,1% ambas), Barcelona (10,9%).
Sen áreas funcionais diferenciadas	Oviedo (36,4%), Bilbao (27,3%), Alacante (20,0%), Donostia-San Sebastián (18,2%), As Palmas de Gran Canaria (16,7%), Ponferrada (15,4%), Santa Cruz de Tenerife (11,1%), Barcelona (8,5%).

O Anexo 121 mostra máis detalladamente o cadro de datos coa distribución porcentual da área funcional de traballo nas cidades representativas españolas.

4.6.8.3 Persoas que traballan no resto do mundo

4.6.8.3.1 Países estranxeiros

O cadro nº79 mostra as áreas funcionais predominantes nas que traballan as persoas tituladas da UVIGO emigradas a países estranxeiros.

Cadro nº79: Áreas funcionais predominantes nos países estranxeiros

Área funcional	País
Investigación	Papúa Nova Guiné, Paraguai, Rusia, Territorio das Illas Wallis e Futuna (100,0% cada un), Dinamarca, Panamá e Tunisia (50,0% cada un), Italia (44,4%), Australia (42,9%), Suecia (40,0%), Países Baixos (37,9%), Suíza (37,8%), EUA (35,6%), Alemaña (34,4%), África do Sul, México, República Checa e Singapur (33,3% cada un), Francia (31,6%) e Austria (30,0%).
Producción	Catar, Casaquistán, Indonesia, Islandia e Namibia (100,0% cada un), Arxelia, Emirados Árabes Unidos, Eslovaquia, Finlandia e Luxemburgo (50,0% cada un), África do Sul, República Checa, Singapur, Chile, Noruega, Bolivia e Xapón (33,3% cada un), Austria (30,0%), Australia (28,6%), Alemaña (27,9%), Países Baixos (27,6%), EUA (26,7%), China (25,0%), Reino Unido (24,7%), Italia e Canadá (22,2%).

Área funcional	País
Ensino/docencia	Croacia, Cuba, Illa de Reunión, Romanía, Tailandia e Uruguai (100,0% cada un), Xapón (66,7%), Tunisia (50,0%), Colombia (43,8%), China (41,7%), Perú (38,5%), África do Sul, Singapur, Bolivia e Canadá (33,3%), Portugal (25,6%), Polonia (25,0%), Noruega (22,2%), Arxentina (21,4%), Ecuador (20,0%), Brasil (18,8%), Chile (16,7%) e Reino Unido (12,9%).
Vendas e marketing	Bulgaria (100,0%), Eslovaquia (50,0%), Suecia (20,0%), Brasil (18,8%), China, Polonia e Dinamarca (16,7% cada un), Canadá e Chile (11,1% ambos), Austria (10,0%), EUA (8,9%), Irlanda (8,0%), Bélxica (7,7%), Arxentina (7,1%), Reino Unido e Francia (7,0% ambos).
Informática	Finlandia e Luxemburgo (50,0% ambos), Emirados Árabes Unidos (25,0%), Ecuador (20,0%), República Checa (16,7%), Suíza (16,2%), Colombia (12,5%), Países Baixos (10,3%), Alemaña (9,8%), Irlanda (8,0%), Reino Unido (5,4%), Francia (5,3%).
Administración e finanzas	Andorra, Bangladesh, Barbados, Lituania, Nicaragua e República Dominicana (100,0% cada un), India (50,0%), Polonia e Grecia (25,0% ambos), Ecuador (20,0%), República Checa (16,7%), Perú (15,4%), Brasil (12,5%), Bélxica (11,5%), Canadá e Noruega (11,1% ambos), Irlanda (8,0%), Arxentina (7,1%), Francia (7,0%), Países Baixos (6,9%), Chile e México (5,6% ambos).
Sen áreas funcionais	Panamá (50,0%), Suecia (40,0%), Bolivia (33,3%), Italia (22,2%), Ecuador (20,0%), Australia (14,3%), Noruega (11,1%), Austria (10,0%), Irlanda (8,0%), Portugal (7,7%), Alemaña (7,4%), Arxentina (7,1%), México (5,6%), Suíza (5,4%) e Francia (5,3%).

O Anexo 122 mostra máis detalladamente o cadro de datos coa distribución porcentual da área funcional de traballo nos países estranxeiros.

4.6.8.3.2 Cidades representativas

O cadro nº80 mostra as áreas funcionais predominantes nas cidades representativas estranxeiras en que traballan as persoas tituladas da UVIGO.

Cadro nº80: Áreas funcionais predominantes nas cidades representativas estranxeiras

Área funcional	Cidades
Investigación	Cambridge (60,0%), Xenebra (46,2%), Munique (41,7%), Lisboa (33,3%), París (30,0%) e Berlín (25,0%).
Producción	Munique (33,3%), Dublín (28,6%), Londres (25,8%), Porto (21,7%).
Ensino/docencia	París (15,0%), Dublín (14,3%), Bruxelas (11,1%), Londres (9,1%), Porto (8,7%) e Berlín (8,3%).
Vendas e marketing	París (15,0%), Dublín (14,3%), Bruxelas (11,1%), Londres (9,1%), Porto (8,7%) e Berlín (8,3%).
Informática	Xenebra (30,8%), Berlín (16,7%), Dublín (14,3%), Londres (7,6%) e París (5,0%).
Administración e finanzas	Bruxelas (16,7%), Londres (7,6%), Dublín (7,1%), París (5,0%).
Sen áreas funcionais	Munique (16,7%), Dublín (14,3%), Cambridge (10,0%), Berlín (8,3%), Londres (6,1%) e Bruxelas (5,6%).

O Anexo 123 mostra máis detalladamente o cadro de datos coa distribución porcentual da área funcional de traballo nas cidades representativas estranxeiras.

4.6.9 Análise por antigüidade no posto de traballo

4.6.9.1 Tempo medio de antigüidade (en meses)

Como mostra o cadro nº81, por orde decrecente de tempo medio de permanencia no posto de traballo áchanse os titulados/as que traballan en recursos humanos, dirección xeral, administración e finanzas, servizos xerais, ensino/docencia, prevención e saúde, produción, vendas e marketing, informática, atención ao cliente e investigación.

Cadro nº81: Tempo medio de antigüidade no posto de traballo segundo a área funcional

	Tm(meses)	Tm(anos)	Desviación típica
Administración e finanzas	94,711	7,893	78,812
Atención ao cliente	57,210	4,767	65,061
Dirección xeral	102,565	8,547	83,699
Ensinio/Docencia	85,778	7,148	78,995
I+D+i/Investigación	53,751	4,479	61,311
Informática	72,436	6,036	67,255
Non existen áreas funcionais diferenciadas na empresa	60,830	5,069	67,762
Prevención e saúde	79,630	6,636	74,745
Produción	77,290	6,441	77,385
Recursos humanos	107,139	8,928	96,178
Servizos xerais	90,621	7,552	83,133
Vendas e marketing	73,955	6,163	71,919

4.6.9.2 Tempo de antigüidade por intervalos

No tocante á antigüidade no traballo, son máis frecuentes os intervalos de máis antigüidade (igual ou máis que 15 anos) entre os titulados/as que traballan en recursos humanos (22,8%), dirección xeral (16,3%), administración e finanzas (15,9%), servizos xerais (14,6%) e produción (11,6%).

Por outro lado, os niveis máis altos no intervalo de menor antigüidade (menos dun ano) teñen lugar entre os titulados/as que traballan nas áreas de atención ao cliente (33,4%), investigación (26,4%), vendas e marketing (24,5%), servizos xerais (22,6%), produción (21,6%), prevención e saúde (21,3%), ensino/docencia (21,0%) e recursos humanos (20,4%).

Cadro nº82: Tempo de antigüidade no traballo por intervalos segundo a área funcional

	0-6 meses	6-12 meses	12-24 meses	24-60 meses	60-120 meses	120-180 meses	180-240 meses	Máis de 240 meses
Administración e finanzas	9,0	8,2	10,9	16,6	21,7	17,6	12,1	3,8
Atención ao cliente	22,1	11,3	14,8	16,6	21,2	8,1	4,4	1,5
Dirección xeral	5,5	6,4	11,6	19,6	20,7	20,0	11,2	5,1
Ensinio/Docencia	12,6	8,4	10,5	17,1	25,7	13,6	7,7	4,4


	0-6 meses	6-12 meses	12-24 meses	24-60 meses	60-120 meses	120-180 meses	180-240 meses	Máis de 240 meses
Investigación/I+D+i	15,3	11,0	18,5	27,3	15,5	6,0	5,0	1,3
Informática	11,7	7,1	14,5	24,5	21,9	11,4	6,7	2,1
Sen áreas funcionais	15,2	11,7	14,8	25,6	16,6	9,6	5,3	1,2
Prevenición e saúde	12,1	9,2	11,9	19,9	21,7	16,9	5,0	3,2
Produción	12,1	9,5	13,5	22,0	17,9	13,4	8,6	3,0
Recursos humanos	10,5	9,9	10,5	11,1	21,0	14,2	16,0	6,8
Servizos xerais	13,7	8,9	8,2	15,2	24,7	14,8	9,1	5,5
Vendas e marketing	14,1	10,4	13,9	20,3	14,9	16,8	8,4	1,2

4.6.10 Análise por modalidade de contratación e tipo de contrato

4.6.10.1 Modalidade de contratación

Traballan por conta allea a inmensa maioría das persoas que desenvolven a súa profesión nas áreas de investigación e informática (97,4% ambas), servizos xerais (96,4%), prevención e saúde (95,8%), administración e finanzas (95,4%), produción (94,7%), atención ao cliente (94,6%), ensino/docencia (93,9%), recursos humanos (93,7%) e vendas e marketing (92,7%). A grande distancia, tamén son maioría (56,4%) os que exercen a súa carreira na área funcional de dirección xeral. A maioría (51,9%) das persoas que traballan en empresas sen áreas funcionais diferenciadas traballan por conta propia.

Gráfica nº177: Modalidade de contratación segundo a área funcional




Como mostra a gráfica nº178, as funcións principais realizadas polas persoas que traballan por conta allea son as de ensino/docencia (18,8%) e produción (18,1%) seguidas, a máis distancia, pola de administración e finanzas (11,3%) e investigación (11,1%). Con menores porcentaxes áchanse vendas e marketing (7,6%), servizos xerais (7,0%), prevención e saúde (5,9%), informática (5,5%), atención ao cliente (4,6%), dirección xeral (3,5%) e recursos humanos (2,1%).

Entre as persoas que traballan por conta propia, as principais áreas funcionais son a dirección xeral (22,4%), seguida da ensino/docencia (10,1%), produción (8,4%), vendas e marketing (4,9%), administración e finanzas (4,5%), investigación (2,5%), atención ao cliente, prevención e saúde e servizos xerais (2,1% cada unha) e recursos humanos (1,2%).

O 38,5% dos traballadores/as por conta propia (contra 4,4% dos que o fan por conta allea) desenvolven a súa actividade en empresas que carecen de áreas funcionais diferenciadas.

Gráfica nº178: Distribución porcentual de áreas funcionais segundo a modalidade de contratación



4.6.10.2 Tipo de contrato

Salvo nas áreas funcionais de dirección xeral (48,5%) e investigación (48,8%), os contratos indefinidos son maioritarios entre as persoas tituladas que realizan funcións de administración e finanzas (77,8%), informática (74,8%), recursos humanos (71,0%), produción (69,2%), vendas e marketing (68,2%), servizos xerais (63,7%), atención ao cliente (59,2%), ensino e docencia (59,0%) e prevención e saúde (51,3%).

O contrato eventual presenta niveis máis altos entre as persoas que traballan nas áreas de prevención e saúde (38,0%), investigación (32,7%), atención ao cliente (31,6%) e ensino/docencia (31,4%) que nas de dirección xeral (6,1%), administración e finanzas (12,4%), recursos humanos (16,0%), informática (16,9%), produción (18,6%), vendas e marketing (19,0%) e servizos xerais (24,7%).

A presenza de bolsas é significativa entre as persoas que realizan funcións de investigación (12,0%) e servizos xerais (5,6%) mentres que é nula en dirección xeral (0,0%) e insignificante nas áreas de atención ao cliente (0,9%), administración e finanzas (1,3%) ou prevención e saúde (1,4%).

Os contratos en prácticas están máis estendidos entre as persoas que realizan actividades ligadas aos recursos humanos (4,1%), informática (4,0%) e administración e finanzas (3,8%) que en dirección xeral (0,8%), ensino/docencia (1,0%), servizos xerais (1,7%) ou vendas e marketing (1,9%).

Os titulados/as que exercen a súa profesión sen relación contractual realizan mormente funcións relacionadas co ensino (0,3%), prevención e saúde (0,2%) e produción (0,1%).

Entre as persoas que traballan en empresas que carecen de áreas funcionais diferenciadas destacan os que traballan por conta propia (53,5%), seguidos polos indefinidos (27,6%), eventuais (13,9%) e, en menor proporción, en prácticas (3,0%) e bolsas (2,1%).

O Anexo 124 mostra o cadro de datos da distribución porcentual do tipo de contrato segundo a área funcional de traballo.

4.6.10.2.1 Traballo na empresa privada

O contrato indefinido é a categoría contractual maioritaria en todas as áreas funcionais avaliadas, oscilando entre os máximos de dirección xeral (90,8%), administración e finanzas (81,4%), informática (78,1%), recursos humanos (75,0%), vendas e marketing (74,7%) e os mínimos de ensino/docencia (57,5%) e as empresas que carecen de áreas funcionais diferenciadas (59,5%).

O contrato eventual presenta porcentaxes notábeis entre as persoas que traballan no ensino/docencia (24,0%), atención ao cliente (22,1%) e en prevención e saúde (20,1%) e mínimos nas áreas de dirección xeral (3,6%), informática (5,0%), administración e finanzas (7,5%) e produción (7,8%).

Os contratos por obra ou servizo na empresa privada están máis estendidos nas funcións de ensino/docencia (14,8%), atención ao cliente (12,5%), produción (11,3%), servizos xerais (11,2%) e informática (11,1%) contra os mínimos de recursos humanos e administración e finanzas (5,2% ambas).

As bolsas no sector privado alcanzan porcentaxes notábeis entre as persoas que traballan en investigación (4,6%) e produción (3,2%). A presenza de contratos en prácticas é significativa entre as persoas que traballan en recursos humanos (6,0%), investigación (5,1%), servizos xerais (4,7%), administración e finanzas (4,5%) e prevención e saúde (4,1%).

As persoas que traballan sen contrato fano preferentemente en áreas de ensino/docencia (0,8%), prevención e saúde (0,5%) e produción (0,1%).

Nas empresas que carecen de áreas funcionais diferenciadas predominan os contratos indefinidos (55,9%), seguidos polos temporais (14,9%) e por obra ou servizo (13,7%) e, a máis distancia, os contratos en prácticas (6,9%) e bolsas (5,0%), categorías nas que presentan as porcentaxes máis altas.

Cadro nº83: Distribución porcentual do tipo de contrato segundo a área funcional na empresa privada

	Bolsa	En prácticas	Indefinido	Por obra/servizo	Sen contrato	Temporal	Outro
Administración e finanzas	1,3	4,5	81,4	5,2	0,0	7,5	0,0
Atención ao cliente	0,0	3,3	62,1	12,5	0,0	22,1	0,0
Dirección xeral	0,0	2,0	90,8	3,6	0,0	3,6	0,0
Ensino/Docencia	0,4	1,2	57,5	14,8	0,8	24,0	1,2
Investigación/I+D+i	4,6	5,1	67,0	10,2	0,0	13,1	0,0
Informática	1,1	4,7	78,1	11,1	0,0	5,0	0,0
Sen áreas funcionais	5,0	6,9	59,5	13,7	0,0	14,9	0,0
Prevenición e Saúde	1,8	4,1	66,7	6,8	0,5	20,1	0,0
Produción	3,2	3,8	73,7	11,3	0,1	7,8	0,2
Recursos humanos	2,6	6,0	75,0	5,2	0,0	10,3	0,9
Servizos xerais	1,8	4,7	68,6	11,2	0,0	13,6	0,0
Vendas e marketing	2,7	2,2	74,7	9,2	0,0	11,0	0,2

4.6.10.2 Traballo para a administración pública

Como se pode observar no cadro nº84, o funcionariado de carreira é a categoría maioritaria entre os que traballan nas áreas de administración e finanzas (65,4%), dirección xeral (62,1%), recursos humanos (57,1%) e ensino/docencia (55,2%) contra as porcentaxes mínimas que presentan as áreas de investigación (12,6%) e prevención e saúde (16,0%).

O persoal fixo ou indefinido manifesta porcentaxes máximas entre as persoas que desempeñan funcións de produción (42,6%), vendas e marketing (38,1%), informática (27,8%), atención ao cliente (25,0%), prevención e saúde (23,5%), servizos xerais (22,9%) e recursos humanos (21,4%) contra os mínimos de ensino (10,9%) e investigación (11,0%).

O funcionariado interino presenta máis proporción entre as persoas que traballan nas áreas de ensino/docencia (22,8%) e prevención e saúde (22,5%).

O persoal contratado de forma eventual ou temporal alcanza a porcentaxe máis alta entre as persoas que traballan nas áreas de prevención e saúde (31,0%), investigación (30,7%), vendas e marketing (28,6%), produción (18,5%) e atención ao cliente (16,1%) contra os mínimos que presentan administración e finanzas (3,8%), dirección xeral e ensino/docencia (7,6% ambas).

Os contratos por obra ou servizo e as bolsas son modalidades contractuais que están máis entendidas entre as persoas que realizan funcións de investigación (16,9% e 25,2%, respectivamente).

te) seguidas, a máis distancia, polas que realizan labores de produción (5,6% e 7,2%, respectivamente).

A categoría de contrato en prácticas somente está presente entre as persoas que traballan no ensino/docencia (0,9%), prevención e saúde (0,5%), investigación (0,4%) e servizos xerais (0,3%).

Nas entidades públicas que carecen de áreas funcionais diferenciadas predominan os titulados/as que traballan como funcionariado de carreira (44,0%), seguido polo interino (16,0%), persoal eventual/temporal e fixo ou indefinido (14,0% ambos), contratos por obra/servizo (6,0%), en prácticas (4,0%) e bolsas (2,0%).

Cadro nº84: Distribución porcentual do tipo de contrato segundo a área funcional no sector público

	Bolsa	En prácticas	Funcionariado de carreira	Funcionariado interino	Persoal eventual/temporal	Persoal fixo ou indefinido	Por obra/servizo	Outro
Administración e finanzas	1,9	0,0	65,4	9,6	3,8	17,3	1,9	0,0
Atención ao cliente	5,4	0,0	41,1	12,5	16,1	25,0	0,0	0,0
Dirección xeral	0,0	0,0	62,1	12,1	7,6	15,2	3,0	0,0
Ensino/Docencia	2,3	0,9	55,2	22,8	7,6	10,9	0,2	0,0
Investigación/I+D+i	25,2	0,4	12,6	3,1	30,7	11,0	16,9	0,0
Informática	0,0	0,0	40,7	13,0	9,3	27,8	3,7	5,6
Sen áreas funcionais	2,0	4,0	44,0	16,0	14,0	14,0	6,0	0,0
Prevenición e Saúde	1,0	0,5	16,0	22,5	31,0	23,5	0,5	5,0
Produción	7,4	0,0	16,7	9,3	18,5	42,6	5,6	0,0
Recursos humanos	0,0	0,0	57,1	9,5	9,5	21,4	2,4	0,0
Servizos xerais	7,8	0,3	42,0	13,3	10,4	22,9	2,3	0,9
Vendas e marketing	23,8	0,0	9,5	0,0	28,6	38,1	0,0	0,0

4.6.11 Análise por rama de actividade


Un contraste permite constatar a existencia de relacións de dependencia estatística entre a área funcional de traballo e a rama de actividade da empresa (p -valor \leq 0,05).

Destarte, entre os que traballan na empresa privada existe máis proporción de persoas que desempeñan funcións de produción (23,7% contra 3,3% do ámbito público e 10,4% das entidades non lucrativas), administración e finanzas (13,4% contra 4,5% do ámbito público e 9,7% das entidades non lucrativas) e vendas e marketing (10,5% contra 0,9% do ámbito público e 3,7% das entidades non lucrativas). A máis distancia, destacan as áreas funcionais de dirección xeral (6,8% na empresa privada contra 2,9% do ámbito público e 5,4% das entidades non lucrativas), informática (6,4% contra 2,3% do ámbito público e das entidades non lucrativas) e atención ao cliente (5,3% contra 2,4% do ámbito público e 2,3% das entidades non lucrativas).

Entre as persoas tituladas que traballan en entidades pertencentes ao ámbito público existe máis proporción de empregados que desempeñan funcións ligadas ao ensino/docencia (36,8% contra 16,4% das entidades non lucrativas e 9,6% das empresas privadas), prevención e saúde (9,4% contra 3,5% das empresas privadas e 8,9% das entidades non lucrativas) e servizos xerais (15,3% contra 2,8% das empresas privadas e 4,8% das entidades non lucrativas).

Finalmente, entre as persoas que traballan en entidades sen ánimo de lucro, destacan as funcións de investigación (25,1% contra 5,6% das empresas privadas e 17,7% do ámbito público) e de recursos humanos (3,7% contra 1,7% do ámbito público e 2,0% da empresa privada).

Gráfica nº179: Rama de actividade segundo a área funcional



4.6.12 Análise por sector económico

O ensino/docencia é a principal área funcional das persoas que traballan nos sectores de educación privada (81,3%), sector público (46,9%), deporte/lecer/cultura (20,2%), outras actividades sociais (17,9%) e agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (16,9%).

A produción é a principal función das persoas que traballan en aeronáutica (62,2%), comunicación audiovisual (57,8%), cerámica (50,0%), madeira (49,0%), enerxía/ambiente (40,3%), automoción (38,3%), química, plástico, vidro e envases (37,8%), papel, gráficas, edición e reprodución (34,8%), construción (32,6%), telecomunicacións (31,0%), alimentación (30,0%), minaría (28,1%), transporte e loxística (23,4%) e servizos a empresas (18,0%).

As persoas tituladas que desenvolven funcións de administración e finanzas exercen preferentemente a súa actividade nos sectores de cerámica (50,0%), finanzas (48,8%), aseguradoras (27,5%), transporte e loxística (23,4%) e alimentación (18,9%).


As vendas e marketing é a principal función dos titulados/as que traballan no sector de distribución (29,3%), a prevención e saúde entre os que traballan na sanidade privada (37,3%), a informática nos servizos informáticos (45,2%) e a atención ao cliente nos sectores turístico (36,7%) e téxtil/confección (22,5%).

O Anexo 125 mostra con máis detalle o cadro de datos da distribución porcentual de sector económico segundo a área funcional.

4.6.13 Análise por realización de doutoramento

Case metade das persoas que realizaron un programa de doutoramento exercen a súa actividade profesional na área de investigación/I+D+i (44,6% contra 8,1%) e na docencia (33,8% contra 16,9%). No resto de departamentos, as funcións son desenvolvidas nunha proporción máis alta por persoas tituladas sen o título de doutor, con diferenzas significativas no caso de produción (17,8% contra 3,8%), administración e finanzas (11,2% contra 0,8%) e en vendas e marketing (7,7% contra 1,5%). No caso de dirección xeral, a proporción de persoas sen doutoramento (5,6%) é levemente superior a aquelas que contan con este título (4,4%).

Gráfica nº180: Área funcional de traballo segundo a realización de doutoramento




4.7 Categoría profesional

4.7.1 Global

O coñecemento da categoría profesional do emprego que a persoa titulada desenvolve no momento actual proporciona unha información relevante sobre a calidade do traballo desenvolvido. Como mostra a gráfica nº181, unha maioría de 61,3% realiza responsabilidades de técnicos/as cualificados/as. Un 20,1% son mandos intermedios e un 11,2% directivos/as. Até un 7,5% manifestou desenvolver o seu traballo consoante categorías profesionais que non son propias dos titulados/as universitarios como empregados/as non cualificados.

Gráfica nº181: Distribución porcentual da mostra segundo a categoría profesional




4.7.2 Evolución quinquenal

A porcentaxe de persoas que traballan como directivas experimenta unha tendencia decrecente no período analizado, pasando desde un máximo de 19,6% entre os titulados/as no quinquenio 1990-95 a un mínimo de 5,7% entre 2011-15. Tamén é decrecente a proporción de mandos intermedios, cun valor superior de 23,7% entre 1990-95 e un valor inferior de 14,3% no último quinquenio.

A evolución decrecente destas dúas categorías tradúcese na liña de tendencia crecente experimentada polas persoas tituladas que traballan como persoal técnico cualificado, que evolúe desde un mínimo de 49,8% entre os titulados/as en 1990-95 a un máximo de 70,6% no último quinquenio.

Finalmente, a porcentaxe de persoas tituladas que traballan como empregadas non cualificadas tamén é crecente, pasando de 6,9% entre 1990-95 a un máximo de 9,5% entre 2011-15.

Gráfica nº182: Evolución quinquenal da categoría profesional



4.7.3 Evolución anual


O Anexo 126 mostra o cadro de datos da evolución anual da distribución porcentual da categoría profesional.

4.7.4 Análise por xénero

Por xéneros, detéctanse diferenzas estatisticamente significativas ($p\text{-valor} \leq 0,05$), concluíndo que a proporción de homes directivos (14,2%) é superior á de mulleres (8,7%), ben como a de mandos intermedios (23,6% contra o 17,2%), o que se traduce nunha menor presenza masculina

na categoría de técnicos cualificados (57,2% contra 64,6%). A proporción de mulleres que desenvolven empregos non cualificados case duplica á de homes (9,5% contra 5,0%).

Gráfica nº183: Categoría profesional segundo o xénero



4.7.5 Análise por ámbitos académicos

Ao comparar a categoría profesional por ámbitos académicos constátase a existencia de diferenzas estatisticamente significativas ($p\text{-valor} \leq 0,05$).

En primeiro lugar, destaca que as categorías propias dos titulados/as universitarios (directivo/a, mando intermedio e técnico/a cualificado) representan, por orde decrecente, o 97,9% das persoas tituladas do ámbito das Ciencias da Saúde, 97,3% do Tecnolóxico, 93,6% do Científico, 91,3% do Multidisciplinar, 91,1% de Arte e Humanidades e 88,6% do Xurídico-Social.


A categoría de directivo/a presenta entre os titulados/as das ramas Xurídico-Social (12,6%) e Tecnolóxica (12,0%) porcentaxes máis elevadas que nas Ciencias da Saúde (5,1%), Científica (6,1%), Multidisciplinar (8,8%) e Arte e Humanidades (9,6%).

A presenza de mandos intermedios é máis elevada entre as persoas tituladas dos ámbitos Tecnolóxico (26,2%), Xurídico-Social (18,6%) e Científico (17,0%) que no Multidisciplinar (11,3%), Arte e Humanidades (12,8%) e Ciencias da Saúde (15,2%).

En todos os ámbitos académicos a maioría de persoas tituladas desenvolven a súa profesión como técnicos/as cualificados, oscilando entre un máximo de 77,6% nas Ciencias da Saúde a un mínimo de 57,4% do Xurídico-Social. Neste sentido cabe referir que a proporción máis baixa de técnicos/as cualificados entre as persoas tituladas dos ámbitos Xurídico-Social e Tecnolóxico é debida á maior presenza de persoas que traballan como directivos/as ou mandos intermedios.

Finalmente, a porcentaxe de persoas que traballan como empregadas non cualificadas é máis alta entre os titulados/as dos ámbitos Xurídico-Social (11,4%), Arte e Humanidades (8,9%), Multidisciplinar (8,8%) e Científico (6,4%) que nas Ciencias da Saúde (2,1%) e Tecnolóxico (2,7%).

Gráfica nº184: Categoría profesional segundo ámbitos académicos



4.7.6 Análise por tipoloxía de estudos

As persoas tituladas en Enxeñarías Superiores (99,0%), Enxeñarías Técnicas (95,0%) e Títulos Propios (95,8%) presentan unha porcentaxe máis elevada en categorías profesionais propias de titulados/as universitarios contra os que realizaron Diplomaturas (87,9%), Graos (88,1%) e Licenciaturas (92,5%).


A porcentaxe máis elevada de persoas que traballan como directivas prodúcese entre os titulados/as en Enxeñarías Superiores (14,1%), Licenciaturas (13,1%) e Mestrados (12,5%), contra os que realizaron Graos (4,3%), Títulos Propios (8,3%), Diplomaturas (9,2%) e Enxeñarías Técnicas (9,8%).

A presenza de mandos intermedios tamén é máis alta entre as Enxeñarías Superiores (27,6%) e Enxeñarías Técnicas (26,8%), seguidas polos que completaron Títulos Propios (20,8%), Licenciaturas (18,7%), Diplomaturas (16,9%) e Mestrados (16,6%). A menor presenza de persoas tituladas en Graos como mandos intermedios (12,4%), ao igual que como directivas, é debida á recente implementación desta tipoloxía de estudos.

A proporción máis elevada de titulados/as que traballan como empregados/as non cualificados prodúcese entre os que completaron Diplomaturas (12,1%) e Graos (11,9%) contra os mínimos entre os titulados/as en Enxeñarías Superiores (1,0%), Títulos Propios (4,2%), Enxeñarías Técnicas (5,0%), Mestrados (6,8%) e Licenciaturas (7,5%).

Finalmente, o desenvolvemento da actividade profesional como técnico/a cualificado entre as persoas que completaron Graos (71,4%) ou Títulos Propios (66,7%) presenta unha porcentaxe superior á existente entre Enxeñaría Superiores (57,3%), Enxeñaría Técnica (58,4%), Licenciaturas (60,8%), Diplomaturas (61,9%) e Mestrados (64,1%).

Gráfica nº185: Categoría profesional segundo a tipoloxía de estudos



4.7.7 Análise por titulación

4.7.7.1 Traballo como directivo/a

As titulacións que presentan unha proporción de persoas tituladas que traballan como directivos/as superior á media global (11,2%) son o Grao en Xeografía e Historia (50,0%), licenciaturas en Ciencias Económicas e Empresariais - Sección Empresariais (31,0%), Dereito (26,8%) e en Dereito Económico-Empresarial (26,8%), Diplomatura en Fisioterapia (22,2%), Grao en Consultoría e Xestión da Información (20,0%), licenciaturas en Ciencias Económicas e Empresariais - Sección Económicas (19,3%) e en Filoloxía Galega e Enxeñaría Industrial (17,6%), Grao en Dereito (16,7%), Diplomatura en Ciencias Empresariais (15,8%), licenciaturas en Historia (15,4%), Publicidade e Relacións Públicas (14,5%) e en Filoloxía Xermánica (14,3%), Enxeñaría Técnica Agrícola (14,1%), Enxeñaría de Telecomunicación (13,4%), Licenciatura en Economía (12,6%), Diplomatura en Relacións Laborais e

Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (12,5% ambos), licenciaturas en Filoloxía Inglesa (12,3%), Belas Artes (12,2%) e en Administración e Dirección de Empresas (11,7%).

4.7.7.2 Traballo como mando intermedio

Esta categoría profesional manifesta unha porcentaxe significativa entre as persoas tituladas no Grao en Enxeñaría en Organización Industrial (42,9%), Enxeñaría de Minas (33,6%), Grao en Enxeñaría en Química Industrial (30,0%), Enxeñaría Técnica Industrial (29,4%), Enxeñaría de Telecomunicación (29,2%), Diplomatura en Xestión e Administración Pública (29,0%), Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais - Sección Económicas (28,9%), Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (28,8%), Grao en Publicidade e Relacións Públicas (27,8%), Enxeñaría Industrial (26,2%), Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas (25,7%), Licenciatura en Química e Grao en Comercio (25,0% ambas).

4.7.7.3 Traballo como técnico/a cualificado

Traballan nesta categoría profesional a totalidade das persoas tituladas que completaron os graos en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Enxeñaría Agraria, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, Enxeñaría Informática e en Química, ben como o 88,9% dos graduados/as en Enxeñaría da Enerxía, Enxeñaría Mecánica (86,4%), Enfermaría (81,4%), Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (81,3%) e Enxeñaría Eléctrica (80,0%). Igualmente, entre 70 e 80% dos diplomados/as en Enfermaría (78,8%), Grao en Enxeñaría Forestal (78,6%), Licenciatura en Física (78,4%), graos en Ciencias Ambientais (77,8%) e en Fisioterapia (77,6%), Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (77,3%), graos en Linguas Estranxeiras e en Educación Primaria (76,9% ambos), Grao en Economía e Licenciatura en Filoloxía Galega (76,5% ambos), diplomaturas en Traballo Social (76,1%) e en Educación Social (75,6%), graos en Comercio, Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática e en Dereito (75,0% cada un), ben como en Bioloxía (73,3%), Enxeñaría en Informática (72,7%), Licenciatura en Belas Artes (72,5%), Licenciatura e Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (72,3% e 72,2%, respectivamente), Licenciatura en Filoloxía Hispánica (72,0%), Grao en Ciencias do Mar (71,4%), Licenciatura en Tradución e Interpretación (71,0%) e Grao en Enxeñaría en Química Industrial (70,0%).

4.7.7.4 Traballo como empregado/a non cualificado


A porcentaxe máis alta de titulados/as cuxo traballo responde a esta categoría prodúcese entre as persoas que completaron os graos de Estudos de Galego e Español (40,0%), Educación Infantil (33,3%), Ciencias do Mar e en Traballo Social (28,6% ambos), Diplomatura en Xestión e Administración Pública (25,8%), Grao en Dirección e Xestión Pública (25,0%), Diplomatura en Graduado Social (21,3%), Grao en Educación Social (21,1%), Grao en Bioloxía e Diplomatura en Turismo (20,0% ambos), graos en Tradución e Interpretación e en Belas Artes (19,4% ambos), Diplomatura en Relacións Laborais (18,8%), Grao en Comunicación Audiovisual (17,6%), Diplomatura en Ciencias Empresariais (16,4%) e Grao en Administración e Dirección de Empresas (15,5%).

O Anexo 127 mostra máis detalladamente o cadro de datos da distribución porcentual da categoría profesional segundo a titulación completada.

4.7.8 Análise por lugar de traballo

Por lugar de traballo, non existen diferenzas significativas na porcentaxe de persoas tituladas que traballan como técnicas cualificadas, quer en Galicia (61,4%), quer no resto do mundo (61,9%), quer noutras Comunidades Autónomas (59,9%). No entanto, conséntase a existencia de diferenzas significativas na maior proporción de persoas que traballan en Galicia tanto como directivas (12,1% contra 7,0% no resto do mundo e 9,1% noutras Comunidades Autónomas) como empregadas non cualificadas (8,4% contra 4,3% no resto do mundo e 5,0% noutras Comunidades Autónomas). Estas diferenzas tradúcense nas diferentes porcentaxes de titulados/as que traballan como mandos intermedios no resto do mundo (26,9%) e noutras Comunidades Autónomas (26,1%) contra Galicia (18,1%).

Gráfica nº186: Categoría profesional segundo o lugar do traballo




4.7.8.1 Persoas que traballan en Galicia

4.7.8.1.1 Provincias

Por provincias, tal como mostra a gráfica nº187, se ben non existen diferenzas significativas na porcentaxe de técnicos/as cualificados, é notábel a proporción de mandos intermedios na Coruña (22,6%), e de directivos/as ou empregados/as non cualificados en Lugo (15,2% e 10,0%, respectivamente).

Gráfica nº187: Categoría profesional nas provincias galegas




4.7.8.1.2 Cidades

É de destacar a porcentaxe de directivos/as que traballan en Ferrol (21,8% contra 9,4% de Lugo e Santiago de Compostela) e o de mandos intermedios (30,9% contra 9,4% de Lugo e 15,2% de Ourense). A presenza de técnicos/as cualificados oscila entre o máximo de Lugo (70,8%) e o mínimo de Ferrol (47,3%).

Por outro lado, a proporción de empregados/as non cualificados é máxima en Lugo e Vigo (10,4 e 10,0%, respectivamente) contra Ferrol (0,0%) e A Coruña (3,4%).

Gráfica nº188: Categoría profesional nas cidades galegas




4.7.8.2 Persoas que traballan no resto de España

4.7.8.2.1 Comunidades Autónomas

As Comunidades Autónomas con máis porcentaxe de persoas tituladas da UVIGO que exercen a súa profesión como directivas son o País Valenciano (18,4%), Asturias e Andalucía (15,4% ambas) e Navarra (13,0%) contra a nula presenza A Rioxa, Rexión de Murcia e Ceuta.

Polo contrario, a maior frecuencia de persoas que traballan como empregadas non cualificadas prodúcese entre os emigrados/as na Rioxa (25,0%), Illas Baleares (14,8%), Cantabria (13,3%) e Illas Canarias (13,2%).

Gráfica nº189: Categoría profesional nas Comunidades Autónomas



4.7.8.2.2 Provincias

O cadro nº85 mostra a categoría profesional predominante nas provincias españolas en que traballan as persoas tituladas da UVIGO.

Cadro nº85: Categoría profesional predominante nas provincias españolas

Categoría profesional	Provincias
Directivo/a	Castellón (50,0%), Cáceres e Cádiz (33,3% ambas), Sevilla (20,8%), Valencia (18,8%), Salamanca (16,7%), As Palmas (15,8%), Asturias e Toledo (15,4% ambas), Málaga (14,3%), Navarra (13,0%), Guipúscoa e Santa Cruz de Tenerife (10,5% ambas), Alaba e Burgos (10,0% ambas).
Mando intermedio	Lleida (100,0%), Badaxoz (60,0%), Cantabria (53,3%), Cidade Real, Huelva, Soria e Zaragoza (50,0% cada unha), Zamora (40,0%), Cáceres (33,3%), León (31,8%), Alacante (31,3%), Madrid (30,0%), Málaga e Granada (28,6% ambas) e Barcelona (27,7%).
Empleado/a non cualificado	Xaén e Segovia (100,0% ambas), Guadalaxara (40,0%), A Rioxa (25,0%), As Palmas (21,1%), Tarragona (18,2%), Illas Baleares (14,8%), Xirona e Málaga (14,3% ambas), Asturias (12,8%), Alacante, Valencia e Zaragoza (12,5% cada unha), Alaba (10,0%), Guipúscoa e Santa Cruz de Tenerife (5,3% ambas).

O Anexo 128 mostra con máis detalle o cadro de datos coa distribución porcentual da categoría profesional nas provincias españolas.


4.7.8.2.3 Cidades representativas

O cadro nº86 mostra a categoría profesional predominante nas cidades representativas españolas en que traballan as persoas tituladas da UVIGO.

Cadro nº86: Categoría profesional predominante nas cidades representativas españolas

Categoría profesional	Cidades
Directivo/a	Valencia (21,4%), Xixón e Santa Cruz de Tenerife (20,0% ambas), Oviedo (18,2%), As Palmas de Gran Canaria (16,7%), Sevilla (14,3%), Valladolid (10,0%) e Madrid (9,9%).
Mando intermedio	Ponferrada (38,5%), Xetafe (30,8%), Madrid (21,2%), Oviedo, Alacante e Pamplona (27,3% cada unha) e Barcelona (26,5%).
Empregado/a non cualificado	Oviedo (18,2%), As Palmas de Gran Canaria (16,7%), Xetafe (15,4%), Valencia (14,3%), Palma de Maiorca (12,5%), Santa Cruz de Tenerife e Xixón (10,0% ambas), Pamplona (9,1%), Donostia-San Sebastián (8,3%) e Valladolid (5,0%).

Gráfica nº190: Categoría profesional nas cidades representativas españolas



4.7.8.3 Persoas que traballan no resto do mundo

4.7.8.3.1 Países estranxeiros

O cadro nº87 mostra a categoría profesional predominante dos países estranxeiros en que traballan as persoas tituladas da UVIGO.

Cadro nº87: Categoría profesional predominante nos países estranxeiros

Categoría profesional	Países
Directivo/a	República Dominicana e Tailandia (100,0% ambos), Bolivia (66,7%), Arxelia (50,0%), Singapur (33,3%), Perú (28,6%), Colombia (25,0%), México (23,5%), Chile (22,2%), Arxentina e Ecuador (20,0% ambos), Polonia (16,7%), Australia (14,3%), EUA (13,3%) e Brasil (12,5%).
Mando intermedio	Bangladesh, Barbados, Catar, Cuba, Guiné Bissau, Islandia, Lituania, Marrocos, Namibia, Nicaragua e Romanía (100,0% cada un), Venezuela (66,7%), China (58,3%), Emirados Árabes Unidos, Eslovaquia, India, Indonesia e Paraguai (50,0% cada un), Francia (44,8%), Bélxica (44,4%), Suecia (40,0%), Colombia (37,5%), Perú (35,7%), Bolivia, Singapur, África do Sul, Canadá, Luxemburgo e Xapón (33,3% cada un), Chile (27,8%), Países Baixos (27,6%) e Reino Unido (27,5%).
Empregado/a non cualificado	Bulgaria (100,0%), Finlandia e Panamá (50,0% ambos), Ecuador (20,0%), Irlanda (15,4%), Australia (14,3%), Italia (9,1%), China (8,3%), Arxentina (6,7%), Reino Unido (6,2%), México (5,9%), Alemaña (4,8%) e EUA (4,4%).


O Anexo 129 mostra con máis detalle o cadro de datos coa distribución porcentual da categoría profesional nos países estranxeiros.

4.7.8.3.2 Cidades representativas

Como mostra a gráfica nº191, a proporción mais alta de directivos/as ten lugar entre as persoas tituladas que traballan en Lisboa (10,0%), Xenebra e Berlín (7,7% ambas) e Dublín (7,1%). As cidades con máis frecuencia de mandos intermedios son París (57,1%), Bruxelas (42,1%), Porto (40,0%), Berlín e Xenebra (38,5% ambas).

Polo contrario, a porcentaxe máis alta de empregados/as non cualificados dáse lugar en Lisboa (10,0%), Dublín (7,1%) e Londres (5,8%).

Gráfica nº191: Categoría profesional nas cidades representativas estranxeiras



4.7.9 Análise por antigüidade no posto de traballo

4.7.9.1 Tempo medio de antigüidade (en meses)

A partir dos datos da cadro n°88 conséntase que o tempo medio de permanencia no posto de traballo actual é directamente proporcional ao grao en responsabilidade profesional, de maneira que oscila entre o máximo dos directivos/as (108,917 meses) e o mínimo dos empregados/as non cualificados (50,179 meses).

Cadro n°88: Tempo medio de antigüidade segundo a categoría profesional

Categoría profesional	Tm(meses)	Tm(anos)	Desviación típica
Directivo/a	108,917	9,076	84,110
Empregado/a non cualificado	50,179	4,182	62,188
Mando intermedio	97,556	8,130	79,602
Técnico/a cualificado	69,126	5,760	72,097

4.7.9.2 Tempo de antigüidade por intervalos

Por intervalos de antigüidade conséntase que entre as persoas que traballan como directivas son máis frecuentes os intervalos de máis antigüidade (igual ou maior que 15 anos), co 20,8%, e menos frecuentes os de menos antigüidade (igual o menor que un ano), co 11,2%. En segundo lugar áchanse os mandos intermedios, cunha porcentaxe de 16,3% en intervalos de máis antigüidade e o 13,8% de menor tempo de permanencia.

Os intervalos de antigüidade inferiores a un ano son máis frecuentes entre as persoas empregadas non cualificadas (37,6%) e técnicas cualificadas (25,2%). Igualmente, estes colectivos presentan as porcentaxes máis baixas nos intervalos de máis antigüidade (5,1% e 8,2%, respectivamente).

Cadro n°89: Antigüidade no posto de traballo por intervalos

	0-6 meses	6-12 meses	12-24 meses	24-60 meses	60-120 meses	120-180 meses	180-240 meses	Máis de 240 meses
Directivo/a	5,4	5,8	10,4	17,8	21,1	18,7	15,0	5,8
Empregado/a non cualificado	24,7	12,8	14,8	18,8	15,7	8,0	4,0	1,1
Mando intermedio	7,2	6,6	10,2	19,3	23,6	16,9	12,0	4,3
Técnico/a cualificado	14,6	10,6	14,0	21,3	19,7	11,7	5,7	2,5

Salvo nos tramos máis longos de antigüidade (entre 180-240 meses e de máis de 240 meses), tal como se reflicte no cadro n°90, a categoría profesional maioritaria é a de técnico/a cualificado, oscilando entre un máximo de 69,6% no intervalo de menos antigüidade e un 54,0% entre 120 e 180 meses. A descida experimentada nos dos intervalos de máis antigüidade tradúcese nun aumento da frecuencia nas categorías de mando intermedio e directivo/a.

A categoría de directivo/a evolúe desde un mínimo de 4,7% entre as persoas cunha antigüidade inferior a 6 meses até unha media de 21,3% a partir dos 15 anos de permanencia no posto de traballo. Esta evolución é similar á experimentada polos mandos intermedios, que oscilan desde un mínimo de 11,4% no intervalo de menos antigüidade até un máximo de 30,8% nas persoas tituladas cunha antigüidade entre 15 e 20 anos.

A categoría de empregado non cualificado presenta unha liña de tendencia decrecente segundo o intervalo de antigüidade, de maneira que a súa frecuencia é máxima no intervalo de menos antigüidade (14,3%) e mínima no de máis antigüidade (2,7%).

Cadro nº90: Categoría profesional segundo o intervalo de antigüidade no posto


	0-6 meses	6-12 meses	12-24 meses	24-60 meses	60-120 meses	120-180 meses	180-240 meses	Máis de 240 meses
Directivo/a	4,7	7,0	9,1	9,9	11,7	15,9	21,4	21,2
Empregado/a non cualificado	14,3	10,1	8,5	6,9	5,8	4,5	3,8	2,7
Mando intermedio	11,4	14,0	15,9	19,2	23,4	25,7	30,8	27,7
Técnico/a cualificado	69,6	68,9	66,5	64,1	59,2	54,0	44,0	48,5

4.7.10 Análise por modalidade de contratación e tipo de contrato

4.7.10.1 Modalidade de contratación

Como se pode observar na gráfica nº192, entre as persoas que traballan por conta allea son maioritarias as que o fan como técnicos/as cualificados (63,8%), seguidos polos mandos intermedios (21,5%), empregados/as non cualificados (8,1%) e directivos/as (6,6%).

Gráfica nº192: Categoría profesional segundo a modalidade de contratación



Polo contrario, o perfil de categoría profesional das persoas que traballan por conta propia difere significativamente do anterior, existindo máis proporción de directivos/as (48,0%) que se traduce nunha menor frecuencia de técnicos/as cualificados (40,7%), mandos intermedios (8,5%) e empregados/as non cualificados (2,9%).

4.7.10.2 Tipo de contrato

O contrato indefinido é maioritario entre os mandos intermedios (81,0%) e técnicos/as cualificados (56,6%), ben como no 49,8% dos empregados/as non cualificados e no 49,1% dos directivos/as.

O contrato eventual presenta máis proporción entre os empregados/as non cualificados (41,4%) e técnicos/as cualificados (26,8%) que entre os directivos/as (2,8%) e mandos intermedios (12,7%).

Os contratos en prácticas e bolsas teñen unha presenza significativa entre os técnicos/as cualificados (3,8% e 4,5%, respectivamente) e empregados/as non cualificados (2,4% e 1,3%, respectivamente).

Case metade das persoas tituladas con categoría de directivas (47,9%) traballan por conta propia.

Cadro nº91: Modalidade de contratación e tipo de contrato segundo a categoría profesional

	Directivo/a	Empregado/a non cualificado	Mando intermedio	Técnico/a cualificado
Indefinido	49,1	49,8	81,0	56,6
Eventual	2,8	41,4	12,7	26,8
Bolsa	0,2	1,3	0,3	4,5

	Directivo/a	Empleado/a non cualificado	Mando intermedio	Técnico/a cualificado
En prácticas	0,0	2,4	0,8	3,8
Sen contrato	0,0	0,2	0,1	0,1
Conta propia	47,9	4,5	4,8	7,8
Outro	0,0	0,5	0,3	0,4

4.7.10.2.1 Traballo na empresa privada

Salvo as persoas tituladas que traballan como empregadas non cualificadas (48,5%), a maioría de categorías profesionais propias dos titulados/as universitarios son indefinidos, sendo a porcentaxe de directivos/as (95,8%) superior á de mandos intermedios (88,4%) e técnicos/as cualificados (65,3%).

A porcentaxe de empregados/as non cualificados con contratos temporais (26,9%) duplica á dos técnicos/as cualificados (13,2%) e é moi superior á de directivos/as (2,3%) e mandos intermedios (5,4%).

Os empregados/as non cualificados tamén presentan máis proporción de contratos por obra ou servizo (19,7%) que os técnicos/as cualificados (12,0%). Este tipo de contrato está máis estendido entre os mandos intermedios (4,8%) que nos directivos/as (1,3%).

Cadro nº92: Distribución porcentual do tipo de contrato na empresa privada segundo a categoría profesional

	Directivo/a	Empleado/a non cualificado	Mando intermedio	Técnico/a cualificado
Indefinido	95,8	48,5	88,4	65,3
Temporal	2,3	26,9	5,4	13,2
Por obra/servizo	1,3	19,7	4,8	12,0
Bolsa	0,5	1,3	0,2	3,4
En prácticas	0,0	3,3	1,1	5,8
Sen contrato	0,0	0,2	0,1	0,1
Outros	0,0	0,2	0,1	0,2

4.7.10.2.2 Traballo para a administración pública

A maioría de directivos/as (77,2%) e mandos intermedios (55,8%) da función pública son funcionarios/as de carreira, ben como o 45,9% de empregados/as non cualificados/as e 37,2% de técnicos/as cualificados.

A proporción de persoal fixo ou indefinido oscila entre o máximo de 19,5% de empregados/as non cualificados e 12,6% de directivos/as.

A porcentaxe de funcionariado interino é máis significativa entre os empregados/as non cualificados (21,8%), técnicos/as cualificados (17,1%) e mandos intermedios (15,4%) que entre os directivos/as (4,7%).

O persoal eventual ou temporal entre os técnicos/as cualificados (16,2%) duplica ao de empregados/as non cualificados (8,3%) e mandos intermedios (8,9%).

Os contratos por obra ou servizo están máis estendidos entre os técnicos/as cualificados (3,6%) e persoal non cualificado (3,0%) que entre directivos/as (2,4%) e mandos intermedios (1,5%).

Finalmente, a proporción de bolsas é notábel (8,1%) entre os técnicos/as cualificados.

Cadro nº93: Distribución porcentual do tipo de contrato no sector público segundo a categoría profesional

	Directivo/a	Empregado/a non cualificado	Mando intermedio	Técnico/a cualificado
Funcionariado de carreira	77,2	45,9	55,8	37,2
Persoal fixo ou indefinido	12,6	19,5	17,2	16,8
Funcionariado interino	4,7	21,8	15,4	17,1
Persoal eventual/temporal	3,1	8,3	8,9	16,2
Por obra/servizo	2,4	3,0	1,5	3,6
Bolsa	0,0	1,5	0,6	8,1
En prácticas	0,0	0,0	0,0	0,8
Outro	0,0	0,0	0,6	0,2

4.7.11 Análise por rama de actividade


Existen diferenzas significativas ($p\text{-valor} \leq 0,05$) entre as categorías profesionais e a rama de actividade da entidade en que se traballa.

Así sendo, a proporción de técnicos/as cualificados no ámbito público (73,8%) e entidades sen ánimo de lucro (72,2%) é superior á existente na empresa privada (54,7%).

Esta diferenza tradúcese, por un lado, no feito de a categoría directiva na empresa privada (14,2%) ser superior á existente nas entidades sen ánimo de lucro (5,6%) e no ámbito público (5,3%). Por outro lado, a proporción de mandos intermedios na empresa privada (22,6%) tamén é superior á existente nas entidades non lucrativas (17,7%) e no ámbito público (15,1%).

A presenza de persoal non cualificado na empresa privada (8,5%) é superior á existente no ámbito público (5,8%) e nas entidades non lucrativas (4,6%).

Gráfica nº193: Categoría profesional segundo a rama de actividade



4.7.12 Análise por sector económico

Os sectores con máis presenza de titulados/as que traballan con categorías profesionais consoante aos títulos universitarios obtidos (directivos/as, mandos intermedios e técnicos/as cualificados) son a cerámica e xurídico (100,0% ambos), minaría (98,2%), aeronáutica (97,6%), telecomunicacións (97,5%), servizos informáticos (97,3%), metalúrxico e eléctrico (96,7%), automoción (96,3%), sanidade privada (95,9%), enerxía e ambiente e arte (95,5% ambos), comunicación audiovisual (95,3%) e educación privada (95,2%).

Polo contrario, as menores proporcións de persoas que traballan en categorías propias dos seus títulos universitarios, isto é, os sectores económicos con máis proporción de empregados non cualificados, son a distribución (32,6%), téxtil e confección (29,7%), turístico (25,0%), alimentación (16,6%), aseguradoras (15,9%), transporte e loxística (11,5%), outras actividades sociais (11,1%), deporte, lecer e cultura (9,3%), papel, gráficas, edición e reprodución (8,3%), servizos a empresas (8,1%), construción (7,6%) e agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (6,9%).

A categoría profesional de directivo/a presenta porcentaxes notábeis entre as persoas que traballan nos sectores da cerámica (50,0%), arte (36,4%), xurídico (32,6%), papel, gráficas, edición e reprodución (20,8%), construción (19,0%), servizos a empresas (17,2%), deporte/lecer/cultura (15,9%) e sanidade privada (15,1%).

A proporción de mandos intermedios é considerábel entre as persoas empregadas nos sectores da aeronáutica (50,0%), transporte e loxística (36,9%), distribución (33,7%), finanzas (31,1%), enerxía e ambiente (30,9%), metalúrxico e eléctrico (29,2%), minaría (28,6%), automoción (28,2%), telecomunicacións (28,0%), química, plástico, vidro e envases (26,6%), alimentación (26,0%) e cerámica (25,0%).

O Anexo 130 mostra o cadro de datos da distribución porcentual da categoría profesional segundo o sector económico do posto de traballo actual.

4.7.13 Análise por área funcional

As áreas funcionais que concentran porcentaxes máis altas de persoas tituladas con categorías propias de titulados/as universitarios (directivo/a, mando intermedio e técnico/a cualificado) son dirección xeral (99,2%), investigación (98,9%), ensino e docencia (97,3%), informática (97,2%), prevención e saúde (96,4%), produción (94,8%), recursos humanos (93,7%) e administración e finanzas (90,9%).

Polo contrario, a proporción máis elevada de persoas cuxa categoría profesional é a de empregado/a non cualificado ten lugar nas áreas funcionais de atención ao cliente (40,7%), servizos xerais (16,5%), vendas e marketing (11,6%), administración e finanzas (9,1%) e entidades sen áreas funcionais diferenciadas (9,0%).

Os valores superiores de persoas tituladas que traballan como directivas desempeñan funcións de dirección xeral (73,7%), vendas e marketing (10,6%), administración e finanzas (9,6%) e ensino e docencia (8,0%) contra os valores mínimos das áreas de investigación (2,2%), prevención e saúde (3,2%), atención ao cliente (3,3%), servizos xerais (3,9%) e informática (5,5%).

A proporción máis elevada de mandos intermedios ten lugar nas áreas funcionais de produción (32,1%), vendas e marketing (29,5%) administración e finanzas (25,8%), recursos humanos (23,0%) e informática (22,8%). As porcentaxes mínimas corresponden a atención ao cliente, ensino e docencia (13,8% ambas), servizos xerais e dirección xeral (15,2% ambas).


Nas entidades sen áreas funcionais diferenciadas existe unha porcentaxe considerábel tanto de directivos/as (21,9%) como de mandos intermedios (8,4%).

O Anexo 131 mostra o cadro de datos da distribución porcentual da categoría profesional segundo a área funcional do posto de traballo actual.

4.7.14 Análise por realización de doutoramento

Entre as persoas que realizaron estudos de doutoramento existe máis proporción de técnicos/as cualificados (68,9% contra 60,8%), diferenza que se traduce na porcentaxe máis elevada de persoas sen doutoramento que traballan como empregadas non cualificadas (7,8% contra 2,1%), mandos intermedios (20,2% contra 18,4%) e directivos/as (11,2% contra 10,6%).

Gráfica nº194: Categoría profesional segundo a realización de doutoramento



4.8 Tamaño da empresa

4.8.1 Global

O cadro nº94 mostra a distribución do tamaño das empresas nas que traballan as persoas tituladas no momento de realización da enquisa. Como se pode observar, máis de metade dos titulados/as (52,2%) traballan en empresas con 250 ou máis traballadores (42,4% con máis de 1000 empregados, 5,6% entre 251 e 500 empregados e 4,2% entre 501 e 1000 empregados). Aproximadamente a outra metade divídese entre empresas de 1 a 10 empregados (18,5%), de 11 a 50 empregados (15,0%) e de 51 a 250 empregados (14,3%).

Cadro nº94: Número de empregados da entidade (desagregado)

Tipo de empresa	Número de empregados	%
Microempresa	De 1 a 10	18,5
Pequena empresa	De 11 a 50	15,0
Media empresa	De 51 a 250	14,3
Grande empresa A	De 251 a 500	5,6
Grande empresa B	De 501 a 1000	4,2
Grande empresa C	Máis de 1000	42,4

Consoante os criterios da UE relativos á definición de grande empresa¹⁴¹, ao agrupar as categorías de grande empresa definidas no cadro nº94 obtense a distribución definida no cadro nº95.

141) Clasificación segundo a Recomendación da Comisión das Comunidades Europeas 6/5/2003 (DOCE L 124 de 20/5/2003), vixiante desde o 1/1/2005. Esta disposición inclúe a definición de microempresas, pequenas, medias e grandes empresas adoptada pola Comisión.


Cadro nº95: Número de empregados da entidade (agregado)

Tipo de empresa	Número de empregados da entidade	%
Microempresa	De 1 a 10	18,5
Pequena empresa	De 11 a 50	15,0
Media empresa	De 51 a 250	14,3
Grande empresa	Máis de 250	52,2

4.8.2 Evolución quinquenal

Ao ser un grupo máis numeroso e confluír varios estudantes de doutoramento, outra grande demanda é que se facilite a posibilidade de mellorar o acceso e formulación dos cursos de doutoramento aos estudantes que o solicitan e que se aumente o número de bolsas e axudas para a realización de mestrados, opinión expresada principalmente polas promocións máis recentes. Dáse a circunstancia de que varias destas persoas tituladas decidiron cursar ou están a cursar o doutoramento, o que indica que se procura a especialización mediante a realización de cursos adicionais. Sobre a empregabilidade, manteñen que o aprendido non concorda coa realidade empresarial e que faltan acordos con empresas. O mestrado debe ser deseñado para o acceso profesional e debe contar cunha maior implicación por parte da universidade, co que probabelmente se logre unha mellor valoración do mesmo.

Estas valoracións, en xeral, concordan coas expresadas tamén polos titulados/as do ámbito das ciencias da Saúde que, do mesmo modo que no resto de ámbitos, suxiren a necesidade dunha maior oferta de formación non presencial ou online.

En conclusión, o grao en satisfacción no tocante ao cumprimento das expectativas dos inquiridos/as non parece moi elevado debido principalmente á sensación de falta de ligazón co futuro

inmediato. Moitas das exixencias e opinións son concordantes coas dos graos no sentido da necesidade de orientación profesional dos estudos e un maior número de horas prácticas.

PARTE



Conclusións

A seguir preséntase un resumo das principais conclusións tiradas dos resultados da enquisa aplicada no estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo no período 1990-2015.

1. Datos persoais

1.1 Xénero

A mostra obtida está composta por un 58,0% de mulleres e un 42,0% de homes, porcentaxes similares á poboación (61,7% e 38,3%, respectivamente).

- Evolución quinquenal: A presenza feminina oscila entre un máximo de 60,9% entre 2006-10 e un mínimo de 55,8% entre 1996-2000.

1.2 Lugar de residencia durante os estudos

A maioría residía en Galicia (95,8%), noutras Comunidades Autónomas (3,2%) e no resto do mundo (1,0%).

- Residentes en Galicia: Por provincias, destaca Pontevedra (60,7%), Ourense (20,1%), A Coruña (11,4%) e Lugo (4,6%). O 80,8% é orixinario das dúas provincias onde se encontran os Campus da UVIGO (Ourense e Pontevedra).
- Residentes noutras Comunidades Autónomas: Destacan Castela e León (0,83%), Asturias (0,56%) e Comunidade de Madrid (0,51%).
- Residentes no resto do mundo: Sobresaen os de lingua e cultura portuguesa (Portugal 28,4% e Brasil 11,9%), seguidos por Colombia (10,1%) e Perú (8,3%). Por continentes, a maioría (53,2%) era orixinaria da América, seguido por Europa (44,0%), África (1,84%) e Oceanía (0,92%).

1.3 Lugar de residencia actual

A maioría reside en Galicia (82,2%), noutras Comunidades Autónomas (10,6%) e no resto do mundo (7,2%).

- Residentes en Galicia: Por provincias, destacan Pontevedra (57,3%), Ourense (16,4%), A Coruña (11,8%) e Lugo (3,2%). O 73,7% reside nas dúas provincias onde se achán os Campus da UVIGO.

- Os valores máximos de residentes fóra de Galicia prodúcense nos anos 2012 (25,3%) e 2013 (23,9%), contra os mínimos en 1992 (7,5%) e 1997 (8,7%).
- Residentes noutras Comunidades Autónomas: Destacan a Comunidade de Madrid (4,8%), Cataluña (2,1%), Castela e León (0,9%), Asturias e País Basco (0,5% ambas).
- Cidades representativas¹⁴⁸: Vigo (33,7%), Ourense (11,6%), Pontevedra (6,9%), A Coruña (4,0%), Madrid (3,5%), Santiago de Compostela (2,6%), O Porriño (1,8%), Cangas (1,7%), Redondela (1,4%), Barcelona (1,4%), Londres (0,5%), Berlín (0,2%), París (0,2%), Porto (0,1%) e Bruxelas (0,1%).

1.4 Mobilidade xeográfica

Saldo migratorio¹⁴⁹:

- Galicia: -14,5 puntos (de 96,8% a 82,3%). Todas as provincias teñen un saldo negativo, sendo máis alto o de Pontevedra (-6,9 puntos) e Ourense (-4,7) contra o de Lugo (-1,6) e A Coruña (-0,4).
- Outras Comunidades Autónomas: Comunidade de Madrid (+4,0), Cataluña (+1,8), Illas Canarias (+0,3) e Andalucía (+0,2).
- Países estranxeiros: Reino Unido (+1,5 puntos), Alemaña (+1,1), Francia (+0,5), Suíza, Portugal e EUA (+0,3 cada un), Irlanda e Bélxica (+0,2 ambos).

O Anexo 16 detalla a distribución porcentual da mostra por titulacións e campus.

Os Anexos 8, 9 e 10 mostran a mobilidade xeográfica por titulacións.

2. Datos académicos

2.1 Titulación obtida

- Ámbitos académicos¹⁵⁰: O 44,9% da mostra pertence ao Xurídico-Social, seguido do Tecnolóxico (29,1%), Arte e Humanidades (10,6%), Científico (9,2%) e Ciencias da Saúde (4,9%).
 - › Xénero: A presenza feminina é hexemónica nas Ciencias da Saúde (81,0%), Arte e Humanidades (78,2%), Xurídico-Social (68,8%) e Científico (66,9%). Polo contrario, o Tecnolóxico alcanza só o 27,2%.
 - › Lugar de residencia: A porcentaxe máis alta de residentes fóra de Galicia prodúcese no Científico (27,9%), seguidos polos de Arte e Humanidades (23,4%), Tecnolóxico (22,0%), Ciencias da Saúde (14,1%) e Xurídico-Social (12,1%).
- Tipoloxía de estudos: A mostra obtida distribúese en Licenciaturas (33,0%), Diplomaturas (23,2%), Enxeñaría Superiores (14,6%), Graos (11,3%), Enxeñaría Técnicas (11,2%), Mes-

148) Lista das 10 principais cidades/municipios en que residen actualmente as persoas tituladas da mostra obtida.

149) Diferenza entre o lugar de residencia actual e durante os seus estudos.

150) Existe un ámbito de carácter Multidisciplinar que abarca fundamentalmente persoas tituladas en títulos propios (Sénior) e algúns Mestrados Universitarios e que representan o 1,2% da mostra obtida.

trados Universitarios (6,2%) e Títulos Propios (0,6%). Case a metade (47,6%) realizou titulacións de ciclo longo (Licenciaturas e Enxeñarías Superiores) contra o 34,4% de ciclo curto (Diplomaturas e Enxeñarías Técnicas).

- ▷ Lugar de residencia: Os residentes fóra de Galicia titulados/as en Enxeñarías Superiores (27,8%) duplican ás Enxeñarías Técnicas (13,4%) e as Licenciaturas (19,3%) ás Diplomaturas (8,3%).
- Campus universitario: Predominan os titulados/as no de Vigo (61,9%) contra Ourense (22,0%) e Pontevedra (11,1%).
 - ▷ Xénero: As mulleres son maioritarias no de Vigo (52,0%), Ourense (68,4%) e Pontevedra (67,3%).
 - ▷ Ámbitos académicos: En Vigo predomina o Tecnolóxico (39,0%), mentres que o Xurídico-Social é maioritario en Ourense (67,1%) e Pontevedra (60,9%).

2.2 Titulación adicional

O 21,9% das persoas tituladas completou outra titulación universitaria adicional ao título principal referido na enquisa.

- Ámbitos académicos: Superior no Xurídico-Social (24,7%) e Tecnolóxico (20,7%) contra o Científico (15,4%), Arte e Humanidades (15,6%) e Ciencias da Saúde (16,4%).
- Tipoloxía de estudos: Entre as titulacións adicionais completadas destacan as Licenciaturas (37,0%), Diplomaturas (28,1%), Enxeñarías Técnicas (16,0%), Graos (12,1%) e Enxeñarías Superiores (6,8%). O 40,3% obtivo ese título na UVIGO, seguido doutra universidade galega (28,4%), española (25,1%) ou estranxeira (7,4%).

O Anexo 22 detalla a titulación adicional completada e a universidade onde se obtivo.

2.3 Formación complementar de posgrao

O 45,0% da mostra posúe un mestrado e/ou un curso de posgrao (46,2% para os homes; 44,8% para as mulleres).

- Evolución quinquenal: Tendencia crecente, pasando dun 34,8% entre 1990-95 a 49,1% entre 2011-15.
- Ámbitos académicos: Maioritario no Científico (66,7%) e de Arte e Humanidades (58,7%) contra o Tecnolóxico (43,6%), Xurídico-Social (40,2%) e Ciencias da Saúde (38,0%).
- Tipoloxía de estudos: Maioritaria entre os graduados/as (57,8%) e licenciados/as (55,2%), contra enxeñeiros/as superiores (43,9%), enxeñeiros/as técnicos (42,2%) e diplomados/as (31,8%).
- Universidade: O 48,4% realizou a formación complementar na UVIGO, contra unha española (20,2%), outra entidade (17,5%), outra universidade galega (10,1%) e outra estranxeira (3,9%). A UVIGO foi a opción maioritaria na rama Científica (55,1%), Arte e Humanidades (54,1%) e Tecnolóxica (52,8%). Polo contrario, nas Ciencias da Saúde predomina outra universidade española (27,2%).

Os Anexos 24, 25 e 26 pormenorizan a porcentaxe de persoas tituladas que completaron a súa formación con estudos de posgrao.

2.4 Doutoramento

O 5,1% realizou un doutoramento (5,5% para os homes; 4,8% para as mulleres).

- Evolución quinquenal: Oscila entre un máximo de 8,6% entre 1996-2000 e un mínimo de 2,7% entre 2011-15.
- Ámbitos académicos: Destaca o Científico (22,6%), contra os mínimos en Ciencias da Saúde (1,7%) e Xurídico-Social (2,2%), alcanzando o 5,1% en Arte e Humanidades e 4,6 % no Tecnolóxico.
- Universidade: a maioría (73,9%) obtivo este título na UVIGO, seguida doutra española (12,8%), outra galega (7,4%) e estranxeira (5,8%). A escolla da UVIGO é máxima nos ámbitos Xurídico-Social (80,4%), Arte e Humanidades (77,2%), Científico (74,1%) e Tecnolóxico (70,0%) e menor en Ciencias da Saúde (50,0%).

O Anexo 31 mostra a distribución porcentual da universidade onde se realizou o doutoramento.

2.5 Persoas tituladas en Mestrados Universitarios da UVIGO

O 6,2% da mostra obtida completou Mestrados ofertados pola UVIGO como titulación principal de referencia. Trátase de persoas tituladas noutra universidade galega (49,4%), española (27,3%), estranxeira (20,8%) ou doutra entidade académica (2,5%).

3. Situación actual

Neste apartado as persoas tituladas da UVIGO que responderon a enquisa realizan unha valoración sobre a súa actividade actual.

3.1 Actividade das persoas tituladas

Este apartado analiza a situación socio-laboral actual das persoas tituladas da UVIGO entre 1990-2015 en aspectos ligados á súa actividade. Así sendo, as persoas que responderon o cuestionario tiveron de escoller aquela categoría que preferentemente definise a súa situación actual.

3.1.1 Traballo por conta allea nunha empresa privada

A maioría das persoas inquiridas (50,8%) traballa por conta allea nunha empresa privada (58,0% para os homes; 45,5% para as mulleres).

- Evolución quinquenal: Presenta unha tendencia crecente, pasando do 40,1% entre 1990-95 a 50,7% entre 2011-15 (máximo do 55,3% entre 2006-10).
- Ámbitos académicos: Só é maioritario no Tecnolóxico (68,6%), seguido, a máis distancia, polo Xurídico-Social (48,3%), Arte e Humanidades (37,5%), Científico (35,1%) e Ciencias da Saúde (30,5%).
- Titulacións: Supera o 70,0% nos graos de Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (88,9%) e en Enxeñaría en Organización Industrial (87,5%), Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (80,9%), Grao en Consultoría e Xestión da Información (80,0%), Enxeñaría Industrial (75,2%), Enxeñaría de Telecomunicación (73,6%), Enxeñaría Técnica Industrial (73,3%) e Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (72,8%).
- Lugar de residencia: É máis ato entre os residentes noutras Comunidades Autónomas (63,8%) e no resto do mundo (62,4%) que en Galicia (50,2%).

3.1.2 Traballo para a administración pública

Traballaban na función pública o 23,3% das persoas inquiridas (19,6% para os homes; 26,0% para as mulleres).

- Evolución quinquenal: Presenta unha tendencia decrecente, pasando do 41,2% entre 1990-95 a 15,5% entre 2011-15.
- Ámbitos académicos: Só é maioritario nas Ciencias da Saúde (52,1%), seguido polo Científico (36,0%), Xurídico-Social (24,6%), Arte e Humanidades (21,4%) e Tecnolóxico (13,4%).
- Titulacións: É maioritario nos diplomados/as en Enfermaría (64,3%), licenciados/as en Filoloxía Xermánica (55,6%), Psicopedagogía (55,2%) e en Física (47,6%), Grao en Química (47,4%), Diplomatura en Mestre/a (46,9%), Grao en Enfermaría (44,9%) e Licenciatura en Ciencias do Mar (39,9%).
- Lugar de residencia: É levemente máis alto entre os residentes no resto do mundo (26,2%) que noutras Comunidades Autónomas (21,9%) e Galicia (24,2%).

3.1.3 Autoemprego/autónomo

Emprenderon o autoemprego ou como traballadores autónomos o 6,7% das persoas inquiridas (6,9% para os homes; 6,6% para as mulleres).

- Evolución quinquenal: Oscila entre un máximo do 6,8% entre 1990-95 e un mínimo do 5,5% entre 2011-15.
- Ámbitos académicos: É máis alto en Arte e Humanidades (14,7%) que no Xurídico-Social (6,9%), Científico (3,5%) ou Tecnolóxico (4,5%).
- Titulacións: É notábel entre os licenciados/as en Dereito (27,9%), diplomados/as en Fisioterapia (26,5%), licenciados/as en Belas Artes (24,4%) e en Tradución e Interpretación (23,6%), graduados/as en Comunicación Audiovisual (19,0%) e Fisioterapia (18,2%).
- Lugar de residencia: É máis alto entre os residentes en Galicia (7,4%) que noutras Comunidades Autónomas o no resto do mundo (4,7% ambos).

3.1.4 Empresario/a titular dunha empresa

Traballan por conta propia como empresarios/as ou titulares dunha empresa o 2,7% das persoas inquiridas (3,5% para os homes; 2,1% para as mulleres).

- Evolución quinquenal: Evoluciona desde un máximo do 4,5% entre 1990-95 até un mínimo de 1,4% entre 2011-15.
- Titulacións: É notábel entre os graduados/as en Consultoría e Xestión da Información (20,0%), licenciados/as en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais (8,7%), diplomados/as en Ciencias Empresariais (7,2%) e licenciados/as en Dereito Económico-Empresarial (6,2%).
- Lugar de residencia: Está máis estendido entre os residentes en Galicia (2,4%) que noutras Comunidades Autónomas (1,8%) e no resto do mundo (1,6%).

3.1.5 Procura de emprego

O 12,1% das persoas inquiridas estaba temporalmente¹⁵¹ procurando emprego (8,5% para os homes; 14,8% para as mulleres).

- Evolución quinquenal: Experimenta unha evolución crecente, pasando do 6,2% entre 1990-95 a 17,3% entre 2011-15.
- Lugar de residencia: A taxa de desemprego en Galicia (11,6%) triplica á existente entre os residentes no resto do mundo (2,7%) e duplica á doutras Comunidades Autónomas (5,8%).
- Tempo medio de procura de emprego: É de 15,043 meses/1,25 anos (15,736 meses para as mulleres; 13,427 meses para os homes).
 - › Ámbitos académicos: É maior no Xurídico-Social (16,357 meses), Científico (15,241) e Arte e Humanidades (14,146) que no Tecnolóxico (13,935 meses) e Ciencias da Saúde (7,744 meses).
 - › Titulacións: Os tempos medios máximos de procura de emprego danse na Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais - Sección Empresariais (58,288 meses) e Diplomatura de Graduado Social (55,400). Presentan un tempo medio inferior a 3 meses os graduados/as en Enxeñaría da Enerxía e en Enxeñaría Mecánica (1,000 meses ambos), Diplomatura en Fisioterapia (1,250), Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (1,500) e Grao en Enxeñaría Eléctrica (1,665).
 - › Lugar de residencia: O tempo medio de procura de emprego en Galicia (15,783 meses) é superior ao do resto do mundo (13,105) e ao doutras Comunidades Autónomas (11,135).
 - › Países estranxeiros: Rexistran tempos medios de procura de emprego superiores á media estranxeira os residentes na República Checa (60,0), Reino Unido (30,5) e Arxentina (16,0). Os mínimos prodúcense en Francia (1,0), Portugal e Bélxica (2,0 ambos), Alemaña (6,3) e Noruega (11,5).

¹⁵¹ O 32,4% procura emprego nos tres últimos meses, 14,6% entre 3 e 6 meses, 19,2% entre 6 e 12 meses, 14,9% entre 1 e 2 anos e 18,9% máis de dous anos.

3.1.6 Continúa a estudar

O 3,3% das persoas inquiridas continuaba a estudar¹⁵² no momento de responder a enquisa (3,9% para as mulleres; 2,4% para os homes).

- Evolución temporal: Oscila do 0,0% entre 1990-95 a un máximo do 7,8% entre 2011-15; por anos, desde o 0,0% entre 1990-97 ao máximo de 14,4% en 2015.
- Ámbitos académicos: É máis frecuente no Científico (7,7%) e Arte e Humanidades (6,6%) que nas Ciencias da Saúde (1,5%), Tecnolóxico (2,0%) e Xurídico-Social (2,8%).

3.1.7 Outras situacións

Un 1,1% achábase noutras situacións, entre as que destacan os xubilados ou pensionistas (0,5%), distribuíndose a porcentaxe restante entre aqueles que preparan oposicións, en excedencia profesional e/ou ano sabático, baixa laboral, coidado familiar,... A porcentaxe de persoas xubiladas ou pensionistas só é notábel entre os graduados superiores Sénior (66,7%) e graduados universitarios Sénior (38,9%).

Nos Anexos 34 e 35 reflíctese a evolución anual da actividade actual das persoas tituladas e por xéneros.

O Anexo 36 mostra a evolución anual da actividade actual da mostra obtida por ámbitos académicos.

O Anexo 38 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual da actividade actual por titulacións, incluíndo os resultados tanto dos Títulos Propios como dos Mestrados Universitarios.

O Anexo 39 mostra os cadros de datos da evolución anual da actividade actual da mostra obtida por lugar de residencia.

Os Anexos 60, 61, 62 e 69 mostran os cadros de datos da evolución do tempo medio de procura de emprego por ámbitos académicos e tipoloxía de estudos e nos países estranxeiros.

3.2 Ocupación dos titulados/as

O 83,5% das persoas tituladas entre 1990-2015 traballaba no momento da realización da enquisa (88,1% para os homes; 80,2% para as mulleres).

- Evolución quinquenal: Oscila desde o 93,0% de titulados/as entre 1990-95 até o 73,2% entre 2011-15.
- Evolución anual: Os valores máximos prodúcense nos anos 1990 (94,5%), 1995 (94,2%), 2001 (94,1%) e 1993 (94,0%), mentres que os mínimos se rexistran en 2015 (65,8%) e 2014 (74,0%).

¹⁵² Persoas tituladas que continúan a súa formación universitaria (estudos de mestrado, de grao, de doutoramento ou que están matriculados en estudos en proceso de extinción).

- Xénero: A maior diferenza entre a ocupación masculina e feminina (11,1 puntos) ten lugar entre 2011-15 contra 7,1 entre 1990-95. En todo o período analizado a taxa de ocupación masculina supera á feminina, encontrándose diferenzas máximas nos anos 1994 (13,8), 2006 (10,8), 2013 (10,6) e 2015 (10,4) e as mínimas en 1990 (1,1), 2008 (1,3) e 2000 (2,3).
- Ámbitos académicos: A taxa de ocupación é máis alta no Tecnolóxico (89,8%), Ciencias da Saúde (89,1%) e Xurídico-Social (82,8%) que no Científico (76,2%) e Arte e Humanidades (75,5%).
 - > Evolución quinquenal: Todas as ramas experimentan unha tendencia decrecente. Así sendo, a Tecnolóxico pasa do 95,2% (1990-2010) a 83,2% (2011-15), as Ciencias da Saúde do 98,0% (1990-2005) a 84,1% (2011-15), a Xurídico-Social do 91,1% (1990-2005) a 70,3% (2011-15), a Científica do 96,2% (1990-95) a 62,9% (2011-15), e a de Arte-Humanidades do 84,1% (1990-95) a 62,1% (2011-15).
 - > Evolución anual: A ocupación plena (100%) dáse nos anos 1990, 1991-93, 1995, 1997-2001, 2003-04 e 2013 nas Ciencias da Saúde; no Científico en 1990-92 e 1994; no Tecnolóxico en 1990-93, 1995 e 1998. Polo contrario, os ámbitos Xurídico-Social e de Artes e Humanidades non alcanzan a plena ocupación en ningún dos anos avaliados. A taxa de ocupación máis baixa de todos os ámbitos avaliados (30,4%) prodúcese no Científico en 2015.
- Tipoloxía de estudos: A taxa de ocupación máxima prodúcese enxeñeiros/as superiores (93,2%) e técnicos/as (89,4%), seguida polos licenciados/as (85,1%), diplomados/as (84,3%), mestrados universitarios (79,0%) e graduados/as (63,7%).
- Titulacións: Taxas de ocupación superiores ao 90,0% prodúcense nos graos de Consultoría e Xestión da Información e en Fisioterapia; Diplomatura de Fisioterapia, nas licenciaturas de Ciencias Económicas e Empresariais (Seccións Empresariais e Económicas) e nas Enxeñaría en Informática, de Telecomunicación e Industrial, e nas Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión, de Telecomunicación e Industrial. Polo contrario, as taxas máis baixas rexístranse entre os graduados/as¹⁵³ en Xeografía e Historia (15,4%), Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (33,3%), Bioloxía (34,1%), Dereito (37,1%) e Estudos de Galego e Español (38,5%).
- Lugar de residencia: A taxa de ocupación é máxima entre os residentes no resto do mundo (94,8%), seguida das que viven noutras Comunidades Autónomas (92,2%) e en Galicia (84,9%).
 - > Evolución quinquenal: Salvo nos períodos 1996-00 e 2001-05, a taxa de ocupación entre os residentes no resto do mundo é superior á doutras Comunidades Autónomas e Galicia. A taxa de ocupación dos residentes no resto do mundo (evolución do 100% entre 1990-95 a 95,7%¹⁵⁴ entre 2011-15) é superior á existente en Galicia (do 92,4% a 75,2%) e noutras Comunidades Autónomas (do 98,5% a 86,7%).
 - > Evolución anual: A taxa de ocupación entre as persoas emigradas a países estranxeiros é plena nos anos 1990, 1992-95, 1998, 2001, 2003 mentres que para os que traballan noutras Comunidades Autónomas dáse en 1990, 1992-96 e 1998-2000. Entre os residentes en Galicia nunca se alcanzou unha taxa de ocupación plena, oscilando entre un valor máximo do 94,9% (1995) e mínimo do 67,5% (2015).

153) Tipoloxía de estudos de recente implantación.

154) Esta cifra supera os valores de toda a secuencia histórica de Galicia e á existente entre 2006-15 noutras Comunidades Autónomas.

Residentes en Galicia:

- Provincias: A Coruña (88,5%), Ourense (85,3%), Pontevedra (84,1%) e Lugo (82,9%).
- Cidades: Lugo (90,7%), Santiago de Compostela (89,8%), A Coruña (89,7%), Ourense (87,5%), Vigo (85,9%), Pontevedra (83,0%) e Ferrol (79,6%).

Residentes noutras Comunidades Autónomas:

- A ocupación é plena en Cantabria e Estremadura e superior ao 90,0% na Comunidade de Madrid (96,3%), País Basco (95,5%), Cataluña (94,6%), Navarra (94,4%) e Illas Baleares (90,0%) contra os mínimos de Asturias (77,1%), Aragón e A Rioxa (75,0% ambas).
- Cidades representativas¹⁵⁵: Ocupación plena en San Sebastián/Donostia e Bilbao, e superior ao 90,0% en Madrid (96,4%), Barcelona (95,8%), Valladolid (93,8%) e Sevilla (90,9%).

Residentes no resto do mundo:

- Países representativos¹⁵⁶: A taxa de ocupación é plena nos Países Baixos, Dinamarca, Estados Unidos, Colombia, Chile e Perú, seguidos polo Reino Unido (97,5%), Suíza (96,9%), Portugal (96,7%), Bélxica (95,5%), Francia (94,5%), Irlanda (92,0%), Alemaña (91,9%), Polonia (90,9%), Arxentina (86,7%) e México (83,3%).
- Cidades representativas¹⁵⁷: Porto e Munique (100% ambas), seguidas por Londres (98,1%), París (94,1%), Bruxelas (92,9%), Dublín (92,3%), Buenos Aires (90,0%) e Berlín (83,3%).

O Anexo 52 mostra o cadro de datos da evolución anual da taxa de ocupación por lugar de residencia.

O Anexo 53 mostra a taxa de ocupación dos municipios galegos en función do lugar de residencia actual das persoas tituladas da Universidade de Vigo.

4. Posto de traballo actual

Neste apartado as persoas tituladas que responderon a enquisa realizan valoracións sobre as características do seu emprego actual: lugar de traballo, antigüidade no posto, modalidade de contratación e tipo de contrato, rama de actividade, sector económico, área funcional, categoría profesional e tamaño da empresa. A este apartado responderon somente as persoas tituladas que traballaban no momento de realizar a enquisa.

4.1 Lugar de traballo

A maioría das persoas tituladas (76,6%) están a traballar en Galicia, un 13,3% noutras Comunidades Autónomas e o 10,1% no resto do mundo.

155) Mostra de, polo menos, 10 persoas.

156) Mostra de, polo menos, 10 persoas.

157) Mostra de, polo menos, 10 persoas.

Traballan en Galicia:

- Provincias: A maioría traballa na provincia de Pontevedra (63,2%), seguida por Ourense (17,3%), A Coruña (16,4%) e Lugo (3,1%). O 80,5% traballa nas provincias onde se localizan as sedes dos campus da UVIGO.
- Municipios: As cidades de Vigo (35,6%), Ourense (12,0%) e Pontevedra (7,5%), sedes dos Campus, agrupan o 55% das persoas tituladas que traballan. A seguir áchanse os municipios da Coruña (5,7%), Santiago de Compostela (5,3%), O Porriño (4,5%), Lugo (1,4%), Mos (1,2%), Vilagarcía de Arousa (1,1%) e Ponteareas (0,9%). En total, constitúen o 75,1% das persoas tituladas que exercen as súas actividades en Galicia.

Traballan noutras Comunidades Autónomas:

- Destacan a Comunidade de Madrid (46,6%), Cataluña (18,9%), Castela e León (6,8%) e País Basco (4,4%).

Traballan no resto do mundo:

- Continentes: Europa é predominante (74,9%), seguido da América (19,2%), Asia (3,5%), África (1,3%) e Oceanía (1,0%).
- Países estranxeiros: Na Europa destacan o Reino Unido (21,6%), Alemaña (14,1%), Portugal (9,2%), Francia (6,6%), Suíza (4,4%), Países Baixos (3,2%), Bélxica e Irlanda (3,0% ambos); na América, os Estados Unidos (5,0%), Chile e México (2,0% ambos), Brasil e Colombia (1,8% ambos), Arxentina (1,7%); en Asia, os Emirados Árabes Unidos (0,5%), Singapur e Xapón (0,3% ambos); en África, África do Sul (0,3%) e Arxelia (0,2%) e en Oceanía, Australia (0,7%).
- Cidades representativas segundo ámbito académico: Presentan un perfil maioritariamente tecnolóxico as persoas que traballan en Munique e Xenebra (84,6% ambas), Berlín (38,5%), Bruxelas (15,8%); xurídico-social en Buenos Aires (50,0%), Lisboa (30,0%), Londres (29,0%) e Bruxelas (26,3%); Arte e Humanidades en Berlín (53,8%), Lisboa (40,0%), Bruxelas (36,8%), Porto (28,0%), Londres (27,5%), París (22,7%) e Dublín (21,4%); Científico en Cambridge (27,3%), Bruxelas (21,1%), Lisboa (20,0%) e París (18,2%) e, finalmente, Ciencias da Saúde en Cambridge (27,3%), París (9,1%), Londres (7,2%) e Porto (4,0%)

Evolución temporal: A porcentaxe de persoas que traballan no resto do mundo é crecente, pasando do 3,7% entre 1990-95 a 16,0% entre 2011-15. A proporción destas persoas é máxima nos anos 2012 (20,4%) e 2011 (18,0%) con mínimos en 1991 (0,0%) e 1997 (2,4%). Tamén aumenta a porcentaxe de traballadores noutras Comunidades Autónomas, pasando do 9,8% entre 1990-95 a 13,5% entre 2011-15. Polo contrario, é decrecente a porcentaxe de traballadores en Galicia, pasando do 86,5% a 70,5% nos quinquenios citados.

Ámbitos académicos: A menor taxa de emigración ten lugar nos ámbitos Xurídico-Social (16,0%) e Ciencias da Saúde (16,1%) contra o Científico (36,9%), Arte e Humanidades (33,0%) e Tecnolóxico (28,7%).

Titulacións:

Traballan en Galicia:

- Diplomaturas: Graduado Social (93,4%), Tráballo Social (92,3%) e Educación Social (90,6%).
- Graos: Relacións Laborais e Recursos Humanos, Xeografía e Historia, enxeñaría Agraria, Forestal e dos Recursos Enerxéticos e Mineiros (aprox. 100,0%), Educación Primaria (94,9%), Ciencias Medioambientais (88,9%).
- Enxeñaría Superiores: Informática (79,4%), Industrial (70,0%), Telecomunicación (58,6%) e Minas (51,8%).
- Enxeñaría Técnicas: Forestal (89,0%), Industrial (82,0%) e Agrícola (81,2%).
- Licenciaturas: Ciencias Económicas (91,5%), Dereito (86,8%), Ciencias da Actividade Física e do Deporte (58,0%), Administración e Dirección de Empresas (80,4%),... Ciencias do Mar (47,6%).

Traballan noutras Comunidades Autónomas:

- Enxeñaría de Telecomunicación: Comunidade de Madrid (20,0%) e Andalucía (12,8%).
- Enxeñaría Industrial: País Valenciano (21,1%), País Basco (11,8%), Cataluña (10,0%), Comunidade de Madrid (9,2%) e Castela e León (8,8%).
- Enxeñaría Técnica Industrial: Castela e León (8,8%).
- Ciencias do Mar: Asturias (12,8%) e País Basco (9,8%).

Traballan no resto do mundo:

- Enxeñaría de Telecomunicación: Países Baixos (34,5%), EUA (20,0%) e Francia (18,6%).
- Enxeñaría Industrial: Alemaña (23,0%), Suíza (12,5%) e EUA (11,1%).
- Enxeñaría Técnica Industrial: Portugal (11,0%) e Reino Unido (10,3%).
- Enxeñaría en Informática: Suíza (15,0%).
- Enxeñaría de Minas: Chile (16,7%) e Suíza (12,5%).
- Licenciatura en Tradución e Interpretación: Bélxica (22,2%) e EUA (11,1%).

O Anexo 70 mostra o cadro de datos do lugar de traballo nos municipios galegos.

O Anexo 79 mostra os cadros de datos da evolución anual do lugar de traballo por tipoloxía de estudos.

Os Anexos 80, 81 e 82 mostran máis detalladamente, por titulacións, o lugar de traballo nas Comunidades Autónomas e nos países estranxeiros.

4.2 Antigüidade no posto de traballo

O tempo medio de permanencia no posto de traballo é de 6,45 anos (7,02 para os homes; 6,00 para as mulleres), o que confirma a maior tardanza destas en se integrar no mercado de traballo.

- Evolución temporal: Loxicamente, é decrecente desde o primeiro quinquenio (17,03 anos) até o último (2,14 anos).

- Ámbitos académicos: É maior nas Ciencias da Saúde (83,522 meses/6,960 anos), Xurídico-Social (83,007 meses/6,917 anos) e Tecnolóxico (78,893 meses/6,574 anos) que en Arte e Humanidades (61,294 meses/5,108 anos) e Científico (60,560 meses/5,047 anos)
- Lugar de traballo: É maior en Galicia (83,269 meses/6,939 anos) que noutras Comunidades Autónomas (72,509 meses/6,042 anos) ou no resto do mundo (45,501 meses/3,792 anos).
- Países estranxeiros: Os maiores tempos de permanencia no posto de traballo actual prodúcense en Luxemburgo (127,667 meses/10,639 anos), Finlandia (111,000 meses/9,250 anos), Singapur (110,000 meses/9,167 meses) e Indonesia (105,000 meses/8,750 anos)

4.3 Modalidade de contratación e tipo de contrato

Modalidade de contratación: A maioría dos titulados/as (88,2%) traballa por conta allea contra o 11,8% que o fai por conta propia (12,4% para os homes; 11,4% para as mulleres).

- Tipo de contrato: Entre os que traballaban por conta allea, a maioría (59,7%) ten un contrato indefinido (64,6% para os homes; 55,8% para as mulleres), seguido por un 22,4% de eventuais ou temporais (17,8% para os homes; 26,2% para as mulleres) e, a máis distancia, áchanse os bolseiros/as (3,0%; 3,1% de mulleres contra o 2,8% de homes), os contratos en prácticas (2,6%; 3,1% de mulleres contra o 2,1% de homes). Un 0,1% facían sen contrato (homes).
- Evolución quinquenal: As modalidades indefinidas decrecen en todo o período avaliado, pasando do 76,3% entre 1990-95 a 41,2% entre 2011-15, evolución que se traduce no incremento das eventuais, que pasan dun máximo do 32,0% entre 2011-15 a un mínimo do 10,5% entre 1990-95.
- Ámbitos académicos: Os contratos indefinidos son maioritarios no Tecnolóxico (67,0%), Xurídico-Social (61,2%) e Científico (50,2%) contra Arte e Humanidades (45,5%) e Ciencias da Saúde (46,7%). Os contratos eventuais son máis frecuentes nas Ciencias da Saúde (40,9%) e Científico (32,3%) que no Tecnolóxico (17,5%), Xurídico-Social e Arte e Humanidades (24,7% ambos). As prácticas están máis estendidas no ámbito Tecnolóxico (3,2%) e as bolsas no Científico (7,6%). O traballo por conta propia dos titulados/as en Arte e Humanidades (23,1%) é superior ao Xurídico-Social (12,3%), Tecnolóxico (8,8%), Científico e Ciencias da Saúde (8,0% ambos).
- Tempo de antigüidade: O tempo medio de permanencia dos indefinidos (105,522 meses/8,793 anos) é superior ao dos que traballan por conta propia (67,297/5,608) e o destes supera aos eventuais (32,623/2,719), bolseiros/as (12,409/1,034) o con contratos en prácticas (10,740/0,895).
- Titulacións: O traballo por conta propia é notábel entre os que completaron os graos en Dereito (41,7%) e Estudos de Galego e Español (40,0%), Licenciatura en Dereito (39,2%), Grado e Licenciatura en Belas Artes (33,9% e 32,3%, respectivamente), Diplomatura en Fisioterapia (25,5%) e Grao en Comunicación Audiovisual (25,0%).
 - › Os contratos indefinidos alcanzan valores superiores ao 70% na Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais, tanto na Sección de Empresariais (82,1%) como na de

Económicas (81,3%), seguido pola Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (80,5%), Enxeñaría de Telecomunicación (79,7%), Diplomatura en Xestión e Administración Pública (77,4%), Grao en Dirección e Xestión Pública (76,5%), Licenciatura en Economía (75,0%), Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (71,4%), Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas (70,5%) e Diplomatura en Relacións Laborais (70,1%).

- › O traballo eventual ou temporal é notábel nas diplomaturas de Enfermaría (46,2%) e Turismo (45,2%), ben como nos graos en Traballo Social (78,6%), Educación Social (66,7%), Educación Infantil (58,1%), Educación Primaria (53,8%), Enxeñarías Agraria, Forestal e Enfermaría (50,0% cada un) e en Tradución e Interpretación (47,1%).
- › Traballan con bolsa a maioría de graduados/as en Química (71,4%), Ciencias do Mar (56,6%), Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais e Enxeñaría Agraria (50,0% cada un). En prácticas traballa a grande maioría dos graduados/as en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, ben como o 50,0% dos que completaron os graos en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, seguidos por Enxeñaría en Organización Industrial (42,9%), Economía (35,3%) e Enxeñaría Informática (33,3%).
- Lugar de traballo: É significativa a proporción máis baixa de persoas con contrato indefinido en Galicia (58,3%) contra o 68,2% doutras Comunidades Autónomas e o 64,8% no resto do mundo, o que se traduce nunha porcentaxe máis elevada de persoas con contrato eventual en Galicia (22,9%) contra o 19,3% doutras Comunidades Autónomas e o 19,9% do resto do mundo. Alén diso, en Galicia son máis frecuentes as persoas que traballan por conta propia (12,8%) contra outras Comunidades Autónomas (7,1%) e o resto do mundo (7,7%).

4.4 Rama de actividade

A maioría de persoas inquiridas (65,5%) traballa en empresas ou organizacións privadas (71,4% para os homes; 60,7% para as mulleres), o 28,8% en organismos ou institucións públicas (23,4% para os homes; 33,2% para as mulleres) e o 5,7% en entidades (fundacións, asociacións, ONGs,...) sen ánimo de lucro (5,2% para os homes; 6,1% para as mulleres).

- Evolución quinquenal: Entre o primeiro e último quinquenio é crecente a porcentaxe de titulados/as que traballan nunha empresa/organización privada e en entidades non lucrativas (do 52,4% a 71,0% e do 2,9% a 6,6%, respectivamente). Polo contrario, entre ambos quinquenios, decrecen os que traballan en organizacións do ámbito público (do 44,6% a 22,4%).
- Ámbitos académicos: Son significativas as porcentaxes máis altas de persoas tituladas que traballan en empresas ou organizacións privadas nos ámbitos Tecnolóxico (78,2%), Arte e Humanidades (66,1%), Xurídico-Social (63,8%) e Multidisciplinar (61,3%) contra as Ciencias da Saúde (36,6%) e Científico (44,7%).
- Tempo de antigüidade no posto de traballo: O tempo medio dos traballadores no ámbito público (89,908 meses/7,492 anos) é superior ao da empresa privada (74,208 meses/6,184 anos) e ao das entidades non lucrativas (63,341 meses/5,278 anos).
- Tipo de contrato: Os contratos indefinidos son máis frecuentes na empresa privada (61,9%) que no ámbito público (57,9%) ou entidades non lucrativas (55,2%), diferenza que

se traslada á porcentaxe superior de eventuais no ámbito público (33,5%) e entidades non lucrativas (30,1%) que na empresa privada (17,0%). As bolsas están máis estendidas no ámbito público (5,8%) e entidades non lucrativas (5,2%) que na empresa privada (1,7%). Polo contrario, as prácticas son máis frecuentes en entidades non lucrativas (5,2%) e empresas privadas (3,3%) que no ámbito público (0,8%). A inexistencia de contrato só se produce nas entidades non lucrativas (0,2%) e na empresa privada (0,1%).

O Anexo 103 mostra a distribución porcentual da rama de actividade nos municipios galegos.

4.5 Sector económico

O sector económico que concentra máis persoas tituladas entre 1990-2015 é o público (27,9%), seguido, a máis distancia, polos servizos a empresas (13,9%), educación privada (7,5%), automoción (5,6%) e servizos informáticos (5,4%). A seguir, cunha proporción de ocupación comprendida entre o 3 e 5%, áchase o sector metalúrxico e eléctrico (4,2%), financeiro e o doutras actividades sociais (3,4% ambos), enerxía/ambiente (3,1%) e o de alimentación (3,0%).

- Xénero: A presenza feminina é significativa na educación privada (9,7% contra 4,8% de homes), outras actividades sociais (4,6% contra 1,9%), téxtil-confección (2,7% contra 1,1%), sanidade privada (2,7% contra 1,1%), e turismo (2,3% contra 1,0%). Polo contrario, a presenza masculina é superior en automoción (8,4% contra 3,3%), servizos informáticos (7,6% contra 3,6%), metalúrxico e eléctrico (6,3% contra 2,4%), enerxía e ambiente (4,5% contra 1,9%), construción (3,8% contra 1,8%), telecomunicacións (2,0% contra 0,8%), finanzas (4,1% contra 2,9%) e transporte e loxística (2,0% contra 0,9%).
- Tempo de antigüidade no posto de traballo: Os sectores con máis tempo de permanencia no traballo son o financeiro (9,307 anos), cerámica (8,250), telecomunicacións (8,211), sector público (7,593), madeira (7,590), automoción (7,339), construción (7,053) e sanidade privada (7,049 anos) contra o turístico (3,056 anos), comunicación audiovisual (3,261), deporte/lecer/cultura (3,298), arte (3,917), téxtil-confección (4,298) e outras actividades sociais (4,718 anos).
- Lugar de traballo: Galicia representa a porcentaxe máis alta como lugar de traballo nos sectores público (28,8% contra 27,5% do resto do mundo e 23,1% doutras Comunidades Autónomas), educación privada (8,2% contra 6,4% do resto do mundo e 4,4% doutras Comunidades Autónomas), metalúrxico e eléctrico (4,4% contra 4,1% do resto do mundo e 2,9% doutras Comunidades Autónomas), outras actividades sociais (3,6% contra 2,5% do resto do mundo e 2,3% doutras Comunidades Autónomas) e alimentación (3,3% contra 2,0% doutras Comunidades Autónomas e 1,7% do resto do mundo). Outros sectores entre os que destaca Galicia como lugar de traballo son a agricultura, gandaría, caza, pesca, silvicultura e forestal; cerámica; madeira; téxtil e confección e xurídico.
 - > As persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas destacan en sectores como o servizo a empresas (18,6% contra 13,6% de Galicia e 9,4% do resto do mundo), servizos informáticos (8,0% contra 7,2% do resto do mundo e 4,7% de Galicia) e finanzas (4,3% contra 3,5% de Galicia e 2,0% do resto do mundo).

- › O resto do mundo presenta niveis superiores en sectores como a automoción (6,3% contra 5,9% de Galicia e 3,4% doutras Comunidades Autónomas) e o da enerxía e ambiente (6,0% contra 5,8% doutras Comunidades Autónomas e 2,2% de Galicia)

O Anexo 113 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual de sectores económicos nas provincias españolas. O Anexo 115 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual de sectores económicos nos países estranxeiros.

4.6 Área funcional de traballo

As principais áreas funcionais de traballo son o ensino/docencia (17,9%), produción (17,1%), administración e finanzas (10,6%) e I+D+i (10,1%) seguidas, a seguir, por vendas e marketing (7,4%), servizos xerais (6,5%), dirección xeral (5,6%), prevención e saúde (5,5%), informática (5,0%), atención ao cliente (4,3%) e recursos humanos (2,0%).

- Xénero: É significativa a proporción superior de homes que traballan nas áreas funcionais de produción (23,2% contra 12,1% de mulleres), investigación (12,8% contra 8,0%), informática (7,9% contra 2,6%) e dirección xeral (7,6% contra 4,0%). Polo contrario, a presenza feminina é superior no caso das áreas funcionais de ensino/docencia (22,7% contra 12,0% de homes), administración e finanzas (12,2% contra 8,7%), prevención e saúde (7,6% contra 2,9%), atención ao cliente (5,7% contra 2,6%), recursos humanos (2,6% contra 1,4%) e servizos xerais (7,2% contra 5,7%).
- Evolución temporal: Ao longo dos 25 anos avaliados, experimenta unha tendencia crecente a porcentaxe de persoas que traballan nas áreas de atención ao cliente (do 2,8% a 5,4%), investigación/I+D+i (do 4,5% a 14,8%), informática (do 1,7% a 6,0%), produción (do 12,7% a 18,5%) e vendas e marketing (do 4,5% a 7,9%). Polo contrario, presentan unha evolución decrecente as áreas de administración e finanzas (do 13,2% a 8,4%), dirección xeral (do 8,9% a 3,7%), ensino/docencia (do 24,7% a 14,2%), prevención e saúde (do 7,1% a 5,5%), recursos humanos (do 4,6% a 1,4%) e servizos xerais (do 10,1% a 5,4%).
- Lugar de traballo: As persoas que traballan en Galicia presentan máis porcentaxe de ocupación nas áreas funcionais do ensino/docencia (20,0% contra 13,2% dos que traballan no resto do mundo e 9,1% noutras Comunidades Autónomas), de administración e finanzas (11,4% contra 5,3% no resto do mundo e 9,9% noutras Comunidades Autónomas), en servizos xerais (6,8% contra 4,3% do resto do mundo e 6,5% doutras Comunidades Autónomas), en prevención e Saúde (5,8% contra 4,7% do resto do mundo e 4,2% doutras Comunidades Autónomas), ben como en dirección xeral (5,8% contra 4,4% do resto do mundo e 5,0% doutras Comunidades Autónomas). Igualmente, a área de recursos humanos manifesta entre os titulados/as que traballan en Galicia (2,1%), unha porcentaxe levemente superior á existente no resto do mundo (1,7%) e noutras Comunidades Autónomas (1,5%).
 - › Entre as persoas que traballan noutras Comunidades Autónomas existe máis porcentaxe que desenvolve a súa profesión nas áreas de produción (22,7% contra o 21,8% do resto do mundo e 15,4% de Galicia), vendas e marketing (11,3% contra o 6,2% do resto do mundo e 6,8% de Galicia), informática (8,2% contra o 5,3% do resto do mundo e 4,4%

de Galicia) e en atención ao cliente (5,5% contra o 2,7% do resto do mundo e 4,3% de Galicia). Entre as persoas que traballan no resto do mundo existe un predominio dos que desenvolven funcións investigadoras (25,3% contra 10,3% doutras Comunidades Autónomas e 8,1% de Galicia).

O Anexo 117 mostra o cadro de datos da evolución anual da área funcional de traballo.

4.7 Categoría profesional

A grande maioría (92,5%) das persoas tituladas que traballan están a desenvolver funcións de nivel universitario¹⁵⁸ no seu posto de traballo (95,0% para os homes; 91,5% para as mulleres). A maior parte traballa como técnicos/as cualificados (61,3%), seguidos por mandos intermedios (20,1%; 23,6% de homes contra 17,2% de mulleres) e directivos/as (11,2%; 14,2% de homes contra 8,7% de mulleres). Un 7,5% manifestou non desenvolver funcións propias dos titulados/as universitarios (traballo como empregado/a non cualificado).

- Evolución quinquenal: A porcentaxe de directivos/as oscila entre un máximo do 19,1% entre 1990-95 e un mínimo do 5,7% entre 2011-15. No mesmo período, a porcentaxe de mandos intermedios oscila entre o 23,7% e o 14,3%, o de técnicos/as cualificados entre 49,8% e 70,6% e o de persoas que traballan en categorías profesionais impropias de titulados/as universitarios oscila entre o 6,9% e 9,5%.
- Ámbitos académicos: Desenvolven funcións de nivel universitario no seu traballo, por orde decrecente, o 97,9% das persoas tituladas nas Ciencias da Saúde, o 97,3% do Tecnolóxico, o 93,6% do Científico, o 91,1% do Humanístico e o 88,6% do Xurídico-Social.
 - > A categoría de directivo/a presenta nas ramas Xurídico-Social (12,6%) e Tecnolóxica (12,0%) porcentaxes máis elevadas que entre as Ciencias da Saúde (5,1%), Científica (6,1%) e Arte e Humanidades (9,6%). A presenza de mandos intermedios é superior no Tecnolóxico (26,2%), Xurídico-Social (18,6%) e Científico (17,0%) que nas Artes e Humanidades (12,8%) e Ciencias da Saúde (15,2%). En todos os ámbitos académicos a maioría desenvolve a súa profesión como técnicos/as cualificados, oscilando entre un máximo do 77,6% nas Ciencias da Saúde a un mínimo do 57,4% do Xurídico-Social.
 - > O traballo como empregados/as non cualificados é máis frecuente no Xurídico-Social (11,4%), Arte e Humanidades (8,9%) e Multidisciplinar (8,8%) que nas Ciencias da Saúde (2,1%), Tecnolóxico (2,7%) e Científico (6,4%).
- Antigüidade no posto de traballo: É directamente proporcional ao grao de responsabilidade, de maneira que oscila entre o máximo dos directivos/as (108,917 meses) e o mínimo dos empregados/as non cualificados (50,179 meses).
- Sector económico: Os sectores con máis presenza de persoas tituladas que traballan con categorías profesionais propias de universitarios son o xurídico (100,0%), minaría (98,2%), aeronáutica (97,6%), telecomunicacións (97,5%), servizos informáticos (97,3%), metalúrxico e eléctrico (96,7%), automoción (96,3%), sanidade privada (95,9%), enerxía e ambiente e en arte (95,5% ambos), comunicación audiovisual (95,3%) e educación privada (95,2%).

¹⁵⁸ Suma das persoas tituladas que traballan como directivos/as, mandos intermedios e técnicos/as cualificados.

- Área funcional: As áreas funcionais con máis porcentaxe de persoas tituladas que traballan en categorías propias de titulados/as universitarios son dirección xeral (99,2%), investigación (98,9%), ensino e docencia (97,3%), informática (97,2%), prevención e Saúde (96,4%), produción (94,8%), recursos humanos (93,7%) e administración e finanzas (90,9%).

O Anexo 130 mostra o cadro de datos da distribución porcentual da categoría profesional segundo o sector económico do posto de traballo actual.

4.8 Tamaño da empresa

A maioría dos titulados/as inquiridos (52,2%) traballa en grandes empresas (con 250 ou máis traballadores), dividíndose a outra metade entre microempresas¹⁵⁹ (18,5%), pequenas¹⁶⁰ (15,0%) e medias empresas¹⁶¹ (14,3%).

- Xénero: A presenza masculina aumenta co tamaño da empresa, pasando do 15,4% en microempresas (contra o 21,0% de mulleres), a 16,1% en medias empresas (contra o 13,0% de mulleres) e a 54,3% en grandes empresas (contra o 50,5% de mulleres).
- Evolución quinquenal: Entre 1990 e 2015 diminúe a porcentaxe de persoas que traballan en grandes empresas (do 62,3% a 47,5%) mentres que aumentan os que o fan en empresas de tamaño medio (do 10,6% a 16,9%), pequeno (do 12,0% a 15,3%) e microempresas (do 15,1% a 20,3%).
- Ámbitos académicos: A maioría de persoas tituladas nas Ciencias da Saúde (74,2%), Científico (60,4%) e Tecnolóxico (57,4%) traballan en empresas de grande tamaño, contra os mínimos en Arte e Humanidades (43,0%) e Xurídico-Social (46,6%). A porcentaxe máis elevada de titulados/as que traballan en microempresas prodúcese nas ramas de Arte e Humanidades (27,8%) e Xurídico-Social (22,8%).
- Lugar de traballo: Se ben as empresas de grande tamaño son maioritarias entre as persoas que traballan noutras Comunidades Autónomas (67,0%) e no resto do mundo (64,6%), en Galicia representan só o 48,1%.
- Rama de actividade: As empresas de grande tamaño absorben o 86,4% das persoas que traballan no ámbito público contra o 35,9% das que o fan en entidades sen ánimo de lucro e o 38,7% nas empresas privadas. A presenza da microempresa é máis frecuente na empresa privada (25,8%) e entidades non lucrativas (17,0%) que no sector público (2,0%).
- Sector económico: As empresas de grande tamaño son maioritarias entre o sector público (86,2%), financeiro (84,4%), automoción (72,7%), aeronáutica (69,0%), telecomunicacións (64,4%), téxtil-confección (58,1%), distribución (56,4%), enerxía e ambiente (52,4%), aseguradoras (51,5%), madeira (51,0%) e en química, plástico, vidro e envases (50,3%). Polo contrario, as microempresas son preponderantes en sectores como a arte (94,1%) e xurídico (79,3%).

159) Empresas entre 1 e 10 empregados.

160) Empresas entre 11 e 50 empregados.

161) Empresas entre 51 e 250 empregados.

5. Valoración do posto de traballo actual

5.1 Relación do traballo actual cos estudos realizados

A maioría (74,9%) exerce unha profesión relacionada cos estudos realizados na UVIGO (76,0% para os homes; 73,9% para as mulleres). O 14,1% manifesta que ten pouca relación co estudado. O 11,0% acha que o seu traballo non ten relación coa súa titulación (8,1% para os homes; 13,5% para as mulleres).

- Evolución quinquenal: Entre 1990-2015 fica practicamente estábel a proporción de titulados/as que consideran que o seu traballo está pouco ou nada relacionado cos estudos realizados (pasa do 26,0% entre 1990-95 a 26,9% entre 2011-15).
- Ámbitos académicos: Existe máis relación do traballo actual cos estudos nas Ciencias da Saúde (93,9%) que no Tecnolóxico (78,2%), Xurídico-Social (73,2%), Científico (71,7%) e Arte e Humanidades (66,6%).
- Modalidade de contratación: As persoas que traballan por conta propia manifestan máis relación (77,8%) do seu traballo actual cos estudos realizados que os que o fan por conta allea (74,5%).
- Tipo de contrato: As persoas con bolsa (85,4%) e en prácticas (81,9%) manifestan ter máis relación do seu traballo cos estudos realizados que os indefinidos (75,4%) e eventuais (69,6%). Para o 40,0% das persoas que traballan sen contrato o seu traballo carece de relación coa súa formación.
- Sector económico: Mostran máis relación entre o seu emprego actual e os estudos as persoas que traballan no sector xurídico (91,8%), telecomunicacións (84,2%), sanidade (83,9%), educación privada e financeiro (82,1% ambos), enerxía e ambiente (81,7%), comunicación audiovisual e minaría (80,0% ambos), metalúrxico e eléctrico (79,4%), público (79,0%), agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (77,9%), automoción (77,6%) e cerámica (75,0%).
- Área funcional: As persoas que desempeñan funcións investigadoras (90,9%), ensino ou docencia (87,5%), prevención e saúde (82,9%) mostran máis relación do traballo actual cos seus estudos, seguidas polas que traballan nas áreas de recursos humanos (76,6%), informática (76,1%), dirección xeral (76,0%) e administración e finanzas (75,1%). Non existe relación entre o emprego actual e os estudos para o 45,5% das persoas que traballan en atención ao cliente e, a máis distancia, para os que o fan en servizos xerais (20,7%), vendas e marketing (20,2%) ou en empresas que carecen de áreas funcionais diferenciadas (14,8%).
